UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Departamento de Educación Física e Deportiva

TESE DE DOUTORAMENTO:

“O estudo do xogo dos bolos en Boiro: aspectos históricos, estado actual de práctica e perspectivas de futuro”

Autor: José Eugenio Rodríguez Fernández

2013

Directores:

Dr. José Palacios Aguilar. Universidade da Coruña

Dr. José María Pazos Couto. Universidade de Vigo

Dedicatoria

Ás miñas fillas, Sara e Ana, para que entendan que a formación, a educación e o traballo son aspectos que merecen especial consideración ao longo da vida dunha persoa.

A Bea, amiga, compañeira e esposa, por todo o tempo que lle roubei para rematar este traballo.

Aos meus pais, verdadeiros responsables de que tivera a formación necesaria para realizar esta tese.

Agradecementos

Este traballo non sería posible sen a axuda dos directores da tese, José María Pazos Couto ("*Chema*") e José Palacios Aguilar. A súa colaboración, constantes ánimos e implicación no proxecto foron fundamentais para que conseguira o meu obxectivo.

A toda a miña familia e, en especial ao meu pai, ao que lle tería gustado estar conmigo na presentación desta tese.

Ao grupo de colaboradores deste traballo (xogadores, técnicos, políticos, mestres, profesores, veciños e amigos), fontes de incalculable valor das que bebín para a obtención de datos deste estudo.

A Antonio García Hermo, un dos artífices de que o xogo dos bolos siga vivo en Pomardorrío e ao que lle dedicou unha parte importante da súa vida.

Aos meus compañeiros de traballo, que puxeron cada un deles o seu gran para proporcionarme datos, contactos, materiais, información e outras moitas cousas que foron imprescindibles para seguir adiante.

ÍNDICE

Índice de contidos 4

Índice de táboas 9

Índice de ilustracións 20

PRIMEIRA PARTE

1. Introdución 29
2. Aspectos motivacionais 37
3. Xustificación da tese 46
4. Antecedentes e estado da cuestión 52

SEGUNDA PARTE
DOS XOGOS E DEPORTES POPULARES E TRADICIONAIS: OS BOLOS. XENERALIDADES, ASPECTOS HISTÓRICOS E TRATAMENTO EN ESPAÑA E GALICIA

Capítulo 1. Xeneralidades 71

1.1. Acerca do xogo 72

1.2. Dos xogos e deportes populares e tradicionais 73

1.3. Dos xogos e deportes populares e tradicionais en Galicia 75

Capítulo 2. Os bolos 77

2.1. Xeneralidades 78

2.2. Os bolos en España 85

Capítulo 3. Os bolos en Galicia 95

3.1. O xogo dos bolos na provincia de Lugo 107

3.2. O xogo dos bolos na provincia de Ourense 115

3.3. O xogo dos bolos na provincia de Pontevedra 124

3.4. O xogo dos bolos na provincia da Coruña 135

TERCEIRA PARTE
CONTEXTUALIZACIÓN, METODOLOXÍA, ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DE DATOS

Capítulo 4. O contexto local 172

4.1. A realidade no concello de Boiro 173

4.2. Características da poboación e aspectos socioeconómicos 179

4.3. O papel do Servizo Municipal de Deportes como dinamizador do deporte boirense 189

4.3.1. A programación de actividades 192

4.3.2. A creación e xestión de instalacións deportivas 199

4.3.3. Subvencións e patrocinios 202

Capítulo 5. Obxectivos 206

Capítulo 6. Deseño e estratexias metodolóxicas 209

Capítulo 7. Análise e interpretación de datos 248

7.1. Os campos de xogo 251

7.1.1. A taberna e o campo de bolos 275

7.2. A importancia do xogo dos bolos na localidade 279

7.3. Temporalización 282

7.4. Os materiais de xogo: bolos e bólas 285

7.5. As apostas 293

7.6. O rol da muller 300

7.7. Vocabulario bolístico 307

7.8. Xogadores máis destacados 311

7.9. Causas do esmorecemento do xogo 313

7.10. Propostas de recuperación 318

7.11. Os bolos nos medios de comunicación 321

7.12. A promoción dos bolos no municipio 328

7.12.1. Técnicos deportivos municipais 328

7.12.2. Políticos municipais 346

7.13. A promoción dos bolos nos centros educativos 363

7.13.1. Mestres de educación primaria 364

7.13.2. Profesores de educación secundaria 378

7.14 Triangulación de datos 388

7.15. Regulamento do xogo dos bolos 432

Conclusións e propostas 457

Referencias bibliográficas 468

ANEXOS (en soporte informático adxunto)

1. Revisión bibliográfica
    - 1.1. Listaxe de teses de doutoramento atopadas en TESEO relacionadas cos xogos populares e tradicionais
    - 1.2. Revisión bibliográfica ISBN
    - 1.3. Revisión bibliográfica IBERLIBRO
    - 1.4. Revisión bibliográfica WOK
    - 1.5. Revisión bibliográfica SPORTDISCUS. Parte 1
    - 1.6. Revisión bibliográfica SPORTDISCUS. Parte 2
    - 1.7. Revisión bibliográfica DIALNET
    - 1.8. Revisión bibliográfica IACOBUS (Universidade de Santiago de Compostela)
2. Mapas mentais
3. Entrevistas
    - 3.1. Anotacións sobre as entrevistas
    - 3.2. Carta de presentación para os entrevistados
    - 3.3. Entrevistas a mestres: modelo de entrevista e transcricións
    - 3.4. Entrevistas a profesores: modelo de entrevista e transcricións
    - 3.5. Entrevistas a políticos municipais: modelo de entrevista e transcricións
    - 3.6. Entrevistas a técnicos deportivos municipais: modelo de entrevista e transcricións

3.7. Entrevistas a xogadores e persoas maiores vinculadas directamente co xogo dos bolos: modelo de entrevista e transcricións

3.8. Entrevistas a técnicos dos medios de comunicación con maior difusión na localidade: modelo de entrevista e transcricións

4. Cuestionarios

4.1. Modelo de cuestionario

4.2. Resumo da identificación e localización de campos de bolos no concello de Boiro

4.3. Táboas de análise dos cuestionarios

5. Análise e organización das entrevistas

5.1. Identificación das unidades de contidos dos bloques de entrevistas realizados: mestres, profesores, técnicos deportivos municipais, políticos locais, técnicos dos medios de comunicación con maior difusión na localidade e xogadores/persoas maiores vinculadas directamente co xogo dos bolos en Boiro

5.2. Categorías das entrevistas e táboas comparativas

6. Diario de investigación

7. Fotografías dos campos de bolos

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Clasificación de palabras clave (en castelán) para a busca bibliográfica 54

Táboa 2. Clasificación de palabras clave para busca bibliográfica en inglés, galego e catalán 54

Táboa 3. Clasificación dos documentos atopados 58

Táboa 4. Número de documentos seleccionados despois da revisión da primeira busca 59

Táboa 5. Clasificación das teses de doutoramento seleccionadas 62

Táboa 6. Clasificacións do xogo de bolos en España. Fonte: Expósito (2006) 82

Táboa 7. Distribución xeográfica do xogo dos bolos en España. Fonte: Moreno (1992) 83

Táboa 8. Clubs federados dos concellos da provincia de Lugo 108

Táboa 9. Clubs federados dos concellos da provincia de Ourense 116

Táboa 10. Clubs federados dos concellos da provincia de Pontevedra 126

Táboa 11. Clasificación final na 1.ª división da Liga de Bolos Celtas de Galicia no ano 2011. Fonte: Federación Galega Bolos 127

Táboa 12. Clasificación final na 2.ª división da Liga de Bolos Celtas de Galicia no ano 2011. Fonte: Federación Galega Bolos 128

Táboa 13. Clasificación final da I Edición da liga de bolos "Pedra Boleira" 159

Táboa 14. Clasificación xeral da II Edición da liga de bolos "Pedra Boleira" 163

Táboa 15. Distribución da poboación boirense (21/02/2012) Fonte: Padrón Municipal do concello de Boiro 179

Táboa 16. Evolución da poboación na comarca do Barbanza dende o ano 1887. Fonte: Fundación Paideia (2001) e IGE (2011) 180

Táboa 17. Densidade poboacional (habitante/m^2) Fonte: Fundación Paideia (2001) e IGE (2011) 180

Táboa 18. Alumnado matriculado nos centros de ensino infantil e primario do concello de Boiro no curso 2011-2012. Fonte: Centros de ensino de Boiro 182

Táboa 19. Alumnado matriculado nos centros de ensino secundario do concello de Boiro no curso 2011-2012. Fonte: Institutos de secundaria de Boiro 182

Táboa 20. Alumnado matriculado nas escolas de educación infantil aínda activas hoxe en día en Boiro. Fonte: EEI de Boiro 182

Táboa 21: Instalacións deportivas (municipais e privadas) no concello de Boiro 201

Táboa 22: Listaxe de entidades deportivas do concello de Boiro. Fonte: Rexistro municipal de entidades deportivas do concello de Boiro 204

Táboa 23. Categorías e subcategorías das entrevistas do bloque de xogadores e persoas maiores vinculadas directamente co xogo dos bolos 232

Táboa 24. Categorías e subcategorías das entrevistas do bloque de técnicos deportivos municipais 236

Táboa 25. Categorías e subcategorías das entrevistas do bloque de políticos municipais 238

Táboa 26. Categorías e subcategorías das entrevistas do bloque de mestres e profesores 239

Táboa 27. Categorías e subcategorías das entrevistas do bloque de medios de comunicación 241

Táboa 28: Datos estatísticos en relación cos cuestionarios 251

Táboa 29: Identificación e localización dos campos de bolos no concello de Boiro 253

Táboa 30. Campos de bolos da parroquia de Abanqueiro 258

Táboa 31. Campos de bolos da parroquia de Boiro 259

Táboa 32. Campos de bolos da parroquia de Cespón 260

Táboa 33. Campos de bolos da parroquia do Castro 261

Táboa 34. Campos de bolos da parroquia de Cures 262

Táboa 35. Campos de bolos da parroquia de Lampón 263

Táboa 36. Campos de bolos da parroquia de Bealo 264

Táboa 37. Campos de bolos da parroquia de Macenda 265

Táboa 38. Ubicación dos campos preto de igrexas e capelas 268

Táboa 39. Categoría 1.8. Xogadores-campos de bolos de taberna máis populares 269

Táboa 40. Categoría 1.9. Xogadores-campos de bolos sen taberna máis populares 270

Táboa 41. Comparación de resultados dos 20 primeiros campos de bolos por orde de mención nos cuestionarios e nas entrevistas 272

Táboa 42. Categoría 1.10. Xogadores-mobilidade 274

Táboa 43. Categoría 1.5. Xogadores-lugar de práctica 275

Táboa 44. Categoría 1.6. Xogadores-a figura da taberna 277

Táboa 45. Categoría 1.7. Xogadores-funcións do taberneiro 278

Táboa 46. Categoría 1.1. Xogadores-nivel de práctica do xogo dos bolos 279

Táboa 47. Categoría 1.2. Xogadores-grao de importancia do xogo dos bolos 280

Táboa 48. Categoría 1.3. Xogadores-motivo de práctica do xogo dos bolos 281

Táboa 49. Categoría 1.4. Xogadores-temporalización 282

Táboa 50. Categoría 1.11. Xogadores-forma e tamaño dos bolos 286

Táboa 51. Categoría 1.12. Xogadores-materiais empregados na fabricación dos bolos 288

Táboa 52. Categoría 1.13. Xogadores-características das bólas 290

Táboa 53. Categoría 1.14. Xogadores-os fabricantes de bolos 292

Táboa 54. Categoría 1.15. Xogadores-existencia de apostas no xogo dos bolos en Boiro 293

Táboa 55. Categoría 1.16. Xogadores-tipos de apostas 294

Táboa 56. Categoría 1.17. Xogadores-promotores das apostas 295

Táboa 57. Categoría 1.18. Xogadores-apostas máis destacadas 296

Táboa 58. Categoría 1.19. Xogadores-forma de xogo 298

Táboa 59. Categoría 1.20. Xogadores-nivel de práctica das mulleres 300

Táboa 60. Categoría 1.21. Xogadores-asistencia das mulleres aos campos de bolos 305

Táboa 61. Categoría 1.22. Xogadores-ocupación do tempo libre das mulleres 306

Táboa 62. Categoría 1.23. Xogadores-vocabulario bolístico 307

Táboa 63. Vocabulario bolístico propio de Boiro 309

Táboa 64. Categoría 1.24. Xogadores-xogadores de bolos máis destacados 311

Táboa 65. Xogadores locais de bolos máis destacados por parroquias, nados na súa maior parte entre 1920 e 1930. 313

Táboa 66. Categoría 1.25. Xogadores-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro 314

Táboa 67. Categoría 1.26. Xogadores-propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro 319

Táboa 68. Categoría 2.1. Medios de comunicación-tratamento e importancia do xogo dos bolos nos medios 322

Táboa 69. Categoría 2.2. Medios de comunicación-causas do escaso tratamento do xogo dos bolos nos medios de comunicación 323

Táboa 70. Categoría 2.3. Medios de comunicación-importancia do xogo dos bolos para a sociedade 324

Táboa 71. Categoría 2.4. Medios de comunicación-diferenza de tratamento do xogo dos bolos con respecto a outros deportes 325

Táboa 72. Categoría 2.5. Medios de comunicación-o papel dos medios de comunicación na promoción do xogo dos bolos 326

Táboa 73. Categoría 2.6. Medios de comunicación-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro 327

Táboa 74. Categoría 3.1. Técnicos deportivos-importancia do Servizo Municipal de Deportes de Boiro 329

Táboa 75. Categoría 3.2. Técnicos deportivos-tratamento do xogo dos bolos na programación deportiva municipal 330

Táboa 76. Categoría 3.3. Técnicos deportivos-promoción do xogo dos bolos en Boiro 331

Táboa 77. Categoría 3.4. Técnicos deportivos-tempo que se leva promocionando o xogo dos bolos no municipio 332

Táboa 78. Categoría 3.5. Técnicos deportivos-causas da tardía promoción do xogo dos bolos en Boiro 333

Táboa 79. Categoría 3.6. Técnicos deportivos-entidades que promocionan o xogo dos bolos ademais do Servizo Municipal de Deportes de Boiro 335

Táboa 80. Categoría 3.7. Técnicos deportivos-xeito de promocionar o xogo 337

Táboa 81. Categoría 3.8. Técnicos deportivos-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro 338

Táboa 82. Categoría 3.9. Técnicos deportivos-propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro 339

Táboa 83. Categoría 3.10. Técnicos deportivos-importancia dos centros educativos na promoción do xogo dos bolos no municipio 341

Táboa 84. Categoría 3.11. Técnicos deportivos-importancia do tecido asociativo na promoción do xogo dos bolos en Boiro 342

Táboa 85. Categoría 3.12. Técnicos deportivos-importancia dos políticos na promoción do xogo dos bolos en Boiro 343

Táboa 86. Categoría 3.13. Técnicos deportivos-importancia das entidades supramunicipais na promoción do xogo dos bolos en Boiro 343

Táboa 87. Categoría 3.14. Técnicos deportivos-posibles vías de financiamento para a promoción do xogo dos bolos en Boiro 344

Táboa 88. Categoría 3.15. Técnicos deportivos-implicación do goberno municipal de Boiro na promoción do xogo dos bolos no municipio 346

Táboa 89. Categoría 4.1. Políticos-importancia do Servizo Municipal de Deportes de Boiro 347

Táboa 90. Categoría 4.2. Políticos-tratamento do xogo dos bolos na programación deportiva municipal en Boiro 348

Táboa 91. Categoría 4.3. Políticos-promoción do xogo dos bolos 349

Táboa 92. Categoría 4.4. Políticos-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro 351

Táboa 93. Categoría 4.5. Políticos-propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro 353

Táboa 94. Categoría 4.6. Políticos-importancia dos centros educativos na promoción do xogo dos bolos no municipio 355

Táboa 95. Categoría 4.7. Políticos-importancia do tecido asociativo local na promoción do xogo dos bolos en Boiro 356

Táboa 96. Categoría 4.8. Políticos-importancia dos políticos locais na promoción do xogo dos bolos en Boiro 358

Táboa 97. Categoría 4.9. Políticos-importancia das entidades supramunicipais na promoción do xogo dos bolos en Boiro 359

Táboa 98. Categoría 4.10. Políticos-posibles vías de financiamento para a promoción do xogo dos bolos en Boiro 361

Táboa 99. Categoría 4.11. Políticos-implicación do goberno municipal de Boiro na promoción do xogo dos bolos no municipio 363

Táboa 100. Categoría 5.1. Mestres-importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física 364

Táboa 101. Categoría 5.2. Mestres-importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula 366

Táboa 102. Categoría 5.3. Mestres-promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino 368

Táboa 103. Categoría 5.4. Mestres-os bolos nas unidades didácticas dos xogos populares e tradicionais 369

Táboa 104. Categoría 5.5. Mestres-vantaxes da práctica dos bolos na escola 371

Táboa 105. Categoría 5.6. Mestres-inconvenientes da práctica dos bolos na escola 372

Táboa 106. Categoría 5.7. Mestres-importancia da escola na recuperación do xogo dos bolos 374

Táboa 107. Categoría 5.8. Mestres-os bolos fóra da escola 375

Táboa 108. Categoría 5.9. Mestres-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro 376

Táboa 109. Categoría 6.1. Profesores-importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física 378

Táboa 110. Categoría 6.2. Profesores-importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula 379

Táboa 111. Categoría 6.3. Profesores-promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino 380

Táboa 112. Categoría 6.4. Profesores-os bolos nas unidades didácticas dos xogos populares e tradicionais 381

Táboa 113. Categoría 6.5. Profesores-vantaxes da práctica dos bolos na escola 382

Táboa 114. Categoría 6.6. Profesores-inconvenientes da práctica dos bolos na escola 383

Táboa 115. Categoría 6.7. Profesores-importancia da escola na recuperación do xogo dos bolos 384

Táboa 116. Categoría 6.8. Profesores-os bolos fóra da escola 385

Táboa 117. Categoría 6.9. Profesores-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro 387

Táboa 118. Causas do esmorecemento do xogo no concello de Boiro achegadas polos seis colectivos entrevistados 389

Táboa 119. Propostas para recuperar o xogo dos bolos en Boiro 397

Táboa 120. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 1: importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física 404

Táboa 121. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 2: importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula 405

Táboa 122. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 3: promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino (á parte das clases de Educación Física) 406

Táboa 123. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 4: os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais 408

Táboa 124. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 5: vantaxes da práctica dos bolos na escola 409

Táboa 125. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 6: inconvenientes da práctica dos bolos na escola 411

Táboa 126. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 7: importancia da escola na recuperación do xogo 412

Táboa 127. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 8: os bolos fóra da escola 414

Táboa 128. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 9: causas do esmorecemento do xogo 415

Táboa 129. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 1: importancia do Servizo Municipal de Deportes 417

Táboa 130. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 2: importancia dos xogos populares e tradicionais na programación deportiva municipal 419

Táboa 131. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 3: promoción do xogo dos bolos en Boiro 420

Táboa 132. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 4: o esmorecemento do xogo: causas do decaemento do xogo dos bolos 421

Táboa 133. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 5: propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro 423

Táboa 134. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 6: importancia dos centros educativos na promoción dos bolos 424

Táboa 135. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 7: importancia do tecido asociativo na promoción dos bolos 426

Táboa 136. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 8: importancia dos políticos na promoción dos bolos 427

Táboa 137. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 9: importancia das entidades supramunicipais na promoción dos bolos 428

Táboa 138. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 10: vías de financiamento para a promoción do xogo dos bolos 429

Táboa 139. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 11: implicación do goberno municipal na promoción do xogo dos bolos 431

Táboa 140. Secuencia de rotación do xogo individual 444

Táboa 141. Secuencia de rotación do xogo en parellas 445

ÍNDICE DE ILUSTRACIÓNS

Ilustración 1. En negro, provincias nas que o Diccionario *Geográfico de España* non rexistra a práctica do xogo dos bolos. Fonte: propia, cos datos extraídos de Moreno (1992) 84

Ilustración 2. Camiños de Santiago dende o sur de Europa. En vermello o Camiño Francés e, en verde, o Camiño do Norte ao seu paso pola península 87

Ilustración 3. Camiños do Norte (en verde) e Francés (en vermello) á súa entrada na península procedentes de Europa 87

Ilustración 4. Mapa xeral dos Camiños de Santiago ao seu paso por España e Portugal 99

Ilustración 5. Mapa xeral dos Camiños de Santiago ao seu paso por Galicia 100

Ilustración 6. Diferentes modalidades e tipos de bolos en Santa Comba de Orrea (Riotorto). Fonte: www.salvemossantacomba.org 110

Ilustración 7. Carteis da primeira e última edición da Mostra de Xogos e Deportes Tradicionais que se organiza en Santalla (Concello da Pontenova – Lugo), onde se pode gozar, entre outros, do xogo dos bolos celtas. Fonte: www.pontenova.es 112

Ilustración 8. Distribución xeográfica dos concellos lucenses con actividade bolística 114

Ilustración 9. Detalle do xogo dos bolos en Punxeiro (Viana do Bolo-Ourense). Fonte: www.pedroreina.net 118

Ilustración 10. Detalle do xogo dos bolos na Alberguería (A Veiga-Ourense). Fonte: www.albergueria.net/bolosceltas 121

Ilustración 11. Distribución xeográfica dos concellos ourensáns con actividade bolística 124

Ilustración 12. Detalle do xogo dos bolos no Val Miñor. Fonte: www.bolosdocean.es 132

Ilustración 13. Distribución xeográfica dos concellos pontevedreses con actividade bolística 134

Ilustración 14. Actas da sesión plenaria do 9 de maio de 1891 no concello de Boiro, onde se fai referencia a unha solicitude dos veciños para retirar o xogo dos bolos do campo de Rebelar (A Boliña) 140

Ilustración 15. Actas da sesión plenaria do 24 de xaneiro de 1955 no concello de Boiro onde se fai referencia a unha solicitude dun veciño para o establecemento dun pequeno campo de bolos na Pesqueira (Cabo de Cruz) 146

Ilustración 16. Referencias do I Torneo de Bolos do concello de Boiro publicadas nos xornais "*La Voz de Galicia*" e "*El Correo Gallego*" o xoves 12 de xullo de 1990 148

Ilustración 17. Referencia á fase final do I Torneo de Bolos do concello de Boiro publicada no xornal "*La Voz de Galicia*" o mércores 15 de agosto de 1990 149

Ilustración 18. Momento da final do torneo no campo de bolos no Bar Damián (Triñáns-Abanqueiro) o domingo 4 de agosto de 1991 151

Ilustración 19. Referencia ao torneo de bolos de Triñáns no ano 1991 152

Ilustración 20. Entrega de trofeos ás tres primeiras parellas clasificadas o 28 de maio de 2006 155

Ilustración 21. Portada da revista do deporte boirense "Quentadela", que reflicte o xogo dos bolos practicado polos cativos nos I Encontros de Xogos Populares e Tradicionais no parque da Cachada o 17 de maio de 2006 156

Ilustración 22. Obras de acondicionamento do antigo campo de bolos de Triñáns. Marzo-abril de 2007 158

Ilustración 23. Cartel promocional da I Edición da Liga de Bolos "Pedra Boleira" 160

Ilustración 24. Cartel promocional do II Torneo de Bolos de Triñáns 160

Ilustración 25. Tres primeiras parellas clasificadas no II Torneo de Bolos de Triñáns 161

Ilustración 26. Emparellamentos e resultados da III Liga de Bolos "Pedra Boleira"-II Memorial Antonio García Hermo 165

Ilustración 27. Gañadores da IV Edición da Liga de Bolos "Pedra Boleira"-III memorial Antonio García Hermo 167

Ilustración 28. Subcampións da IV Edición da Liga de Bolos "Pedra Boleira"-III memorial Antonio García Hermo 168

Ilustración 29. Terceiros clasificados da IV Edición da Liga de Bolos "Pedra Boleira"-III memorial Antonio García Hermo 168

Ilustración 30. Distribución xeográfica dos concellos coruñeses con actividade bolística 170

Ilustración 31. Localización xeográfica do concello de Boiro en Galicia e distribución do concello por parroquias 178

Ilustración 32. Mapa mental coa información que conteñen as entrevistas 224

Ilustración 33. Mapa de categorías das entrevistas 231

Ilustración 34. Localización xeográfica dos campos de bolos atopados no concello de Boiro 266

Ilustración 35. Distribución xeográfica dos campos de bolos en Boiro 267

Ilustración 36. O xogo dos bolos: temporalización 284

Ilustración 37. Forma e tamaño dos bolos en Boiro 286

Ilustración 38. Bolos de diferentes xogos de tipo pasabolo 287

Ilustración 39. Características das bólas 291

Ilustración 40. Provincias onde se practicou e/ou posiblemente se practicara no pasado algún xogo de bolos de mulleres 304

Ilustración 41. Relación entre a irrupción de novos divertimentos e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro 389

Ilustración 42. Relación entre os cambios na sociedade debidos ao progreso e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro 390

Ilustración 43. Relación entre a aparición e o auxe do deporte do fútbol o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro 391

Ilustración 44. Relación entre o fenómeno da migración das aldeas ao núcleo urbano e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro 393

Ilustración 45. Relación entre a falta de apoio institucional e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro 394

Ilustración 46. Relación entre a falta de interese da mocidade e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro 396

Ilustración 47. Propostas acerca de xerar máis actividade bolística para recuperar o xogo dos bolos en Boiro 398

Ilustración 48. Propostas acerca de promocionar o xogo entre os rapaces, sobre todo nos centros educativos, para recuperar o xogo dos bolos en Boiro 399

Ilustración 49. Propostas acerca de habilitar novos campos de bolos e en lugares máis accesibles para os cidadáns poderen recuperar o xogo dos bolos en Boiro 401

Ilustración 50. Propostas acerca da necesidade de contar cun ente organizador ou coordinador da actividade bolística para recuperar o xogo dos bolos en Boiro 402

Ilustración 51. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 1: importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física 404

Ilustración 52. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 2: importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula 405

Ilustración 53. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 3: promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino á parte das clases de Educación Física 407

Ilustración 54. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 4: os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais 408

Ilustración 55. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 5: vantaxes da práctica dos bolos na escola 410

Ilustración 56. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 6: inconvenientes da práctica dos bolos na escola 411

Ilustración 57. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 7: importancia da escola na recuperación do xogo 412

Ilustración 58. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 8: os bolos fóra da escola 414

Ilustración 59. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 9: o esmorecemento do xogo 415

Ilustración 60. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 1: importancia do Servizo Municipal de Deportes 418

Ilustración 61. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 2: importancia dos xogos populares e tradicionais na programación deportiva municipal 419

Ilustración 62. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 3: promoción do xogo dos bolos en Boiro 420

Ilustración 63. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 4: causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro 422

Ilustración 64. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 5: propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro 423

Ilustración 65. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 6: importancia dos centros educativos na promoción dos bolos 425

Ilustración 66. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 7: importancia do tecido asociativo na promoción dos bolos 426

Ilustración 67. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 8: importancia dos políticos na promoción dos bolos 427

Ilustración 68. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 9: importancia das entidades supramunicipais na promoción dos bolos 428

Ilustración 69. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 10: vías de financiamento para a promoción do xogo dos bolos 430

Ilustración 70. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 11: implicación do goberno municipal na promoción do xogo dos bolos 431

Ilustración 71. Medidas do campo de bolos 435

Ilustración 72. Características dos bolos de Boiro 437

Ilustración 73. Características das bólas. Tamaño, peso e mostra comparativa 438

Ilustración 74. Dimensións do patio ou lugar de lanzamento 438

Ilustración 75. Forma e tamaño da caixa dos bolos 439

Ilustración 76. Imaxes das caixas do campo de bolos de Pomardorrío (esquerda) e Triñáns (dereita) 440

Ilustración 77. Campo de bolos de Pomardorrío (Cures) 452

Ilustración 78. Campo de bolos de Triñáns (Abanqueiro) 452

Ilustración 79. Patio do campo de bolos de Pomardorrío (Cures) 453

Ilustración 80. Caixa do campo de bolos de Pomardorrío (Cures) 453

Ilustración 81. Patio do campo de bolos de Triñáns (Abanqueiro) 454

Ilustración 82. Caixa do campo de bolos de Triñáns (Abanqueiro) 454

Ilustración 83. Raias marcadas con regos no campo de bolos de Pomardorrío (Cures) 455

Ilustración 84. Raias pintadas no chan do campo de bolos de Triñáns (Abanqueiro) 455

Ilustración 85. Mostra de bolos e bólas utilizados para o xogo 456

PRIMEIRA PARTE

1. INTRODUCIÓN

O presente traballo de investigación recolle as particularidades da práctica do xogo dos bolos no concello de Boiro (A Coruña), o único municipio da provincia onde se mantén vivo este xogo popular e tradicional, un dos máis practicados en todo o mundo nas súas diferentes modalidades e variantes.

Os cambios acaecidos na sociedade dende comezos do século XX non impediron que se deixase de xogar aos bolos en Boiro, que se ben sufriu unha mingua considerable no seu nivel de práctica froito, sobre todo, da irrupción de novos divertimentos, dos cambios na sociedade propios do progreso en si e mais pola aparición e auxe do deporte do fútbol, conseguiu manter a súa esencia tradicional e conservar a súa práctica ata a actualidade, onde as partidas de bolos son habituais no campo de bolos de Pomardorrío (parroquia de Cures), feito que se acentúa durante as fins de semana.

Esta tese de doutoramento xorde a raíz do contacto establecido cos xogos e deportes tradicionais que o investigador realiza como técnico da área de deportes do concello de Boiro que, atraído pola natureza e características desta actividade, decide adentrarse das particularidades do xogo dos bolos e colaborar deste xeito na recuperación e consolidación dun xogo que para os homes boirenses tivo moita importancia noutros tempos.

A necesidade é tamén un factor que inflúe nos aspectos motivacionais á hora de realizar esta tese, unha necesidade interna de autorealización, por satisfacer ese afán de superación e saciar as inquietudes persoais de chegar ao cumio da formación universitaria, empregando para iso o estudo dunha modalidade que é característica do propio lugar de residencia e que posúe unhas peculiaridades que o fan único en canto á forma de xogo, materiais e, incluso, ao campo de xogo empregado para as partidas.

Da revisión bibliográfica realizada extráese que as referencias ao xogo dos bolos en Boiro son nulas. Atopáronse ademais moi poucos estudos publicados con rigor científico sobre o xogo dos bolos noutras localidades de

España, e a maior parte deles fan referencia a aspectos socioculturais e educativos dos xogos populares e tradicionais en xeral. Deste apartado hai que destacar a achega de dúas teses de doutoramento e que constituíron unha especial referencia para a realización deste traballo: *Los bolos en Asturias*, de Gerardo Ruiz Alonso, rematada no ano 2000 na Universidade de Granada e *Del joc a l'esport. Estudi de bitlles al Pla d'Urgell (Lleida)*, de Pere Lavega Burgués, lida no ano 1996 no Instituto Nacional de Educación Física de Cataluña (Lleida), da Universidade de Barcelona.

A pesar da escasez de estudos e referencias bibliográficas atopadas, asúmese o reto de investigar no campo dos xogos populares e tradicionais e, máis concretamente, no mundo do bolos, co obxectivo de que non se perda unha das poucas tradicións deportivas, de ocio e tempo libre que hai na localidade coruñesa de Boiro.

Na segunda parte do traballo adentrámonos nas virtudes do xogo, visto como una necesidade vital do ser humano (Veiga, 1998) que determina unha gran variedade de funcións, posibilidades e calidades positivas que se poden adquirir coa súa práctica (Expósito, 2006). Afondamos nun tipo particular deles, que son os xogos e deportes populares e tradicionais, quizais os máis antigos, que proveñen de xeracións anteriores e que posúen un marcado carácter cultural (Moreno, 1992). E destacamos a súa práctica en Galicia, onde os xogos e deportes populares e tradicionais, ao igual que noutras comunidades autónomas (onde o exemplo máis significativo é do Pais Vasco), están ligados ao modo de produción dunha sociedade esencialmente agraria, o que os converte realmente nunha evolución do traballo (Veiga, 1998).

Dentro do amplísimo abano de xogos e deportes populares e tradicionais que nos podemos atopar no conxunto do territorio español hai un que, como di Lavega (1996) destaca pola súa singularidade, pola súa propia condición de xogo que sobreviviu ao paso do tempo e, engade Moreno (1992), pola súa extraordinaria presenza nas distintas comunidades autónomas. Entramos deste xeito na análise deste xogo secular, os bolos, realizando un estudo dende unha

dobre perspectiva: sociocultural (reflectindo a forma de ser da sociedade e das súas xentes) e contextual (mostrando as condicións peculiares de cada lugar).

Facemos un percorrido pola historia e evolución do xogo dos bolos en España ata a nosa era, no que destacan os vínculos deste xogo nos primeiros séculos coas igrexas, mosteiros e clérigos e as prohibicións que lle afectaban ao consideralo un xogo indecente e deshonroso. Recóllese tamén a fin das prohibicións e o aumento da súa popularidade e práctica a partir do século XVI, no que cobran máis importancia os costumes, as tradicións e o folclore do pobo e, con elas, o xogo dos bolos, que se converte no principal xogo da cidadanía (homes) do século XX.

Logo desta análise global do xogo dos bolos en España, afóndase no seu estudo na comunidade autónoma de Galicia, onde os bolos son considerados uns elementos lúdico-deportivos que forman parte do raizame do pobo galego (Bermúdez, 2007) e onde este xogo popular e tradicional tivo tanta importancia como noutras comunidades tradicionalmente máis activas, como é o caso de Asturias, Cantabria e o País Vasco.

É de subliñar a relación entre o xogo dos bolos en Galicia e o Camiño de Santiago, onde a partir do século IX peregrinos de toda Europa e España acoden a Santiago de Compostela con fins espirituais, traendo os seus costumes e tradicións, asentándose definitivamente en Galicia e establecéndose novos núcleos de poboación, igrexas, abadías, construccións variadas e, tamén, novos xogos e divertimentos que eran típicos fóra de Galicia e de España.

Realízase un estudo detallado do xogo dos bolos en cada unha das catro provincias galegas, analizando as influencias externas que penetraron polas diferentes vías terrestres e marítimas do Camiño de Santiago e facendo un percorrido pola actualidade bolística en cada unha das provincias, destacando a actividade que se xera actualmente na provincia de Pontevedra a través dos 21 clubs federados, Lugo e Ourense (7 e 5 clubs respectivamente).

E na provincia da Coruña o caso excepcional é o do concello de Boiro, único municipio da provincia onde actualmente se xoga asíduamente aos bolos, polo que se afonda nas súas orixes e desenvolvemento ata a actualidade, ao ser un concello onde se tivo unha actividade bolística moi importante ata chegar á case ausencia de práctica na actualidade, a non ser polo movemento xerado no campo de bolos de Pomardorrío (parroquia de Cures).

Na terceira parte deste traballo de investigación profúndase nas condicións que posúe o concello de Boiro en todos os seus ámbitos (económico, xeográfico, social, cultural e deportivo), atopándonos cun municipio de tamaño medio en canto a poboación (19260 habitantes), onde destaca a enorme poboación infantil e xuvenil en idade escolar (2496 alumnos) e, sobre todo, o seu gran dinamismo a nivel social e deportivo, no que se rexistran un total de 139 entidades sen fin de lucro, das cales 43 son asociacións e clubs deportivos, que acollen un total de 1805 licenzas federativas nos deportes practicados actualmente na localidade.

Estas características fan de Boiro a referencia comarcal nos ámbitos sociocultural e deportivo, constituíndo deste xeito un contexto propicio para o desenvolvemento de proxectos tan atraentes como, neste caso, a recuperación e promoción do xogo dos bolos, onde a actividade cultural e deportiva se trata con especial sensibilidade e no que o asociacionismo xoga un papel fundamental na súa promoción e desenvolvemento, aspectos que cómpre ter moi presentes no momento de establecer propostas de actuación encamiñadas ao incremento da práctica do xogo dos bolos na localidade.

Abórdanse, xa que logo, os diferentes aspectos relativos á fase metodolóxica do deseño e estratexias empregadas, para o cal se elaborou un plan coherente que integrou os obxectivos da investigación, as técnicas de recollida de datos e os modelos previstos para a súa análise, adaptándose á fase fundamental do proceso de investigación descrita por Alvira, García e Ibáñez (1989) e García Salinero (2004).

Óptase pola investigación cualitativa como estratexia metodolóxica (Canales, 2006) para este traballo, encadrado baixo un paradigma descritivo e interpretativo (Corbetta, 2007) na que a elaboración de mapas mentais (Buzán, 2004; Ontoria, 2006) marca o camiño para seguir no proceso de investigación, que destaca por basearse nun deseño aberto e flexible (Tójar, 2006).

Para a toma de datos baseada nesta metodoloxía cualitativa empregáronse tres ferramentas (Visauta, 1989; Canales, 2006): a entrevista individual, o cuestionario e a observación directa. A entrevista individual realizouse cunha selección de informantes moi específica (antigos xogadores e persoas maiores relacionadas directamente co xogo dos bolos na localidade, mestres de educación primaria, profesores de educación secundaria, técnicos deportivos municipais, políticos locais e técnicos dos medios de comunicación con maior difusión no municipio), e foi destas de onde se obtivo a maior parte da información que se relata da terceira parte do estudo, coas particularidades deste especial xogo popular e tradicional.

Os cuestionarios empregáronse para localizar os campos que estaban espallados por todo o municipio e realizáronselles a persoas maiores de todas as parroquias de Boiro; e finalmente, a través da observación directa no propio terreo de xogo, durante as partidas amigables e en competicións, recompilouse a información necesaria para elaborar o primeiro regulamento de bolos do concello de Boiro, garantindo deste xeito que no caso de que falle a tradición oral, polo menos un documento recolla as regras de xogo desta modalidade practicada na localidade.

O núcleo principal desta terceira parte constitúeo a análise e interpretación dos datos obtidos a través dos cuestionarios, entrevistas individuais e da observación directa.

Faise referencia aos 86 campos de bolos atopados no concello de Boiro, esparexidos polas oito parroquias e o seu vencellamento ás tabernas, lugares

"sociais" que tiveron un papel destacado na promoción e desenvolvemento do xogo dos bolos na localidade.

Destácase a importancia que tivo o xogo dos bolos na localidade, como influíu esta actividade nos propios practicantes e as características do xogo no que respecta á temporalización (época do ano, día semana e parte do día na que preferentemente se desenvolvía a actividade), entrando de cheo a analizar os materiais de xogo (bólas e bolos), no que destaca o emprego da madeira de buxo para a súa construción e onde os propios participantes e o taberneiro tiñan un papel sobranceiro na elaboración, coidado e mantemento das pezas do xogo dos bolos.

Estúdase o sistema de apostas que acompañaba (e aínda o segue facendo) ao xogo dos bolos na localidade, nas que os propios xogadores eran os promotores e onde cartos, viño e incluso animais domésticos eran empregados como premio nas partidas en campos libres e de taberna, sendo estes últimos nos que se efectuaba un maior número de apostas, sobre todo de cartos.

Analízase o rol que tivo a muller no xogo dos bolos en Boiro (testemuñal), facendo referencia tamén ao vocabulario específico empregado polos participantes para referirse a aspectos moi concretos do xogo e elaborando unha listaxe cos nomes dos xogadores máis destacados por parroquia, na que figuras como Marcial de Pouso, José María Lojo *"O Carballal*", Justo Suárez ou Antonio Hermo "O Tercio" eran considerados como auténticas figuras do xogo dos bolos e respectados polo colectivo de xogadores alá nos campos onde poñían en práctica as súas habilidades.

Investíganse as causas que motivaron o esmorecemento dun xogo que chegou a ser a actividade preferida dos homes de Boiro durante o último século, na que os informantes mencionan unha gran variedade de factores pero que coinciden ao sinalar que tal mingua se debeu á aparición de novos divertimentos propios do progreso e da modernidade e, tamén, ao fútbol,

deporte que hoxe en día acapara toda a atención non só en Boiro, senón tamén no resto do país. E, consecuentemente, faise mención ás propostas de recuperación que os informantes estiman que serían as axeitadas para retomar de novo un nivel de práctica do xogo dos bolos como noutros tempos, na que a maioría delas se relacionan coa construción de novos campos de bolos e en lugares máis accesibles, tanto para xogadores como para espectadores e, tamén, que prime un interese económico no xogo, sobre todo para os xogadores e en forma de premios.

Analízase a promoción que se está levando a cabo no municipio por parte das institucións públicas, neste caso, polo concello de Boiro (a través da información proporcionada polos técnicos deportivos municipais e por políticos locais) e nos centros de ensino (a través da información proporcionada polos mestres de educación primaria e polos profesores de educación secundaria), coñecendo de primeira man a situación actual para realizar logo as correspondentes propostas enfocadas á recuperación do nivel de práctica do xogo dos bolos en Boiro como en antano.

E tamén se estuda a importancia que teñen os bolos nos medios de comunicación con máis difusión na localidade, tanto en prensa escrita (no xornal *La Voz de Galicia*), radio (*Radio Boiro*) ou televisión (*Telesalnés* e *Canal Rias Baixas*), co fin de tratar cales son as causas polas que esta actividade non tivo (nin ten) un papel relevante no espazo informativo destes medios.

Realízase a continuación unha triangulación de datos entre os grupos entrevistados, analizando as coincidencias e diferenzas acerca dun mesmo grupo de respostas e comprobando tamén, de certo xeito, a fiabilidade da información recibida a través das ferramentas empregadas neste estudo.

Elabórase o primeiro regulamento do xogo dos bolos en Boiro, onde se recolle a normativa básica de xogo, as características do campo e dos elementos necesarios para o xogo (bolos, bólas, patio, caixa e raias), a valoración das xogadas, sistemas, formas de xogo e rotación dos xogadores

nas partidas individuais e en parellas, a normativa específica en torneos e competicións, as apostas, as adaptacións e variantes do xogo segundo as necesidades dos participantes e, por último, o réxime disciplinario enfocado a unha actividade san, na que impere o xogo limpo e o respecto entre os participantes.

Remata a investigación coas conclusións máis relevantes do estudo (con base no traballo de campo e nos obxectivos propostos) e as propostas para recuperar un nivel alto de práctica do xogo na localidade, co obxectivo de instauralo como unha actividade de ocio e tempo libre máis ao que o cidadán teña opción de achegarse como a calquera outro dos "deportes modernos" que se ofertan dende o Servizo Municipal de Deportes ou dende os clubs deportivos da localidade.

As referencias bibliográficas empregadas neste estudo completan finalmente a única tese de doutoramento sobre o xogo dos bolos en Galicia realizada ata o momento.

2. ASPECTOS MOTIVACIONAIS

Se botamos unha ollada atrás, parece que non é casualidade que se redactara esta tese de doutoramento. Semella que todo foi argallado, que dende un principio as propias decisións na vida, os consellos recibidos, a axuda de moita xente e o propio destino fixo que os fíos se unisen para que este traballo se fixera realidade. Parece cousa do destino, pero a realidade é que dende moi cedo foise labrando o camiño da miña formación académica e, en xeral, en todos os sentidos, para que a bagaxe atesourada fose o suficientemente ampla e rigorosa para realizar este traballo de investigación.

O contacto cos xogos populares e tradicionais estivo presente en todos os momentos da miña vida, primeiro na nenez como divertimento, logo na etapa académica superior como parte do plan de estudos e, finalmente, na miña vida profesional como unha actividade de ocio que se oferta aos cidadáns a través das diferentes programacións deportivas municipais no concello de Boiro.

O aspecto clave na elaboración deste traballo de investigación foi a *motivación*. Autores como Núñez (1996) afirman que a motivación non é un proceso unitario, senón que abarca compoñentes moi diversos. Outros (Beltrán 1993, Bueno 1995, MacClelland 1989; citados por García e Doménech, 2000) definen a motivación como un conxunto de procesos implicados na activación, dirección e persistencia da conduta dunha persoa. Se se traslada isto a un contexto cotiá, e considerando o carácter intencional da conduta dunha persoa, parece bastante evidente que as miñas actitudes, percepcións, expectativas e a propia representación de min mesmo, das tarefas que se pretendían realizar e das metas que quería acadar, constituíron factores de primeira orde que guiaron e dirixiron a miña conduta cara á realización desta tese de doutoramento.

Con referencia ás motivacións intrínsecas, que reflicten o interese persoal en desenvolver e mellorar o traballo de investigación sobre os bolos e

os xogos populares, constátase que a preocupación pola formación académica foi unha constante ao longo do tempo, acentuada se cabe máis durante os estudios no INEF de Galicia. Ao tempo que cursaba a licenciatura, fun realizando multitude de cursos monográficos, seminarios, cursos de monitorado, asistencia a congresos…, co obxectivo de mellorar o currículo e completementar a formación académica. A realización da tese de doutoramento preséntase daquela como o proceso culminante, o punto máis alto ou maior grao de perfección que se pode alcanzar.

Responde tamén a unha inquietude persoal, xa que dende hai anos o título de doutor era un dos obxectivos perseguidos. Isto, xunto á necesidade imperiosa de realizar actividade, constitúe unha motivación extra para rematar con éxito este proxecto.

As experiencias que me proporcionou este reto foron únicas, pois nunca se chegara a un nivel de concreción de tal magnitude. Unha exhaustiva investigación sobre un aspecto moi concreto e determinado, que permitiu coñecer todos os aspectos relativos ao xogo dos bolos en Boiro, o principal divertimento dos homes boirenses ata a primeira metade do século XX.

As tradicións populares, tanto no pasado como no presente, son manifestacións materiais, artísticas e espirituais, transmitidas e creadas polo pobo, sendo exemplos disto a música, as artes, a relixión, a tradición oral, o baile e os xogos. Nestes últimos é onde recae este interese persoal e, en xeral, por todos os xogos populares e tradicionais que teñen relación co ocio e a actividade física. A curiosidade por coñecer, por saber, por achegarse ás orixes destas actividades fan que sexa unha necesidade investigar sobre o tema e dalo a coñecer, axudando a que non se perdan estas tradicións.

Sentía a necesidade de aprender, de saber máis acerca deste tema, de afondar nel, de chegar a entender, e a miña predisposición foi total para acadalo. Núñez e González-Pumariega (1996) neste sentido dicían que para aprender é imprescindible "poder" facelo, o cal fai referencia ás capacidades,

coñecementos, estratexias, ás destrezas necesarias (compoñentes cognitivos), pero ademais é preciso "querer" facelo, ter a disposición, a intención e a motivación suficientes (compoñentes motivacionais).

Maslow (1943), en relación coa motivación que pode levar a unha persoa a realizar unha determinada acción, establecía unha xerarquía de necesidades de forma piramidal; a base da dita pirámide constitúena os aspectos fisiolóxicos e de seguridade (respirar, alimentarse, seguridade física…) que se corresponden con factores hixiénicos, e a cúspide está formada por aspectos sociais, de recoñecemento e autorrealización (autorrecoñecemento, confianza, creatividade…), que se corresponden con factores máis motivacionais.

Na cúspide desta pirámide situaríase o desexo propio de superación, de ir máis aló, de adquirir unha serie de calidades con este traballo que mellorarán, sen dúbida, a miña calidade de vida, adoptando novas formas de pensamento a través dun novo proceso de transformación e desenvolvemento, de investigación, de vivencias. O meu desexo (e esperanza) era que a realización desta tese chegase a achegarme a todo iso. A mellora da autoestima, o reforzo do autoconcepto son termos asociados a este desexo, que reforzaron positivamente a miña conduta de cara a acadar o obxectivo proposto.

Outra das motivacións intrínsecas (Pekrun, 1992) é a relacionada cos aspectos laborais que me afectaban directamente. Por un lado están as posibilidades laborais que se me ofrecen unha vez que remate a tese e obteña o título de doutor. Basicamente, o doctoramento serve para:

- Poder optar a ser profesor da universidade.
- Ser investigador e participar en grupos de investigación ou investigar por conta propia.

Aínda que a segunda opción pode ser máis propia de carreiras alleas á Educación Fisica, a que verdadeiramente me atrae é a idea de chegar a ser

profesor na universidade. Certo que se pode optar a prazas de profesorado universitario sen necesidade de posuír o título de doutor, está claro que co doutoramento a praza acadada cobrará máis importancia. Existe mellor motivación que esta? Aquí está unha das principais razóns deste traballo.

Se a isto se lle suma o feito da entrada en vigor do novo Real decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento en cuxa disposición transitoria primeira se recolle que:

> 1. Aos doutorandos que na data de entrada en vigor deste real decreto iniciasen estudos de doutoramento conforme anteriores ordenacións seranlles de aplicación as disposicións reguladoras do doutoramento e da expedición do título de doutor polas que tivesen iniciado eses estudos. En todo caso, o réxime relativo ao tribunal, defensa e avaliación da tese de doutoramento previsto por este real decreto será aplicable a eses estudantes a partir dun ano da súa entrada en vigor.
>
> 2. En todo caso, quen no momento da entrada en vigor deste real decreto se encontre cursando estudos de doutoramento dispón de 5 anos para a presentación e defensa da tese de doutoramento. Transcorrido ese prazo sen que se producise esta, o doutorando causará baixa definitiva no programa.

Resumindo, antes do ano 2016 tiña que rematar a tese ou, do contrario, tería que comezar de novo, sempre que fose posible. Así que apareceu deste xeito un elemento motivador máis para seguir adiante.

Por outro lado está a relación que este traballo de investigación ten co meu actual posto de traballo como técnico de deportes no concello de Boiro. Unha das funcións deste posto é a de establecer unha planificación deportiva no municipio o máis variada posible e atendendo a todos os sectores de poboación, preferentemente a aqueles máis desfavorecidos ou con máis problemas cara ao acceso á práctica da actividade física e o deporte (terceira

idade, cativos, discapacitados…). Esta planificación, seguindo a Mestre Sancho (1995) require dun conxunto de actividades coordinadas e sucesivas, unitariamente encamiñadas á consecución dun logro e non exentas de continuos controis e reaxustes.

A Lei 11/1997, de 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia (DOG do 4 de setembro de 1997), no Título I (Obxecto e principios xerais), artigo 3, punto 3 apunta que "A administración da Comunidade autónoma fomentará os deportes autóctonos tradicionais de Galicia". No texto do anteproxecto de Lei da actividade física e do deporte de Galicia concrétase máis este punto, situándoo no Capítulo IV de fomento e impulso da actividade física e deportiva en Galicia, no artigo 64 referente a deportes autóctonos: "As administracións públicas de Galicia promoverán a recuperación, o mantemento, a práctica e o desenvolvemento dos deportes autóctonos, propios da Comunidade autónoma, en colaboración coas entidades oficialmente recoñecidas neste ámbito".

Pódese comprobar deste xeito como as entidades locais serán os principais vehículos de difusión dos deportes tradicionais e, no caso do concello de Boiro, o xogo dos bolos sitúase en lugar preferente.

A investigación neste ámbito permitiume un maior dominio sobre a materia, sendo un complemento máis para unha planificación e programación deportiva no municipio. Non se trata só de cumprir coa lexislación en materia de deportes autóctonos, senón de inserir este xogo como unha actividade máis no tempo de ocio dos boirenses, a semellanza de como era noutros tempos, axudando a mellorar a calidade de vida dos veciños a través do deporte, do xogo e da actividade física.

E como na maioría das cousas, hai que ir un pouco máis aló. Un non pode conformarse con dar a coñecer aos veciños as prácticas ou xogos que había antigamente; non pode conformarse con que unha parte deles recupere esa tradición e siga xogando aos bolos; hai que implicar aínda máis aos veciños neste proxecto; hai que acondicionar campos antigos para construír

unha rede de instalacións específicas nas parroquias que contribúa a un maior índice de persoas que xoguen; hai que pelexar para facerlle un oco no currículo escolar aos rapaces e rapazas boirenses; e hai que traballar por crear organismos autónomos (asociacións) que sigan promocionando o xogo dos bolos, que creen o seu propio regulamento, que se coordinen, que se reúnan e, en fin, que contribúan a perpetuar as tradicións.

Fálase de crear entidades sen fin de lucro que axuden na recuperación e promoción deste xogo popular e tradicional, e fálase de que os compoñentes se autorregulen como medio para mellorar as relacións entre as persoas, que sempre é mais doado cando o obxectivo que se persegue é un obxectivo común, placenteiro para todos, onde a consecución e o logro de metas satisfará esas persoas, ao colectivo e en xeral a toda a comunidade.

Se o comentado anteriormente responde a unha *motivación intrínseca* (persoal, relación laboral…) non pode esquecerse o outro tipo de motivación que me levou a realizar esta investigación. Refírome á *motivación extrínseca*, á que Pekrun (1992) denomina como aquela que está en contraposición á intrínseca, que procede de fóra e que conduce á execución da tarefa.

Dende o remate dos estudos e a introdución no mundo laboral nunca deixei o deporte de lado, ben dun xeito lucrativo (o meu traballo, o meu medio de vida) ou altruista, a través da colaboración e traballo desinteresado en asociacións e clubs deportivos. Penso que cada persoa debe devolverlle á sociedade (aínda que pareza un concepto abstracto) un anaco do que a sociedade fixo por esa persoa. E no meu caso, creo firmemente que non estou en débeda con nada nin con ningúen. Adestramentos con equipos de fútbol, cursos de patinaxe, piragüismo, balsimo, pontismo, kayak polo e un longo etcétera, levaron gran parte do meu tempo libre e de ocio, un tempo adicado aos demais sen contraprestación ningunha, un tempo roubado á familia para contribuír a crear unha sociedade máis limpa e san, un tempo ás veces non agradecido por moita xente, pero que serviu para que centos de rapaces practicasen deporte dun xeito regulamentado e san.

A miña contribución á sociedade está máis que saldada, aínda que esta vai poder gozar dunha nova achega: unha investigación rigorosa sobre un aspecto moi relevante na sociedade boirense, o xogo dos bolos, que na primeira metade do século XX era a actividade de ocio máis importante, aínda que co tempo foi decrecendo en práctica e importancia, pero que aínda hoxe en día segue activo, a tradición segue viva, tanto que os máis novos xa se implican neste xogo, asegurando a continuidade na cadea se se lles presta un pouco de axuda.

Non espero eloxios nin agradecementos, porque me quedo cos feitos. Recordo a cara da xente cando pasa unha agradable tarde de bolos; penso na cara desa señora que nos acompaña porque o torneo leva o nome do seu falecido fillo; e quédome sobre todo con que a miúdo un se atopa con xente que está a gozar dunha actividade que anos atrás se puxo en funcionamento grazas ao meu traballo e que camiña con paso firme para se perpetuar no tempo.

Levo practicamente dez anos investigando sobre esta materia, con menos continuidade da que quixera, pero o traballo queda aí. Neste tempo, son moitas as persoas coas que me relacionei e con moitas delas úneme unha bonita amizade. Non me quixera esquecer de ninguén, por iso non os vou nomear a todos, pero si a un, do que o resto de seguro non sentería envexa. Refírome ao finado don Antonio García Hermo, o rexente da taberna de Pomardorrío, o verdadeiro impulsor do xogo dos bolos neste lugar, o último da provincia da Coruña onde este xogo segue activo. E segue vivo grazas a el, a Antonio, que tantas horas lle ten dedicado a coidar o campo de xogo, de cambiar as pedras esmoladas polas bólas, de facerse cos bolos porque ducias deles se perdían polo monte, de organizar partidas habitualmente e estar toda a fin de semana coa xente no campo. Un home, Antonio, que amaba este xogo, ao que todos respectaban e querían, un home que morreu repentinamente cando estabamos preparando a II Edición da Liga "Pedra Boleira", a liga de bolos tradicionais do concello de Boiro.

A amizade con Antonio chegou co tempo, xa que a miúdo quedabamos para organizar torneos puntuais (festas parroquiais, Día das Letras Galegas, festivos sinalados…); conseguiramos unha subvención para arranxar o campo (ampliación cun enorme recheo, tala de árbores, pechado con rede para evitar a masiva perda de bolos…) e en fin, el era o árbitro e xuíz en cada unha das partidas que se xogaba no campo de bolos de Pomardorrío. No vindeiro mes de maio de 2013 comezará a V Edición da Liga de Bolos Tradicionais "Pedra Boleira", que coincidirá co IV Memorial Antonio García Hermo. Grazas amigo por todo o que fixeches por este xogo e grazas pola túa amizade.

Resulta agradable tamén coindicir con grupos de xente que están na terraza dun bar charlando sobre bolos, da xornada desa fin de semana, dos problemas que houbo, do pouco que lle faltou a esta parella para gañar a partida… do que hai que facer a seguinte semana… E eu propiciei todo iso!

Se me sento a pensalo con calma, un sorriso debúxase na miña cara ao ver como, por exemplo, na actualidade as comisións de festexos da parroquia do Castro presentan escritos por rexistro no concello de Boiro en que solicitan que se lles facililten trofeos para a organización de torneos de bolos que se xogarán durante as festas patronais do verán, que se desenvolverán nun antigo campo de bolos e que o concello acondicionou recentemente: o campo de bolos de Triñáns, da parroquia de Abanqueiro.

Isto vai por bo camiño e, cando vexo como se comezou e a onde se pode chegar, só hai unha palabra que o define: felicidade.

Rematarei este apartado facendo referencia a diferentes variables recollidas no marco teórico sobre a motivación exposto por Pintrich (1989) e Pintrich e De Groot (1990), integrado por tres compoñentes:

- *Compoñente de expectativa*, que fai referencia ás crenzas e expectativas da persoa para realizar unha determinada tarefa. Son

capaz de levar a cabo esta investigación e plasmala nunha tese de doutoramento? Queda claro que si.

- *Compoñente de valor*, que indica as metas da persoa e as súas crenzas sobre a importancia e o interese da tarefa. Por que fago esta investigación? Como dixen ao longo de todas estas liñas, por moitos motivos, sintetizados sobre todo na recuperación do xogo, da súa difusión e da súa posterior inclusión no tempo de ocio dos boirenses. E como non, da posibilidade de chegar algún día ao ensino universitario.

- *Compoñente afectivo*, que recolle as reaccións emocionais da persoa ante a tarefa. Como me sinto ao facer esta tarefa? Feliz.

3. XUSTIFICACIÓN DA TESE

Os bolos, unha actividade física, un xogo, un deporte moi antigo e moi extendido en todas as culturas (Ruiz, 2000) é unha actividade cun marcado compoñente histórico e cultural con pouco tratamento no campo da investigación en España e, en Galicia, pasa por ser un traballo inédito neste sentido. Polo tanto, como outras actividades en semellantes condicións, está aberta a procesos de cambios e, sobre todo, de evolución (Palacios, 1998).

Como actividade educativa pode representar, nas mans dun bo educador, un instrumento perfecto para transmitir os valores que atesouran en xeral os xogos e deportes populares e tradicionais, resultando un recurso extraordinario para aplicar nos centros educativos con alumnos que, hoxe en día, carecen en moitos casos das virtudes que observamos nas persoas maiores, noutros tempos testemuñas directas na práctica destas actividades.

Como actividade lúdica e deportiva, o xogo dos bolos pode ser válido para lograr unha formación máis completa da persoa e achega, ademais, unha serie de experiencias e coñecementos que poden ser de enorme utilidade para a vida diaria, resaltando de novo os valores implícitos dos xogos populares e tradicionais que se poden aplicar a situacións da vida cotiá e nas relacións que cada un establece cos veciños, amigos, familiares ou mesmo compañeiros de traballo.

As consideracións que se deriven desta tese queremos que sexan o punto de partida para abrir unha nova liña de traballo nun campo ata agora carente de análise dende un punto de vista científico e, tamén, que os resultados sexan útiles e se poidan aplicar en diferentes ámbitos: educativo (como material didáctico nos centros de ensino nas etapas de primaria e secundaria), deportivo (como guía para diferentes torneos, competicións e para o traballo altruísta de clubs e asociacións deportivas) e laboral (como material do que poidan botar man técnicos deportivos e políticos nas distintas administracións púbicas da Comunidade ou empresas de servizos deportivos).

Pretendemos deste xeito contribuír á formación científica, investigadora e profesional das persoas que participan nos ámbitos social, cultural e deportivo en calquera das súas diferentes posibilidades.

Con esta tese pretendemos indagar e coñecer os aspectos técnicos, históricos e culturais do xogo dos bolos no concello de Boiro, para moitos o divertimento máis importante que había na localidade noutros tempos e na que que os homes, principais axentes no desenvolvemento deste xogo, pasaban o tempo sen pensar nos numerosos problemas sociais, políticos e económicos que azoutaban ás localidades galegas e, en xeral, de toda España.

Neste sentido, entra en escea unha cuestión que consideramos que é fundamental a ter en conta neste traballo: o tempo. Córrese o perigo de que esta tradición se perda se se paraliza a pouca actividade bolística que se rexistra hoxe en día no concello de Boiro, onde as referencias escritas a este xogo popular e tradicional son practicamente nulas. As fontes ás que podemos recorrer para obter información son as persoas maiores, os vellos, os avós, os que viviron e experimentaron a sensación de xogar aos bolos noutros tempos e noutras condicións, os que nos poden informar de como se xogaba, cando e onde se efectuaban tales prácticas.

Co inicio dos estudos de doutoramento no ano 2001 e inmersos no programa de investigación sobre os xogos populares e tradicionais dirixido polo doutor don Ricardo Pérez y Verdes, comezáronse a realizar entrevistas a persoas dunha idade avanzada dos que tiñamos coñecemento que fosen persoas activas no mundo dos bolos. A intención era recoller unha serie de datos que nos serviran, entre outras cousas, para os traballos tutelados do propio programa de doutoramento. Pois ben, todas as persoas que se entrevistaron nesa época xa morreron, e con eles morreu parte da historia dos bolos que queríamos saber; morreu a posibilidade de participar neste estudo e morreu, tamén, unha boa fonte de coñecemento de aspectos históricos de incalculable valor sen deixar boa constancia diso.

Comprobamos así que agora mesmo está pasando un tren cheo de persoas maiores que nos teñen moito que contar, que teñen moito que dicir,

que nos poden situar practicamente a comezos do século XX e informarnos do que pasaba nesa época, de onde se xogaba, de cales eran os seus costumes. Este tren é só de ida e, unha vez que pase, iremos perdendo posibilidades de coñecer datos e fantásticas historias que nos poden mostrar a realidade do xogo dos bolos noutros tempos.

Cremos que esta tese xorde nun momento transcendental, no que aínda podemos escudriñar ben atrás grazas a participación neste estudo de persoas de 93, 97 ou 100 anos cunha memoria realmente envexable. Era o momento de facelo e así o fixemos. Para detacarnos da importancia deste aspecto, temos que sinalar que varias persoas maiores que participaron neste estudo xa morreron o verán pasado.

Con esta tese pretendemos tamén coñecer as causas polas que un xogo tan importante, cun intenso nivel de práctica noutros tempos, foi perdendo forza ata chegar a un nivel de participación practicamente testemuñal e localizado únicamente no lugar de Pomardorrío, na parroquia de Cures, unha aldea alonxada do núcleo urbano e onde non se parou de xogar nunca, nen sequera durante as etapas máis tristes e amargas da historia de España.

Queremos tamén determinar a localización xeográfica dos campos de bolos que houbo no concello de Boiro dende comezos do século pasado ata a actualidade, que nos dará tamén información da importancia deste xogo nas distintas parroquias do municipio e en que tipo de lugares era máis frecuente xogar aos bolos en Boiro, podendo comparar as diferentes localizacións entre os núcleos rurais e urbanos.

Tamén é interesante elaborar un regulamento de xogo que deixe constancia desta actividade para as actuais e futuras xeracións. A tradición pode perderse se nestes intres se paraliza a actividade bolística e se a tradición oral se vai esquecendo, sobre todo coa desaparición dos verdadeiros activos que tivo este xogo: as persoas maiores.

Agora mesmo non hai nada escrito sobre o xogo dos bolos en Boiro, presentándose esta tese como un traballo inédito que recolle un regulamento

coa forma de xogar aos bolos e das características de todos os elementos que interveñen no mesmo: bolos, bólas, caixas, pedras, liñas, medidas do campo de xogo, puntuación, rotación de xogadores… Resumindo, todo o necesario para que nun futuro, no caso de que se deixase de xogar, se puidera retomar a actividade coa forma orixinal e tradicional de Boiro, cos mesmos bolos e bólas (forma, tamaño e peso), medidas ou mesmo as diferentes variantes que ofrecía o xogo segundo o número de participantes, momento do día ou incluso dependendo do tipo de aposta que se realice.

Cremos que se trata dun traballo conectado íntimamente coa realidade, xa que a pesar de conter moito contido histórico, estúdase o momento actual con persoas que tiveron a súa función nun pasado e que poden extrapolar o que pasaba ao momento actual (regulamento, xogo…), axudando a conservar o xogo dos bolos coa esencia de como era antigamente.

Consideramos que este traballo de investigación pode xerar unha serie de accións que beneficien directamente aos veciños da localidade, mediante propostas encamiñadas a recuperar, conservar e consolidar o xogo dos bolos nas prácticas cotiás de ocio e tempo libre dos boirenses, como poden ser:

- Posta en marcha de programas de promoción dos xogos e deportes populares e tradicionais e, en concreto, do xogo dos bolos, nos centros de ensino da localidade, fomentando a súa práctica entre un colectivo de estudantes que se achega aos dous mil alumnos (primaria e secundaria).

- Incentivar a actividade bolística no municipio, coa organización de diferentes torneos, competicións e ligas de bolos nas distintas parroquias do concello.

- Creación dun tecido asociativo estable na localidade específico do xogo dos bolos, con clubs que desenvolvan a actividade dun xeito autónomo e que participen en competicións federadas.

- Acondicionamento de antigos e novos campos de bolos para fomentar a súa práctica nas distintas parroquias do municipio.

- E, sobre todo, pode xerar discusión, tema de conversación, contos, historias, diferentes motivos que induzan á xente a falar de bolos.

A xustificación de centrar o estudo no concello de Boiro resposta ao feito de que é o único municipio de toda a provincia da Coruña onde se conserva esta modalidade de xogo popular e tradicional; porque é un contexto que o investigador coñece perfectamente, permitíndolle realizar un estudo máis profundo debido ao coñecemento do lugar dos feitos e, sobre todo, da xente, que en moitos casos se mostra reacia a falar con descoñecidos ao asocialos coa xestión (conflitiva) de terras, fincas e outras propiedades (problemas derivados da parcelación de leiras, de plans parciais ou mesmo referencias catastrais).

E, tamén, porque o concello de Boiro posúe un dinamismo e unhas características a nivel social, cultural e deportivo que fan que este tipo de traballos teña máis repercusión entre os cidadáns, feito que entendemos que debe pasar coa realización desta tese.

Consideramos que o emprego da lingua galega neste estudo é unha forma máis de achegarse ao aspecto cultural que envolve este traballo e á xente que nel participa, que para autores como Veiga (1998) constitúe a manifestación máis transcendente da cultura dun pobo. Parécenos axeitada a referencia que fai Coombs (1985:315) sobre este aspecto: "*a cultura dunha sociedade exprésase de moitas formas, na súa literatura, arte, arquitectura, modos de vestir, alimentos e formas de entretenemento, pero a súa linguaxe e educación son básicas para a súa identidade e supervivencia*".

Para rematar este apartado, cremos que a xustificación da realización dun traballo destas características hai que buscala, sobre todo, no feito de contribuír á conservación das tradicións propias de cada pobo, tradicións que reflicten a historia da xente, dos nosos ancestros, das nosas nais e dos nosos pais, de nós mesmos…

Afirmaba Veiga (1998) que a xente non se pode lamentar de que o progreso veña sempre dado por modelos que viñeron de fóra sen reclamar estratexias deseñadas dende os nosos pobos, dende Galicia. Tampouco pode ser a nosa pretensión recuperar formas de vivir anacrónicas e alleas aos intereses propios do século XXI no que nos atopamos.

Debemos descubrir a nosa propia historia, aqueles elementos que nos posibiliten seguir sendo nós mesmos sen negar o futuro, pero asumindo o pasado. Como diría Cabral (1985:7): "é *necesario preservar todo o posible as tradicións do noso pobo. Protección que non signifique o desexo de manter formas ultrapasadas de vivir que o tempo tornou caducas e incapaces de dar resposta ás ansias e impulsos do noso tempo; pero que, encarando o momento progresivo da historia, sepa conxugar o presente co pasado, descubrindo néste as arterias aínda vivas, aquelas que proporcionan un mellor coñecemento do que somos ou que poden aínda posibilitar un modo característico de ser e de vivir, sen entrar en contradición co que verdadeiramente somos e debemos ser*".

4. ANTECEDENTES E ESTADO DA CUESTIÓN

Polit e Hungler (1985) sinalan que a tarefa dunha revisión bibliográfica entraña identificar, elixir, analizar críticamente e informar sobre datos xa existentes acerca do tema que interesa. Con respecto a isto, Zubizarreta (1983) destaca que é importante e necesario afondar máis, que é preciso ter un coñecemento o máis completo posible da bibliografía, sobre o tema en cuestión e doutros temas relacionados e similares.

A investigación que se levou a cabo versa sobre un tema moi concreto, como é o xogo dos bolos, termo vinculado directamente coa práctica de deportes e xogos populares e tradicionais. A pesar de que os indicios nos levan a pensar que hai poucas referencias publicadas sobre o tema, cómpre coñecer os antecedentes e o estado da cuestión sobre a materia, pois a posterior análise mostraranos se realmente se trata dun campo de estudo con escasez de bibliografía específica.

Por que é importante realizar esta revisión bibliográfica? Principalmente para:

- Coñecer os rexistros que se fixeron sobre os bolos e a súa relación con outros elementos ou variables, nun determinado momento ou xeración.
- Apreciar os cambios culturais, motivacionais ou sociais que se xeraron no transcorrer do tempo e a súa influencia no campo obxecto de estudo.
- Orientar a xestión de coñecementos co fin de dar resposta á situación actual do xogo dos bolos en Boiro.
- Fundamentar as accións que se poñan en marcha dun xeito racional.
- Orientar o proceso de investigación cara a novos estudos ou propostas.

Os beneficios da revisión bibliográfica nesta investigación redundarán en centrar a atención en aspectos relevantes do estudo, evitar a irrelevancia e a repetición nas propostas que se fagan e que a investigación se axuste ás novas esixencias, promovendo o desenvolvemento do coñecemento e, como facía referencia Pazos (2010), contribuír ao campo científico e social cun estudo novo e orixinal.

Neste traballo de investigación realizouse unha aproximación ao estado da cuestión a través dunha análise dos estudos realizados nos últimos anos sobre o tema dos bolos e, en xeral, sobre os xogos populares e tradicionais. Para iso recorreuse, sobre todo, a diferentes bases de datos (TESEO, ISBN, IACOBUS, DIALNET, SPORT DISCUS, WOK), realizando unha busca completa e exhaustiva mediante palabras clave moi concretas, debidamente pensadas e analizadas para acadar os mellores resultados posibles na procura de documentación nas citadas bases de datos, seguindo deste xeito as indicacións de Pazos (2003).

Estas palabras clave forman parte da estratexia de busca, indispensable para calquera revisión que se realice e elaborada co fin de cubrir en boa medida toda a información existente sobre o tema.

Pero antes de realizar a busca é preciso formularse varias cuestións: Que quero buscar? Como o vou a facer? Onde vou a buscar? Con base nestas cuestións iniciouse un proceso de busca documental co obxectivo de coñecer en profundidade o estado da cuestión do tema proposto e, atendendo a Zubizarreta (1983), prestando especial atención aos autores máis importantes e recoñecidos sobre o tema e, preferentemente, ás publicacións máis modernas.

Os comezos deste traballo de investigación remóntanse a outubro de 2001, data na que comecei os meus estudos de doutoramento no INEF de Galicia (Universidade da Coruña). Coa proposta desta tese, realizouse un baleirado bibliográfico sobre os xogos populares e tradicionais en España, con especial atención ao xogo dos bolos, modalidade moi extendida nas comunidades autónomas de Asturias e Cantabria e, en menor medida, en zonas moi concretas da xeografía española (determinadas localidades de Pontevedra, Lugo, Ourense, Ciudad Real, Biscaia, León, Lleida…).

O resultado deste traballo de revisión bibliográfica rematou nun dos traballos tutelados presentados no ano 2003 para a obtención do Diploma de Estudos Avanzados (ou DEA). Tomando como base este documento, realízase

unha nova busca bibliográfica, máis concreta, baseada na elaboración dunhas palabras clave determinadas clasificadas en dous niveis, podendo cruzalas para que a revisión fose o máis exhaustiva posible. As palabras clave elixidas están incluídas na táboa 1.

1º nivel	2º nivel
Cultura	Bolos
Juego	Folclore
Deporte	Popular
Sociedad	Autóctono
Fiesta	Tradicional
Tradición	

Táboa 1. Clasificación de palabras clave (en castelán) para a busca bibliográfica

A procura realizouse sempre combinando dúas palabras, unha de cada nivel, nas bases de datos seleccionadas. Ademais, dadas as características de determinadas bases de datos (Sport Discus e Wok –en inglés-) e atendendo ás diferentes linguas existentes en España, sobre todo naquelas comunidades onde hai indicios de que o xogo dos bolos é unha modalidade moi extendida e importante, tamén se realizou unha busca coas palabras clave mostradas na táboa 2.

	Inglés	Galego	Catalán
1.º nivel	Culture	Cultura	Cultura
	Game	Xogo	Joc
	Sport	Deporte	Esport
	Society	Sociedade	Societat
	Festival	Festa	Festa
	Tradition	Tradición	Tradició
2.º nivel	Skittles	Bolos	Bitlles
	Folklore	Folclore	Folklore
	Popular	Popular	Popular
	Autochthonous	Autóctono	Autòcton
	Traditional	Tradicional	Tradicional

Táboa 2. Clasificación de palabras clave para a busca bibliográfica en inglés, galego e catalán

A busca realizouse nas seguintes bases de datos, de ámbito nacional e internacional:

- **TESEO**. Base de datos pertencente ao Ministerio de Ciencia e Innovación (antes ao Ministerio de Cultura) coa información das teses de doutoramento lidas en España dende o ano 1976.

- **ISBN**. Base de datos ou sistema automatizado para o control editorial de textos publicados en España dende 1972. Esta base de datos do Ministerio de Educación e Cultura facilítase gratuitamente aos internautas, e consta de preto de 7000 referencias de editoriais españolas e as máis significativas de hispanoamérica.

- **IACOBUS**. Catálogo da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela, que constitúe un excelente baleirado bibliográfico, sobre todo, de artigos e revistas.

- **DIALNET**. É unha hemeroteca virtual multidisciplinaria en constante movemento, que nestes intres presenta un promedio de 5450 títulos de publicacións periódicas. Dialnet é tamén unha base de datos especializada en literatura científica escrita en linguas hispánicas. Actualmente conta con máis de dous millóns de documentos, máis de 120000 monografías colectivas e preto de 100000 artigos dispoñibles en texto completo, o que fai dela a maior base de datos actual en español.

- **SPORT DISCUS**. Base de datos que contén unha ampla bibliografía de texto completo en materia de deporte, benestar físico e disciplinas relacionadas. Esta base de datos contén máis de 230 títulos en texto completo. Ademais, *Sport Discus with full text*, contén máis de 650000 rexistros de revistas especializadas e monografías que se remontan ata o século XIX. A isto hai que sumarlle unhas 20000 disertacións e teses de doutoramento, así como referencias a artigos en 60 idiomas distintos.

- **WOK**. *Web Of Knowledge (web do coñecemento).* Esta páxina web é unha plataforma formada por unha ampla selección de bases de datos bibliográficas, citas e referencias de publicacións científicas de calquera disciplina do coñecemento, tanto científico, como tecnolóxico, humanístico e sociolóxico, dende 1945. Integra nas súas principais bases de datos fontes adicionais de contido con recursos web, con outros datos académicos e material de publicacións, ferramentas de avaliación do rendemento (*Journal Citation Report* e *Essential Science Indicators*) e un xestor de referencias bibliográficas (EndNote).

A presente revisión bibliográfica realizouse entre o 24 de setembro de 2011 e o 6 de outubro de 2011. Para as bases de datos de TESEO, ISBN e IACOBUS empreguei o ordenador persoal dende o domicilio particular, pois son de acceso libre; para as outras bases de datos de acceso restrinxido (SPORT DISCUS, DIALNET e WOK) utilizouse o ordenador da Biblioteca Universitaria do Campus de Pontevedra (Universidade de Vigo), que ten acceso directo a todas as bases de datos.

A pesar de que os indicios nos levan a pensar que hai pouca bibliografía específica sobre o tema obxecto de estudo, iníciase a revisión seguindo unha estratexia moi clara. Coas palabras das táboas 1 e 2 orientamos e realizamos a busca, atopándonos xa nun primeiro instante que, efectivamente, había moi poucos estudos con rigor científico publicado acerca do xogo dos bolos e, en xeral, dos xogos populares e tradicionais.

Nas bases de datos seleccionadas cruzáronse as palabras do primeiro e segundo nivel e, contrariamente ao que pode pasar con outros estudos relacionados con aspectos máis xerais, como por exemplo o deporte, a xestión ou o adestramento, o número de rexistros atopados foron tan baixos que se recorreu á busca de palabras clave dun único nivel, co obxectivo de ampliala e establecer un filtro mínimo.

Finalmente, a estrutura da busca quedou do seguinte xeito:

- En **TESEO** realizouse a busca cruzando todas as palabras e tamén por separado as palabras clave "Bolos", "Juego" e "Xogo".

- En **ISBN** cruzáronse todas as palabras e por separado as palabras clave "Bolos", "Xogo" e "Folclore". Neste caso, coa palabra "Juego" aparecían referenciados máis de 1000 rexistros, polo que foi preciso acoutar máis a busca cruzando esta palabra clave co resto de palabras do segundo nivel.

- En **IACOBUS** tamén se realizou a busca cruzando todas as palabras do nivel 1 e 2 e a xeito individual as palabras "Xogo" e "Bolos".

- En **DIALNET**, de igual xeito, cruzáronse todas as palabras e por separado a palabra clave "Bolos".

- En **Sport Discus** a busca centrouse nos seguintes cruzamentos de palabras: "Game+Skittles", "Game+Popular", "Game+Traditional", "Game+Folklore", "Culture+Autochthonous", "Sport+Skittles" e "Culture+Popular".

- Finalmente, en **WOK** a busca realizouse cruzando "Culture+Popular", "Game+Traditional", "Game+Popular" e "Game+Skittles".

Unha vez recollidos os datos foi preciso realizar, nun primeiro momento, un tratamento axeitado da información, para o cal se recorreu a varias ferramentas informáticas, indispensables hoxe en día para calquera tipo de traballo de investigación, pola súa rapidez e polo aforro en tempo que se obtén co emprego das novas tecnoloxías. O uso dos programas informáticos Microsoft Word 2007 e End Note X foron indispensables, sobre todo este último, que facilitou o tratamento das numerosas referencias atopadas.

Por outra banda, para realizar unha análise máis efectiva da información recompilada, elaborouse unha clasificación coa que poder agrupar os documentos achados segundo a súa temática. Na táboa 3 podemos comprobar como quedou establecida esta tipificación.

Bolos: Todos os documentos que traten sobre o xogo de bolos en sí, independentemente das modalidades e das súas variantes. Por exemplo: "*Estudios de los bolos en Asturias: aspectos histórico-culturales, modalidades, elementos y materiales de juego. Estado actual de su práctica*"
Aspectos sociais e culturais: Todo o relacionado cos xogos populares e tradicionais e a súa influencia na sociedade, a súa historia, evolución, transmisión de sistemas culturais, relacións interculturais, etc. Por exemplo: "*El juego popular y tradicional como mediador intercultural*"
Aspectos educativos: A relación do deporte e xogo popular, tradicional, coa didáctica, a escola, o sistema educativo e o currículo de Educación Física. Por exemplo: "*Nuevos significados del juego tradicional en el desarrollo curricular de la Educación Física en centros de educación primaria de Granada*"
Outros aspectos (psicolóxicos, deporte, catalogación…): A relación do xogo popular e tradicional con aspectos psicolóxicos, desenvolvemento persoal, a pedagoxía, o deporte competición, recompilación de xogos, etc. Por exemplo: "*Xogos populares galegos*"
Táboa 3. Clasificacion dos documentos atopados

Os resultados a nivel cuantitativo poden observarse na táboa 4.

Primeira busca							
Base de Datos	TESEO	ISBN	IACOBUS	DIALNET	SPORT DISCUS	WOK	TOTAL
N.º documentos	622	185	2.485	561	541	121	4515
Documentos seleccionados despois da revisión							
Base de Datos	TESEO	ISBN	IACOBUS	DIALNET	SPORT DISCUS	WOK	TOTAL
N.º documentos	15	36	226	81	18	13	389

Táboa 4. Número de documentos seleccionados despois da revisión da primeira busca

Facendo unha análise dos documentos seleccionados despois da revisión nas diferentes bases de datos consultadas, e en relación coa clasificación dos documentos reflexada na táboa 3, móstranse os seguintes resultados:

1. TESEO. Das 15 teses seleccionadas é preciso comentar que:

a) Canto a documentos relacionados directamente co xogo dos *bolos*, hai dúas teses de doutoramento: unha sobre o xogo dos bolos en Asturias e outra sobre o xogo dos bolos na comarca Lleidatana do Pla D´Urgell. Estes dous traballos merecen un comentario destacado pola súa relación directa coa temática desta tese.

- *"Del joc a l´esport. Estudi de les bitlles al Plá d´Urgell (Lleida)"*. Traducida ao castelán sería "*Del juego al deporte. Estudio de los bolos en el Plá d´Urgell (Lleida)*". Tese de doutoramento escrita por Pere Lavega Burgués e lida na Universidade de Barcelona no ano 1996. Ruiz (2000) nos antecedentes da investigación da súa tese destacaba deste traballo que o obxectivo foi estudar dende un punto de vista praxiolóxico e socio-cultural o "*joc de les bitlles*" ou xogo dos bolos na comarca do Plá d´Urgell dende o primeiro terzo do século XX

ata a actualidade. Utilizáronse como instrumentos as entrevistas e a observación participante, e como mostra as 18 localidades que configuran a comarca do Plá d´Urgell, xogadores de bolos en activo e persoas relacionadas co xogo, realizando un proceso de estudo do marco teórico e metodolóxico do xogo, dos fundamentos conceptuais e contextuais cara á cultura lúdica dos bolos e analizando a etno-ludo-práxica do xogo dos bolos no Plá d´Urgell, dende unha perspectiva praxiolóxica e socio-cultural. O autor sinalaba ademais que a principal conclusión do estudo foi a necesidade de recuperar e dar a coñecer as costumes lúdicas, que se converten en parte importante do patrimonio local, con certa urxencia.

- *"Estudios de los bolos en Asturias: aspectos histórico-culturales, modalidades, elementos y materiales de juego. Estado actual de su práctica*". Tese de doutoramento escrita por José Gerardo Ruiz Alonso e lida na Universidade de Granada no ano 2000. Este traballo constitúe unha excelente análise dos aspectos histórico-culturais dos bolos en Asturias, facendo un percorrido pola historia bolística en xeral, dende a antigüedade ata a actualidade, centrándose máis polo miúdo nos aspectos culturais asturianos en relación cos bolos (mitoloxía, lendas, literatura, prensa, tonada, oralidade, fotografía, pintura, hostalaría, xeografía, curiosidades…).

  Realiza un profundo estudo e análise de cada unha das modalidades, situación xeográfica, forma de xogar, elementos e materiais de xogo e valoración das xogadas:
  "*Cuatriada*" ou Cuatreada, "*Birle*" ou Bolo Palma, "*Bolos de Saliencia*", "*Batiente rodao*", "*Bolos de Tineo, pasabolos de Tineo ou bolos celtas*", "*Bolos ou pasabolos de Cangas de Narcea*", "*Bolos de Cuenca del Navia*", "*Pasadiez*" "*Birlos*",

"*Bolos de Luarca*", "*Bolos rodaos*", "*Cuatrín de Agones-Pravia*", "*Cuarta de Degaña*", "*Cuatrín de Cudillero*", "*Bolinos de Cudillero*", "*Dexabolu*" e "*Bolo leonés ou de bóla Cacha*".

Por último, analiza o estado actual da práctica dos bolos en Asturias, con referencia ás modalidades federadas, ao número de licenzas de xogadores federados, á comparación de número de xogadores federados do ano 1967 ao 1999, ás peñas bolísticas das distintas modalidades, e á presenza dos bolos nos medios de información.

Ao igual que Pere Lavega Burgués coa súa tese, o autor con este traballo pretende dar a coñecer o xogo dos bolos e, tamén, como medida de conservación, xa que moitas das modalidades tenden á desaparición.

b) No referente a *aspectos sociais e culturais*, as seis teses relacionadas que se atoparon tratan temas de antropoloxía cultural, dos sistemas que integran a cultura que se ofrecen nos xogos populares, os xogos e deportes tradicionais practicados polas diferentes clases populares, estudios socio-históricos de práctica de determinados xogos tradicionais e as relacións interculturais xurdidas pola relación de diferentes grupos sociais dunha mesma sociedade mediante a práctica destas actividades.

c) Na maioría das teses seleccionadas faise referencia a *aspectos educativos*, sexa de forma directa, sexa indirecta, pero sobre todo en cinco das quince teses seleccionadas, onde se describen as virtudes educativas dos xogos populares e tradicionais, a súa plena vixencia como estratexia didáctica, a potencialidade educativa e didáctica do xogo popular e tradicional e a súa realidade na área de Educación Física en centros de educación primaria e secundaria.

d) E dúas das quince teses seleccionadas céntranse *noutros aspectos* diferentes aos anteriores, unha delas no coñecemento e reconstrución dun xogo tradicional moi concreto ("*La Pina*") nas Illas Canarias e outra sobre aspectos psicopedagóxicos do xogo tradicional.

Na táboa 5 pode observarse a clasificación das teses seleccionadas e clasificadas segundo a súa tipoloxía.

Tema	N.º teses	Porcentaxe (%)
Bolos	2	13,33
Aspectos sociais e culturais	6	40,00
Aspectos educativos	5	33,34
Outros aspectos	2	13,33
Total:	15	100,00

Táboa 5. Clasificación das teses de doutoramento seleccionadas

Desta táboa despréndense as seguintes conclusións: a maioría das teses fan referencia aos aspectos socioculturais dos xogos populares e tradicionais (40%), á potencialidade educativa destes e ao seu tratamento como elemento pedagóxico na escola (33,34%), aínda que esta última porcentaxe podería ser máis alta xa que dun xeito ou doutro a maioría das teses fan referencia a aspectos educativos, en maior ou menor parte, pero si establecen unha relación moi directa do xogo popular e tradicional coas distintas etapas do sistema educativo (primaria, secundaria e estudantes universitarios). E, sen dúbida, o máis destacable é a presenza de dúas teses específicas sobre o xogo dos bolos, que sen dúbida constituirán un bo punto de partida na elaboración deste traballo de investigación.

2. ISBN. Da revisión desta base de datos obsérvase o seguinte:

a) En relación aos *bolos*, dos vinte e catro documentos seleccionados, a maioría versa sobre a práctica dos bolos en determinadas localidades (León, Astorga, Asturias, Campoo…); outros sobre a historia desta modalidade en España, e especial atención merecen os documentos que relatan experiencias persoais dos xogadores de bolos en determinadas épocas, destacando un documento que trata o papel da muller no xogo dos bolos.

b) En canto a *aspectos sociais* e culturais, as referencias atopadas inciden nas características do xogo popular e tradicional como mediador intercultural, como fenómeno deportivo dunha sociedade determinada e o seu papel como un elemento máis que constitúe a cultura dun pobo.

c) Os *aspectos educativos* volven estar moi presentes na documentación revisada, destacando o papel do xogo e o xogo popular no currículo de Educación Física, a súa aplicación en educación infantil, primaria, secundaria e a confección de unidades didácticas específicas sobre este tema.

d) Poucas referencias a *outros aspectos* se desprenden da revisión nesta base de datos, salvo a localización de catálogos, a recompilación de xogos populares e algún traballo de investigación sobre a materia.

3. IACOBUS. Nesta base de datos foi de onde se seleccionou máis literatura afín ao traballo, do que destacamos o seguinte:

a) Canto a *bolos*, destacan os artigos dos xogos de bolos no suroeste de Galicia (Val Miñor e Baixo Miño), en Santa Comba de

Orrea (Riotorto-Lugo) e en Soutipedre. Ademais, atópanse varias referencias aos xogos populares galegos e a traballos sobre a recuperación do xogo popular en Galicia.

b) Moitas referencias nesta base de datos a *aspectos sociais e culturais* do deporte tradicional e do xogo popular. Numerosos estudos sobre etnografía, ensaios de antropoloxía do deporte en España, artigos sobre os valores sociais do deporte, sobre os perigos que corre a cultura tradicional, a importancia do xogo popular e tradicional para que perviva e relatos moi interesantes sobre deporte e xénero, onde se analizan xogos e deportes de homes onde as mulleres só miran…, entre os cales está o xogo dos bolos.

c) Os *aspectos educativos* seguen presentes a través de propostas didácticas para o traballo do xogo popular e tradicional en educación, as funcións do xogo para o desenvolvemento dos rapaces en idade escolar (traballo de creatividade e aprendizaxe) e, en definitiva, o xogo visto como unha ferramenta pedagóxica fundamental.

d) *Outros aspectos* salientables das referencias analizadas son os ensaios sobre psicoloxía infantil en relación ao xogo e as revisións bibliográficas sobre esta materia.

4. DIALNET. Desta base de datos fíxose tamén unha ampla selección de información, da que o máis salientable é o seguinte:

a) *Bolos*. Novas referencias ao xogo dos bolos noutras localidades non mencionadas nas bases de datos anteriores (Ciudad Real), proxectos de cooperación transnacional ao redor dos bolos, formas para recuperar este xogo e, sobre todo, dúas referencias interesantes que fan mención á psicoloxía no xogo dos bolos e a

intervención psicolóxica no xogadores de bolos (modalidade de Bolo-Palma).

b) *Aspectos sociais e culturais*. Cabe destacar as referencias atopadas en relación co xogo tradicional como recurso para o coñecemento, respecto e tolerancia entre as distintas culturas, o xogo tradicional visto como un enlace intercultural e didáctico, as repercusións sociais que comporta a deportificación dos xogos tradicionais e diversos estudos socioculturais sobre os xogos tradicionais.

c) *Aspectos educativos*. A selección redunda un pouco na temática atopada nas bases de datos anteriores: o xogo popular e tradicional no currículo e na escola e salientar a novidade dun proxecto pedagóxico de introdución da cultura popular na escola.

d) *Outros aspectos*. A pesar de que na revisión das anteriores bases de datos a achega deste apartado non era moi salientable, nesta ocasión si hai que prestar especial atención a estudos concretos doutros xogos populares moi importantes, como a "chave" ou a "billarda", dous dos xogos populares máis coñecidos e practicados na zona obxecto de estudo (Boiro e zona do Barbanza) xunto cos bolos. Mención especial merece tamén un artigo na *Revista de Educación Física* onde se fai referencia a un xogo exclusivo de mulleres, "*las birllas de campo (Huesca)*", onde se analizan aspectos de xénero no deporte e tamén o proceso de deportivización do xogo tradicional.

5. SPORT DISCUS. Nesta de base de datos non se atoparon documentos prioritarios para esta investigación. De todos os xeitos cómpre destacar o seguinte:

a) *Bolos*. Aparecen referencias a regulamentos oficiais de certas modalidades de bolos moi concretas: "*Tineo*", "*Cuatreada*" e "*Bolo*

leonés". Hai que salientar tamén o estudo de Pere Lavega Burgués, "*Sociocultural approach to lleida´s skittles game (catalonia-spain): a preliminary analysis (Approche socio-culturelle du jeu de quilles a Lerida (Catalogne-Espagne): analyse prelikinaire)*", sobre un estudo preliminar sobre o xogo dos bolos en Lleida (maio, 1993), tres anos antes da lectura da súa tese.

b) *Aspectos sociais e culturais*. É de resaltar un estudo sobre a orixe dos xogos populares e tradicionais e a súa influencia na construción da identidade dos pobos.

c) *Aspectos educativos*. Salvo algunhas consideracións didácticas sobre o xogo popular, non hai máis referencias que comentar.

d) Nada que destacar con respecto a *outros aspectos*.

6. WOK. Nesta base de datos tampouco se atoparon documentos relevantes para a elaboración da tese. Dos documentos seleccionados para a revisión, cómpre mencionar a achega das actas do 21.º st Pan-Asian congress of Sports and Physical no que Pere Lavega presenta un estudo sobre os xogos populares en Cataluña, e diversos estudos de carácter sociolóxico sobre os xogos populares, pasatempos e recreación en diversos lugares do planeta.

Logo de facer esta revisión, hai que destacar o seguinte:

- A medida que se avanzaba na revisión bibliográfica nas diferentes bases de datos, obsérvase que paulatinamente comezan a repetirse rexistros, feito cada vez máis acentuado a medida que se iniciaba unha nova revisión.

- No ano 2003, durante os meus estudos de doutoramento na Coruña, realizouse unha colaboración cun historiador local (Boiro) que estaba

> realizando un traballo de investigación sobre aspectos sociais e políticos do concello de Boiro nos anos 20 e 30. Para este traballo, realizouse unha extensa revisión en tres xornais, os máis lidos e de maior difusión na zona do Barbanza nesa época: *El Ideal Gallego* (na hemeroteca deste xornal na Coruña), El *Pueblo Gallego* e *Faro de Vigo* (ambos nas hemerotecas da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela e na Biblioteca Provincial de Pontevedra).

E que relación ten isto co presente traballo de investigación? Pois que se prestou especial atención a calquera nova que estivera publicada en relación co xogo dos bolos e xogos populares; no período revisado, do ano 1920 ao ano 1936 (ambos incluídos) non apareceu ningunha referencia con esta temática.

Este feito merece unha especial análise, xa que nesa época os indicios dinnos que o xogo de bolos estaba en pleno auxe de práctica. A pesar desta popularidade entre os cidadáns, o xogo non trascendía aos medios de comunicación, como se puido comprobar nesta revisión. Este feito será mención dunha análise en profundidade máis adiante.

É importante tamén neste apartado facer referencia aos traballos inéditos sobre o xogo dos bolos (memorias de fin de carreira) nomeadas por Ruiz (2000):

> ***Los Bolos Asturianos: Intento de dar conocimiento y resurgimiento a esta parte de la cultura popular astur***, de José Gerardo Ruiz Alonso, presentada no INEF de Madrid no ano 1979, na que o obxectivo era dar un maior coñecemento, auxe e rexurdimento aos bolos asturianos, recollendo sistematicamente catro modalidades de xogo, cos seus elementos e as súas formas de xogo, análise da técnica do lanzador de bólas nas catro modalidades, etc., mediante un estudo que empregou como instrumentos a investigación bibliográfica e o traballo de campo.

Los Bolos, las cinco modalidades tradicionales en Cantabria, juegos que se pierden, juegos que perduran, memoria presentada por Eugenio Rodríguez Peláez no INEF de Madrid no ano 1981, na que o autor fai un traballo tanto de investigación bibliográfica como de campo sobre os bolos cántabros, tratando aspectos da súa historia, elementos, formas de xogo e evolución, técnicas, localización xeográfica das distintas modalidades, así como anécdotas e curiosidades do *Bolo Palma*, do *Bolo Pasiego*, dos *Bolos de San Pedro de Romeral*, do *Pasabolo Losa* e do *Pasabolo Tablón*.

Un intento de análisis metodológico en la enseñanza del Bolo-Palma, memoria presentada por Alfredo Díaz Pérez no INEF de Madrid no ano 1977, que trata de analizar os métodos cos que se ensinaba a modalidade do *Bolo Palma* en Cantabria, centrándose no aspecto pedagóxico e didáctico de como se debería ensinar.

Biomecánica del tiro al pulgar y a la mano, memoria presentada por J. Gómez Cimiano no INEF de Madrid no ano 1979, un traballo de investigación sobre o *Bolo Palma*, que se xoga tanto en Cantabria como en Asturias, e que está centrado básicamente no estudo da técnica dos lanzamentos fundamentais deste deporte.

El juego de los bolos en León, memoria presentada por M. José Azurmendi Rodríguez no INEF de Madrid no ano 1981, onde se fai un bo estudo sobre os bolos leoneses, centrándose no máis practicado, o *bolo leonés* (de media bóla) e no *bolo maragato*. Estuda as súas orixes e historia, campos, elementos e formas de xogo.

Bolos y caliche en la región murciana: conocimiento y renacimiento de estos deportes populares, memoria presentada por Magdalena Navarro Navarro no INEF de Madrid no ano 1981, un estudo que trata sobre a historia e características destes xogos de

lanzamento de puntería da rexión murciana, os *bolos murcianos*, os *bolos cartageneros* e o *caliche*.

Ruiz (2000) destaca tamén que outro traballo interesante é a memoria de licenciatura de Cristóbal Moreno Palos, ***Un estudio documental sobre modalidades del juego tradicional de bolos en España***, presentada no INEF de Madrid no ano 1982, que trata sobre os antecedentes históricos, distribución xeográfica e descrición das modalidades de bolos máis importantes en España, dando datos sintetizados sobre as regras, formas e elementos de xogo.

Principais conclusións sobre a revisión

- Da revisión bibliográfica realizada non se atopou ningunha referencia ao xogo dos bolos en Boiro.

- Actualmente hai dúas teses de doutoramento publicadas en España sobre o xogo dos bolos, que constitúen unha especial referencia para a realización deste traballo.

- Atopáronse poucos estudos con rigor científico publicados en relación co xogo dos bolos.

- A maior parte das publicacións seleccionadas fan referencia a aspectos socioculturais e educativos dos xogos populares e tradicionais en xeral.

SEGUNDA PARTE

DOS XOGOS E DEPORTES POPULARES E TRADICIONAIS: OS BOLOS. XENERALIDADES, ASPECTOS HISTÓRICOS E TRATAMENTO EN ESPAÑA E GALICIA

CAPÍTULO 1

XENERALIDADES

1. XENERALIDADES

1.1. Acerca do xogo

O xogo, como unha actividade inherente ao ser humano e aprezado como unha necesidade vital (Veiga, 1998), é un termo estudado por unha gran variedade de autores dada a súa significación polisémica (Moreno, 1993; Lavega, 1999; Expósito, 2006), o seu raizame etimolóxico (Huizinga, 1972) e conceptualización (Huizinga, 1972; Blanchard e Cheska, 1986; Moreno, 1993; Cagigal, 1996).

O xogo posúe unhas determinadas características (Bautista, 2002; Melero, 2009; Expósito, 2006; Lavega, 1999; Moreno, 1992; García Hoz, 1993; Callois, 1986) que o converten por enriba de todo nunha actividade pracenteira e socializadora, determinando unha gran variedade de funcións, posibilidades e calidades positivas que se poden adquirir coa súa práctica (Annichiarico, 2002; Parlebás, 2005; Expósito, 2006; Lavega, 2006; Valiño, 2007) e englobando unha serie de valores que posibilitan o desenvolvemento evolutivo da persoa en diferentes ámbitos: cultural, social, educativo, afectivo, físico… (Huizinga, 1972; Gutiérrez, 1995; Palacios, 1995; Veiga, 1998; Paredes, 2002; Gutiérrez, 2003; Ruiz e Cabrera, 2004; Gutiérrez, 2004; Expósito, 2006; Gil Madrona, 2006; Valiño, 2007; Álvarez, 2007; Romero, 2007; Lara, 2011).

Dende sempre diversos autores (Spencer, 1855; Lázarus, 1883; Groos, 1896; Spencer, 1897; Carr, 1902; Hall, 1904; Claparéde, 1909; Claparéde, 1927; Buytendijk, 1935; Klein, 1945; Huizinga, 1972; Piaget, 1973; Freud, 1974; Morris, 1976; Freud, 1979; Vigotski, 1982; Elkonin, 1985; Sutton-Smith e Roberts, 1995) tentaron abordar o estudo do xogo dun xeito científico, elaborando teorías para promover unha pedagoxía máis formativa e activa. Outros autores intentaron máis adiante agrupar esas teorías segundo a súa temática co fin de dar resposta a unha cuestión básica, por que se xoga? (Raabe, 1980; Trigo, 1994[a]; Lavega, 1994; Meece, 2000; García Monge, 2001; Paredes, 2002; Bejerano, 2004; Expósito, 2006; Llamas, 2009).

Nas últimas décadas, autores como Chateau (1954), Callois (1958), Tusquets (1969), Piaget (1973), Cratty (1974), Grunfeld (1978), Wallon (1980), Parlebás (1981), Brandín (1986), Piaget (1986), Blázquez (1986), Bayer (1986), Callois (1986), Chateau (1988), Moyles (1990), Morillas (1990), Goicoechea e Clemente (1991), Subiza (1991), Lavega (1994), Lagardera (1994), Miranda (1996), Veiga (1998), Paredes (2002), Expósito (2006), Moreno e Rodríguez (2010) consideraron o xogo como materia de estudo e centraron boa parte dos seus esforzos en achegar diferentes criterios para clasificalo, ordenalo e sistematízalo, mais as continuas innovacións no mundo da actividade física e o deporte, as achegas de novas perspectivas e novas concepcións do xogo propiciaron en moitos casos o reaxuste nas clasificacións xa existentes, suscitando novas investigacións en busca de novos criterios de estruturación do xogo, na maior parte con fins metodolóxicos, pedagóxicos ou formais.

Ademais deste encadramento sociolóxico, psicolóxico ou motriz do xogo, outros autores fan un tratamento do xogo máis moderno, falando de xogos predeportivos (García e Campillo, 2011), deportivos (Giménez, 2002; Parlebás, 2003) ou recreativos (Lagardera, 1994); e outros afondan máis nas relacións entre xogo e o deporte para delimitar específicamente os campos de cada un para unha maior estruturación de ambos os conceptos (Trapero, 1979; Blanchard e Chesca, 1986; Lavega e Olasso, 2003; Ramírez, 2006; Parlebás, 2003).

1.2. Dos xogos e deportes populares e tradicionais

Dentro do panorama dos xogos e dos deportes hai un tipo particular deles, quizais os máis antigos, que proveñen da presión de xeracións anteriores e que posúen un marcado carácter cultural dende o punto de vista antropolóxico (Moreno, 1992). Son os xogos tradicionais, que constitúen o reflexo social e que revelan os riscos de identidade e culturais dunha sociedade de ocio tradicional (Vigne, 2011).

A confusión de termos asociados ao xogo (popular, tradicional, autóctono, vernáculo e rural) provocou o estudo de numerosos autores, que vían unha diferenza substancial en cada un deles (Lavega e Olaso, 2003; Trigo, 1994[b]; Lavega, 1994; Trigueros, 2002[a]; Expósito, 2006), segundo o adxectivo que acompañaba ao termo xogo (Cabral, 1985; Moreno, 1992; Trigo, 1994[b]; Marín, 1995; Veiga, 1998; Trigueros, 1998; Lavega, 2000[a]; Serrabona, 2001; Lavega, 2006; Guerrero e Sánchez, 2006; Valdivia, 2008; Valero e Gómez, 2008; García Cornejo, 2009) e sobre o debate terminolóxico entre xogo e deporte popular e tradicional (Rivas, 1994; Lavega, 1994; Veiga, 1998; Serrabona, 2001; Ortí, 2003; Expósito, 2006).

O xogo e deporte popular e tradicional posúe un indudable valor cultural, que reflicte a cultura que o rodea e a sociedade na que está inmerso (Lavega, 1994), aflorando aspectos como a *etnopracticidade* (Callois, 1958; Huizinga, 1972), o *etnoludismo* (Callois, 1958; Lavega, 1997[a]), a *etnomotricidade* (Parlebás, 2003), a *enculturación* (Navarro, 2003; Öfele, 2003; Ortí, 2003; Valero e Gómez, 2008), a *aculturación* (Navarro, 1998; Bantulá, 2006; Blázquez, 2006; Doncel, 2010) e o *sincretismo* (Lavega, 1994; Bantulá e Mora, 2005; Hernández, 2007).

Hai poucas referencias ao xogo dos adultos, e as que se atopan neste sentido son para vincular o xogo como medio para mellorar as habilidades motrices ou a condición física (Segura, 2003; Nieto, 2009; Duharte, 2010), para establecer unha relación entre o xogo e o traballo (Echeverría, 1980; Cabral, 1985; Blanco e Ledesma, 1992; Palacios, 1995; Navarro, 2002; Trigueros, 2002[b]) e tamén para referirse aos **xogos e deportes populares e tradicionais** (Aguirre, 1971; Aguirre, 1983; Moreno, 1992; Cuesta, 1993; Trigo, 1994[b]; Lavega, 2006; Hernández, 2007; Ramos e Cuéllar, 2007),

Da situación dos xogos e deportes populares e tradicionais no territorio español hai que destacar o traballo de García Serrano (1974), estudo no que se basearon publicacións máis actuais (Moreno, 1992; Lavega, 1994; Veiga, 1998; Expósito, 2006; Sáez e Monroy, 2010) para reflectir o Patrimonio Lúdico

Español e o seu nivel de práctica nas distintas comunidades autónomas e onde se subliña Galicia cun nivel de práctica elevado, equiparada a comunidades como Asturias e Cantabria.

Os xogos e deportes populares e tradicionais en España tamén foron obxecto de clasificación por diversos estudosos (García Serrano, 1974; Aguirre, 1983; Subiza, 1991; Renson-Smulders - citado por Moreno, 1992 -; Cameira, 1992; Lavega, 1996; Medina, 2001; Expósito, 2006), e entre os cales é o traballo de Moreno (1992) o de referencia para o resto de autores, cualificable como o intento de clasificación de maior calidade.

1.3. Dos xogos e deportes populares e tradicionais en Galicia

O pobo galego foi quen de crear infinidade de maneiras de dar resposta ás súas necesidades lúdicas, ao tempo que tamén tivo a capacidade de transmitir esas creacións ás novas xeracións. O tema dos xogos populares e tradicionais galegos foi tratado por moitos autores, sobre todo a partir de mediados do século pasado (Prieto, 1947; Risco, 1957; Lorenzo Fernández, 1958; Bouzas, 1974; Torres e Paz, 1981; Pereira, 1976; Romaní, 1979; Lorenzo Fernández, 1981; Barrio e Hargindey, 1983; Brandín, 1986; Pérez e Tabernero, 1997; Veiga, 1996, 1998 e 2001;López e García, 2002 e 2003; López e Col., 2000), onde os traballos se basearon principalmente no estudo do xogo popular galego dende unha perspectiva práctica, para divulgar, entender e relembrar a arte de xogar.

Dende sempre o home xogou e desenvolveu actividades lúdicas como forma de expresión, de ocio, de esparcemento (Barroso, 2003); en Galicia, os xogos naceron como as crenzas, os costumes ou incluso o xeito de poboamento, ligados aos modos de produción dunha sociedade esencialmente agraria, o que os convertía nunha evolución do traballo (Veiga, 1996), de aí as diferenzas entre os xogos do interior e da costa galega (Cortizas, 2001; Brandín, 1986) e entre as zonas rurais e urbanas (Romaní, 1979).

En Galicia practicábanse distintos xogos segundo a estación ou época do ano (Romaní, 1979; Veiga, 1998; Brandín, 1986), o tipo de xoguete que podía construírse en relación con esa época (Annicchiarico e Barreiro, 2002), o lugar, hora e día da semana preferente de práctica (Lorenzo Piñeiro, 1996) ou segundo o sexo do practicante, apuntando a xogos específicos de nenos e mulleres ou de nenos e homes (Martínez López, 1928; Brandín, 1986; Liñares, 2007).

A práctica profusa dos xogos e deportes populares e tradicionais en Galicia ten o seu punto de inflexión alá polos anos corenta (Pérez e Tabernero, 1997) ou cincuenta (Romani, 1979), achacable á irrupción e popularización progresiva de xogos deportivos e deportes de ámbito nacional e á introdución de novos hábitos de consumo no mundo do ocio (televisión, ordenador ou xoguetes comerciais), a súa mingua e decaemento ata a actualidade (Veiga, 1998), onde a práctica se limia case exclusivamente ao ámbito escolar.

CAPÍTULO 2

OS BOLOS

2. OS BOLOS

2.1. Xeneralidades

Dentro do amplísimo abano de xogos e deportes populares e tradicionais que nos podemos atopar no conxunto do territorio español, hai un que destaca do resto pola súa singularidade, pola súa propia condición de xogo que conseguiu sobrevivir ao paso do tempo (Lavega, 1996) e pola súa extraordinaria presenza nas distintas comunidades autónomas (Moreno, 1992), que constitúe unha das familias máis representativas do patrimonio lúdico de todo o territorio español (García Serrano, 1974; Lavega, 1996, 1997[b], 1998, 2000).

A *pluralidade* e *diversidade* deste xogo é tal que, para estudar o itinerario cultural dos bolos dende a súa posible orixe é preciso facelo dende unha *perspectiva sociocultural* (xa que todo xogo popular e tradicional responde a un feito social e cultural que dalgún xeito reflicte a forma de ser das súas xentes, onde os seus protagonistas ao inspiraren un xogo establecen un conxunto de relacións entre eles que ao xogar poñen de relevo unha estrutura profunda, complexa, chea de riscos do universo social e cultural ao que pertencen) e dende unha *perspectiva contextual* (xa que en cada contexto, sexa cal for o lugar e a data, os xogos populares e tradicionais manifféstanse en condicións peculiares, circunstancia que os fan verdadeiramente significativos e representativos nese contorno espacial e temporal no que se practican) (Lavega, 2000[b]).

Autores como Parlebás (2003) ou Caillois (1958) xa facían referencia co estudo destas prácticas en relación ao seu medio social e cultural, e utilizaban termos como *etnomotricidade* ou *etnoludoloxía* respectivamente. Esta pluralidade que acompaña ao xogo dos bolos leva implícita unha gran riqueza cultural e motriz (Lavega, 2000[b]; Lagardera e Lavega, 2003), características que foi deixando en cada unha das localidades españolas nas que tivo certo protagonismo.

Antes de afondar no estudo do xogo dos bolos é preciso aclarar e definir en que consiste este xogo para non confundilo con outras modalidades como poden ser os bolos americanos ou "*bowling*", un deporte que se practica en recintos pechados (boleiras) e onde se lanza unha bóla pesada coa man rodando por unha pista lisa para derribar un conxunto de pezas de madeira (bolos) situados no outro extremo da pista (Federación Alavesa de Bolos, 2012).

Unha das definicións máis antigas que podemos atopar do xogo dos bolos é a realizada no Diccionario de Autoridades, o primeiro diccionario publicado pola Real Academia Española (1726-1738): "*xogo ben coñecido en España, que consiste en poñer enriba do chan nove bolos dereitos, separados entre si como unha cuarta, ás veces menos, e formando tres ringleiras igualmente distantes, e máis adiante ponse outro que se chama dez de bolos, e tirando unha bóla dende unha raia que se sinala, gaña os que derriba como pase do dez, porque se queda antes é cinca; e aínda que se derrubaran os bolos non os conta, e dende a paraxe onde para a bóla bírlase despois*".

Unha definición máis recente é a atopada no Diccionario da Lingua Española, da Real Academia Española (2001), que denomina o xogos dos bolos como "*xogo que consiste en poñer dereitos sobre o chan un certo número de bolos e derrubar cada xogador os que poida, arroxándolles sucesivamente as bólas que correspondan por xogada*". Este mesmo diccionario, na definición da palabra "*dez*", fai mención tamén a "*dez de bolos*" en referencia ao "*bolo que neste xogo se pon enfronte e fóra da orde dos outros nove*". Outros autores (Karag, 1958) insisten na mesma idea con respecto aos bolos, ao falaren dun bolo máis pequeno que o resto para xogar e de pezas de madeira torneadas.

Destas referencias dos bolos pódense apreciar certas características comúns, como que para xogar se precisan dez bolos (un deles máis pequeno) e que hai que lanzar unha bóla de madeira, pesada, dende unha distancia

determinada coa intención de derrubar unha serie de pezas de madeira colocadas verticalmente no chan.

Como pode observarse, considérase como un xogo de lanzamento de precisión (Moreno, 1992), o cal esixe unha certa dose de puntería (García Serrano, 1974). Porén, hai que subliñar que isto non responde totalmente á realidade, xa que se refire dun xeito moi xeral a unha forma de xogar aos bolos en España, e máis concretamente á modalidade de bolo-palma; pero isto non representa a totalidade, xa que hai censadas no pais máis de 50 modalidades diferentes, onde o número de bolos oscila entre tres e vintedous e non en todas as ocasións existe a figura dun bolo máis pequeno que o resto (Moreno, 1993).

Este mesmo autor, tratando de transmitir unha idea de conxunto sobre o xogo de bolos en España, fala de tres grandes grupos (véxase a táboa 6):

- **Modalidades con bóla de palma** (sen agarradoiras), de lanzamento aéreo e con dúas accións ben diferenciadas: "tiro" (de longa distancia) e "birle" (segundo tiro dende o lugar no que parou a bóla). Como exemplos deste grupo poderiamos falar do bolo-palma ou do bolo leonés.

- **Modalidades con bóla de agarradoiras dun peso maior**, onde só se realiza un lanzamento para enviar a bóla rodando a derrubar os bolos. A maioría das modalidades vascas pertencen a este grupo, que é o que máis similitudes presenta con outras formas de xogar aos bolos tradicionais no centro de Europa.

- **Modalidades de pasabolo**, que se diferencian das anteriores en que non só hai que derrubar os bolos, senón intentar desprazalos o máis lonxe posible do seu lugar de emprazamento. Estas modalidades adoitan xogarse con bólas de palma, que se lanzan polo aire cara aos bolos e con bólas de agarradoiras, que se lanzan con moita forza rodando polo chan cara ao obxectivo. Estas modalidades son moi frecuentes nas comunidades autónomas de Asturias, Cantabria e Castela-León, sendo o xogo do *pasabolo-tablón* o seu exemplo máis claro.

Fernández (1978) simplifica a clasificación e distingue principalmente dúas modalidades do xogo dos bolos segundo o obxectivo do xogo (véxase a táboa 6):

- **Xogo de pasabolos**, coincidindo con Moreno (1993), que son as modalidades nas que se lanza coa intención de desprazar os bolos o máis lonxe posible.
- **Xogos de derrubar**, para denominar aquelas modalidades onde o obxectivo é precisamente este, derrubar os bolos.

Expósito (2006) completa a clasificación anterior engadindo a *modalidade para mulleres* (véxase a táboa 6), idea xurdida durante a celebración do I Congreso Nacional de Bolos en Santander no ano 2000, onde un dos obxectivos era dar a coñecer as numerosas modalidades de bolos que se practicaban en España, buscar recursos para a súa conservación e promoción, organizando diversos obradoiros e relatorios para tal fin. Sinala ademais que debido á pluralidade do xogo dos bolos, á cal faciamos referencia ao comezo do capítulo, sería posible realizar múltiples clasificacións, como por exemplo, outra baseada no tipo de lanzamento:

- **Modalidade rodado**, que fai referencia a aqueles xogos onde a bóla vai rodando por un taboleiro e outros onde a bóla roda pola terra.
- **Modalidade aérea**, onde o lanzamento consiste en derrubar un ou máis bolos despois dun lanzamento, tocando o chan na zona delimitada dos bolos.

Existe tal cantidade de variacións do xogo que se poderían facer ducias de clasificacións. Podemos atoparnos con variacións nos bolos (número, tamaño –altura e grosor- e colocación), na bóla (tamaño e forma), no terreo de xogo, na forma de puntuación, no número de xogadores… Detalles como este fan que o estudo das diferentes modalidades do xogo dos bolos en España dun xeito exhaustivo sexa practicamente imposible.

CLASIFICACIÓNS DO XOGO DE BOLOS				
AUTOR	**CLASIFICACIÓN**	**MODALIDADES**		
Moreno Palos, Cristóbal (1993)	Modalidades con bóla de palma	- Bolo palma - Bolo leonés - Bolo tres tablones - Xogo de cuarteada - Bolo huertano - Bolo pasiego - Bolos de San Pedro do Romeral	- Xogo de palma tres ribereños - Xogo de palma de tres berantevilles - Xogo de palma de cuatro de la llanada - Xogo de palma a remonte barrunditarra	- Bolo palma salinero - Xogo de manillas riojano - Xogo de bolos rioxano - Bolos ó canteiro - Bolos cartageneros
	Modalidades con bóla de agarradeira	- Eskutxulo - Irutxulo - Bolo burgalés - Xogo de tres aramaisotarra - Xogo de bolos gobiatarra		- Xogo de nove losino - Xogo de nove ayalés - Bolos benasqueses - Birlas de campo - Bolos serranos - Bolos de Cuenca
	Modalidades de pasabolo	- Pasabolo tablón - Bolo burgalés - Xogo batiente - Bolos de tineo		- Pasabolo losa - Bolo maragato - Bolos do Bierzo - Bolos celtas
Fernández Gamboa, Álvaro (1978)	Modalidades de derrubamento	- Bolo palma - Bolo leonés - Bolo tres tablones - Xogo de cuarteada - Bolo huertano - Bolo pasiego - Bolos de San Pedro do Romeral	- Xogo de palma tres ribereños - Xogo de palma de tres berantevilles - Xogo de palma de cuatro de la llanada - Xogo de palma a remonte barrunditarra	- Bolo palma salinero - Xogo de manillas riojano - Xogo de bolos Rioxano - Bolos de Cuenca - Bolos ó canteiro - Bolos cartageneros
	Modalidades de pasabolo	- Pasabolo tablón - Bolo burgalés - Xogo batiente - Bolos de tineo		- Pasabolo losa - Bolo maragato - Bolos do Bierzo - Bolos celtas
I Congreso Nacional de Bolos en Santander, 2000	Modalidade de mulleres	- Birlas de campo - Bolo ribereño - Bolo palentino		- Bolo segoviano - Bolos sorianos - Bolos rioxanos
	Modalidades de derrubamento	- Bolo huertano - Bitlles catalanas - Bolo alavés - Cuarteada - Bolo leonés - Bolo riañés - Bolo pasiego - Bolo burgalés	- Bolo liano - Bolo palma - Bolos de Cuenca - Billas de Cuenca - Bolos serranos - Tres tablones - Xogo de palma tres ribereños	- Xogo de palma de tres berantevilles - Xogo de tres aramaisotarra - Xogo de palma de catro da llanada - Bolo palma salinero - Xogo de manillas rioxano - Xogo de bolos Rioxano
	Modalidades de pasabolo	Pasabolo losa Pasabolo tablón Bolo maragato Bolos do Bierzo Bolos celtas		Xogo batiente Birlas Bolos de tineo Bolo burgalés

Táboa 6. Clasificacións do xogo de bolos en España. Fonte: Expósito (2006)

En canto á distribución xeográfica do xogo dos bolos en España, Moreno (1993:50) afirma que "*o xogo dos bolos é o que presenta unha maior variedade e dispersión xeográfica de todos os deportes tradicionais en España*". García Serrano (1974), citado por Moreno (1992), tomando datos do *Diccionario Geográfico* de España rexistra a súa práctica en 41 provincias españolas (en total hai 50, e a maiores Ceuta e Melilla, que non están suxeitas á división provincial por depender directamente da Administración central) da totalidade de comunidades autónomas (17) (véxase a táboa 7). Non obstante, hai que matizar que é na cornixa cantábrica, e máis concretamente en Asturias, Cantabria e Pais Vasco, xunto con Castela e León, onde se documenta un maior número de modalidades e cun mellor nivel de preservación.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DO XOGO DE BOLOS EN ESPAÑA			
PROVINCIA	Nº LOCALIDADES	PROVINCIA	Nº LOCALIDADES
León	62	Navarra	3
Santander	51	Pontevedra	3
Burgos	43	Salamanca	3
Cuenca	26	Valencia	3
Palencia	23	Zaragoza	3
Asturias	21	Barcelona	2
Guadalaxara	16	Granada	2
Cidade Real	15	Huesca	2
Álava	13	Tarragona	2
Albacete	13	Teruel	1
Guipúscoa	13	Alacante	1
Biscaia	13	Baleares	1
Segovia	10	Cádiz	1
Soria	10	Cáceres	1
Lugo	9	Lleida	1
Ourense	9	Logroño	1
Ávila	7	Madrid	1
Xirona	6	Sevilla	1
Xaén	6	Toledo	1
Murcia	4	Valladolid	1
Gran Canaria	3	-	-

Táboa 7. Distribución xeográfica do xogo dos bolos en España. Fonte: Moreno (1992)

A este respecto, como pode comprobarse na táboa 7 e na ilustración 1, neste estudo do profesor García Serrano do ano 1974 non se rexistra

actividade na provincia da Coruña, mais si nas de Lugo, Ourense e Pontevedra con 9, 9 e 3 localidades respectivamente. Os datos mostrados neste estudo non son correctos, xa que na provincia da Coruña si había actividade bolística, antes, durante e despois desa época, cando menos, no concello de Boiro, xa que no lugar de Pomardorrío (parroquia de San Andrés de Cures) non se interrompeu a práctica dos bolos dende o final da Guerra Civil ata o día de hoxe. Aínda que non se rexistra práctica federada en Boiro, tampouco nas outras provincias galegas se fai ata o ano 1992, data na que a Federación Galega de Bolos acolle a modalidade de bolo celta ou tradicional. Polo tanto o estudo do profesor García Serrano presenta erros neste sentido, que deberían ser tidos en conta en vindeiras publicacións do nivel de práctica dos bolos en España e contrastar tamén os datos no resto de provincias ás que non se fai referencia no estudo.

DISTRIBUCIÓN E LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO XOGO DOS BOLOS EN ESPAÑA



Ilustración 1. En negro, provincias en que o *Diccionario Geográfico de España* non rexistra a práctica do xogo dos bolos. Fonte: propia, cos datos extraídos de Moreno (1992)

De todos os xeitos, estamos falando dun traballo de hai 38 anos, polo que se bota de menos unha revisión máis actual e exhaustiva neste aspecto, que recolla fielmente o nivel de práctica dos bolos por localidades e estableza un censo actualizado desta modalidade deportiva.

2.2. Os bolos en España

A pesar da escasez de documentos escritos e referencias sobre o xogo dos bolos ao longo do tempo, moitos estudos e traballos de autores contrastados trataron de averiguar cal era a orixe dos bolos e discernir se era o máis antigo ou non dos xogos (Aranzadi, 1917; Diem, 1966; Brasch, 1972; Fernández, 1978; Braun, 1984; Blanco, 1984; Espinós e outros, 1987; Moreno, 1992; Moreno, 1993; Lavega, 1995; Ruiz, 2000; Lavega, 2000[a]; Expósito, 2006; Sariego, 2008; López, 2009).

Dende os tempos máis remotos o ser humano realiza lanzamentos de precisión, primeiro cun fin basicamente *utilitario* (Ueberhors, 1973; Neuendorff, 1973; Blanco, 1984) e logo como *pasatempo* (Wolfgan, 1973; Lukas, 1973; Eppensteiner, 1973; Van Dalen, Mitchell e Bennett, 1973), pero outros autores como Braun (1984) ou Ruiz (2000) inclínanse máis polo pensamento de que o home xoga porque imita situacións reais, cotiás, de traballo, do culto relixioso ou mesmo da guerra.

Todas estas visións simplistas do xogo non fan máis que confirmarnos a tendencia do ser humano a xogar dende a súa orixe, actividades e xogos que na súa esencia está lanzar un obxecto contra outros coa intención de derrubalos, semellante ao que hoxe en día coñecemos por xogo de bolos, tendencia que se repetirá en civilizacións posteriores (Braun, 1984; Fernández, 1978; Moreno, 1992; Ruiz, 2000; Expósito, 2006).

"*Sobre a orixe dos xogos de bolos en España, existen varias teorías ou hipóteses posibles, como as de orixe céltica, romana ou xermana. Aínda que resulta imposible por agora asegurar cal delas é a verdadeira, por falta de datos e documentos escritos sobre to tema*" (Ruiz, 2000:76).

Este autor asturiano ve pouco probable que o xogo dos bolos en España teña unha orixe celta, da que si é partidario o estudoso vasco Aranzadi (1917), citado por Lavega (2000), que defende unha orixe c*éltica ou precéltica* logo de centrar os seus estudos etnográficos na bóla "*agarradoira*" propia do País Vasco, argumentando tamén que non pode ser de orixe grega (pola carencia do xogo na súa literatura) nin xermana (xa que a área que se estende dende Asturias a Suíza, e dende o Ebro a Holanda, é patrimonio celta ou precelta).

Outros autores como Gorris (1977) e Martín (1987), ambos citados por Lavega (2000), tamén localizan o xogo nesa cultura, e outros como Gracia (1991) ou Blanco (1984) defenden que a orixe hai que buscala nos gregos e romanos, culturas mediterráneas que sempre desembocaron na península, pero tampouco hai datos suficientes para darlle credibilidade a esta teoría.

As *peregrinaxes a Compostela* a partir do século X polo Camiño do Norte e polo Camiño Francés (véxanse as ilustracións 2 e 3) provocan que costumes estranxeiros, sobre todo franceses e xermanos, penetren na península e se instauren nos pobos e cidades españolas. Deste xeito, o xogo de bolos alemán do "*Kegel*", con diversas variantes, desenvolveríase en España a partir desta época, sendo a referencia máis importante do inicio do xogo dos bolos na península (Fernández, 1978; Braun, 1984).

Ilustración 2. Camiños de Santiago dende o sur de Europa. En vermello, o Camiño Francés e, en verde, o Camiño do Norte, ao seu paso pola península



Ilustración 3. Camiño do Norte (en verde) e Francés (en vermello) á súa entrada na península procedentes de Europa

Ruiz (2000:79) expón ao respecto que "*coincide que é na Europa do século XII cando os xogos e pasatempos se fan populares. Por esa época practicábase en Alemaña o "Kegel" e as súas variantes, e en Francia "le jeu de quilles" e outros xogos de bolos, polo tanto é doado pensar que os peregrinos ultrapirenaicos nos ensinasen como xogaban nos seus respectivos países*".

É a partir do *século XIV* onde os documentos lingüísticos da época nos informan sobre a penetración das correntes bolísticas que, atravesando o sur de Francia, se instalan na zona pirenaica franco-española e dan lugar a unha corrente este-oeste (Braun, 1984). Este autor nomea tres factores que determinan a introdución dos costumes estranxeiros na península Ibérica:

- A propia do Camiño de Santiago, a través das peregrinaxes ata Santiago de Compostela.

- A evolución da industria téxtil, xa que este tipo de industria florecente en Europa se importou para España, sobre todo para Castela, e trouxo con ela parte dos costumes flamencos e holandeses.

- As dinastías francesas situadas no Reino de Navarra, a finais dos séculos XIV e XV, seguen practicando os seus costumes propiciando un grande intercambio cultural. E aquí tamén é posible que estivesen os seus xogos. En Francia xa se practicaba o "Le *jeu de quilles*" e palabras como "bille" (bóla) se adaptan ás zonas concretas de asentamento, utilizadas para denominar así diferentes xogos do Alto Aragón e Cataluña.

Fernández (1978:34) achega un dos documentos máis antigos que fan referencia aos bolos en España e data do ano 1368: "*o rey Carlos II ordea aos oidores de Comptos e ao tesoureiro, que reciban en conta e deduzan da recepta de Guillem de Agreda, recibidor da merindade e bailía de Tudela, 68 soldos de Carlins pretos, que pagou por 16 xogos de táboas de xadrez e birlas*".

No século XV comezan as testemuñas literarias en España, e debémosllo a Lucas Fernández, recollido por Braun (1984:75), que nos fai a seguinte referencia nunha das súas pezas teatrais:

"Haré de tus huesos birlos
Deshosart he pieza a pieza
y bola de tu cabeza".

Braun (1984) afirma que neste século comezan a practicarse dous tipos de xogo de bolos, un que sería unha antiga modalidade de bolo-lousa e outro que sería unha especie de "bolos con pau" aos que os franceses lles chamaban "Quilles aû Bâton", podendo darse incluso unha combinación entre ambas as dúas. O autor confírmao con base a numerosas alusións extranxeiras a grandes bolos plantados na terra nunha mesma liña e que son derrubados por un proxectil en forma de bastón, que vén sendo o mesmo bolo. Por aproximación, podemos buscar similitudes no Bolo de Tineo (Asturias), con 20 bolos colocados enriba dunha lousa e perpendicular á liña de tiro. O normal era que o número de bolos fose tres ou un múltiplo deste número, mostrándose como unha variante deste xogo de orixe francés. E outra das similitudes é a modalidade de bolos que se atopa no municipio coruñés de **Boiro**, unha modalidade de pasabolo con 12 bolos que se colocan sobre unha lousa de pedra colocados perpendicular á liña de tiro.

Braun (1984) afirma que a modalidade de bolo-bastón é máis antiga que o bolo-lousa, xa que esta última non deixa de ser unha variante no proxectil de lanzamento ou bóla, antes alongado e dunha forma irregular (máis doado de facela e con menos medios). Destaca, ademais, este autor a existencia de dúas áreas en España: unha, na zona central, cun tipo de bolo xermanizado pola influencia flamenca, e outra cara ao Noroeste, con bolos máis pequenos e grosos, e dicir, afrancesado.

Durante os *séculos XVI e XVII* (época do Renacemento español), ao igual que no resto de Europa, o xogo de bolos en España gozaría dun grande auxe. As características das modalidades españolas eran similares ao resto dos países europeos e iso pode xustificarse con base no intercambio cultural que se produciu con Europa durante os reinados de Carlos I e Felipe II, que compartían reinado de España con outros europeos: Alemaña, Países Baixos, etc. (Moreno, 1992).

Neste século, o reformista alemán Martín Lutero establece o número ideal de bolos en 9, estendéndose por toda Europa e tamén por España

(Braun, 1984; Martínez Fernández, 1970), chegando a organizarse concursos públicos nas cidades centroeuropeas.

Diversos escritores da época, como Cervantes, Lope de Vega, Mateo Alemán, Quevedo ou Juan Caro, entre outros (citados por Ruiz, 2000) reflicten na súa literatura moitos aspectos da vida, os costumes da xente e os seus divertimentos, o cal nos proporciona numerosas referencias sobre o xogo dos bolos e o importante papel que xogaba no tempo de ocio das persoas, aspecto corroborado por autores como Diem (1966), Braun (1984), Fernández (1978) e García Serrano (1974). Braun (1984:83) recolle, ademais, algúns textos destes autores que merece especial atención: "*Así, Cervantes dinos: no que penso en entreterme é en xogar ao trunfo envexado das Pascuas e aos bolos os domingos e festas*" e "*Lope de Vega dinos: xoguei á choca e aos bolos*".

Ruiz (2000:82), en referencia a unha frase de Corvarrubias nun diccionario da lingua española, "*achéganos unha idea clara do popular que podía ser dito xogo neses tempos, pois cualifícao como ordinario no noso país. E para que un xogo sexa ordinario ten que ser común, regular, frecuente, que aconteza moitas veces, e para iso ten que ter uns cantos anos de vixencia, de práctica, de uso. E por todo isto, se era ordinario no século XVII, tivo que ser practicado moito antes e con bastante asiduidade e extensión pola península Ibérica*".

Moreno (1992) recolle diferenzas xa no xogo dos bolos en España con relación ao resto de Europa, e son sobre todo polo uso dunha bóla de palma de menor peso, que era lanzada directamente sobre os bolos e non rodando, polo que o taboleiro de desprazamento xa non era necesario, característica vixente incluso hoxe en día. Confirma este feito unha obra do pintor flamenco David Terniers, presentada no tapiz do museo da Catedral de Santiago de Compostela, onde se podía apreciar o xogo con 9 bolos colocados en tres filas e lanzando cunha bóla de palma.

Hai que destacar tamén deste século dúas referencias de Braun (1984). A primeira delas en relación cunha variedade de bolos polo uso do material, xa que había modalidades que utilizaban bolos cilíndricos, duns 30 cm, con bólas esféricas, sen buratos e lisas, que abranguían unha zona comprendida entre Galicia e Cataluña, coa peculiaridade de que están asentados enriba dunha pedra; e outra que nos indica que o xogo dos bolos non é exclusivamente de homes, xa que a muller española tamén xogaba a bolos. Iso si, como afirmaba o autor "dentro da casa, onde non as vexan".

Ruiz (2000) fai referencia tamén a numerosas prohibicións dos bolos nestes séculos, ben por alteración da vida cotiá, ben por os homes non cumpriren coas súas obrigas laborais e, sobre todo, por incumprimento militar e relixioso, feitos estes ocorridos noutros países de Europa.

Braun (1984) recolle tamén que a finais do século XVII en España comezan a practicarse modalidades de 10 bolos, dos cales os máis usuais son os de forma cónica ou troncocónica. O décimo bolo recibía o nome de "cinco", aparecendo termos como "cincar" ou "cinco", en referencia a esta nova modalidade de bolos. E subliña ademais que, rematando este século, en Aragón comeza a xogarse aos bolos en locais pechados, o cal pode ser a orixe das primeiras boleiras pechadas.

A partir do século XVIII (época da Ilustración) comezan a sentarse as bases dunha nova sociedade, rachando con moitos símbolos e valores propios da sociedade tradicional, feito asociado ao desenvolvemento do pensamento ilustrado.

O xogo dos bolos seguiu crecendo en popularidade, continuando coa liña emerxente de séculos anteriores. Os dicionarios do século XVIII mencionan numerosos datos, como que é un "*xogo ben coñecido por todos"* (Diccionario de Autoridades de 1726, citado por Ruiz, 2000), que xa se distinguen dous tipos ou formas de xogo: unha de "*derrubar*" e outra de "*pasabolo*" (Braun, 1984) ou mesmo formas concretas de xogo, describindo que "*o bolo do medio*

é máis alto que os outros 8 e o que o derruba sen tocar os outros outórgaselle 9 de valor" (Braun, 1984:98).

Desta época hai que destacar a figura de Gaspar Melchor de Jovellanos, o maior expoñente en España do pensamento ilustrado, que a través das súas obras analiza textos e novas sobre a Educación Física, dos xogos e dos deportes en España. Este autor defende abertamente a práctica dos xogos, entre eles os bolos, para conseguir individuos máis alegres e máis sans, á vez que censuraba as prohibicións que aínda pesaban sobre este xogo popular (Moreno, 1992).

O *século XIX* é o do verdadeiro esplendor do xogo dos bolos en España. Ruiz (2000:87) resume perfectamente o xogo nesta época ao afirmar que "*o século XIX foi a época das boleiras populares, onde todo o mundo tiña cabida, a boleira é o lugar de reunión e xogo, xeralmente situadas nas prazas das vilas, ao lado das igrexas, pero que logo pasarían ao lado das tabernas. Son os anos dos desafíos entre paisanos, pola merenda ou pola bebida. Xa se organizaban concursos, sobre todo polas comisións dos festexos das vilas, publicando as súas regras. E non hai festa patronal que non teña o seu concurso de bolos, despois da misa maior, o toque de campás anunciaba o comezo e o final da partida de bolos, na boleira ou no campo ao lado da igrexa, reunindo arredor dela xogadores, mulleres e homes de todo o lugar*".

España non escapa aos movementos industriais que se producen en toda Europa e en plena Revolución Industrial prodúcese un pequeno declive no xogo, xa que os habitantes das zonas rurais (lugares onde máis se practicaba este xogo) desprázanse ás cidades. Pero unha vez alí, xa asentados, buscaron lugares axeitados para a súa práctica, e acondicionaron espazos abertos, prazas e, sobre todo, tabernas con espazo no seu exterior, para continuaren coa práctica deste xogo.

E con todo isto, sendo o xogo dos bolos o máis popular de entre os xogos, moi vinculado ao pobo, aos costumes cotiás da xente máis humilde,

aínda que a súa práctica non escapa tamén á nobreza, chegamos ao século XX, no que habería que diferenciar tres etapas:

- Primeiro terzo de século, ata o ano 1936, data na que estala a Guerra Civil española, que provoca un parón moi importante no xogo en toda España. Ata esta data os xogos tiñan moitísima aceptación, había unha grande afección en todos os currunchos do país, favorecido por un número de xogadores moi elevado, xa que daquela unha porcentaxe moi alta de homes xogaban aos bolos. Seguíanse organizando concursos e torneos; en cada rexión de España tiñan xa as súas modalidades de xogo ben diferenciadas, e destacaba a zona norte con respecto ás demais, polos motivos expostos ata o de agora (influencias extranxeiras, Camiño de Santiago…). Pódese dicir que o xogo dos bolos era un dos xogos, pasatempos e divertimentos máis importantes dos homes da época, xa que a participación das mulleres era moito máis limitada.

- Dende o remate da Guerra Civil española (1939) ata os anos 50, o xogo dos bolos reviviu e colleu se cabe máis forza ao remate do conflito bélico, creouse en Madrid a Federación Española de Bolos no ano 1941. Paulatinamente vanse creando federacións territoriais nas distintas rexións, sobre todo nas comunidades da cornixa cantábrica. Créanse peñas, evolucionan as regras, mellórase o material de xogo e, como afirmaba Ruiz (2000:89) "*os bolos estábanse convertendo nun auténtico deporte*".

- A partir dos anos 50 comezou o declive deste xogo. Moitos son os factores que se atribúen ao decrecemento do xogo dos bolos en España, pero case todos coinciden en sinalar a irrupción, cada vez con máis forza, dos denominados "*deportes modernos*", de entre os cales destaca o fútbol, un fenómeno que creceu en popularidade dun xeito continuo ata os nosos días dun xeito abismal.

  Outros factores como a industrialización ou o éxodo das zonas rurais ás cidades tamén son factores para termos en consideración á hora de

xustificar o descenso de popularidade do xogo dos bolos. Máis tarde, a partir dos anos 60 e 70, novos factores acentúan, aínda máis, o seu ocaso: diversións modernas, o coche, a televisión, máis deporte-espectáculo que chama a atención dos cidadáns, centrando neles parte da atención que antes se lle adicaba ao pasatempo máis importante: os bolos. Por último, os cambios políticos acaecidos en España nesa época deu paso ao Estado das autonomías, feito que provocou que cada comunidade autónoma potenciase as propias modalidades de xogo de bolos que posuían. Pais Vasco, Navarra, Cantabria e Asturias son as referentes hoxe en día como comunidades que conservaron o xogo de bolos (Moreno, 1992).

A situación na actualidade resúmea Ruiz (2000:90) do seguinte xeito: "*na actualidade os bolos gozan de protección dende os gobernos rexionais e de promoción dende as súas propias federacións, habendo todo tipo de competicións locais, provinciais, rexionais, nacionais e internacionais. Ademais creáronse escolas bolísticas, e inténtase crear canteira, incluso nas rexións bolísticas por excelencia como Cantabria ou Asturias, donde hai anos que se xogan campionatos escolares, pois son os nenos e mozos o futuro deste deporte: se eles non o practican estará abocado ao fracaso, e con el chegaría o falecemento deste maravilloso xogo que traspasou por tradición oral e de práctica o limiar dos dez séculos de historia entre nós*".

A apreciación deste autor asturiano é evidente que se basea na súa zona de influencia e fai referencia ás comunidades de maior práctica do xogo dos bolos (os da cornixa cantábrica); en Galicia, por exemplo, non temos o pracer de contar con isto e a pesar de que os xogos populares comezan a formar parte dos currículos escolares xa dende hai uns anos, parece que non deixa de ser anecdótica a promoción que o goberno da Xunta fai desta manifestación popular.

CAPÍTULO 3

OS BOLOS EN GALICIA

3. OS BOLOS EN GALICIA

A bibliografía, documentación e, en xeral, os datos históricos sobre o xogo dos bolos en Galicia son verdadeiramente moi escasos. Moitos autores falan das raíces históricas e da importancia do xogo do bolos en Asturias, Cantabria ou Pais Vasco (Ruiz, 2000; Braun, 1984; Fernández, 1978; Blanco, 1984; Moreno, 1992), pero o certo e que en Galicia o xogo dos bolos tivo noutra época tanta importancia como nas citadas comunidades, só que ao parecer, co paso do tempo, os galegos non souberon conservar tan ben as tradicións como as comunidades veciñas.

Os factores poden ser moitos e variados, pero o certo é que en Galicia se daban todas as condicións, que son características do xogo dos bolos, para convertela nun referente con respecto ao resto da península; falamos dunha poboación galega eminentemente rural, con espazos atractivos para xogar, con recursos excelentes para elaborar o material de xogo (madeira de buxo, cerdeira, castaño…), cun exquisito gusto para traballar a pedra, xente forte e curtida nos traballos do campo; poderíaselle atribuír un nivel de práctica semellante ás comunidades da cornixa cantábrica ata o primeiro terzo do século XX, aproximadamente ata os anos 40, logo da etapa da Guerra Civil e co inicio da creación da Federación Española de Bolos no ano 1941 e das distintas federacións territoriais de bolos.

Os xogo dos bolos, tamén denominados "*birlos*" (Costas e Rodríguez, 2000; Bermúdez, 2007) nas súas distintas modalidades que se xogaron e xogan en Galicia, é un dos elementos lúdico-deportivo que forma parte do raizame do pobo galego. Dende tempos moi remotos, sobre todo nas zonas rurais, xogar aos bolos era practicamente a única actividade de ocio que podían practicar os nosos antepasados, de xeito que as partidas de bolos ocupaban o tempo de lecer, as tardes de primavera e verán, especialmente domingos e festivos, o que convertía o campo de bolos nun lugar de encontro onde se daban cita homes e mulleres (normalmente os homes para xogaren e as mulleres para miraren, cantaren ou faceren otros xogos), os máis vellos do

pobo ata os nenos, que imitando aos maiores (Vega, 1990) xogaban tamén cos bolos que se perdían logo de desprazar bolos polas eiras lindantes ao terreo de xogo.

Blanco (1984) afirma que é imposible situarse no punto de partida, na orixe dos bolos, pero aínda así os bolos poden ser a manifestación lúdica máis antiga, pois ao tratarse dunha habilidade motriz básica (lanzamento) nace como unha actividade para satisfacer o instinto de supervivencia do home. Os primeiros poboadores nas terras de Galicia, ao igual que noutros lugares do mundo, exprimían esta habilidade para cazaren, para poderen comer, para subsistiren. A esta habilidade buscaríaselles outros usos, aproveitándoa para defenderse do inimigo arroxando obxectos contundentes, como pedras ou paus. Estamos pois ante o inicio común en calquera lugar do mundo dunha habilidade natural do home na súa relación co medio, na que o seu uso daría lugar a dúas vertentes: unha de traballo e outra de distracción ou pasatempo.

A pesar da insistencia dos autores en situar as orixes do xogo dos bolos nos pobos turcos (Braun, 1984), exipcios (Brasch, 1972; Bescós, 1953) ou polinesios (Braun, 1984), en Galicia hai que destacar a versión de Aranzadi (1917) que defende unha orixe celta ou precelta do xogo dos bolos, postura tamén seguida por autores como Gorris (1977) e Martin (1987), citados por Lavega (2000). De feito, numerosos autores falan dos "*bolos celtas*" que se practican en Galicia (Pérez e Tabernero, 1997; Ruiz, 2000; Costas e Rodríguez, 2000; Somorrostro, 2001; Bermúdez, 2007; Moreno, 1992; Fernández, 1978; Expósito, 2006), un xogo que se practica hoxe en día na franxa sur da comunidade galega, introducido nestas terras polos pobos celtas pola costa norte, establecendo asentamentos dunha cultura perdurable, como pode observarse neste e noutros xogos, do que se deduce que era un pobo moi afeccionado aos xogos, aínda que o seu aspecto guerreiro era o máis coñecido e difundido.

Temos constancia de escritos que afirman que os bolos celtas tamén se practican nalgúns núcleos da franxa norte, Pais Vasco, Cantabria e Asturias,

aínda que onde máis arraigado está é en Galicia, lugar onde se practica con moita máis intensidade, como así o testemuñan as publicacións de autores tan importantes na materia como Moreno (1992), Fernández (1978), Ruiz (2000) ou Expósito (2007). Estes autores dan veracidade a que é realmente en Galicia onde está máis arraigado, sen que se constate esta práctica dun xeito habitual nas outras comunidades e confundíndoa con outras modalidades do xogo de bolos.

O proceso de romanización da península Ibérica tamén deixou as súas influencias en Galicia. A pesar de que non hai probas que relacionen os xogos de bolos romanos coas variantes que existen en Galicia, aínda que algunha se poida parecer (Costas e Rodríguez, 2000), a verdade é que os máis de seiscentos anos que os romanos estiveron en España foron suficientes para adaptarnos a moitas das súas costumes, incluídas as dos seus xogos e pasatempos preferidos.

Logo da decadencia do Imperio Romano, os visigodos ocuparon boa parte da península, e foron os suevos, outro pobo xermánico procedente do norte de Europa, os que se asentarían en Galicia e na zona norte da actual Portugal. Destes pobos xermánicos temos referencia do "*kegel*", ao igual que no resto da península, un xogo que simbolizaba as loitas constantes do home contra o mal e o demo, que consistía en derrubar un só bolo a unha distancia determinada, como sinal de inocencia e virtude.

Pero se hai que facer referencia ás influencias extranxeiras e á adopción dos costumes doutros países, en Galicia hai que falar do **Camiño de Santiago** como a vía máis importante. A partir do século IX os peregrinos de España e de toda Europa acoden a Santiago de Compostela para veneraren as reliquias do apóstolo Santiago. Fernández (1978) e Braun (1984) defenden que os costumes estranxeiros, sobre todo de pobos como o francés ou o xermano, penetran na península a través dos Pireneos, aproveitando sobre todo as vías do Camiño Francés e do Camiño do Norte (véxase a ilustración 4).

Os peregrinos converteron o camiño ata o sepulcro en algo máis que unha vía de tránsito. Fundáronse pousadas, levantáronse pontes, construíronse igrexas, mosteiros e abadías e, por suposto, formáronse importantes núcleos de poboación que constitúen aínda hoxe en día un gran legado artístico e cultural (Braun, 1984).

Ilustración 4. Mapa xeral dos Camiños de Santiago ao seu paso por España e Portugal

As vías de entrada en Galicia a través das diferentes rutas do Camiño de Santiago (véxase a ilustración 5) merecen especial atención, pois as vilas e cidades por onde pasan serán as que recollan en maior parte as influencias que os peregrinos deixan ao seu paso.

Vías terrestres (véxanse as ilustracións 4 e 5).

- **Camiño do Norte**. Tamén chamado Camiño da Costa, foi inicialmente o máis utilizado para as peregrinacións do Norte de Europa, ao percorrer toda a costa cantábrica (Pais Vasco, Cantabria e Asturias) ata chegar a

Galicia, á vila de Ribadeo. Dende aquí diríxense a Santiago pasando por Lourenzá, Mondoñedo, Abadín, Vilalba, Begonte, Guitiríz, Sobrado dos Monxes e Arzúa, enlazando co Camiño Francés.

Ilustración 5. Mapa xeral dos Camiños de Santiago ao seu paso por Galicia

- **Camiño Francés**. Constitúe a columna vertebral do Camiño de Santiago, denominándose "*Rúa Maior de Europa*". Iníciase en Roncesvalles e transcorre por Navarra, a Rioxa, Burgos, Palencia e León, para entrar en Galicia por Pedrafíta do Cebreiro, percorrendo Triacastela, Samos, Sarria, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino ata chegar a Santiago. Esta é a vía de maior tránsito, e as numerosas referencias a ela indican que os peregrinos ao seu paso deixaron un legado cultural e artístico incalculable.

- **Camiño Primitivo**. É considerado o primeiro camiño xacobeo e mantívose durante todo o século IX. A partir do século X esta vía sofre unha mingua na súa afluencia, ao tempo que se consolida o Camiño Francés. Non obstante, este Camiño Primitivo seguiu canalizando o fluxo de peregrinos procedentes do norte, entrando en Galicia pola Fonsagrada e percorrendo os lugares do Cádavo, Lugo, Guntín e Palas de Rei, ata enlazar co Camiño Francés.

- **Camiño da Prata**. Nace en Sevilla e remata en Astorga, enlazando co Camiño Francés, mais existe unha variante, denominada Camiño Sanabrés, que se desvía dende a Vía da Prata e intérnase en Galicia cara á Gudiña, onde se desvía en dous ramais, un vai cara a Laza (máis curto) e outro cara a Verín, máis longo, que discorre por Xinzo de Limia, Sandiás e Allariz ata chegar ao lugar de Pereiras, enlazando co outro ramal. Dende aquí pasa por Ourense, San Cristovo de Cea, Castro Dozón, Silleda, Bandeira e Vedra ata chegar a Santiago.

- **Camiño Portugués**. A peregrinación xacobea dende Portugal intensifícase a partir da independencia deste país a mediados do século XII, aínda que presumiblemente xa existía na época altomedieval. Dende ese momento o culto xacobeo e a peregrinación a Compostela, considerada como un dos sinais de identidade da cultura europea, tivo en terras lusitanas unha proxección moi importante. Este camiño comeza en Lisboa e chega a Tui cun percorrido preto da costa. Dende a entrada en Galicia, percorre O Porriño, Mos, Redondela, Cesantes, Arcade, Pontevedra, Barro, Caldas de Reis, Valga e Padrón, lugar onde enlaza co camiño procedente da rota fluvial.

Vías marítimas (véxase a ilustración 5).

- **Camiño Inglés.** As peregrinacións por mar xurdiron para evitar os constantes problemas derivados da hostilidade entre os reinos de Galicia, León, Castela, Navarra, Aragón e os diversos de Francia e Inglaterra, ademais dos pactos, alianzas e enfrontamentos entre os

reinos ou señoríos polos que discorría o camiño. Usábanse embarcacións de pouco calado para acceder a calquera recuncho que permitira o desembarco, aproveitando barcos dedicados ao transporte de mercadorías ou de tropas cara ás Cruzadas, e os peregrinos procedentes de Inglaterra, Islandia, Dinamarca, Noruega, Holanda ou Francia, atoparon unha vía alterativa para as peregrinacións. A chegada realizábase basicamente polos portos de Ferrol-Neda e A Coruña, para dirixirse a Santiago de Compostela percorrendo as poboacións das Xubias, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Betanzos, Bruma, Ordes, A Igrexa (Oroso), Sigüeiro e Santiago. Se a entrada é polo porto da Coruña, percorrerase O Burgo, Alvedro, Cambre, Abegondo, Mesón do Vento e Mesía, para logo enlazar en Bruma coa outra vía. Tamén se utilizou o porto de Ribadeo como vía de entrada marítima, e unha vez en terra, os peregrinos percorrían os camiños reais do Camiño da Costa ou Camiño Norte.

- **Ruta fluvial**. Os peregrinos entraban pola ría de Arousa, remontando os ríos Ulla e Sar (Cortegada, Carril, Catoira e Pontecesures) para desembarcar en Padrón, daquela porto fluvial da cidade romana Iria Flavia. Logo percorrerían o camiño a pé dende Padrón ata Santiago, pasando pola Escravitude, Angueira de Suso, Areal, O Faramello, Pontepedreira, O Milladoiro e A Rocha.

Dunha ollada aos mapas das guías sobre o Camiño de Santiago de Pombo (2011[a] e 2011[b]) pode observarse que en Galicia entraba xente procedente de todos os lugares do mundo e por todos lados, sendo a principal a zona este da comunidade, que comunica co resto da península. As influencias que se puideron recibir doutros países, doutras culturas, son do máis variado posible e, aventurar que o xogo dos bolos é un legado que os peregrinos trouxeron a Galicia, non é desatinado, pois os principais pobos onde hoxe en día se conserva este xogo corresponde con lugares de paso dos diferentes Camiños de Santiago.

Ruiz (2000:92) fala das relacións existentes entre o xogo de bolos e o Camiño de Santiago afirmando que "*a Asturias chegaron moitísimos peregrinos polo chamado Camiño do Norte a Santiago, que ía pola costa cantábrica ata Compostela, e que parece ser o camiño máis antigo, aínda que hoxe lle chamen a rota secundaria do Camiño de Santiago, polo que segundo esta teoría, entrarían os bolos e a afección a este xogo na zona cántabro-asturiana. Tamén entraron moitos estranxeiros polo Camiño Francés, desviándose cara a Oviedo. Esta é hipótese que consideramos a máis probable, sobre a entrada dos bolos en España e Asturias polo Camiño de Santiago*". Parece evidente que se o xogo dos bolos chegou a Asturias polo Camiño de Santiago, ese xogo non quedaría esquecido e o máis probable é que tamén chegase a Galicia e se instalase de igual xeito aqui esta práctica.

Pode establecerse deste xeito unha relación directa entre o Camiño de Santiago e a proliferación e uso de xogos populares e tradicionais nos pobos galegos, entre eles o xogo dos bolos, chegados a Galicia dende distintas partes de España e de países estranxeiros. Da posterior análise por provincias poderemos comprobar en cales se dá unha práctica máis intensiva e a súa relación co Camiño de Santiago.

De todos os xeitos, sexa ou non lugar de paso, as distintas poboacións galegas estiveron relacionadas directa ou indirectamente cos diferentes camiños, facendo noso o dito "*todos os camiños levan a Roma*" e cambialo por "*todos camiños levan a Santiago*" (Miñambres, 2004), pois a partir do século IX Galicia era o reclamo e destino principal dos peregrinos de todo o mundo.

Ata o século XV os peregrinos seguen deixando en Galicia mostras dun rico intercambio cultural (Braun, 1984), pero se ata daquela había poucas referencias de probas de lanzamento a un único obxectivo, nesta época non abundan as referencias ao xogo dos bolos. E as escasas referencias a este xogo non se producen ata o século XVII, onde Moreno (1992) destaca a aparición dun xogo de bolos, de lanzamento aéreo, feito reflectido nunha obra pictórica do pintor flamenco David Terniers titulada "*xogo de bolos*" e localizada

no museo da Catedral de Santiago de Compostela, onde se pode apreciar unha modalidade semellante aos bolos celtas practicados hoxe en día na zona sur de Pontevedra, con nove bolos colocados en tres filas e lanzando unha bóla lisa directamente sobre eles. Braun (1984) tamén fai referencia a unha modalidade de bolos que se estende dende Galicia ata Cataluña, con bolos cilíndricos e bólas lisas, que se corresponde cunha modalidade de pasabolo, a modalidade practicada maioritariamente hoxe en día en Galicia.

Galicia tampouco escapa ás prohibicións dos bolos nos séculos XVII e XVIII por motivos relixiosos, laborais ou militares (Ruiz, 2000), pero hai constancia de que no século XIX un novo motivo se engade aos anteriores para prohibilo, sobre todo en lugares concorridos e habitados. En Galicia, ao tratarse sobre todo de modalidades de pasabolo, cando se xogaba nas prazas dos pobos ou preto das vivendas, os bolos estropeaban as fachadas das casas ao saíren despedidos da lousa con moita velocidade. Esta circunstancia motivou queixas dos veciños que solicitaban aos dirixentes municipais o afastamento deste xogo de lugares antes mencionados para outro tipo de espazos (campo ou monte), feito que era plasmado nas correspondentes actas municipais.

No século XIX o xogo dos bolos en Galicia, ao igual que en España, goza de boa popularidade e práctica (Fernández, 1978; Ruiz, 2000), e froito do éxodo da poboación das zonas rurais ás cidades pola Revolución Industrial, o xogo espállase por todos lados, de modo que é habitual o xogo nos montes, prazas, zonas próximas ás igrexas e, sobre todo tabernas (Ruiz, 2000), sendo unha época, como define o propio autor, de boleiras populares.

O xogo dos bolos en Galicia traspasa as fronteiras e pasamos de ser un pobo importador de manifestacións lúdicas, debido á influencia estranxeira que se achega polo Camiño de Santiago, a exportar o xogo a outros paises, sobre todo de Sudamérica, debido á emigración masiva de galegos a estes paises. Costas e Rodríguez (2000:150) afirman que "*os birlos galegos xóganse tamén nalgúns paises sudamericanos debido a presenza de emigrantes que levaron*

con eles as súas tradicións. Tamén neste eido teñen a súa importancia os desprazamentos de representacións dos clubs do Val Miñor a centros galegos de paises sudamericanos".

Ao igual que ocorre no resto do país, ata a explosión da Guerra Civil no ano 1936, o xogo dos bolos en Galicia era o pasatempo fundamental dos homes. A práctica ausencia da muller neste xogo é debido, á parte do rol que se lle reservou tradicionalmente á muller, a que o xogo dos bolos que se practica en Galicia, ao tratarse fundamentalmente dunha modalidade de pasabolo, onde a forza física é un aspecto fundamental, non facilita o acceso da muller a este xogo, que prefire acompañar o home á partida pero realizando outro tipo de actividades paralelas co resto de mulleres: cantaban, xogaban coa corda ou mesmo empregaban o tempo con xogos de azar.

O conflito bélico fixo que houbese unha paréntese no xogo e, a pesar de que ao remate deste os bolos volveron coller forza, auxe e popularidade entre os galegos, a irrupción de novos inventos modernos (por exemplo, o coche ou a televisión), outros divertimentos (como as pistas de baile) e de novos deportes (sobre todo fútbol) fixeron, entre outros motivos, que os xogos populares fosen perdendo forza (Veiga, 1998) e, entre eles, o xogo dos bolos.

Outro aspecto que non axudou a conservar e a promover o xogo dos bolos en Galicia foi que, segundo datos extraídos da Federación Española de Bolos, dous anos despois do remate da Guerra Civil española créase en Madrid a Federación Española de Bolos, no ano 1941. Uns meses despois, pero tamén no ano 1941, créase a Federación Cántabra de Bolos (pero xa antes tiña actividade como Federación Bolística Montañesa entre os anos 1919-1921); a Federación Asturiana de Bolos créase no ano 1962 (pero xa houbo actividade entre os anos 1928-1936); a Federación Alavesa de Bolos créase en 1965 (no ano 1986 preténdese unificar os campionatos de toda a comunidade e xorde a Federación Vasca de Bolos).

Estas federacións levan promocionando os bolos dun xeito regulamentado ao pé de 70 anos (no caso da cántabra) ou 50 anos (asturiana). A Federación Galega de Bolos (segundo datos extraídos da propia federación) créase no ano 1988 coa intención de promocionar o bowling; catro anos máis tarde, no ano 1992, acóllese a modalidade de bolo celta ou tradicional. Isto quere dicir que en Galicia promóvese este deporte dende fai 20 anos, polos 50 ou 70 anos que levan os asturianos ou os cántabros, respectivamente.

Regulamentar o xogo dos bolos dun xeito oficial a través dunha federación implica a redacción dunhas regras, a organización de campionatos, a creación de clubs ou formalización de licenzas, aspectos que axudan a consolidar o xogo e que evolucione como deporte. Este feito tamén transcende aos medios de comunicación, polo que habitualmente saen novas na prensa e os autores e escritores fan referencia ao xogo dos bolos nas súas obras; en fin, unha serie de medidas que fan que o xogo dos bolos forme parte da vida cotiá dos cidadáns.

En Galicia é evidente que levamos un atraso con respecto a estas comunidades veciñas; non soubemos manter unha práctica que tivo que ser semellante a Asturias ou Cantabria, polo que agora se fan necesarias medidas institucionais que axuden a recuperar e instaurar os xogos populares e tradicionais (ente eles o xogo dos bolos) entre as prácticas regulares dos escolares galegos e no tempo de lecer de mozos, adultos e vellos do país.

Non obstante, como afirma Bermúdez (2007:18) "*é moi importante o labor que está levando a cabo a Federación Galega de Bolos para revitalizar a práctica deste xogo, así como para recoller toda a tradición e a riqueza das variantes autóctonas antes de que se perdan. Entre estas accións que levou a cabo (e está levando) a Federación Galega de Bolos cabe destacar a organización dunha liga estable na provincia de Pontevedra coa conseguinte elaboración dun regulamento que unificase as variantes da zona; unha liga de recente creación na provincia de Ourense para a cal tamén houbo que elaborar*

un regulamento xunto coas xentes da zona. Entre os seguintes retos está conseguir crear outra liga no Baixo Miño (Pontevedra) e na provincia de Lugo".

García Serrano (1974), citando o Diccionario Geográfico de España, dinos que o número de localidades onde se practica algunha modalidade de bolos en España é de 410, distribuídas por provincias. Destas, 9 localidades corresponden a Ourense, 9 a Lugo e 3 a Pontevedra. Pérez e Tabernero (1997) afirman que "*se non cita á provincia da Coruña coidamos que é por falta de información precisa. Este xogo practicábase, cando menos, en vinte e un lugares galegos*".

Seguindo estes autores, sería difícil precisar en cantas localidades galegas se practicaba o xogo dos bolos no ano 1974, pero é posible que incluso en máis deses 21 que nomeaban os autores galegos ou o profesor García Serrano. Pódese afirmar que nese ano xa se practicaba en Boiro o xogo dos bolos, o cal segue vixente hoxe en día, polo que o traballo do profesor García Serrano habería que completalo, cando menos, coa referencia de que na localidade coruñesa de Boiro se practicou e practícase hoxe en día o xogo dos bolos.

A pesar da escasa documentación que hai sobre o xogo dos bolos en Galicia, tratarase de facer un repaso da súa práctica nas catro provincias galegas e a súa relación ou influencias que recibiu do Camiño de Santiago.

3.1. O xogo dos bolos na provincia de Lugo

A provincia de Lugo está situada ao noreste da comunidade autónoma de Galicia, conta con 67 municipios e unha poboación total de 351530 habitantes (INE, 2011); é a provincia máis extensa das 4 provincias galegas e a terceira en número de habitantes.

Actualmente hai constancia de nove concellos onde se practican bolos tradicionais e, nalgún caso, únense para formar un único equipo e así participar

na liga federada organizada pola Federación Galega de Bolos. Na táboa 8 podemos ver os equipos que participan na liga e os concellos respectivos.

No concello de Riotorto hai dous clubs de bolos, o *Arcasco de Orrea* e o *Cruceiro de Meilán*. Neste caso no concello de Meira, a pesar de que hai campo de bolos, non hai xente suficiente para formar un club e as persoas que practican esta modalidade xogan nos clubs de Riotorto. Algo parecido pasa nos concellos de Ribadeo, Barreiros e Trabada, que unen esforzos para formar un único club, cuxas iniciais corresponden aos concellos de procedencia: *Ri-Ba-Tra*.

Concello lugués	Club de Bolos
Xove	Club Bolos Xove
Castro de Rei	Club Bolos Cadaval
Pastoriza	Club Bolos Campo Cruceiro
Riotorto e Meira	Club Bolos Ascasco de Orrea
	Club Bolos Cruceiro de Meilán
Ribadeo, Barreiros e Trabada	Club Bolos Ribatra
Pontenova	Club Xogos Populares Tradicionais Santalla

Táboa 8. Clubs federados dos concellos da provincia de Lugo

A liga de recente creación nesta zona norte da provincia de Lugo dispútase a partir do mes de febreiro os domingos pola tarde. Durante a semana hai ligas internas (en cada concello) que se xogan os martes e venres pola noite, posibilidade que lles ofrecen os seus campos de bolos ao contar con iluminación artificial. As categorías de competición son Sub-18, Sénior (individual e por equipos), mulleres e maiores de 60 anos, as que dita a normativa federativa para toda Galicia.

A modalidade de xogo para a competición federada (unificada pola Federación Galega de Bolos) é o b*olo celta*, aínda que a nivel interno segue xogándose a modalidade propia da zona: os "*Bolos ao Canteiro*" e "*A Fila*".

Somorrostro (2001:145) fai referencia ao xogo dos bolos en Santa Comba de Orrea (Riotorto, Lugo) e sinala que "*o xogo que vou a describir era propio da primavera e do verán, tamén de celebracións e de festas patronais,*

adoitaba xogarse en camiños máis ou menos chans, e por iso precisábase que o tempo estivese máis ben seco. É o xogo dos bolos de Santa Comba de Orrea". Os máis vellos do lugar, que de mozos xogaron aos bolos, comentan que antes xogaban nos camiños, sobre todo nos cruzamentos de camiños, que había máis espazo pero, sobre todo, no monte, preferiblemente chan e liso; de feito, aínda hoxe en día cando miran ao monte ou para unha chaira adoitan referirse a ela como "*monte de bolos*".

Somorrostro (2001:146) afirma tamén que "*no municipio de Riotorto presérvase aínda o xogo de bolos. Concretamente na parroquia de Santa Comba de Orrea hai a tradición de xogar aos bolos. Mantéñena como parte dos seus costumes festivos e patronais, onde así mesmo conservan vocábulos propios para denominar accións do xogo. A forma de xogo permanece nun estado excelente, diríamos que non contaminado por outras fórmulas de xogar, xa que os vellos do lugar reteñen frescas na súa memoria como eran os seus antigos costumes de xogo polas que aínda se rexen. Tamén parroquias estremeiras intentan recuperar a tradición de xogar aos bolos nas súas festas patronais e incluso algunha conserva no adro da igrexa a pedra boleira ou lastra*".

Estas afirmacións do autor datan do ano 2001, e once anos despois o xogo dos bolos evolucionou en todos os sentidos. No mesmo concello de Riotorto creáronse dous clubs que compiten nunha liga federada, adoptaron as regras do bolo Celta para participar nas competicións da Federación Galega de Bolos pero, ao mesmo tempo, seguen conservando a súa maneira orixinal de xogo, ao igual que os concellos veciños, que seguiron promocionando a súa modalidade orixinal e tamén se engancharon ao proxecto da liga federada, creando clubs, rehabilitando antigos campos e levando o xogo ás distintas parroquias do concello. É o caso de Xove, onde unha magnífica promoción en todos os currunchos do concello fixo que houbese moitos xogadores e con moita calidade, polo que durante uns anos foi o mellor club da zona da Mariña Lucense.

Ilustración 6. Diferentes modalidades e tipos de bolos en Santa Comba de Orrea (Riotorto)
Fonte: www.salvemossantacomba.org

Na Ilustración 6 poden observarse as diferentes modalidades que conviven hoxe en día na localidade de Santa Comba de Orrea, do concello lugués de Riotorto. A modalidade orixinal de xogo da localidade é o pasabolo con 10 bolos pequenos, de 7 a 10 cm de alto e con forma de pera, e recentemente adoptouse tamén o uso de 18 bolos máis alongados, de 15 a 20 cm de alto, para adaptarse a unha normativa estandarizada que é a que impera na Liga Galega de Bolos Celtas.

Somorrostro (2001:147) tamén fai referencia a un dos elementos ligados íntimamente ao xogo dos bolos, as apostas: "*como moitos dos xogos populares, os bolos nesta zona tiñan un carácter de aposta, de desafío entre os contendentes, onde se xogaba o cuartillo de viño e ás veces cartos. Os participantes apostaban a partida, pero os espectadores adoitaban facer apostas rápidas nas escuchadas, nome que recibía a xogada de birle para ver se fallaba ou non o xogador. A parella gañadora permanecía no campo de xogo e conservaba os cartos da aposta, entraba a seguinte parella, e a que gañaba quedaba coa aposta e así sucesivamente. O número de parellas era ás veces tan elevado que só había unha oportunidade de participar en todo o día, e moitos tiñan que contentarse con facer apostas nas escuchadas*".

Das afirmacións do autor hai que sinalar o aspecto importante que tiñan as apostas en todos os lugares onde se xogaba aos bolos e coas mesmas especies: viño e cartos. Era normal que os que realizaban as apostas fosen os xogadores, pero neste caso o autor xa nos dá referencias de que os espectadores tamén aproveitaban as partidas de bolos para realizar o seu particular xogo: apostar.

Existen tamén referencias á participación en parellas, que era habitual no xogo tradicional de bolos. A pesar de que se presta a xogar dun xeito individual, o normal era xogar en parellas, habendo incluso un ritual de lanzamento en relación cos dous xogadores de cada equipo e coas dúas bólas de lanzamento: "*nalgunhas parroquias e aquí tamén, había o costume de utilizar dúas bólas distintas, unha grande e outra pequena, que os xogadores*

alternaban na súa utilización de maneira que non se puidera coller a forma da bóla, isto é, adaptarse, co fin de mellorar o tiro" (Somorrostro, 2001:147).

É de destacar tamén a promoción do xogo dos bolos e, en xeral, dos xogos e deportes tradicionais, que se está levando a cabo na localidade de Santalla, da parroquia luguesa da Pontenova (véxase a ilustración 7). O traballo realizado por entidades sen fin de lucro (Asociación de Veciños de Santalla, Asociación de Xogos Populares e Tradicionais de Santalla, Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, Brinquedia), Federación Galega de Bolos en colaboración co Concello da Pontenova e co patrocinio de organismos oficiais como a Deputación de Lugo e a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia fan posible que a tradición se manteña viva e se siga apostando polo xogo dos bolos e os xogos tradicionais na nosa terra.

Ilustración 7. Carteis da primeira e última edición da Mostra de xogos e deportes tradicionais que se organiza en Santalla (Concello da Pontenova – Lugo), onde se pode gozar, entre outros, do xogo dos bolos celtas. Fonte:www.pontenova.es

A pesar de que non hai referencias escritas, si as hai orais de que nos concellos de Lourenzá, Cospeito, e Mondoñedo tamén se xoga aos bolos, en campos específicos e rehabilitados para tal fin, dun xeito esporádico (sobre todo torneos) e sen participar en competicións federadas. Tamén se tomou nota da actividade rexistrada na Ribeira Sacra (Chantada, Pantón, Sober, Ribas de Sil e Quiroga). Somorrostro (2001:146) engade tamén que "*en Lugo, quizais por unha implantación máis contemporánea, xógase baixo esta modalidade en Navia de Suarna*".

As vías de entrada por Lugo do Camiño de Santiago

Pola provincia de Lugo prodúcese a entrada de tres vías do Camiño de Santiago: o Camiño do Norte (por Ribadeo), o Camiño Primitivo (pola Fonsagrada) e o Camiño Francés (por Pedrafita do Cebreiro) (véxase a ilustración 8).

Sobre o Camiño do Norte Ruiz (2000:91) afirmaba que "*dende o século X o norte ibérico vese aberto ás influencias dos viaxeiros e comerciantes forasteiros, que peregrinaron a Santiago e foron deixando por todo o Camiño rastros da súa cultura, intercambiándoa e mesturándoa coa nosa, e de entre ela, seguramente tamén os seus xogos, e de estes moi probablemente os bolos*".

Braun (1984:58), en referencia ao Camiño Francés, explícanos tamén sobre os xogos que "*a súa introdución débese a un feito extraordinario que trae consigo a asimilación de costumes estranxeiros, sobre todo franceses, xa influídos polos xogos alemáns e que se van asentando dende Navarra ata Asturias, pasando pola Rioxa, Burgos e León, atraídos polas peregrinacións á Cámara Santa de Oviedo e sobre todo a Santiago de Compostela; esta xente que chamaban francos botarán raíces nas vilas e cidades e con eles os seus xogos*".



	Concellos con actividade federada		Camiño de Santiago (Norte)
	Concellos con actividade (sen federar)		Camiño de Santiago (Primitivo)
			Camiño de Santiago (Francés)

Ilustración 8. Distribución xeográfica dos concellos lucenses con actividade bolística

Ruiz (2000:92) engade ademais que "*a Asturias chegaron moitísimos peregrinos polo chamado Camiño do Norte a Santiago, que ía pola costa cantábrica ata Compostela, e que parece ser o camiño máis antigo, aínda que hoxe lle chamen a Ruta Secundaria do Camiño de Santiago, polo que segundo esta teoría, entrarían os bolos e a afección a este xogo na zona cántabro-asturiana*".

As influencias que chegaron a Asturias polo Camiño de Santiago non quedaron alí, senón que tamén chegaron a Santiago, pois este era o destino dos peregrinos. Ruiz (2000) destaca que a pesar de que o Camiño Francés é o máis destacado na actualidade, o Camiño do Norte era considerado antigamente o máis importante. Pois ben, como pode comprobarse na ilustración 8, a zona de maior arraigamento actualmente en Lugo está en plena entrada do Camiño do Norte, e é posible destacar unha evolución paralela a este camiño; aínda que non coincide exactamente coa liña, é chamativa a comparación dos concellos con actividade federada (que tamén conservan as súas modalidades tradicionais) coa liña de discorrer do Camiño do Norte.

A actividade dos concellos da provincia de Lugo que podemos observar na ilustración 8 corresponde á actualidade; se retrocedésemos 40 anos no tempo aparecerían marcados moitos máis concellos que tiñan actividade de bolos; e se seguimos retrocedendo ata o ano 1920 é moi posible que non só aparecesen marcados todos os concellos da provincia de Lugo, senón os 315 municipios galegos. Por que? Pois porque seguramente estamos ante o xogo popular e tradicional máis importante, practicado por todos e en todos os lugares de Galicia e de España.

3.2. O xogo dos bolos na provincia de Ourense

A provincia de Ourense está situada ao sueste da Comunidade autónoma de Galicia, conta con 92 municipios e unha poboación total de 333257 habitantes (INE, 2011).

Unha parte das referencias escritas sobre o xogo dos bolos en Galicia lévanos á cara leste da provincia de Ourense (Vega, 1988), na cal salienta por riba de todos a actividade bolística nos concellos da Veiga e Viana do Bolo (Fernández, 1978; Pérez e Tabernero, 1997; Bermudez, 2007).

Vega (1988:287) afirma que "*o xogo dos bolos estivo moi difundido por toda a xeografía peninsular, pero de xeito particular practicouse no noroeste. Numerosos autores nomean e fixan case exclusivamente os bolos en Asturias e Cantabria; nada máis lonxe da realidade, xa que esta práctica estivo moi esparexida por toda Galicia, maioritariamente na zona oriental da provincia de Ourense (terras de Valdeorras, O Bolo, Manzaneda…)*".

A Federación Galega de Bolos aprobou no ano 2002 (segundo datos extraídos da propia Federación) o regulamento de xogo dos bolos tradicionais en Ourense e no ano 2003 tivo lugar o I Campionato de Liga celebrado baixo esta normativa, torneo que non deixou de celebrarse ata a actualidade. A pesar de que ao comezo había seis equipos, actualmente só compiten cinco, vinculados aos concellos de Viana do Bolo, O Bolo e A Veiga, que suman en total de preto de 50 licenzas federativas. Na táboa 9 poden observarse os clubs que compiten actualmente na liga federada e os concellos onde realizan a súa actividade.

Concello ourensán	**Club de Bolos**
Viana do Bolo	Club Bolos Punxeiro
	Club Bolos Gonza
	Club Bolos Quintela
O Bolo	Club Bolos O Bolo
A Veiga	Club Bolos Baños

Táboa 9. Clubs federados dos concellos da provincia de Ourense

A liga federada en Ourense é relativamente curta, dado que o escaso número de equipos non permite outra cousa. Dispútase de marzo a xuño os sábados e/ou domingos, segundo a dispoñibilidade dos propios xogadores e

coordinando entre os propios clubs o calendario para non entorpecer os quefaceres laborais dos propios xogadores. Cando non hai partidos de liga, a actividade segue adiante, xogando só polo pracer de xogar ou para disputar torneos puntuais, ben sexa con motivo da celebración de festas patronais ben no caso do Concello da Veiga, para organizar un torneo (aberto) de bolos, a mediados do mes de agosto de cada ano, no que poden participar os clubs que o desexen, sendo habitual a coincidencia de clubs da provincia de Pontevedra, Lugo, Ourense e Asturias. Ademais dun torneo, adoita ser unha xornada de convivencia entre os xogadores de bolos de Galicia e da comunidade irmán de Asturias.

Sobre a modalidade do xogo, Bermúdez (2007:21) sinala que "*caracterízase polo número de bolos, seis, pequenos, colocados en liña sobre unha pedra*". Efectivamente, como pode observarse na ilustración 9, a modalidade federativa que se xoga na provincia de Ourense consta de 6 bolos cilíndricos e de madeira (12 cm de alto e 7,5 cm de ancho), situados en liña (pegados uns aos outros) sobre unha lousa de pedra (pedra de bolos); unha bóla esférica de madeira (14 cm de diámetro e 2 kg.de peso aproximadamente) é lanzada dende o patio (lousa de pedra dende onde se efectúa o lanzamento) coa intención de derrubalos e desprazalos o máis lonxe posible; unha vez que a bóla pasa a liña de dez (condición indispensable para que o lanzamento sexa válido) realízase a conta: cada bolo derrubado que non pase da liña de 10, 1 punto; se pasa a liña de 10, 10 puntos e, se pasa a liña de 20, 20 puntos; e logo efectúase un segundo lanzamento (bolea), dende a liña de 10, lanzando a bóla rodando polo chan tentando derrubar os bolos que quedaron en pé; cada bolo derrubado neste segundo lanzamento, contabiliza un punto; se a bóla no primeiro lanzamento sae dos límites do campo ou non rebasa a liña de 10, entón dise que "*cocha*", sendo un lanzamento non válido; e será nulo se parte unha bóla ou un bolo, podendo volver lanzar. As partidas rematan cando se chega aos 60 puntos.

Un detalle que non pode pasar desapercibido é a cor dos bolos. Na ilustración 9 pode comprobarse que os bolos acostuman pintarse dunha cor

vistosa e chamativa (neste caso de cor vermello) co obxecto de facilitar a súa busca polo campo unha vez que son desprazados da lousa logo do lanzamento e evitar a súa perda. Este detalle cobra máis importancia canto máis pequenos son os bolos (alcanzan máis distancia), cando o campo de xogo non posúe barreiras de protección para conter os bolos e cando se xoga con pouca visibilidade.

Ilustración 9. Detalle do xogo dos bolos en Punxeiro (Viana do Bolo-Ourense)
Fonte: www.pedroreina.net

Esta forma de xogar descrita corresponde a unha modalidade unificada e aprobada pola Federación Galega de Bolos para que os distintos clubs dos distintos concellos ourensáns teñan o mesmo proceder no xogo. Ora ben, cada concello segue conservando a súa propia modalidade, practicada de igual xeito ou con maior intensidade que a modalidade federada. Ás veces non se trata máis que de variantes no número de bolos, na súa colocación, no número de lanzamentos ou noutro pequeno aspecto, pero que para cada localidade reflicte a forma de xogo dos seus antepasados.

Nas escasas referencias escritas, diversos autores fan mención a distintas modalidades de bolos da provincia de Ourense. Pérez e Tabernero (1997:303) en referencia á localidade de Viana do Bolo sinalan que "*xógase unha modalidade moi característica e apaixoada. Utilízase unha esfera de carballo, sen buratos. Tírase con forza, ao estilo dos lanzamentos de disco, pero no derradeiro pulo actúa unha soa man. Diríxese a esfera contra unha ducia de bolos cilíndricos, tamén de madeira. A bóla lánzase sen rodar, polo aire. Hai que bater no conxunto de bolos, e compútase o número dos derrubados máis a distancia a onde foron a parar*".

Vega (1988:287) fai unha análise do xogo dos bolos en Soutipedre, unha parroquia do concello de Manzaneda, en que afirma que a elección deste lugar "*non se debe só á pureza coa que, debido ao illamento xeográfico ao que estivo sometido, conservou esta tradición, senón a que, ao ser unha zona de transición entre as terras de Manzaneda e as do Bolo, presenta o xogo dos bolos variantes de ambas as comarcas, sen deixar de ter peculiaridades propias que o fan distinto no seu conxunto a todos os demais de zonas limítrofes; téñase en conta que cada parroquia ten a súa forma de xogar, non sendo iguais case ningún dos elementos con que se conta para o xogo. As condicións de que se conserve integramente a tradición dos bolos na parroquia elixida, non se debe exclusivamente ao illamento ao que antes aludiamos, contan tamén as condicións climatolóxicas do lugar, que podemos calificar de microclima, moi favorables ao ocio*". Este xogo é semellante á modalidade

federada antes descrita, só que se xoga con nove bolos e introdúcense algunhas diferenzas na forma de xogo.

Bermúdez (2007:21) apunta que "*ademais da liga, xóganse torneos puntuais en localidades como O Barco ou Rubiá, nas que se colocan nove bolos en liña sobre a pedra; a particularidade deste xogo é que o lanzamento se realiza dende moi cerca dos bolos. En Mourisca (Viana do Bolo) colocan nove bolos en tres filas de catro, tres e dous bolos*".

Fernández (1978:51) fai unha comparación entre a modalidade de Tineo Asturiano e o do Bolo: "*este bolo de Tineo recorda bastante outros pasabolos, relativamente parecidos, na Trasmiera santanderina e no Bolo de Ourense. Estas coincidencias fan pensar nun parentesco bastante próximo, pero que é difícil de explicar se pensamos na gran distancia que hai entre estas rexións*".

Fernández (1978:54) volve facer referencia aos bolos de Viana do Bolo afirmando que "*a parte occidental de León e Asturias é moi rica en xogos de tipo pasabolo de lousa. En xeral, cada comarca xeográfica ten un xogo diferente da familia. Esta gran variedade aumenta nas comarcas galegas veciñas. No concello de Viana, en Ourense, conviven tres variedades. Dúas delas, usan arxila para pegar os bolos na lousa, de xeito parecido a de "batiente"; unha terceira colócaos directamente sobre a pedra. Esta modalidade, moi parecida ao bolo da Trasmiera santanderina, é interesante pola total falta de uniformidade nas medidas das boleiras, adaptándose sempre ao extraordinariamente crebado terreo da rexión*".

Palmeiro (2009), nunha novela que relata o amargo final do pobo de Llanos (que en realidade é a Alberguería, unha localidade do concello da Veiga), un pobo asolagado pola auga a mediados dos anos 50, describe con gran detalle as regras do xogo que segue activo nesta localidade ourensá, onde fai referencia a unha modalidade de 6 bolos en liña separados entre eles 1 cm para que "*así corran mellor*", unha bóla de buxo de 3 quilos de peso, de lanzamento aéreo que debe rebasar a liña de 10 para non "*cochar*" e que

puntúa 1 punto cada bolo derrubado que non pasa a liña de 10, e 10 e 20 puntos os bolos que rebasen a liña do mesmo nome; a partida remata aos 60 puntos.

Ilustración 10. Detalle do xogo dos bolos na Alberguería (A Veiga-Ourense)
Fonte: www.albergueria.net/bolosceltas

Na ilustración 10 pode observarse a modalidade de xogo descrita por Palmeiro (2009), semellante á modalidade federada que impera actualmente no Concello da Veiga. As principais diferenzas que se aprecian son que actualmente os seis bolos se colocan xuntos, pegados uns aos outros, e antes separábanos un pouquiño, arredor de 1 cm; e tamén que o peso da bóla non é tan grande, non chega aos 3 kg de peso, senón que ronda os 2 kg.

A ilustración 10 corresponde a un día de festa na localidade da Alberguería (A Veiga-Ourense) no que ademais dos actos musicais e gastronómicos típicos nestas festas, a práctica dos bolos constitúe un

fenomenal xeito de pasar o tempo e divertirse. Tamén, como pode comprobarse, resulta moi sinxelo fabricar os bolos, xa que unha simple pola dunha árbore que teña un grosor determinado é suficiente para sacar seis bolos cuns sinxelos cortes, sen necesidade de tornealos.

Andaluz (2011) fai referencia aos bolos do concello ourensán de Parada de Sil, afirmando que ten peculiaridades e características propias. Está composto por nove bolos e dúas bólas desiguais (unha máis pequena que a outra). Un dos bolos é máis alto (chamado "*belbas*") e colócase ao fondo afastado do resto. O xogador debe facer que a bóla chegue cando menos ao "*belbas*" senón, dirase que "*cochou*" e o tiro non será válido.

Características comúns ao xogo dos bolos e que nesta zona de Ourense cobran especial importancia son as apostas. Malia que é común e típico do xogo as apostas entre os xogadores, nos concellos de máis actividade bolística de Ourense "*as apostas entre os xogadores non teñen por costume ser importantes, onde acadan gran contía é entre os espectadores apostando por un ou outro equipo, maioritariamente na festa patronal*" (Vega, 1988:292). Segundo isto, polos testemuños dalgúns xogadores dos clubs ourensáns, hai constancia de que nalgunhas partidas se chegaron a apostar cantidades indecentes de cartos, feito que nos mostra a importancia que teñen as apostas nesta provincia.

Ademais dos concellos que teñen club de bolos e participan na liga federada (datos rexistrados na Federación Galega de Bolos), hai referencias escritas e orais doutros concellos que teñen actividade bolística (en menor medida), ben mediante a celebración de torneos puntuais, ben polo desenvolvemento de actividade non regulada (xogar por xogar): O Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras, A Rúa, Manzaneda e Cualedro. Tamén se rexistra actividade a través de novos programas de recuperación deste xogo popular e tradicional, como é o caso do concello de Parada de Sil. Andaluz (2011) sinala que "*o xogo dos bolos ten en Parada de Sil un especial simbolismo. En terras de alto valor patrimonial este*

xogo soubo conservarse co paso dos anos, aínda que dalgún xeito está afastado polos novos tempos. O Alcalde de Parada de Sil, Francisco Magide, abrazou a idea de recuperar un xogo que el mesmo practicou de pequeno, da man da Fundación Española para a Promoción do Patrimonio (Laya), da que é patrón Lois Pardo, a través dun convenio de colaboración que permitirá non só recuperar o xogo, senón difundilo a través de actividades de promoción, eventos, redes, federacións e incluso organizando unha liga de xogos de bolos de Parada de Sil".

A Ruta da Prata

A Ruta da Prata do Camiño de Santiago entra polos concellos de Verín e A Gudiña (véxase a ilustración 11), procedente do sur de España, con orixe en Sevilla. No concello de Laza únense estas dúas vías de entrada e percorre o centro da provincia, pasando por Ourense e subindo ata San Cristovo de Cea para internarse na provincia de Pontevedra. Dunha ollada á ilustración 11 vemos que as zonas de maior práctica corresponden á comarca de Valdeorras e á comarca de Viana, ambas ao norte da Ruta da Prata e próximas á fronteira coa provincia de Lugo.

Hai que ter en conta que esta ruta do Camiño de Santiago non era a principal para acceder a Santiago e, sobre todo, non era unha vía de acceso de peregrinos estranxeiros (franceses, xermanos…), principais influencias no xogo dos bolos en Galicia. Deste xeito non se observa un paralelismo entre o percorrido da Ruta da Prata e dos concellos que teñen actividade bolística, aínda que a zona de maior práctica está próxima á entrada en Galicia pola Ruta da Prata e, ao norte, polo Camiño Francés.

De todos os xeitos, é salientable tamén o feito que apuntaba Fernández (1978), comparando as modalidades de pasabolo do concello da Veiga de Ourense co de Tineo de Asturias, ambas as localidades separadas por un bo feixe de quilómetros pero con moitos puntos en común, o que nos di que as

influencias doutros lugares non só viñan polos camiños establecidos da rota a Santiago.



	Concellos con actividade federada		Camiño de Santiago (Ruta da Prata)
	Concellos con actividade (sen federar)		

Ilustración 11. Distribución xeográfica dos concellos ourensáns con actividade bolística

3.3. O xogo dos bolos na provincia de Pontevedra

A provincia de Pontevedra está situada ao suroeste da Comunidade autónoma de Galicia, conta con 62 municipios e unha poboación total de 963511 habitantes (INE 2011).

O discorrer na práctica dos bolos en Galicia foi homoxéneo co paso do tempo, comezando a diferenciarse nunhas localidades a outras a medida que nos achegamos aos nosos días. É dicir, consonte as novas tendencias no ámbito do deporte, do ocio e do tempo libre se ían consolidando na cidadanía, o xogo dos bolos ía *morrendo* na maioría das localidades e, noutras, nas menos, conseguíase conservar a modalidade coa práctica cotiá e a organización de torneos variados con motivo de festas patronais, actos populares, etc. No encanto, en Galicia, e máis concretamente na provincia de Pontevedra, a tendencia ao esmorecemento da práctica dos bolos conseguiu estancarse grazas á actividade federada proporcionada pola Federación Galega de Bolos.

Aínda que nos comezos da súa creación en Vigo no ano 1988 consideraba única e exclusivamente a modalidade de *bowling*, a partir do ano 1992 comeza a integrar a modalidade de bolo celta ou bolo tradicional. Costas e Rodríguez (2000:151) sinalan ao respecto que "*foi no ano 1991 cando a partir dunha reunión que tivo lugar na Sociedade de Bolos de A Carrasca, entre os clubs de birlos do Val Miñor e os presidentes da Federación Galega e Española de bolos, decídese legalizar e inscribir todos os clubs nos distintos organismos oficiais. Chégase a un censo de 11 clubs: Bahiña, Baredo, Belesar-Urgal, Belesar-Medialdea, Camos, Carrasca, Donas, Mañufe, Rega, San Cibrán e Xunqueira; e a unhas 200 licenzas federativas individuais. Ese mesmo ano participa unha representación destes clubs nun torneo en Asturias na localidade de Tineo, alcanzando o segundo posto. E no ano seguinte organízase a primeira liga galega de birlos con dúas categorías: 1.ª e 2.ª división*".

Efectivamente, desa primeira reunión sentáronse as bases para comezar coa liga federada que impera hoxe en día, só que non se limita en exclusiva á provincia de Pontevedra, senón tamén en Ourense e Lugo. Bermúdez (2007) afirma que esta liga estable requiriu da elaboración dun regulamento que unificase as numerosas variantes da zona, de modo que quedou establecida finalmente unha modalidade federada na que se colocan 18 bolos moi xuntos na pedra boleira (bolos de 15-16 cm de alto e 150-200 gr de peso), lánzase

unha bóla esférica (de diámetro aproximado de 14 cm e 1.2 kg de peso) e inténtase derrubar e desprazar os bolos o máis lonxe posible, máis alá da liña de 10. Se a bóla non pasa a liña de dez, entón dise que "*meca*" ou "*cocha*" e o tiro non é válido; se pasa a liña de dez (derrube os bolos ou non) entón considérase un tiro válido e o xogador ten dereito a realizar un segundo tiro ou "*birle*" dende a liña de dez ou liña de birle. Cada bolo derrubado no primeiro tiro (lanzamento válido) que supere a liña de dez vale 10 puntos; se non alcanza a liña de dez, 1 punto; no lanzamento de birle, cada bolo derrubado contabiliza 1 punto. As partidas están compostas por 3 xogos, e cada xogo consta dun número determinado de tiradas (tres por equipo e xogador); acada a victoria o equipo que gañe máis xogos.

Concello Pontevedrés	**Club de Bolos**
Gondomar	Club Bolos Peitieiros
	Club Bolos San Vicente Mañufe
	Club Bolos San Cibrán Donas
	Club Bolos A Xunqueira
	Club Bolos Concello de Gondomar
	Club Bolos Sobreiro
Nigrán	Club Bolos Camos
	Club Bolos do Ceán
	Club Bolos da Carrasca
	Club Bolos Santiago de Parada
	Club Bolos San Roque
Baiona	Club Bolos Belesar-Urgal
	Club Bolos Medialdea
	Club Bolos A Rega
	Club Bolos Estivada
	Club Bolos Portameán
	Club Bolos Morade
	Club de Clásicos e Populares Val Miñor
Tomiño	Club Bolos Vilachán
	Club Bolos Forcadela
Vigo	Club Bolos Valladares San Bartolomé

Táboa 10. Clubs federados dos concellos da provincia de Pontevedra

Na actualidade hai 21 clubs federados, dos cales tres non compiten na liga oficial (Club Bolos Concello de Gondomar, Club Bolos Morade e Club de

Clásicos e Populares Val Miñor) e tres presentan equipos filiais en 2.ª división (Club Bolos San Cibrán, Club Bolos do Ceán e Club Bolos Vilachán). Na táboa 10 poden observarse os clubs federados da provincia de Pontevedra e os concellos onde realizan a actividade correspondente, o que permite constatar a forte presenza de clubs (e de actividade) nos concellos de Gondomar, Nigrán e Baiona, localidades de referencia na práctica dos bolos en Galicia. Segundo datos proporcionados pola Federación Galega de Bolos, estes 21 clubs federados reuniron preto de 300 licenzas federativas na tempada 2011.

A liga de bolos tradicionais da provincia de Pontevedra, tamén denominada liga de bolos do *Val Miñor* porque dende o seu inicio os clubs que participaban eran da zona dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán (Costas e Rodríguez, 2000), consta de dúas divisións: unha primeira división con 10 equipos (véxase a táboa 11) e unha segunda división con 11 equipos (véxase a táboa 12), liga á que se adscribiron nos últimos anos os clubs dos concellos de Vigo e Tomiño. Nestas táboas 11 e 12, ademais dos clubs participantes, móstranse os resultados finais co campionato de liga de 2011.

CAMPIONATO DE LIGA GALEGA DE BOLOS CELTAS. PRIMEIRA DIVISIÓN. ANO 2011. CLASIFICACIÓN FINAL

PARTICIPANTES	X	G	E	P	TF	TC	PTOS.
SAN CIBRÁN	18	11	7	0	96	43	40
XUNQUEIRA	18	7	11	0	85	61	32
CAMOS	18	8	7	3	79	65	31
MAÑUFE	18	6	9	3	75	64	27
VILACHÁN	18	5	6	7	68	76	21
URGAL	18	4	9	5	72	74	21
MEDIALDEA	18	3	10	5	69	69	19
CEAN	18	2	12	4	72	70	18
PEITIEIROS	18	3	5	10	54	87	14
SOBREIRO	18	1	4	13	37	98	7

Táboa 11. Clasificación final na 1.ª división da Liga de Bolos Celtas de Galicia no ano 2011. Fonte: Federación Galega Bolos

CAMPIONATO DE LIGA GALEGA DE BOLOS CELTAS. SEGUNDA DIVISION. ANO 2011. CLASIFICACION FINAL

PARTICIPIANTES	X	G	E	P	TF	TC	PTOS.
San Cibrán	22	15	6	1	112	34	51
Carrasca	22	13	8	1	111	46	47
Cean	22	9	11	2	104	58	38
Vilachan	22	9	9	4	92	69	36
San Miguel	22	8	9	5	95	73	33
Rega	22	9	5	8	86	78	32
S. Bartolome	22	8	8	6	85	82	32
Sto. Parada	22	7	8	7	78	87	29
Estivada	22	3	1	2	76	98	21
Forcadela	22	3	8	11	60	104	17
San Roque	22	1	7	14	47	115	10
Portamean	22	0	3	19	22	126	3

Descenden de 1.ª a 2.ª División: PEITIEIROS e SOBREIRO
Ascenden de 2.ª a 1.ª División: CARRASCA e SAN MIGUEL (San Cibrán, Cean e Vilachán non poden ascender por seren equipos filiais doutros que xa figuran en 1.ª división)

Táboa 12. Clasificación final na 2.ª división da Liga de Bolos Celtas de Galicia no ano 2011. Fonte: Federación Galega Bolos

A competición desenvólvese nas modalidades de individual e por parellas, nas seguintes categorías: mulleres (única), homes absoluta, homes veteranos e homes sub-18 (xuvenís e cadetes). Neste caso hai que destacar a promoción que se fai do deporte feminino dende a Federación Galega de Bolos, xa que ao ser un deporte tradicionalmente de homes, se subvencionan nun 100% as licenzas de mulleres na tempada 2012 (os homes pagan 12 euros pola licenza autonómica e 27 euros pola licenza nacional).

Ademais da liga federada, Bermúdez (2007) apunta que a partir do mes de maio ten lugar o campionato galego nas distintas categorías, baixo as regras da Federación Española de Bolos para a modalidade de bolo celta. Neste campionato participan os primeiros clasificados das ligas de Pontevedra, Ourense e Lugo, logo dunha eliminatoria previa; e os primeiros nas diferentes categorías no campionato galego acoden ao campionato de España, no que

participan os mellores clasificados dos campionatos autonómicos, entre os que salienta a achega de Galicia e Asturias.

Pero a actividade bolística en Pontevedra vai máis alá da actividade federada propiamente dita. Está claro que os concellos que teñen clubs federados rexistran actividade (Gondomar, Nigrán, Baiona, Tomiño e Vigo), pero ademais, segundo Costas e Rodríguez (2000) xógase aínda que con menor intensidade en concellos como os do Rosal e Oia, principalmente en lugares das parroquias do interior do macizo da Grova, en Burgueira e Lourenzá (Oia), Vilachán do Monte (Tomiño) ou en Fornelos (O Rosal).

Datos facilitados pola Federación Galega de Bolos e por dirixentes dos clubs do Val Miñor sitúan tamén actividade de bolos nos concellos da Guarda, Tui, Cangas, Pontevedra, Soutomaior, Pazos de Borbén e Fornelos de Montes. Bermúdez (2007:22) destaca que na localidade de Soutomaior "*xogan unha modalidade moi estendida coñecida como "bolos ao canteiro", denominación que pode levar a confusión, xa que hai outros lugares nos que a modalidade local recibe o mesmo nome, no que xogan con 9 bolos moi estreitos e de grande altura, arredor dos 30 cm (son simples ramas desvastadas) colocados en tres filas de 4, 3 e 2 bolos respectivamente, realizando o lanzamento dende unha foxa bastante profunda e preto dos bolos*".

Recentemente López (2011), nunha nova publicada no xornal *La Voz de Galicia*, facía referencia á parroquia de Ponte Sampaio como o único lugar do concello de Pontevedra onde se manteñen vivos os bolos celtas, conservando esa antiga tradición. Os veciños de Acevedo, con motivo da celebración das festas do verán, organizan anualmente un torneo de bolos celtas no que congregan máis de vinte xogadores e un numeroso público para presenciar a proba. E como manda alí a tradición, ao remate do torneo de bolos, sérvese unha boa porción de pinchos (empanada e tortilla, principalmente) regados cunha boa xerra de viño.

Nesta provincia tamén hai constancia da celebración de numerosos torneos e competicións sen a supervisión e control da Federación; trátase de torneos que se celebran nalgúns lugares, xeralmente dun só día de duración, nas que a participación é libre, sen necesidade de estar federado ou de pertencer a algún club. Bermúdez (2007:20) afirma que "*normalmente cóbrase unha pequena cota de inscrición pero vólvese insignificante se pensamos no que se le levan os gañadores. Mantendo a tradición, o equipo gañador leva un carneiro e os segundos un galo, pero todo o que participe ou se achegue a velo, pasará un bo momento*".

A autora entra aquí nun tema que está íntimamente ligado ao xogo dos bolos: as apostas. Na provincia de Pontevedra, do mesmo xeito que ocorre en toda Galicia, as apostas seguen vixentes hoxe en día, e non só se fala de cartos, senón tamén de bens materiais ou animais. Costas e Rodríguez (2000:148) sinalan que "*xógase en partidas que seguen a continuar coa tradición de facerse para xuntar cartos para as festas, partidas nas que se aposta algún carneiro, ou algún año, aínda que tamén coñecemos algunhas apostas excepcionais como as de algún becerro e tamén nos comentaron como se chegou a apostar nalgunha ocasión un burro fariñeiro con carácter excepcional*".

O certo é que as apostas entre os propios xogadores ou entre o público que segue a competición son frecuentes e véñense facendo dende sempre. O normal é que se aposten cartos (cantidade simbólica) para que a bebida lle saia gratis ao gañador, aínda que de cando en cando a emoción invade as persoas e chéganse a apostar cantidades indecentes de cartos e os artigos, animais ou obxectos máis pintorescos e estranos.

A comarca pontevedresa do Val Miñor é a referencia dos bolos celtas en Galicia, por nivel de práctica, popularidade, instalacións e actividade federativa, o que axuda tamén a que sexa designada para acoller torneos de gran nivel (campionatos de Galicia, campionatos de España e campionatos internacionais). Hai que destacar neste caso o último Campionato Internacional

de Bolos Celtas realizado no Val Miñor do 1 ao 11 de maio de 2008, no que participaron equipos da Federación Española de Bolos, Federación Asturiana de Bolos, Federación Galega de Bolos, Centro Deportivo e Social de Bolos Valle Miñor de Montevideo (Uruguay) e os equipos representantes da Asociación Arxentina de Bolos: o Círculo Social Valle Miñor, o Centro Cangas de Narcea e o Centro Galicia, todos eles de Bos Aires.

Costas e Rodríguez (2000) fan referencia tamén aos birlos no Baixo Miño e afirman que este xogo tivo un grande arraigamento nesta área xeográfica, que aínda é posible comprobar os lugares onde se xogaba ata hai poucos anos. Xa nesta época había un club, o Vilachán de Tomiño, que participaba na liga federada do Val Miñor; e outros moitos xogadores do Baixo Miño participaban na liga enrolados nas filas de clubs de Gondomar, Nigrán e Baiona.

Nesta zona do Baixo Miño fóronse perdendo moitos campos de xogo, nuns casos polo paso de vías asfaltadas (como no barrio de Martín, no Rosal), polo abandono da actividade propia do lugar (como é o caso da Escola Vella de Oia) ou pola perda da práctica do xogo (Paleón en Fornelos, do concello do Rosal, ou nos Refoxos en Lourenzá, do concello de Oia).

Con todo, nestes últimos dez anos o xogo dos bolos no Baixo Miño experimentou un cambio para mellor, xa que a práctica aumentou entre os habitantes deste concello e creouse un novo club, o Forcadela, que se integrou na liga federada da zona. Habilitáronse novos campos de bolos, acondicionáronse os que había, e aínda que vellos proxectos quedaron polo camiño, outros novos virán para manter a actividade bolística na zona.

Ilustración 12. Detalle do xogo dos bolos no Val Miñor. Fonte: www.bolosdocean.es

Os birlos no Baixo Miño, en xeral, presentan algunhas particularidades que é preciso subliñar. Fronte á presenza maioritaria no Val Miñor dos birlos en fila, no Baixo Miño predominan tamén outras distribucións; os birlos son un pouco máis altos (23 cm aproximadamente) e menos elaborados que os do Val Miñor da modalidade dos coñecidos como birlos celtas. Esta característica condiciona a estabilidade dos bolos na pedra boleira, chegando a usar bosta de vaca para sustentalos (en Asturias é habitual utilizar arxila e regalos con auga antes do lanzamento).

As bólas de lanzamento non son completamente esféricas, xa que son pezas elaboradas artesanalmente e bastante irregulares, de aspecto abarrilado e con zonas planas nos extremos. Estamos falando deste xeito de material utilizado para o ocio, divertimento, para partidas de amigos, non para as competicións federadas, onde se coida máis a forma, o tamaño e peso de bólas e bolos.

Na ilustración 12 móstranse uns exemplos da modalidade do xogo dos bolos practicado hoxe en día no Val Miñor. Nas imaxes pódense observar a forma, o número e colocación dos bolos (18 bolos dunha altura aproximada de 15-17 cm colocados xuntos e pegados uns aos outros enriba dunha lousa de pedra), como as novas xeracións se implican no xogo (nas competicións federadas hai unha categoría específica para rapaces e rapazas de categoría cadete, de 14 e 15 anos e xuvenil, de 16 e 17 anos) e a existencia de boleiras cubertas, das poucas que hai en Galicia, que permite desenvolver o xogo independentemente das condicións climatolóxicas.

O Camiño Portugués

Na ilustración 13 pode observarse a liña vermella que marca o Camiño Portugués a Santiago de Compostela. Con respecto ás provincias de Lugo e Ourense, sobre todo na primeira, repítese o feito de que na zona de entrada a Galicia polo Camiño de Santiago é onde se produce un maior nivel de práctica (noroeste de Lugo, sueste de Ourense e suroeste de Pontevedra).

Aínda que a zona do Val Miñor, a que presenta un maior nivel de práctica e arraigamento do xogo dos bolos na provincia de Pontevedra, non está no medio do camiño portugués, si que linda cos concellos por onde pasa, polo que se establece unha ampla zona de práctica que se aproxima á entrada do camiño portugués en Galicia.



	Concellos con actividade federada		Camiño de Santiago (Portugués)
	Concellos con actividade (sen federar)		

Ilustración 13. Distribución xeográfica dos concellos pontevedreses con actividade bolística

Unha vez que o camiño entra en Galicia, tal e como se pode comprobar na ilustración 13, obsérvase unha zona cun alto nivel de práctica, que diminúe a medida que nos aproximamos a Santiago, ata desaparecer case por completo. Isto confírmanos que os camiños de entrada a Galicia móstranse como as zonas de maior intercambio cultural, ao se estableceren neles uns vínculos de comunicación moi importantes entre os residentes e os peregrinos. Estas zonas son tamén etapas de descanso, no que o obxectivo (Santiago) está a dous ou tres días de camiño no mellor dos casos; isto obriga aos peregrinos a pasaren máis tempo nestas localidades, a se relacionaren máis cos veciños, a aproveitaren o tempo libre para gozar, para practicar actividades lúdicas e de diversión, sendo o divertimento típico da época (os bolos) o principal xogo practicado.

Incluso pódense buscar fíos de unión co tema das apostas, como xeito que tiñan os peregrinos para conseguiren cousas (sobre todo comida e bebida) e así facer máis levadeiro o Camiño a Santiago.

A medida que nos achegamos a Santiago, o nivel de práctica vai decrecendo, do mesmo xeito que o interese do peregrino en facer outras cousas que non sexa ver a catedral e renderse á devoción relixiosa que encerra o Camiño á cidade compostelá; e aínda que non deixan de ser hipóteses, o certo é que as circunstancias, as referencias atopadas e os feitos, sobre todo os feitos, fannos pensar en que así puideron suceder as cousas.

3.4. O xogo dos bolos na provincia da Coruña

A provincia da Coruña está situada ao noroeste da Comunidade autónoma de Galicia, conta con 94 municipios e unha poboación total de 1147124 habitantes (INE, 2011).

Dun repaso á actividade bolística no resto de provincias galegas, obsérvase unha tendencia á alza na consolidación e práctica do xogo dos bolos tradicionais, grazas en gran medida á competición organizada pola Federación Galega de Bolos. E non quere dicir isto que todo o mérito sexa do ente

federativo, senón que as características propias da competición son as que manteñen vivas esas ansias nos xogadores, a ilusión pola victoria, medirse cos demais, demostrar as propias virtudes e calidades, experimentar novas sensacións, levar a concentración ao límite e como non, compartir novas experiencias con xogadores doutras localidades, coñecer novas formas de xogo e, en fin, contribuír ao intercambio cultural que se produce en cada unha das competicións se se desevolven no noso territorio.

Todas estas boas sensacións ráchanse na provincia da Coruña, xa que actualmente a práctica de bolos que se rexistra é moi escasa, **tanto que todo se reduce a unha única localidade: Boiro.** O estudo de García Serrano (1974) non considera actividade ningunha na provincia da Coruña, pero o certo é que nesta localidade coruñesa se practicou e séguese practicando o xogo de bolos "*dende sempre*", de xeito ininterrompido dende o seu asentamento na zona. Polo tanto, o estudo do profesor García Serrano debería actualizarse e situar na provincia da Coruña, cando menos, unha localidade que si rexistra actividade de bolos tradicionais.

As referencias escritas e a documentación acerca da práctica dos bolos tradicionais na Coruña son escasísimas. Os datos que se dispoñen son case exclusivamente orais, que nos indican que o xogo dos bolos era o divertimento principal dos homes, dende boa parte do século XIX e ata case a metade do século XX, momento no que se foi producindo o decaemento no xogo polos motivos xa descritos con anterioridade.

O discorrer no tempo do xogo dos bolos tradicionais na Coruña seguramente foi parello ao resto das provincias galegas, só que chegado un momento determinado (que se pode situar na década dos anos 90), onde se produciron movementos en prol da recuperación deste xogo tradicional (federativos, municipais…) nas localidades coruñesas non callou esa mensaxe e, desafortunadamente, non se conseguiu restaurar esa práctica milenaria (a excepción de Boiro, claro).

A Fundación Deporte Galego e a Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia (2009) elaboraron un estudo de investigación da realidade dos xogos e deportes populares e tradicionais en Galicia, co obxectivo de coñecer en que concellos se estaban promovendo os xogos e deportes tradicionais no referente a modalidades de xogo, entidades implicadas, equipamentos, instalacións e mesmo persoal, rexistrando actividade de práctica de bolos (ou birlos) tradicionais nos concellos de Aranga, Boiro, Cabana de Bergantiños, Carnota, Dodro, Ferrol, Melide, Moeche, Muros, Narón, O Pino, Ribeira, Santiso e Valdoviño. Tívose que contrastar estes datos a súa veracidade cos concelleiros de Deportes destes concellos, técnicos deportivos e outras persoas de contacto especificadas no traballo de investigación, co fin de comprobar que efectivamente en ningún deles se estaba xogando actualmente aos bolos tradicionais.

Na maioría dos concellos referenciados a actividade bolística reducíase a xornadas de xogos nos centros de ensino ou á promoción de xogos populares galegos (en xeral) que asociacións de veciños ou entidades culturais e deportivas realizaban cos rapaces en datas sinaladas: día das Letras Galegas, magosto ou antroido. En ningún dos concellos se fai referencia ao xogo dos bolos de adultos nin á práctica regular desta modalidade, polo que os datos confirman que só no concello de Boiro se segue a xogar con regularidade aos bolos tradicionais.

Á parte dos concellos referenciados no estudo da Fundación Deporte Galego, hai outros que chegaron a rexistrar un nivel alto de práctica (por exemplo, na Pobra do Caramiñal e en Padrón) pero en todos eles o xogo foi esmorecendo e nunca chegou a recuperarse.

O caso de Boiro é excepcional. Estamos diante dunha localidade cunha enorme tradición neste xogo, que conseguiu conservalo co paso do tempo, superando todas as dificultades que foron xurdindo e atacaban directamente á continuidade da súa práctica (como os novos hábitos de consumo do ocio, cambios urbanísticos, evolución no modelo de sociedade ou as novas tendencias deportivas cunha publicidade extraordinaira), polo que

merece un estudo detallado do que foi, do que é e do que supón para Boiro conservar o xogo popular e tradicional considerado por moitos autores como o máis importante: os bolos.

Poñerlle data ao nacemento do xogo dos bolos en Boiro antóllase imposible, pero seguro que é máis vello do que nós nos podemos imaxinar. As primeiras referencias a este xogo datan do 12 de outubro de 1872, onde nos libros de actas das sesións plenarias do concello de Boiro se recolle o topónimo "*Campo do xogo dos bolos*"; non se trata dunha mención específica ao xogo, senón que na citada acta se nomean varios lugares do concello e, entre eles, está o citado "*campo do xogo dos bolos*", na parroquia de Lampón. Este dato confírmanos, cando menos, que nesa data xa se xogaba aos bolos nesta parroquia boirense, o que constitúe a primeira referencia escrita ao respecto.

Dezanove anos máis tarde, aparece xa unha referencia específica ao xogo (véxase a ilustración 14). Corresponde ao 9 de maio do ano 1891 e está reflectida no libro de actas das sesións plenarias realizadas no concello de Boiro, onde se recollen unhas queixas de veciños da localidade ao consideraren que o xogo dos bolos atentaba contra a súa integridade física:

"Dada conta dunha solicitude con data do trinta do último mes subscrita polos veciños desta parroquia José Dieste Romero, Ramón Romero Triñanes e Don Clemente Maestre Romero, queixándose de que o xogo de bolos que está situado no campo denominado de Rebelar, desta mesma parroquia, estorba e perxudica á veciñanza porque os bolos soen ocasionar lesións aos que van a surtirse de auga á fonte que alí existe e aos que transitan para os lugares de Cimadevila, San, Boliña e outros, rematando por pedir que se impida dito xogo. E o concello enterado, e considerando que en efecto dito xogo, establecido no referido campo de Rebelar e aínda noutras paraxes desta parroquia por onde transitan os veciños, causa estas molestias e lesións, impedindo por iso a libre circulación dos habitantes, acordou por unanimidade declarar prohibido o referido xogo neste distrito nos puntos por onde haxa tránsito público, baixo a multa de dez pesetas ao que o estableza, consinta ou o fomente, debendo

ordear aos alcaldes de barrio das respectivas parroquias que o levanten de todos aqueles puntos e vixien para que non se coloquen outras, as pedras chamadas caixas que serven para practicar aquel; acordando por último autorizar á Alcaldía para a imposición e exacción no seu caso da multa que queda designada neste acordo que se fará público por medio de bandos ou edictos da forma acostumada".

Este texto mostrado na ilustración 14 xa nos dá as primeiras informacións sobre o tipo xogo que se viña desenvolvendo en Boiro, unha modalidade de pasabolo onde os bolos adoitan acadar altas velocidades e longas distancias, dúas das principais características da modalidade rexistrada na localidade hoxe en día. Polo visto estas *calidades* dos bolos boirenses non só xeraban protestas polos veciños, xa que vían como o impacto destes pequenos proxectís podían causarlles feridas importantes, senón que tamén hai constancia de queixas dos veciños que vivían preto dos campos de bolos, xa que adoitaban ocasionarlles desperfectos nas fachadas das vivendas, polo que o coto ao xogo dos bolos preto dos núcleos habitados foi cada vez máis grande e foron sometidos ás correspondentes prohibicións por parte do goberno municipal.

Ata o estalido da Guerra Civil Española no ano 1936 o xogo dos bolos en Boiro gozou dunha popularidade fóra do común; había campos esparexidos por toda a localidade, nas fins de semana os torneos de bolos nas distintas parroquias acollían ducias de persoas, os homes para xogaren e elas para falaren das súas cousas ou para xogaren ás cartas; os vellos competían coa xente nova e os rapaces aproveitaban os bolos que se perdían nas partidas dos maiores para xogaren na eira do lado. As tabernas convertíanse en auténticos centros deportivos, a onde a xente acudía a beber a súa cunca de viño e a xogar a partida de bolos. E os bos xogadores tiñan a oportunidade de beber de balde, xa que os retos e as apostas eran frecuentes, tanto que era norma habitual establecer a aposta antes de comezar a xogar. Cartos, viño ou incluso algún animal doméstico (galos, galiñas e mesmo coellos) son os exemplos máis habituais de apostas nos campos de bolos de Boiro.



Ayuntamiento de Boiro — Provincia de la Coruña

Año de 1891

Libro de

Actas de las sesiones celebradas por dicho Ayuntamiento en el expresado año.

1891.



sión ordinaria del dia 9 de Mayo.

En la Casa Consistorial de Boiro a nueve de Mayo de mil ochocientos noventa y uno. Reunido el Ayuntamiento en Sesión ordinaria, compuesto de los Señores Concejales que al margen se expresan, bajo la presidencia del Señor primer Teniente Alcalde Don Manuel López Prado, dadas las dos de la tarde, dicho Señor los declaró abierta y se dió principio a ella con la lectura del acta de la anterior sesión que fué aprobada.

Seguidamente el Ayuntamiento acordó con asentimiento quedar enterado de una comunicación fecha de hoy del Señor Alcalde presidente y dirigida a dicho Señor primer Teniente en que manifiesta hallarse atacado de neuralgia con fuertes dolores que le impiden moverse de casa imposibilitandole para el desempeño de las funciones que le están encomendadas por las Leyes y delegando estas en aquella autoridad por el tiempo que dure aquella indisposición.

Igualmente se dió cuenta y el Ayuntamiento acordó asi mismo quedar enterado del repartimiento del déficit del presupuesto provincial hecho y aprobado por la Diputación y del que resulta tener que satisfacer de contingente por tal



concepto este Municipio para el año económico próximo la suma de once mil cuatrocientas treinta y ocho pesetas doce céntimos segun se vé en el Boletin oficial correspondiente al dia diez del presente mes.

Se da cuenta de una solicitud fecha treinta del mes ultimo suscrita por los vecinos de esta parroquia Jose Dieste Romero, Ramon Romero Cristiano y Don Clemente Maestre Romero en cuya se dice que el juego de bolos que se halla establecido en el campo denominado de Rebelar de esta misma parroquia estorva y perjudica al vecindario por que los bolos suelen ocasionar lesiones a los que van a sacar de aguas a la fuente que allí existe y a los que transitan para los lugares de Cinadevila, Sanz, Boliña y otros, terminando por pedir se impida dicho juego. Y el Ayuntamiento enterado y considerando que en efecto dicho juego establecido en el referido Campo de Rebelar y aun en otros parajes de esta parroquia por donde transitan los vecinos, causa estos molestias y lesiones impidiendo por ello la libre circulación de los habitantes; acordó por unanimidad declarar prohibido el referido juego en este distrito en los puntos por donde haya transito público, bajo la multa de diez pesetas al que lo estableciera o lo consintiera y fomentes; debiendose ordenar a los Alcaldes de barrio de las respectivas parroquias levanten de todos aquellos puntos y vigilen por que no se coloquen otras, las piedras llamadas ecas que sirven para practicar aquel acordando por último autorizar a la Alcaldia



N. 0071.858

para la imposición y exacción en su caso de la multa que queda designada en este acuerdo que hará publico a medio de bandos ó edictos en la forma acostumbrada.

Seguidamente y de conformidad con lo dispuesto en la Circular del Gobierno de provincia fecha nueve de este mes inserta en el Boletin oficial correspondiente al dia veintiocho de Marzo ultimo, del que nuevamente se dió cuenta, por la que se remite a este Ayuntamiento el dia diez del actual para concurrir ante la Comisión provincial al acto de revisión de las exenciones de los mozos comprendidos en los tres ultimos reemplazos, e incidencias del actual; la Corporación acordó por unanimidad nombrar comisionado que en su representación asista a dicho acto, conduciendo al mismo los mozos e interesados que conforme a dicha circular deban concurrir, a Don Juan Vicente Sobradelo Seyde, vecino de esta parroquia, señalandole para los gastos propios de viage la suma de Cincuenta pesetas, que se liberarán, como asimismo el importe de las dietas correspondientes a los referidos mozos, por la Presidencia y demas elaborados con cargo al articulo sexto capitulo primero del presupuesto en ejercicio.

Con lo cual y no habiendo mas asuntos de que

Ilustración 14. Actas da sesión plenaria do 9 de maio de 1891 no Concello de Boiro, onde se fai referencia a unha solicitude dos veciños para retirar o xogo dos bolos do campo de Rebelar (A Boliña

Nesa época, un novo divertimento, o fútbol, comeza a aparecer na zona. O historiador boirense Rodríguez Gallardo (2006) destaca que entre os anos 1910 e 1920 o fútbol español se populariza extraordinariamente, espallándose por vilas e lugares. Cos precedentes da actividade fútbolística en concellos veciños como Noia (con equipos dende os anos dez), Vilagarcía de Arousa (fraguado en partidos contra mariños da armada inglesa fondeada na ría de Arousa) ou de acontecementos tan importantes como a disputa en Vigo da final do campionato de España entre o Barcelona e o Real Unión de Irún ou a estrea da Selección Galega (ambos os acontecementos do ano 1922), o certo é que, segundo afirma Rodríguez Gallardo (2008ª:27) "*comezando o ano 1922 un grupo de mozos boirenses, case todos de familias acomodadas, xuntáronse coa idea de xogar ao fútbol, deporte de moda que se estaba a espallar por vilas e pobos*".

A popularidade do xogo dos bolos seguía intacta, pero a partir deste momento, ía compartir cartel con esta nova modalidade deportiva que irrompía no concello. Pero ambas as manifestacións xa diferían dende un comezo nun aspecto importante; o xogo dos bolos era o xogo do pobo, un xogo tradicionalmente vinculado ás zonas rurais, á parte máis pobre do pobo; e o fútbol nace á outra beira, vinculado a familias adiñeiradas, como denomina Rodríguez Gallardo (2006:47) "*a maioría procedían de familias acomodadas, e por tal motivo, o fútbol era xeralmente considerado unha diversión de señoritos ociosos*".

Nesta época na que o equipo de fútbol do Barraña Sporting Club botaba a andar (1922-1927), tamén se ten constancia de apostas, ao igual que se facía no xogo dos bolos, e co viño polo medio. Rodríguez Gallardo (2006:48) afirmaba que "*aínda que, ocasionalmente, se xoguen partidas noutras épocas do ano (sempre co motivo dalgunha festividade), as tempadas futbolísticas de Barraña Sporting Club terán lugar nos meses de primavera e estío, cando se concertan partidos con equipos de vilas veciñas para poñer en xogo a honra e, se lle cadraba, algún cántaro de viño*".

Neste primeiro terzo do século XX o historiador boirense Rodríguez Gallardo (2007[a]:37) fai referencia ao "*xogo dos birlos de Castro das Barreiras*", un campo de xogo situado en Escarabote, na parroquia de Lampón, propiedade de Fernando Castro, considerado polos máis vellos do lugar como un dos campos de bolos máis importantes da localidade.

O comezo da Guerra Civil no ano 1936 provocou unha parálise importante na práctica dos bolos na localidade e, aínda que non se produciu por completo, as partidas de bolos eran ocasionais, moi ligadas ás tabernas. O Réxime prohibiu os festexos e as manifestacións sociais onde se congregase moita xente; era unha época moi complicada e o carácter festivo que antes acompañaba as partidas de bolos, sobre todo nas fins de semana, abandonouse por completo. Nas tabernas os barrís de viño utilizábanse máis para agochar xente que para almacenar o viño e o monte pasou de ser un escenario de romaría, de xogo, de bolos, a converterse en fogar improvisado de moitos cidadáns fuxidos e perseguidos polo Réxime.

O final da Guerra Civil no ano 1939 remataba cunha etapa nefasta na historia de España, en todos os sentidos, incluído o deporte. Rodríguez Gallardo (2008[b]:51) sinalaba ao respecto que "*eran tempos de tristuras e medos, do pan moreno racionado, do cheiro espeso a incienso e das bravatadas con parafernalia fascista, pero tamén tempo de buscar a normalidade, incluso no deporte. Así, despois de tres anos interrompidas, as competicións deportivas reanudábanse na tempada 39-40*". Este mesmo autor (2002:35) afirmaba que "*tras os tres longos anos de Guerra Civil, a paulatina recuperación da normalidade en cidades e vilas fai que se retomen prácticas tan cotiás como o fútbol. Así ocorre en Boiro onde, xa nos primeiros compases da posguerra, partidos esporádicos volven a animar o areoso campo de Barraña*".

Estas referencias que temos do fútbol pódense comparar co xogo dos bolos naquela época. Os anos escuros da Guerra Civil daban paso á esperanza, á intención de recuperar a normalidade, ás gañas de gozar

libremente do tempo de ocio, aínda que a época non era fácil, xa que moitas familias tiñan verdadeiros problemas para levar un cacho de pan á boca; eran tempos de fame, en que para mercar os alimentos os veciños tiñan que levar e mostrar a "*cartilla de racionamento*", poñendo límite ao que se podía consumir, circunstancia que perduraría ata o ano 1951. Pero a pesar disto, a xente seguía xogando aos bolos e, cada vez, con máis intensidade, sobre todo nas numerosas tabernas que había espalladas pola localidade é que ofrecían o xogo dos bolos como reclamo para aumentar a súa clientela. É o caso, por exemplo, da Taberna de Ana, que data de finais dos anos 30 no lugar do Saltiño, aberta ao público a raiz de que o dono, colleiteiro el, tivo un bo ano de viño e púxoo á venda na taberna; e para que a xente lle fose a consumir, ofreceu o xogo dos bolos como reclamo, o que lle facilitou darlle avío ao excedente de litros de viño que tiña na adega.

Nos anos 50 o divertimento típico en Boiro seguían sendo os bolos, que se xogaban todo o ano pero, sobre todo, os días de romaría, festivos e os domingos, pola mañá (despois de saír da misa) e pola tarde. O outro divertimento destacado era "*A Fiada*", que así se denominaba á acción dos mozos cando saían pola noitiña ás mozas, os martes, xoves e sábados. Os mozos adoitaban ir ás mozas a outras aldeas, ás que se desprazaban a pé, e de camiño, ían parando nas distintas tabernas para tomar un vaso de viño e xogar unha partida aos bolos. Isto axudaba tamén a difundir polas parroquias as xestas de cada xogador, feito que aumentaba a rivalidade entre os diferentes aldeas polo que se acababan organizando partidas e apostas moi sonadas na localidade. Unha vez que os mozos se atopaban coas mozas, o xogo dos bolos que os acompañaba polo camiño era substituído por unha boa pandereitada, cantarelas e os correspondentes flirteos amorosos.

Ademais das tabernas, xogábase aos bolos en campos ao aire libre acondicionados para tal fin e tamén en camiños, prazas ou leiras con viñedos, polo que a miúdo tamén se refería aos bolos como "*o xogo da viña*". Só xogaban os homes, pois eles mesmos considerábano un xogo moi bruto para as mulleres e, no tocante aos cativos, procuraban afastalos para evitar

accidentes polo impacto dos bolos; ademais, as mulleres daquela non frecuentaban as tabernas, senón que limitaban o seu tempo de ocio á fiada, ao baile e a outros xogos típicos de nenas e mulleres, como os xogos de corda ou truco (Pérez e Tabernero, 1997), o xogo da lotería (Rodríguez Gallardo, 2007[b]) ou o xogo dos pelouros (Martínez López, 1928).

As apostas seguían facéndose principalmente con viño; primeiro, para comezar a partida, apostábase e logo xogábase por unha xerra de viño; o que perdía, pagaba a súa e a do que gañaba a partida. Aínda que non era o máis frecuente, tamén se realizaban apostas con cartos, sobre todo nos anos 60 e 70, falando de cantidades que oscilaban entre as 12 e as 15 pesetas por partida e, se os xogadores se quentaban podían alcanzar as 20 ou 25 pesetas a aposta.

As partidas eran de un contra un ou en parellas, a 150 ou 200 puntos (dependendo do campo de xogo e do acordo entre xogadores), en campos alongados en lixeira costa arriba, marcando as liñas de 10, 25, 50 e 100 (ás veces, tamén se poñía una liña a maiores, denominada "*liña de acabar*", sempre que as dimensións do campo así o permitiran) con regos feitos á picaraña e legoña e polas beiras con pequenos marcos de pedra. Despois da liña de 100 (ou, no seu caso, da de "*acabar*") adoitaban colocarse parapetos de madeira para que os bolos non se perdesen pero, aínda así, saían moitas veces despedidos por riba. A caixa era de pedra, cun pequeno rego traballado para colocar os bolos e impedir que caeran, e o patio, lugar dende onde se realizaba o tiro (un só tiro, aéreo, empregando unha técnica semicircular ou de gancho), era unha lousa chan distante arredor de cinco metros da caixa.

Os 12 bolos cos que se xogaba eran de 8 ou 10 centímetros de alto e aproximadamente 100 gramos de peso, en forma de "pera", "barril" ou "cogomelo", preferentemente de buxo, madeira dura e resistente. As bólas de lanzar tamén eran de buxo, aínda que tamén adoitaba utilizarse a sobreira ou o carballo se o buxo non daba para o tamaño desexado, unha esfera de aproximadamente dous quilos; aínda así, fose cal for a madeira empregada,

facíanos coa parte do tronco onde sae unha rama, ou sexa, con *nós*, que os fan, se cabe, máis duros e resistentes. Neste caso había dúas bólas, unha máis grande, que era a de "man" ou de "*romper*" (a que se lanzaba primeiro) e outra un pouco máis pequena, a de "rabo" (coa que se efectuaban o segundo e seguintes lanzamentos); coas bólas moitos xogadores seguen un mesmo ritual antes de realizar o primeiro lanzamento, que consiste en botar dúas veces contra o chan, apuntar ao obxectivo chiscando un ollo e logo efectuar o lanzamento. Os bolos (e bólas) adoitaban facelos "*á machada*", traballados á man dándolle a forma axeitada ou tamén se lles encargaban aos torneiros ou carpinteiros, que os facían logo de llelos encargaren.

Ademais desta modalidade de xogo, había outra que se adoitaba facer á noitiña ou cando había pouca xente para xogar, que era "*o boliño*" ou o "*bolo ao monte*", que consistía en colocar un só bolo na caixa e tentar desprazalo ata a liña de 100 puntos. Esta modalidade permitía non extraviar moitos bolos cando non había xa moita luz no campo e, tamén, non perder moito tempo en recoller todos os bolos polo campo adiante, máxime cando se citaban dous ou tres xogadores nada máis. Hai que darse conta que nunha partida de bolos, a xente que non participa na partida recolle os bolos, devolve as bólas e incluso coloca os bolos na caixa para que os xogadores non perdan tempo niso e adiantar en todo o posible as partidas.

Nestes anos 50 temos referencias escritas tamén de solicitudes do establecemento de campos de bolos no concello de Boiro, feito recollido nas actas das sesións plenarias deste concello con data do 24 de xaneiro de 1955 (véxase a ilustración 15):

"Dada lectura da instancia de José Places Abal, do lugar de Pesqueira, solicitando licenza para o establecemento dun pequeno campo destinado ao chamado xogo de bolos, de todos coñecido, e en terreo propio do seu pai político José Sánchez Hermo, radicado no indicado lugar, acórdase por unanimidade concederlla a condición de pagar como arbitrio municipal de

Ordenanza a cantidade de 150 pesetas anuais ou a porcentaxe da contribución industrial correspondente".



79

Dada lectura de instancia de José Pla-
ces Abal, del Lugar de Pesqueira, solicitando licencia
para el establecimiento de un pequeño campo destina-
do al llamado juego de bolos, de bola conocido con el nom-
bre propio de su padre político José Sanchez Ferro ra-
dicada en el indicado lugar, se acuerda por unanimi-
dad concederla a condición de pagar como arbitrio mu-
nicipal de Ordenanza la cantidad de 150 pesetas
anuales o el porcentaje de la contribución industrial
correspondiente.

Ilustración 15. Actas da sesión plenaria do 24 de xaneiro de 1955 no concello de Boiro onde se fai referencia a unha solicitude dun veciño para o establecemento dun pequeno campo de bolos na Pesqueira (Cabo de Cruz)

A acta mostrada na ilustración 15 corresponde á solicitude dun veciño da parroquia do Castro para instalar un campo de bolos. Este veciño, José Places Abal, posuía un local no lugar da Pesqueira (na estrada que sobe á Perguiza) a onde os mozos e mozas ían a bailar e a divertirse, chamado *"O baile do tío Pepito"*. Ao lado, nun campo propiedade da familia, decidiu instalar un campo de bolos para completar a diversión dos mozos, que daquela era o seu principal divertimento, feito polo cal tiña que pagar un canon anual de 150 pesetas ao concello de Boiro.

Pero como dixemos antes, o xogo dos bolos ía compartir protagonismo con outras actividades de ocio que xurdían en Boiro. Ao xa mencionado fútbol, que co paso do tempo gañaría presenza nas distintas parroquias e xurdirían máis equipos, hai que engadir novas propostas de divertimento, como o proporcionado pola sala de festas "*As Delicias*", establecemento inaugurado no ano 1942 e que durante 25 anos foi a referencia da diversión dominical en

Boiro (Rodríguez Gallardo, 1998). Os anos 70 foi a mellor época desta sala de festas, considerada a mellor de Galicia, pola que pasaron as mellores orquestras (Paris de Noia, Compostela, Cunter´s…), os mellores cantantes da época (Manolo Escobar, Julio Iglesias, Karina, Luis Aguilé…) e os mellores grupos musicais (Los Brincos, Los Bravos, Fórmula V, Los Tamara…).

En fin, en Boiro iniciábase unha nova etapa de expansión ao abeiro de novas industrias, de despuntar nos sectores mexilloeiro e turístico, das achegas económicas dos boirenses na emigración (Rodríguez Gallardo, 2005). O xogo dos bolos, divertimento típico ata daquela, ía perdendo tirón e pouco a pouco os campos ao aire libre foron deixando de estar activos, moitas tabernas (e os seus respectivos xogos) pecharon e os boirenses atopaban acomodo noutros divertimentos máis modernos.

Pero o xogo non chegou a morrer de todo. Na época dos 80 aínda se conservaba o xogo en moitas parroquias de Boiro, destacando os campos situados en Pomardorrío (parroquia de Cures), Xarmea (Boiro) e Triñáns (Corea e Bar Damián, en Abanqueiro). Nestes campos adoitaba xogarse practicamente a diario, ás últimas horas da tarde, cando as obrigas laborais o permitían e, sobre todo, nas fins de semana. Aínda que para moitos este xogo pasaba desapercibido na localidade, o certo é que contaba cun bo número de practicantes, moitos deles forxados a base de xogar en anos precedentes e noutros casos rapaces novos que vían no xogo unha excelente maneira de pasar o tempo e de retar (deportivamente) a compañeiros e veciños. Os campos de Pomadorrío, Triñáns e Xarmea son probablemente os únicos campos que chegaron con actividade a finais dos anos 80. O campo de bolos do Bar Damián abriría as súas portas a finais dos anos 80, máis estaría activo tan só uns poucos anos.

A comezos dos anos 90 a Concellaría de Cultura de Boiro organiza o I Torneo de Bolos do concello de Boiro, que tivo lugar no campo de Xarmea (Boiro) do 5 ao 15 de agosto, nova da que se facían eco os principais xornais da zona: *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego* (véxase a ilustración 16). O

propósito da organización deste torneo polos rexedores municipais de Boiro era evitar a desaparición dos xogos tradicionais e, en concreto, o xogo dos bolos, unha disciplina moi arraigada nos lugares de Triñáns (Abanqueiro) e Pomardorrío (Cures), onde se contabilizaban máis de 50 xogadores.

Os premios deste torneo, tal e como pode comprobarse na ilustración 16, establecidos e subvencionados polo consistorio local, ascendían a preto de 60.000 pesetas, que daquela supoñían un bo feixe de cartos. Os premios estaban repartidos do seguinte xeito: a parella gañadora levaría 25.000 pesetas en metálico e un trofeo doado polo concello; os segundos repartiríanse 15.000 pesetas, os terceiros 10.000 pesetas e os cuartos e quintos clasificados 5.000 e 2.500 pesetas respectivamente.



44 La Voz de Galicia, jueves, 12 de julio de 1990

DEPORTES

Organizan un campeonato de Xogo de Bolos, que se celebrará en Xarmea

Ribeira (Redacción). La concejalía de Cultura e Deportes del Ayuntamiento de Boiro organizará un campeonato de Xogo de Bolos. El acontecimiento comenzará, a las 17.00 horas, el día 5 del próximo mes de agosto, y se celebrará en Xarmea.

El plazo para inscribirse en este primer certamen finalizará el día 23. Los interesados pueden realizar la inscripción –totalmente gratuita– en la taberna de Pomar do Río, teléfono 84 68 51, en la secretaría particular del ayuntamiento, teléfono 84 48 00, y en el Bar Damián de Triñáns, teléfono 84 68 70.

El 26 de este mes, una vez conocido el número, se efectuará el sorteo correspondiente entre las parejas inscritas. Las partidas se disputarán a 150 puntos, y la competición se desarrollará solamente por parejas.

Las bases por las que se regirá el campeonato son las siguientes: en la primera fase, la mitad de las parejas se enfrentará con la otra mitad; las ganadoras pasarán a la siguiente ronda y las perdedoras quedarán eliminadas; este proceso se continuará hasta que queden sólo dos. Las contiendas las controlarán dos jueces. La pareja que no se atenga a las normas establecidas, quedará automáticamente fuera del certamen; otro tanto de lo mismo le ocurrirá a las que no estén en el campo a la hora del inicio de las partidas.

Premios

En cuanto al capítulo de premios, cabe resaltar que la pareja campeona se llevará 25.000 pesetas en metálico y el trofeo donado por el ayuntamiento; los subcampeones se embolsarán 15.000. mientras que los que terminen en tercer, cuarto y quinto lugar recibirán 10.000, 5.000 y 2.500 pesetas, respectivamente.

La idea de organizar un evento de estas características por parte de los regidores muncipales de Boiro entronca directamente con una iniciativa lanzada por la Consellería de Cultura e Deportes, interesada en evitar la desaparición de los juegos tradicionales. Los organizadores aseguran que esta disciplina tradicional está muy arraigada en Triñáns y de Pomar do Río, donde se han contabilizado más 50 practicantes.

El Correo Gallego. Jueves, 12 de julio de 1990 17

Galicia: concello a concello

Crea el Ayuntamiento de Boiro 'xogo de bolos'

La comisión de Cultura del Ayuntamiento de Boiro organiza el primer campeonato de *xogo de bolos*, con el fin de promocionar y dar a conocer una tradición que poco a poco se estaba perdiendo.

Para ello, se convoca este primer campeonato, que se celebrará en el campo de Xarmea, dando comienzo el próximo día 5 de agosto a partir de las cinco de la tarde.

Los premios establecidos y subvencionados por el consistorio local ascienden a 60.000 pesetas, llevándose la pareja ganadora 25.000 pesetas y un trofeo, los segundos clasificados se repartirán 15.000 pesetas, la tercera pareja recibirá un premio de 10.000 pesetas, y a los cuartos y quintos clasificados le corresponderán 5.000 y 2.500 pesetas, respectivamente.

El plazo de inscripción estará abierto hasta el próximo día 23, pudiendo realizarse las mismas en los bares de Pomar de Río y Triñáns, así como en la secretaria particular del alcalde.

El campeonato se desarrollará por parejas de jugadores, siendo el sistema elegido el de eliminatorias hasta llegar a los finalistas.

En varios lugares del municipio este deporte, un tanto desconocido, es practicado por un buen número de personas.

Ilustración 16. Referencias do I Torneo de Bolos do concello de Boiro publicadas nos xornais "*La Voz de Galicia*" e "*El Correo Gallego*" o xoves 12 de xullo de 1990

O torneo xogaríase en parellas a 150 puntos, en sistema de eliminatorias directas, de xeito que a parella gañadora pasaba á seguinte fase e, as que perdían a partida, quedaban xa eliminadas. A actividade daría comezo ás 17:00

h do 5 de agosto, baixo o control de dous xuíces, que serían os encargados de contabilizar os tantos e resolver calquera dúbida que xurdira con motivo do xogo.

A fase previa do torneo debeu ser un éxito rotundo, pois o 15 de agosto de 1990, dez días despois do seu comezo e data na que se tiña lugar a fase final do torneo, transcendía á prensa que dado o interese xerado co torneo, cabía a posibilidade de que se puxese en marcha unha liga regular, xogada por fases e artellada por localidades (véxase a ilustración 17).

La Voz de Galicia, miércoles, 15 de agosto de 1990 DEPORTES

Las partidas concitan mucho interés

Esta tarde se celebra la fase final del I Campeonato de Xogo de Bolos de Boiro

Ribeira (Redacción). Esta tarde, a partir de las 17.00 horas, ocho parejas disputan las partidas de cuartos de final del I Campeonato de Xogo de Bolos del Ayuntamiento de Boiro. A continuación está programado que tengan lugar las semifinales, la lucha por el tercer y cuarto puesto y la gran final. El torneo, que ha concitado mucho interés, es muy probable que desemboque en la puesta en marcha de una liga, la cual, articulada por localidades, constaría de dos fases.

La aceptación y el interés que ha despertado este primer campeonato de Xogo de Bolos, organizado por los rectores del consitorio boirense, es posible que dé lugar a la articulación en un futuro inmediato de una competición regular. La idea básica es la siguiente: en una primera fase la liga se jugaría en las localidades en las cuales está más arraigado este juego tradicional autotóno, a saber: Pomar do Río, Boiro y Triñáns; y en la segunda fase competirían las cuatro parejas mejor clasificadas de cada una de las localidades antes citadas.

Según han manifestado fuentes municipales, el ayuntamiento vería con muy buenos ojos que se instituyera el referido campeonato, aunque, las mismas fuentes, han recalcado que «o concello impulsaría a competición, pero non a orgaizaría; é máis interesante que sexan os propios xogadores os acorden o seu artellamento e súa posta en marcha; pero dende o concello recibirían axuda».

En cuanto a las partidas de octavos, disputadas el pasado domingo en el campo de Xarmea, cabe reseñar que fueron presenciadas por un gran número de aficionados y que resultaron tremendamente reñidas. Las partidas de cuartos de final se celebran esta tarde. Los enfrentamientos por parejas son: Manuel Hermo Lojo y Manuel Cachas contra Manuel Núñez Fontán; Justo Suárez y Manuel Pérez Abal se miden con Ramón García y Jesús Pérez; Lito Somoza y Moncho Pouso se enfrentará a Gonzalo García Carrera y Claudio García Cabrera; y José Calo y José Santamaría Torrado frente Francisco Fernández y Francisco Vilasoá.

En la instantánea, un jugador lanzando la bola

Ilustración 17. Referencia á fase final do I Torneo de Bolos do concello de Boiro publicada no xornal "*La Voz de Galicia*" o mércores 15 de agosto de 1990

Do visto no texto da ilustración 17, a idea era darlle máis continuidade ao xogo dos bolos e seguir promocionando a actividade nos campos de Pomardorrío, Boiro (Xarmea) e Triñáns, cousa que os rexedores locais vían con bos ollos pero, ao mesmo tempo, non mostraban a intención de que esta

liga fose organizada polo concello, senón que fosen os propios xogadores os que se encargaran de artellala. Pero a idea debeu caer en saco roto porque esta liga non se chegaría a celebrar. Presupor que os propios xogadores poderían artellar a liga e facerse cargo da súa xestión, por moi doado que parecera, era adiantar o fracaso do proxecto; os homes o que querían era xogar, competir, poñer en práctica a rivalidade entre as parroquias, pero os labores administrativos que require a xestión dunha liga regular escapaba totalmente as súas pretensións; e os representantes municipais xa expresaron dende un principio a renuncia a organizar esta liga. Axudaría a impulsala, a colaborar economicamente, pero non asumirían os labores de organización deste proxecto de liga regular.

Ao ano seguinte volvería organizarse un novo torneo de bolos, pero esta vez organizado por un grupo de xogadores do lugar de Triñáns, da parroquia de Abanqueiro. Con xa tres semanas de competición ás costas, o domingo 4 de agosto de 1991 xogaríase a final do torneo no campo de bolos do Bar Damián (véxase a ilustración 18), no que se deron cita 26 parellas e que espertou unha grande expectación na parroquia de Abanqueiro, pois ademais da numerosa participación, celebrábase unha romaría na que os asistentes ao torneo poderían degustar unha churrascada de xeito totalmente gratuíto.

Os cuantiosos premios repartidos o ano anterior no torneo de Xarmea, foron substituídos por outros máis peculiares: os gañadores levarían cadanseu aparello de radio; os segundos, catro ceas no famoso restaurante Chicolino de Boiro; os terceiros, tres caixas de cervexas San Miguel; os cuartos, dous reloxos doados pola empresa JJ Chicolino; os quintos, 5000 pesetas achegadas por Efectos Navais Chicolino; os sextos clasificados, dous trofeos financiados pola oficina do Banco de Galicia en Boiro e, os sétimos, dous trofeos cedidos por Caixa Galicia.



Ilustración 18. Momento da final do torneo no campo de bolos no Bar Damián (Triñáns-Abanqueiro) o domingo 4 de agosto de 1991

A nova publicada no xornal *La Voz de Galicia* (véxase a ilustración 19) sinalaba tamén que "*a intención dos organizadores é fomentar a práctica deste deporte, ao parecer de orixe celta, desaparecido na práctica totalidade das provincias da comunidade autónoma*".

Logo destas tentativas de dotar de regulamentación ao xogo dos bolos en Boiro, a actividade ao longo desta década dos 90 non pasou da organización de torneos puntuais en datas sinaladas (sobre todo nas festas patronais do verán) e da actividade cotiá no campo de bolos de Pomardorrío. A mediados dos anos 90 a actividade bolística irá desaparecendo dos campos de Triñáns (Corea e Bar Damián) para permanecer só activo no campo da parroquia de Cures, no que a Taberna de Antonio García Hermo facía un importantísimo labor de conservación, promoción e difusión do xogo, feito que, ante todo, beneficiaba considerablemente ao negocio da taberna.

La Voz de Galicia. domingo, 4 de agosto de 1991 DEPORTES

Hoy final del torneo de bolos y churrascada, en Triñáns

Ribeira (Redacción). Hoy, a las once de la mañana, se disputa en Triñáns, parroquia boirense de Abanqueiro, la fase final del campeonato de bolos. Al término de la competición, jugadores y espectatores podrán degustar una churrascada de forma gratuita.

Según han precisado los organizadores, el torneo dio comienzo hace ya tres semanas con la participación de un total de veintiséis parejas, de las cuales doce llegaron a las semifinales y seis disputan hoy la fase final.

El evento ha sido recibido con gran expectación en la parroquia de Abanqueiro, en parte porque en deporte se conjuga con la gastronomía, haciendo de la competición una especie de romería, así la han calificado las personas consultadas por este periódico.

Los premios programados son también de los más peculiar. Así, los vencedores recibirán dos aparatos de radio; los segundos, cuatro cenas en el restaurante Chicolino; los terceros, tres cajas de cerveza San Miguel; los cuartos, dos relojes donados por JJ Chicolino; los quintos, 5.000 pesetas subvencionadas por Efectos Navales Chicolino; y los últimos clasificados, dos trofeos financiados por el Banco Galicia. Asimismo, ha sido fijado un séptimo galardón consistente en dos trofeos cedidos por Caixa Galicia.

Las parejas

Como ya se informó en pasadas ediciones, las parejas que se disputan la final son las formadas por: Places-Cabrera, Millán-José, Genaro-Campio, Pepe da Capilla-José García, Pérez-Tersio y Ricardo-Esteban.

La intención de los organizadores es fomentar la práctica de este deporte, al parecer de origen Celta, desaparecido en la práctica totalidad de las provincias de la comunidad autónoma.

La gastronomía ha transformado la competición en una verdadera romería, según el criterio de los propios organizadores del evento

Ilustración 19. Referencia ao torneo de bolos de Triñáns no ano 1991

No ano 1997 créase en Boiro a Asociación Cultural e Deportiva Morcego, unha entidade sen fin de lucro que, creada e impulsada polo licenciado en Educación Física, José Eugenio Rodríguez Fernández, tería unha actividade destacada na promoción dos bolos e, en xeral, dos xogos populares galegos na localidade. No ano 1999, froito da colaboración entre o Departamento de Deportes do concello de Boiro e esta asociación, elabórase un pequeno libro titulado "X*ogos populares galegos*", do que se fai unha tiraxe de 2000 unidades para distribuílas entre os alumnos dos centros de primaria da localidade. Paralelamente, monitores especializados desenvolven nos propios centros de ensino xornadas de práctica de xogos tradicionais, incluída a modalidade de bolos que seguía vixente no concello, concretamente en Pomardorrío (Cures). Os xogos dos bolos empregados na actividade cos rapaces foron elaborados polos propios monitores, con ramas de madeira de eucalipto, e as bólas foron torneadas na carpintaría dos Estaleiros Triñanes, en Cabo de Cruz, cun tamaño e peso moi inferior aos que se empregan

normalmente no xogo normativo boirense para adaptalos ao tamaño da man e forza dos cativos. Centos de rapaces puideron coñecer de preto e practicar unha modalidade de bolos que a maioría descoñecían, pero que en realidade xa era practicado, cando menos, polos avós dos seus avós.

Os tres primeiros anos do século XXI foron tempos de xogo regular no campo de bolos de Pomardorrío, onde o incansable labor de Antonio García Hermo, rexente da taberna deste lugar, en prol do xogo dos bolos tiña os seus froitos, xa que se xogaba practicamente a diario polas tardes e a afluencia víase incrementada nas fins de semana. Mentres o xogo dos bolos seguira funcionando, a taberna de Pomardorrío seguiría sendo un negocio rendible, non só polos xogadores, senón tamén pola xente que pasaba alí a tarde observando as partidas e conversando uns cos outros.

En ningún outro lugar do municipio se xogaba aos bolos, sobre todo porque non había campos axeitados para facelo. O campo de Xarmea era xa un verde piñeiral, o Bar Damián facía xa uns anos que pechara as portas e o campo de Triñáns estaba oculto por silveiras, fiunchos e ramallos.

Nestes anos, o traballo de promoción realizado dende o Servizo Municipal de Deportes do concello de Boiro foi fundamental, pois cada ano desenvolvíase nos seis centros de ensino primario da localidade un programa de promoción de xogos populares galegos, entre eles o xogo de bolos, o que permitía que os rapaces coñecesen de primeira man as prácticas ancestrais que, nese mesmo momento, estaban vixentes na súa localidade.

O martes 23 de decembro de 2003 a Xunta de Goberno Local aprobaba un gasto de 1298,49 euros para un amplo programa de promoción de xogos populares no que, ademais das xornadas nos centros de ensino, para a terceira idade e dun torneo de chave, estaban reservardos 600 euros para un torneo de bolos que tería lugar no campo de bolos de Pomardorrío (Cures), o único en activo nese momento. Este torneo celebraríase o sábado 26 de xuño de 2004, cunha participación de 16 parellas, e no que se repartiron un total de 400 euros

en premios (180, 120 e 100 euros para os primeiros, segundos e terceiros clasificados respectivamente). O torneo resultou todo un éxito, de xogadores e de público, que puideron gozar dunha churrascada cortesía de Antonio García, rexente da taberna de Pomardorrío que, ademais, exercería as funcións de árbitro deste torneo.

En decembro dese mesmo ano (o martes 21 de decembro de 2004), o concello de Boiro volvería aprobar en Xunta de Goberno Local un gasto de 900 euros para este programa de promoción dos xogos populares, incluído o torneo de bolos de Pomardorrío, que tería lugar o 4 de xuño de 2005 cunha participación de 20 parellas.

Estas dúas experiencias en Pomardorrío serviron, por un lado, para que os xogadores de antano e os rapaces novos que adoitaban xogar aos bolos, presionaran ao equipo de goberno do concello de Boiro para seguir na mesma liña de promoción deste xogo e para solicitar unhas melloras no campo de bolos, xa que as choivas deixaran o terreo cheo de regos, e a falta de peche perimetral facía que se perdesen bolos a cotío; e, por outra, os gobernantes déronse de conta de que esta actividade arrastraba moita xente e non era prudente deixar escapar a oportunidade de contar co favor deste colectivo.

En abril de 2006 o concello de Boiro acomete obras de mellora no campo de bolos e Pomarorrío, alisando, alongando e ancheando o terreo de xogo, colocando un valado de troncos de madeira e un peche de rede de grande altura nas lindes co monte, poñendo bancos para os espectadores e colocando unha nova pedra (caixa) para os bolos, cousa esta última da que se encargaría persoalmente Antonio García Hermo. Tras as obras de mellora, organizaríase un torneo para inauguralas na festividade das Letras Galegas, o 17 de maio de 2006. Para a ocasión convidouse tamén a xogadores do club de bolos de Santa Comba de Orrea, do concello de Riotorto (Lugo), dos que se tiña coñecemento da súa afección aos bolos e da grande actividade bolística que se rexistraba na súa localidade. No torneo participaron 22 parellas, das cales 6 eran de Riotorto, e resultou todo un éxito de público e participantes

(Rodríguez Fernández, 2007); pero a competición non puido rematarse porque a choiva fixo acto de presenza, abundantemente, e o torneo tivo que suspenderse cando non se chegara nin sequera ao seu ecuador. Retomaría a actividade o domingo 28 de maio, repartindo un total de 440 euros para as tres primeiras parellas clasificadas (200, 140 e 100 euros respectivamente), acto ao que acudirían, entre outros, o alcalde de Boiro, D. Xosé Deira Triñanes, a concelleira de Deportes, dona Dores Torrado e o concelleiro de Montes, D. Agustín Lens (véxase a ilustración 20).

Ilustración 20. Entrega de trofeos ás tres primeiras parellas clasificadas o 28 de maio de 2006. De arriba abaixo e de esquerda a dereita: Antonio Sánchez Ozores e José Manuel Viturro (2.º clasificados); Antonio Mariño Treus e Francisco Agustín García Laíño (campións); José Santamaría Torrado e Ángel Hermo Abeijón (3.º clasificados); Agustín Lens, concelleiro de Montes; Dores Torrado, concelleira de Deportes; Xosé Deira, alcalde do concello de Boiro

Ilustración 21. Portada da revista do deporte boirense "*Quentadela*", que reflicte o xogo dos bolos practicado polos cativos nos I Encontros de Xogos Populares e Tradicionais no parque da Cachada o 17 de maio de 2006

Ese mesmo día pola mañá tiñan lugar no parque da Cachada os I Encontros de Xogos Populares e Tradicionais, na que nenos, mozos e adultos puideron gozar dunha xornada festiva xogando á pita cega, á chave, ao tiro da corda, ás carreiras de sacos, aos zancos, ás chapas, ao trompo, á churra e, tamén, aos bolos. A actividade bolística nestas xornadas consistiu en ensinarlles o xogo aos máis novos, coas regras do xogo que imperaban actualmente en Boiro; e, aos pais, aos adultos, convidalos para a xornada de bolos que pola tarde estaba organizada en Pomardorrío. A ilustración 21 corresponde á portada da Revista do Deporte Boirense "*Quentadela*", editada polo Departamento Municipal de Deportes, que no seu terceiro número adicoulle a foto da portada á promoción do xogo dos bolos entre os máis cativos no transcurso dos I Encontros de Xogos Populares e Tradicionais. Para estas xornadas adaptáronse moitas variables do xogo co fin de facelo máis doado para os rapaces: tamaño dos bolos, peso da bóla e distancia de lanzamento, entre outros.

A envexa san das obras de acondicionamento do campo de bolos de Pomardorrío de moitos xogadores de Cabo de Cruz (parroquia do Castro) que acudían a xogar a cotío a este campo, provocou continuas presións ao equipo de goberno do concello de Boiro para que se acometeran obras de recuperación do antigo campo de bolos de Triñáns, xa máis dunha década inactivo.

Enmarcado no plan municipal de recuperación dos xogos populares e tradicionais, o concello de Boiro promovía o reacondicionamento do antigo campo de bolos de Triñáns (véxase a ilustración 22), e organizou posteriormente, o 28 de abril de 2007, o torneo inaugural da renovada instalación. O torneo de Triñáns reuniu 16 parellas, que competiron durante catro horas polos trofeos e premios en metálico achegados pola organización. A parella clasificada en primeiro lugar foi a composta polos irmáns Antonio e José Manuel García Hermo, de Pomardorrío (Cures), que recibiron un trofeo e 200 euros; a segunda, Senén Sieira Viturro e Benxamín Torrado Sánchez, de Cabo de Cruz, que recibiron o trofeo correspondente e 140 euros; e a terceira

posición foi para José Luis Yáñez Sánchez e Ángel Hermo Abeijón, de Triñáns e Boiro respectivamente, que recibiron o trofeo e 100 euros. O Departamento de Deportes do concello de Boiro, organizador da actividade, contou coa fundamental colaboración de Antonio García Hermo, experto xogador de bolos e rexente da taberna de Pomardorrío que, curiosamente, acabaría sendo vencedor xunto ao seu irmán José Manuel deste torneo de bolos de Triñáns.

Ilustración 22. Obras de acondicionamento do antigo campo de bolos de Triñáns. Marzo-abril de 2007

Co acondicionamento dos campos de Pomardorrío e Triñáns, coa actividade xerada nos dous últimos anos cos diferentes torneos e cos cartos investidos neste plan de recuperación dos xogos populares e tradicionais, o Departamento Municipal de Deportes dá un paso máis adiante e no ano 2008 crea a Liga de Bolos Tradicionais do concello de Boiro *"Pedra Boleira".*

Cunha inscrición de 22 parellas, a competición comeza o sábado 22 de marzo de 2008 e prolóngase ata o domingo 8 de xuño; o formato de liga sería de "todos contra todos", xogando dous partidos cada fin de semana (sábado e domingo a partir das 16:00 h) no campo de bolos de Pomardorrío; cada partido gañado contabilizaría 3 puntos e, por partido perdido, 0 puntos; as partidas, ao mellor de 3, disputaríanse a 200 puntos. O orzamento desta actividade ascendería a 2980 euros, dos cales 1960 euros foron para premios en económico para as 8 primeiras parellas clasificadas (600, 450, 300, 180, 150,

120, 100 e 60 euros respectivamente), 360 euros para trofeos e 660 euros para arbitraxes e colaboradores.

Posto	Xogadores	Partidos xogados	Partidos gañados	Partidos perdidos	PUNTOS
1.º	Victor + Coviñas	21	19	2	57
2.º	J.L. Somoza + Suso	21	17	4	51
3.º	Jorge + José Antonio	21	16	5	48
4.º	Antonio G. + Manolo G.	21	15	6	45
5.º	Héctor + Bautista	21	15	6	45
6.º	Nine + Lojo	21	13	8	39
7.º	Senén + Benjamín	21	13	8	39
8.º	J. Manuel + Treus	21	13	8	39
9.º	Enrique + Tubío	21	12	9	36
10.º	Fontán + José	21	11	10	33
11.º	Sobradelo + Ramón G.	21	11	10	33
12.º	Adrián + Fran	21	11	10	33
13.º	J. García + Juan José	21	10	11	30
14.º	Fran + Mayán	21	10	11	30
15.º	Canina + Ángel	21	10	11	30
16.º	Calo + Alonso	21	9	12	27
17.º	Casáis + Emilio	21	7	14	21
18.º	Enrique + Lago	21	7	14	21
19.º	Muñiz + Amigaso	21	5	16	15
20.º	Abraham + Urbano	21	4	17	12
21.º	Sergio + Adrián	21	3	18	9
22.º	Victor + Fran	21	0	21	0

Táboa 13. Clasificación final da I Edición da Liga de Bolos *"Pedra Boleira"*

Na táboa 13 móstrase a clasificación final da I Edición da Liga de Bolos *"Pedra Boleira"*, rematada o domingo 8 de xuño e na que se disputaron un total de 462 partidos; na ilustración 23 pode observarse o cartel promocional desta I Edición de *"Pedra Boleira"*, no que se mostra, entre outros, os premios que se ían repartir entre os primeiros clasificados e as bases xerais polas que se rexería a competición.

A festividade das Letras Galegas (17 de maio de 2008) de novo foi escollida para organizar un torneo de bolos. Nesa fin de semana, aproveitando a parada na liga de bolos, e coa insistencia do colectivo de xogadores de Cabo de Cruz, o Departamento de Deportes organiza o II Torneo de Bolos de Triñáns

(véxase a ilustración 24), sobre todo co obxectivo de seguir dotando de actividade a esta instalación e de promocionar máis a modalidade dos bolos nas parroquias de Abanqueiro e Cabo de Cruz.

Ilustración 23. Cartel promocional da I Edición da Liga de Bolos "Pedra Boleira"

Ilustración 24. Cartel promocional do II Torneo de Bolos de Triñáns

Participan 22 parellas e repártense 350 euros en premios (200, 100 e 50 euros para os primeiros, segundos e terceiros clasificados respectivamente). Na ilustración 25 poden observarse as tres primeiras parellas clasificadas deste torneo, resultando gañadores Manuel Luis Alonso Martínez e José Romero Calo, de Pomardorrío e Mieites (parroquia de Cures), seguidos de José Antonio Suárez Lojo e Juan Vicente Nine Lojo, de Triñáns e Trebonzos (parroquia de Abanqueiro) e de Benxamín Torrado Sánchez e Antonio Sánchez Ozores "*capilla*", ambos de Cabo de Cruz (parroquia do Castro).

O ano 2008 remataba cun éxito rotundo na promoción, difusión e práctica do xogo dos bolos en Boiro. Logo dunha década de traballo continuado

en prol da recuperación dos xogos populares e tradicionais, estábase consolidando unha das actividades máis demandadas e perseguidas, unha liga regular e estable de bolos en Boiro.

Ilustración 25. Tres primeiras parellas clasificadas no II Torneo de Bolos de Triñáns. De esquerda a dereita: Benxamín Torrado Sánchez e Antonio Sánchez Ozores "capilla" (3.º clasificados), José Romero Calo e Manuel Luis Alonso Martínez (campións) e Juan Vicente Nine Lojo e José Antonio Suárez Lojo (subcampións)

Como non podía ser doutro xeito, os orzamentos do Departamento de Deportes do concello de Boiro para o ano 2009 incluían no seu programa deportivo a segunda edición da Liga de Bolos "*Pedra Boleira*". Escoitando as suxestións dos propios xogadores, cambiouse o formato de liga, de xeito que nunha primeira fase de grupos se xogaría unha liguiña, para logo disputar eliminatorias directas en oitavos, cuartos, semifinais e finais respectivamente.

O 28 de abril de 2009 apróbase en Xunta de Goberno un gasto de 1814,60 euros para o desenvolvemento da II Liga de Bolos, cantidade sensiblemente inferior ao ano anterior, sobre todo pola baixada na contía dos

premios en económico, en consonancia cos axustes económicos levados a cabo pola Concellaría de Deportes en todos os apartados.

Con todo o proxecto preparado para comenzar en maio coa competición, prodúcese un acontecemento que ninguén esperaba. Antonio García Hermo, colaborador do Departamento de Deportes, árbitro e un dos principais valedores da Liga de Bolos, falecía repentinamente. A nova truncou de súpeto os plans dos responsables municipais e tamén dos propios xogadores, que non asimilaban o que acabada de acontecer. De consenso mutuo, organización e xogadores acordaron aprazar a competición por tempo indefinido.

A liga non se reanudaría ata o ano seguinte. O 16 de maio de 2010 comezaría a II Liga de Bolos Tradicionais-I Memorial Antonio García Hermo, contribuíndo deste xeito ao recordo dun dos grandes artífices da posta en marcha desta liga. A semana anterior, o 11 de maio de 2010 aprobábase en Xunta de Goberno Local un gasto de 1700 euros para a realización da II Edición da Liga de Bolos, dos cales 850 euros serían para os premios en económico para as 6 primeiras parellas clasificadas (300, 200, 150, 100, 50 e 50 euros respectivamente). Un total de 20 parellas participaron nesta edición, nun sistema de liga regular (desbotando o proxecto do ano anterior dunha fase inicial de liguiña e logo unha segunda fase con eliminatorias directas) que prolongou a competición ata o domingo 27 de xuño. Para o desenvolvemento da competición contouse coa inestimable axuda de Alba García Deán, a filla de Antonio, que chegara ao Departamento de Deportes para facer as prácticas do ciclo de formación profesional de Animación de Actividades Físicas e Deportivas; e tamén de María José Vidal Otero, tamén estudante en prácticas do mesmo ciclo que Alba García. Ademais, para os labores de arbitraxe e xuíz de campo contouse coa axuda de Benxamín Torrado Sánchez, de Cabo de Cruz, participante habitual nas diferentes competicións de bolos que se organizaban en Boiro (esta persoa, paralelamente ás competicións organizadas dende o Departamento de Deportes, e como membro das comisión de festas da parroquia do Castro, xa levaba uns anos organizando torneos de bolos con motivo das festas patronais do Castro a comezos do mes de setembro e tamén

nas festas do Carme o 16 de xullo, desenvolvendo a actividade no campo de bolos de Triñáns).

A táboa 14 mostra a clasificación final da II Edición da Liga de Bolos "Pedra Boleira"-I Memorial Antonio García Hermo, na que resultou gañadora a parella formada por José Manuel Viturro López e Antonio Sánchez Ozores "capilla", ambos de Cabo de Cruz; o segundo posto foi para José Manuel González Boullón e Adrián González Pérez, pai e fillo residentes en Enseño (Cures); e o terceiro posto foi para Benxamín Torrado Sánchez e Senén Sieira Viturro, ambos tamén de Cabo de Cruz.

Posto	Xogadores	Partidos xogados	Partidos gañados	Partidos perdidos	PUNTOS
1.º	Jose – Capilla	19	16	3	48
2.º	José Manuel - Adrián	19	15	4	45
3.º	Benjamín – Senén	19	14	5	42
4.º	Fontán – Suso	19	14	5	42
5.º	Antonio Lojo – Toño	19	13	6	39
6.º	Paco – Manolo García	19	13	6	39
7.º	Totó – Fran García	19	13	6	39
8.º	Abraham – Héctor	19	12	7	36
9.º	José Calo – Manuel A.	19	11	8	33
10.º	José Antonio – Moncho	19	11	8	33
11.º	Rubén – Antonio	19	10	9	30
12.º	Fran – Mayán	19	10	9	30
13.º	Daniel S. – Juan Lojo	19	10	9	30
14.º	Canina – Angelito	19	7	12	21
15.º	Sergio – Manolo	19	7	12	21
16.º	Luis – Jorge	19	7	12	21
17.º	Alba – Yessi	19	3	16	9
18.º	Ismael S. – Esteban	19	3	16	9
19.º	Victor – Jorge	19	0	19	0
20.º	Henri – Enrique	19	0	19	0

Táboa 14. Clasificación xeral da II Edición da Liga de Bolos "Pedra Boleira"

Participan 22 parellas e repártense 350 euros en premios (200, 100 e 50 euros para os primeiros, segundos e terceiros clasificados respectivamente), resultando gañadores Manuel Luis Alonso Martínez e José Romero Calo, de Pomardorrío e Mieites (parroquia de Cures), seguidos de José Antonio Suárez

Lojo e Juan Vicente Nine Lojo, de Triñáns e Trebonzos (parroquia de Abanqueiro) e de Benxamín Torrado Sánchez e Antonio Sánchez Ozores "*capilla*", ambos de Cabo de Cruz (parroquia do Castro).

Ao remate da contenda, os representantes do goberno municipal, co alcalde D. Xosé Deira Triñanes á cabeza, realizaron un pequeno acto de homenaxe ao finado de Antonio, que rematou coa entrega dun agasallo á súa viuva (un ramo de flores); logo, como viña sendo tradición, a taberna de Pomardorrío, agora rexentada pola viuva de Antonio García e polas súas fillas, obsequiou aos asistentes cunha merenda a base de tortillas, empanada, pinchos variados, cervexa e viño.

Das reunións que mantiveron técnicos do Departamento de Deportes do concello de Boiro co colectivo de xogadores de bolos, extraeuse un novo formato de competición, no que se tiveron en conta tanto as datas nas que se presumían mellores condicións meteorolóxicas como un sistema de competición con menos partidas, do cal resultou máis cómodo e levadeiro para os participantes, con menos partidos en máis tempo.

O 10 de maio de 2011 apróbase en cunta de goberno local un gasto de 1530 euros para o desenvolvemento da III Liga de Bolos "Pedra Boleira"-II Memorial Antonio García Hermo, dos cales 850 euros destináronse aos premios en metálico para as seis primeiras parellas clasificadas (300, 200, 150, 100, 50 e 50 euros respectivamente). A cantidade xeral adicada á competición foi sensiblemente inferior á da pasada edición, axustada únicamente nos gastos de trofeos e mantendo os mesmos premios económicos para os participantes que o ano anterior.

O 28 de maio de 2011 arrancaba a III Liga de Bolos "Pedra Boleira"-II Memorial Antonio García Hermo, con 16 parellas inscritas e cun formato de liga con eliminatorias directas a dobre volta, na que todas as parellas estiveron competindo ata o final da liga, cada una por un posto determinado, e que rematou o 26 de xuño.



Ilustración 26. Emparellamentos e resultados da III Liga de Bolos "Pedra Boleira"-II Memorial Antonio García Hermo

Na ilustración 26 móstranse os emparellamentos e resultados finais da III Liga de Bolos "Pedra Boleira"-II Memorial Antonio García Hermo, da que resultaron gañadores a parella formada por José Manuel García Hermo e Francisco García Otero, ambos de Pomardorrío (parroquia de Cures); a segunda posición foi para a parella formada por José Antonio Romero Brión e Gerónimo García Vázquez, de Loxo e Pomardorrío respectivamente, ambos da parroquia de Cures; e a terceira posición foi para a parella formada por Benxamín Torrado Sánchez e Adrián Sieira Viturro, ambos de Cabo de Cruz (parroquia do Castro).

Para o desenvolvemento da liga, volveuse contar con Benxamín Torrado Sánchez como xuíz árbitro e delegado de campo, e con Alba García Deán (filla de Antonio) e Manuel Castro Silva (alumno en prácticas do ciclo de Formación Profesional de Animación de Actividades Físicas e Deportivas) para o rexistro de resultados.

O domingo 26 de xuño, última xornada de liga, procedeuse á entrega de trofeos, acto ao que acudiu o novo concelleiro de Deportes, D. Manuel Romero Vázquez e o concelleiro de Montes, D. Diego Santamaría Vila. Ao remate, de novo a familia de Antonio García Hermo que rexenta a Taberna de Pomardorrío, obsequiou aos presentes cunha churrascada, chourizos, empanada e viño a esgalla.

A cuarta edición da Liga de Bolos Pedra Boleira-III memorial Antonio García Hermo foi a última que se desputou no concello de Boiro e desenvolveuse entre o 28 de abril e o 2 de xuño de 2012. Cun orzamento de 974 euros (sensiblemente inferior ao do ano anterior que fora de 1530 euros), organizouse unha liga con 12 parellas e todos os encontros desputáronse os encontros os sábados e dos domingos pola tarde, a partir das 16:30 h.

O sistema de competición neste caso foi diferente ao de pasadas edicións, xa que se estableceron dous grupos de seis parellas cada un, enfrontándose as parellas de cada grupo entre si a dobre volta e,

posteriormente, disputando unha xornada final segundo a clasificación da primeira fase de liga, de xeito que os primeiros de cada grupo disputarían a final, os segundos o terceiro e cuarto posto, os terceiros o quinto e sexto posto, e así sucesivamente.

Ilustración 27. Gañadores da IV Edición da Liga de Bolos Pedra Boleira-III Memorial Antonio García Hermo. De esquerda a dereita: Adrián González Pérez, Nolo Romero (Concelleiro de Deportes), Juan Antonio Moledo (Concelleiro de Medio Ambiente, Praias e Servizos) e José Manuel González Boullón

Esta xornada final decidiu os gañadores desta cuarta edición, que neste caso foron José Manuel González Boullón e Adrián González Pérez, pai e fillo residentes na parroquia de Cures (véxase a ilustración 27). Como gañadores obtiveron un premio en económico de 200 euros e o correspondente trofeo. O segundo posto foi para a parella formada por José Antonio García Nine e José Antonio González Pérez, ambos tamén residentes na parroquia de Cures, acadando un premio de 150 euros e o trofeo (véxase a ilustración 28). E o terceiro posto foi tamén para unha parella de Cures, formada por José Calo Romero e Manuel Luis Alonso Martínez, que recibiron 100 euros e os trofeos correspondentes (véxase a ilustración 29).

Ilustración 28. Subcampións da IV Edición da Liga de Bolos Pedra Boleira-III Memorial Antonio García Hermo. De esquerda a dereita: José Antonio García Nine, Nolo Romero (Concelleiro de Deportes), Juan Antonio Moledo (Concelleiro de Medio Ambiente, Praias e Servizos) e José Antonio González Pérez

Ilustración 29. Terceiros clasificados da IV Edición da Liga de Bolos Pedra Boleira-III Memorial Antonio García Hermo. De esquerda a dereita: Nolo Romero (Concelleiro de Deportes), José Calo Romero, Juan Antonio Moledo (Concelleiro de Medio Ambiente, Praias e Servizos) e Manuel Luis Alonso Martínez

Por todo o exposto, pódese afirmar que os bolos son parte esencial do legado cultural e un elemento integrante dos sinais de identidade da localidade de Boiro (A Coruña), que debe manterse custe o que custar.

O Camiño Inglés e a Rota Fluvial

Na ilustración 30 poden observarse os concellos con actividade bolística na provincia da Coruña na actualidade (neste caso, só no concello de Boiro) e as rotas que seguen o Camiño Inglés e a Rota Fluvial. Así como nas outras tres provincias galegas se observan coincidencias entre as rotas dos diferentes camiños a Santiago de Compostela, sobre todo nas provincias de Lugo e Pontevedra, na Coruña non se pode establecer relación nigunha, xa que a actividade bolística é practicamente nula, coa excepción do concello mencionado.

De todos os xeitos, hai que ter en conta que unha vez que os peregrinos chegaban a Padrón, a Catedral de Santiago está a pouco máis de medio día de camiño, polo que estes peregrinos non paraban moito nestas localidades e seguían o seu camiño a Santiago, de modo que se producía un menor intercambio cultural cos veciños destes lugares. E algo semellante pasa co Camiño Inglés, xa que os peregrinos, unha vez que arriban aos portos de Ferrol ou da Coruña, a Catedral de Santiago está a pouco máis dun día de camiño, polo que, ao igual que os que chegaban pola Rota Fluvial, a interrelación cos veciños das localidades de paso é máis superficial, o intercambio cultural e lúdico é menor que noutras localidades onde os peregrinos paraban a descansar antes da última xornada de camiño. Por todo isto, é constatable que a actividade bolística na provincia da Coruña é menor que no resto das provincias galegas.

	Concellos con actividade federada		Camiño de Santiago (Inglés)
	Concellos con actividade (sen federar)		Camiño de Santiago (Rota Fluvial)

Ilustración 30. Distribución xeográfica dos concellos coruñeses con actividade bolística

TERCEIRA PARTE

CONTEXTUALIZACIÓN, ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DE DATOS

CAPÍTULO 4

O CONTEXTO LOCAL

4.1. A realidade no concello de Boiro

A localidade de Boiro está situada ao suroeste da provincia da Coruña, na marxe norte da ría de Arousa, a máis grande e fermosa das rías galegas. Sitúase na vertente meridional da serra do Barbanza, macizo que, a modo de península, separa a ría de Muros-Noia ao norte e a de Arousa; linda ao leste co concello de Rianxo, ao norte con Lousame e ao oeste co Porto do Son e A Pobra do Caramiñal, coa serra do Barbanza no medio (véxase a ilustración 31).

Ocupa unha superficie aproximada de 86,6 km^2, de modo que en extensión é o terceiro dos sete concellos que forman a comarca natural do Barbanza (Boiro, Rianxo, Lousame, Noia, Porto do Son, Ribeira e A Pobra do Caramiñal). É o primeiro municipio en número de entidades poboacionais con 114 (IGE 2011), agrupadas en oito parroquias: Abanqueiro (San Cristovo), Bealo (San Pedro), Boiro (Santa Baia), O Castro (Santa María), Cespón (San Vicente), Cures (San Andrés), Lampón (Santiago) e Macenda (San Xoán), as seis primerias costeiras e as dúas últimas parroquias de interior, que dependen da diocese de Santiago de Compostela (véxase a ilustración 31).

A capital municipal dálle o nome ao concello (Boiro, aínda que antigamente se definía como Boiro de Arriba) e presenta unha excelente situación comunicativa coas principais cidades galegas a través da autovía do Barbanza e da rede de autoestradas de Galicia; dista de Santiago de Compostela en aproximadamente 50 quilómetros, 124 da Coruña, 54 de Pontevedra e 80 de Vigo.

Relevo

A altitude media sobre o nivel do mar é de 32 metros e, bordeando este, existe unha estreita franxa litoral, paralela ao monte, na que se asenta a maior parte dos núcleos de poboación. Dende ela o relevo ascende empinado cara ao norte integrando a cordilleira do Barbanza e superando os 600 metros nos cumios de Fontefría (683 metros), Barazal (640 metros) e Iroite (éste último é con 685 metros o de maior altitude). A cordilleira do Barbanza atravesa, pois, o

municipio de norte a sur. Nos contrafortes das súas accidentadas montañas ábrense numerosos vales nos que se asentan as parroquias do interior (Cures e Macenda). Nas áreas montañosas os solos están sometidos á continua erosión e son, xeralmente, pobres e pouco propicios para o cultivo, debido á súa pendente e escasa profundidade. Na área do litoral, en cambio, os solos son máis profundos e ricos en materia orgánica, moi aptos para a agricultura.

Hidrografía

Son varios os ríos que atravesan o municipio. Deles, o máis importante é, sen dúbida, o Coroño, termo de clara raíz romana; é o de maior caudal dos da serra do Barbanza, que desemboca na Ponte Goiáns procedente dos contrafortes da serra, cun percorrido norte-sur ata a desembocadura.

Outros ríos de menor entidade son o Brea, Grande, Barbanza e Beluso. Destes, o Barbanza desemboca nos termos municipais da Pobra do Caramiñal e o Beluso, que nace no monte Muralla (entre Lousame e Rianxo) desemboca no municipio de Boiro. Todos eles son cursos curtos que salvan desniveis de ata 600 metros, debido á proximidade da serra ao mar, e por iso teñen un alto poder erosivo.

Costas

A costa que bordea o termo municipal ten uns 37 quilómetros de lonxitude. Fundamentalmente é baixa, areosa e salpicada de pequenas agrupacións rochosas. Iníciase na Punta de Escarabote (parroquia de Lampón) e remata na desembocadura do río Beluso (parroquia de Bealo). Está formada por varias praias de gran tamaño e areosas, así como por pequenas enseadas, puntas rochosas e illotes. Iníciase na citada Punta de Escarabote e continúa na recollida Praia de Agramuiña; virán logo a punta de Peralto, marisma de Escarís, desembocadura do río Coroño e praia de Barraña, formidable areal de máis de 3 quilómetros de lonxitude e bordeado por un paseo marítimo peonil. Ao seu remate está o istmo que une as subpenínsulas de Cabo de Cruz e Abanqueiro co municipio, coñecidas como Val do Chazo. Atopamos a seguir as

praias de Rebordelo e Cariño, Careixo, Esteiro, Punta Fusiños, Cabo de Cruz, Piñeirón, Carragueiros (fronte á illa da Bensa), Os Baos, Retorta, Punta do Chazo, praia da Ladeira, Mañóns, punta de Pedrarrubia, Fontenla, Portomouro, Arealonga, Capitán, A Palma, praia de Agañán e enseada do Bodión. En Neixón comeza a chamada ría de Beluso, baixa e fangosa.

Clima

Como no resto dos municipios das Rías Baixas, Boiro goza dun clima agradable, con invernos suaves (9,3ºC de media nos meses máis fríos) e veráns cálidos, con temperaturas próximas ao ideal térmico (con medias situadas nos 21ºC), o que fai del un dos máis soleados do litoral setentrional peninsular. Na zona montañosa as temperaturas descenden notablemente (19,2 ºC en xullo e 7,2 ºC en xaneiro). A época máis calorosa corresponde aos meses de xuño, xullo e agosto, mentres que decembro, xaneiro e febreiro adoitan ser os máis fríos.

Debido á súa situación, Boiro sofre os efectos dos ventos do suroeste, xa que a serra do Barbanza o protexe dos ventos do norte. As precipitacións son abundantes e concéntranse especialmente na tempada invernal; arriba, no monte, as precipitacións son máis notables polos efectos da altitude e da pantalla pluviométrica propia da serra.

Festivos, festexos e eventos

En Boiro son festivos os días de festa nacional en España, en Galicia e as festividades locais, aprobadas en función do calendario laboral elaborado anualmente polo Goberno Municipal. No ano 2011 foron os seguintes:

- 1 de xaneiro: Ano Novo.
- 6 de xaneiro: Reis.
- 19 de marzo: San Xosé.
- 21 e 22 de abril: Semana Santa.
- 17 de maio: Letras Galegas.

- 16 de xullo: Virxe do Carme.
- 25 de xullo: Santiago Apóstolo.
- 15 de agosto: Asunción da Virxe.
- 31 de agosto: San Ramón.
- 12 de outubro: Día da Hispanidade.
- 1 de novembro: Todos os santos.
- 6 de decembro: Día da Constitución.
- 8 de decembro: A Inmaculada.
- 25 de decembro: Nadal.

As festas son un grande distintivo do municipio de Boiro por gardaren unha forte relación coas crenzas, mitos e tradicións. En ningunha festa da localidade faltan as gaitas, bandas e orquestras que describen a súa historia a través da música tradicional; folclore, fogos de artificio, polbo, viño da terra, sardiñas e roscas, que forman parte do variado conxunto de actividades e tradicións das festas e romarías. Todas as parroquias teñen as súas propias celebracións, máis arraigadas nuns casos e de recente orixe noutros, mais todas elas caracterízanse polo seu ambiente alegre e distendido.

Un aspecto que cómpre destacar destas festas parroquiais é que as comisións organizadoras acostuman promover actividades recreativas, xogos e espectáculos con fin de completaren o programa festivo, e dentro destas actividades, adoitan organizarse **torneos de bolos tradicionais**, como é no caso das festas do Carme e Santa María do Castro, na parroquia do Castro, habituais nos últimos anos; ou nas festas patronais de San Andrés de Cures e na romaría da Virxe de Exipto (Abanqueiro), máis propias de antano.

De seguido móstrase unha relación das festas máis importantes de Boiro:

- 15 de xaneiro: romaría de San Mauro (Lampón).
- Do 24 ao 26 de xuño: festas patronais de San Xoán de Macenda.

- 29 de xuño: festas patronais de San Pedro de Bealo.
- Último domingo de xuño: festas do Sacramento, coa confección de alfombras florais.
- Primeira semana de xullo: festas do verán de Boiro.
- 10 de xullo: festas patronais de San Cristovo de Abanqueiro.
- 16 de xullo: festas da Virxe do Carme en Cabo de Cruz. Procesión marítima.
- Terceira semana de xullo: festas do Carme en Escarabote (Lampón). Procesión marítima.
- 25 de xullo: festa na honra do apóstolo Santiago.
- Primeiro domingo de agosto: romaría da Virxe de Exipto (Abanqueiro).
- 6 de agosto: festividade do Divino Salvador de Comoxo.
- Domingo anterior ao 15 de agosto: romaría de Neixón (Cespón).
- 15 de agosto: festividade da Nosa Señora en Cespón.
- 31 de agosto: romaría de San Ramón de Bealo.
- Primeiro domingo de setembro: festa do Carme en Abanqueiro. Procesión marítima. Tamén se celebra a festividade da Virxe do Loreto (Cespón).
- 7 de setembro: festividade das Neves en Macenda.
- 8 de setembro: festas patronais de Santa María do Castro.
- 29 de setembro: festividade de San Miguel en Comoxo.
- Segundo domingo de outubro: festividade do Carme en Macenda.
- 30 de novembro: festas patronais de San Andrés de Cures.
- 13 de decembro: festas patronais de Santa Baia de Boiro.

Ilustración 31. Localización xeográfica do concello de Boiro en Galicia e distribución do concello por parroquias

4.2. Características da poboación e aspectos socioeconómicos

Como se apuntaba máis atrás, o concello de Boiro está agrupado en oito parroquias, que suman en total 114 entidades poboacionais (aldeas). Con data do 21 de febreiro de 2012 o padrón municipal reflicte un total de 19260 habitantes, dos cales o 51,23% son mulleres e o 48,77% son homes, distribuidos por parroquias tal e como se indica na táboa 15.

Parroquia	Entidades poboacionais	Mulleres	Homes	Total
Abanqueiro (San Cristovo)	11	881	852	1733
Bealo (San Pedro)	17	392	361	753
Boiro (Santa Baia)	14	4771	4595	9366
O Castro (Santa María)	8	1209	1097	2306
Cespón (San Vicente)	25	1016	943	1959
Cures (San Andrés)	16	264	270	534
Lampón (Santiago)	19	1188	1165	2353
Macenda (San Xoán)	4	146	110	256
TOTAL:	114	9867	9393	19260

Táboa 15. Distribución da poboación boirense (21/02/2012)
Fonte: Padrón Municipal do concello de Boiro

A poboación en Boiro sufriu unha evolución constante dende finais do século XIX (véxase a táboa 16) semellante aos concellos veciños (salvo A Pobra e Rianxo, que entre os anos 50 e 70 e no último lustro tiveron unha lixeira involución), de modo que actualmente é o segundo concello máis poboado, tan só por detrás de Santa Uxía de Ribeira (27699 habitantes).

Este aumento poboacional en Boiro comportou tamén un aumento da presión demográfica sobre o seu territorio, que ten unha densidade de 222,40 hab/km^2, moi superior á media provincial (144,20 hab/km^2) e á autonómica (94,6 hab/km^2) (véxase a táboa 17).

	1887	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996	1998	2011
Boiro	7705	8953	9429	9989	10505	11505	12570	12661	13867	16752	16792	17932	17845	19260
Pobra	6168	6540	7506	8584	8784	8337	8010	7449	8165	9813	9863	10165	10082	9726
Ribeira	10352	12218	14228	15834	16870	18760	18280	20697	21749	23081	23255	26752	26413	27699
Rianxo	7553	8277	8589	8987	9461	9971	11120	10484	10944	11352	11812	12193	12147	11780
Total:	31778	35988	39752	43394	45620	48736	49980	51291	54725	60998	61722	66862	66487	68465

Táboa 16. Evolución da poboación na comarca do Barbanza dende o ano 1887
Fonte: Fundación Paideia (2001) e IGE (2011)

	Km	1960	1991	1998	2011
Boiro	86,6	146,20	193,90	207,07	222,40
Pobra	34	219,08	290,08	296,5	286,06
Ribeira	65,1	317,90	357,20	405,7	425,48
Rianxo	59	177,60	200,20	205,8	199,66
Total	244,7	209,60	252,24	273,24	279,79

Táboa 17. Densidade poboacional (habitante/m^2)
Fonte: Fundación Paideia (2001) e IGE (2011)

A idade media do/a boirense é de 41,8 anos (40,3 os homes e 43,2 as mulleres) e no ano 2011 presenta un saldo vexetativo positivo de 10 persoas (185 nacementos e 175 defuncións). Con respecto a isto, os indicadores demográficos no 2011 móstrannos una taxa bruta de natalidade do 9,6%, unha taxa bruta de mortalidade do 7,6%, un índice de envellecemento de 95,7%, a idade media á maternidade é aos 31,3 anos, o número medio de fillos por muller é de 1,2 e a taxa bruta de nupcialidade é do 4,1%.

A distribución da poboación por aldeas (células básicas do asentamento na Galicia rural) responde a unha forma máis de disgregación ou de dispersión que de agrupamento, incluso de illamento, xa que o papel aglutinador, de reunión, exérceo moral e socialmente a parroquia rural, un ente invisible aos ollos da administración pero plenamente presente, baseada en normas, costumes e circunscricións tradicionais, que non lle restan, nin moito menos, vigor e dinamismo.

Sobre a parroquia rural recálcase o seu carácter relixioso, como poden comprobarse nos seus ritos espirituais e festexos, pero sobre todo a súa condición de nivel xerárquico superior á aldea, na que se aglutina a vida

socioeconómica das diferentes entidades singulares que están baixo a súa xurisdición moral, aínda sen ter recoñecemento de lei polas instancias oficiais. Lisón (2004) referíase á parroquia como unha forma de unidade xeográfica, social e cultural ben delimitada; ríos, regatos, corredoiras, camiños reais, cumios de montañas e liñas entre marcos, marcan os límites propios de cada freguesía.

En Boiro as oito parroquias teñen cada unha delas as súas propias peculiaridades e cada unha delas dispón dos servizos básicos para non ter que recorrer á capital: pequenos establecementos de alimentación, farmacia, centros socioculturais, entidades veciñais, centros educativos ou equipos deportivos (a excepción das dúas parroquias máis afastadas da capital, Cures e Macenda). Estas características, xunto con outras potenciadas incluso pola administración, fan que cada vez as parroquias teñan máis autonomía, o cal axuda á dispersión da poboación e tamén de servizos e asemade resta a calidade que se ofrece aos boirenses.

Boiro ten unha poboación infantil e xuvenil (menores de 19 anos) que supón o 18,75% da poboación total do municipio, superior á media provincial (15,70%) e á media autonómica (15,80%). No municipio boirense están actualmente en activo 3 escolas de educación infantil (EEI Saltiño e EEI Comoxo –ambas dependentes do CEIP Praia Xardín- e EEI Bealo – dependente do CEIP Cespón), 6 centros de educación infantil e primaria (CEIP Santa María do Castro, CEIP Santa Baia, CEIP Praia Xardín, CEIP Escarabote, CEIP Abanqueiro e CEIP Cespón) e 3 institutos de educación secundaria (IES Cachada, IES Praia Barraña e IES Espiñeira), que escolarizan un total de **2496 alumnos** (véxanse as táboas 18, 19 e 20).

COLEXIOS	*EDUCACIÓN PRIMARIA*							*EDUCACIÓN INFANTIL*			
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	TOTAL	3 ANOS	4 ANOS	5 ANOS	TOTAL
CEIP ABANQUEIRO	19	24	13	14	11	17	98	12	14	15	41
CEIP SANTA BAIA	19 18 18	19 19 21	24 24 22 23	22 19 22	21 23 23	19 21 22	399	25 24	23 24	25 25	146
CEIP PRAIA XARDÍN	21 22	22 21	19 19	20 20	21 22	23 20	250	25	25	24 20	94
CEIP CABO DA CRUZ	17	22	22	18	16	20	115	19	11	14	44
CEIP ESCARABOTE	14	21	19	17	19	21	111	16	9	11	36
CEIP CESPÓN	23	17	19	18	17	19	113	14	15	25	54
TOTAL	171	186	204	170	173	182	1086	135	121	159	415

Táboa 18. Alumnado matriculado nos centros de ensino infantil e primario do concello de Boiro no curso 2011-2012. Fonte: centros de ensino de Boiro

Centro	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º Bachar	2º Bachar	PCPI	Telecom	Xestión	Adm. e finanzas	Total
IES Cachada	110	101	82	77	-	-	-	-	-	-	370
IES Espiñeira	14	16	17	26	27	29	-	36	13	42	220
IES Praia Barraña	45	56	46	35	94	86	11	-	-	-	373
TOTAL	169	173	145	138	121	115	11	36	13	42	963

Táboa 19. Alumnado matriculado nos centros de ensino secundario do concello de Boiro no curso 2011-2012. Fonte: institutos de secundaria de Boiro

Escola Unitaria	Nº alumnos	Centro dependente de:
ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL DO SALTIÑO	13	CEIP Praia Xardín
ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL DE COMOXO	13	CEIP Praia Xardín
ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL DE BEALO	7	CEIP Cespón
TOTAL:	32	-

Táboa 20. Alumnado matriculado nas escolas de educación infantil aínda activas hoxe en día en Boiro. Fonte: EEI de Boiro

O sector económico

No concello de Boiro, no ano 2011, a estrutura económica preséntanos, segundo a afiliación en alta laboral por sectores, un predominio das actividades relacionadas co sector servizos (2939 persoas), moi destacado do sector da industria (1054 persoas), seguido este de cerca polo sector da agricultura e pesca (995 persoas) e do sector da construción (618 persoas). Estes datos súmanse ao número de contratos iniciais rexistrados xa no ano anterior, que ascenden a 4504.

Os datos do paro rexistrado en 2011 non son nada alentadores, pois a cifra ascende a 1559 persoas (815 homes e 744 mulleres), das cales 160 son menores de 25 anos (93 rapaces e 68 rapazas). Por sectores de actividade, o paro afecta máis ao sector de servizos (677), seguido da construción (367), un dato este moi superior ao de anos precedentes cando na localidade se construía a un ritmo desenfreado; a industria rexistra un paro de 295 persoas e a agricultura un total de 48, unha cifra insignificante en relación co resto dos sectores. Todos estes datos súmanse ás 173 persoas rexistradas sen emprego anterior. Estes datos do paro son semellantes ao resto da comarca (relación porcentual), se cabe aínda máis baixos que noutras localidades, onde o paro no sector da construción creceu alarmantemente.

Por sexos, existe unha clara diferenza na distribución da poboación ocupada en función da posible incorporación da muller a determinados traballos; de tal forma que a poboación feminina se concentra e é máis numerosa no sector industrial e na agricultura; mentres que nos homes se centra sobre todo na pesca, servizos e construción, actividades dende sempre masculinizadas.

As actividades agrarias

Os últimos tempos están sendo testemuña de mudanzas importantes na agricultura galega, na comarca e, tamén, en Boiro. A disminución da superficie agraria utilizada e das explotacións agrarias non foi acompañada dun aumento

do seu tamaño medio para achegalas a unha dimensión viable dende o punto de vista económico, de modo que a pequena explotación é a que segue a dominar na localidade.

Á agricultura estáselle recoñecendo e pedindo cada vez máis que xogue un papel destacado na conservación e mantemento dos recursos naturais e do medio, polo que as características como a produtividade e a rendibilidade que predominaban como obxectivos na agricultura industrial dan paso agora a obxectivos como a sustentabilidade, o equilibrio e a eficacia. Isto é así porque a agricultura deixa de ter un carácter exclusivo de produción de bens primarios para adquirir un carácter de actividade multifuncional.

Na comarca do Barbanza hai 24432 hectáreas de superficie produtiva, e é Boiro o concello de maior superficie (8625 Ha). No referente á distribución dos aproveitamentos, convén sinalar que a superficie produtiva se reparte en tres tipos de uso: terras de cultivo, prados e pastizais e terreo forestal. En cultivos Boiro ocupa 2140 Ha (a maior da comarca), en pastos 205 Ha (tamén a maior da comarca) e en terreo forestal 2345 Ha (a máis baixa da comarca).

As explotacións gandeiras

A orientación pecuaria do pasado foi moi importante en Boiro e na comarca do Barbanza, ao igual que no resto de Galicia. Sábese que se aproveitaba como gando de labor, ademais de servir de produción de leite e carne. Ata practicamente a década dos anos 70 o gando bovino dunha explotación calquera compoñíase dunha parella de bois acompañada dunha ou dúas vacas de cría e de labor que axudaban nas faenas do campo máis sinxelas, proporcionando ao mesmo tempo un tenreiro cada ano e medio ou dous anos, así como uns poucos litros de leite. As vacas constituían unha boa axuda para as economías domésticas, xa que con elas se abastecía o consumo familiar de leite e a venda de produtos proporcionaba unha entrada de cartos extra.

Coa entrada do sistema gandeiro industrial o modelo extensivo vixente durante séculos cambia totalmente na localidade e en toda a comarca. O número de vacas disminúe e o de explotacións tamén, aínda que cada unha delas se consolida cun bo número de animais.

E nos últimos tempos o negocio de produción de leite deixou de ser produtivo para ser substituído por unha orientación de produción de carne, sobre todo na venda de tenreiros e vacas adultas.

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística no ano 2011, o número de explotacións de gando bovino en Boiro é de 131 (350 en total na comarca do Barbanza) e o total de bovinos ascende a 879, case a metade do total da comarca (2092).

O sector pesqueiro

Un dos motores da economía local e o sector pesqueiro. Aínda que se denomina de forma xenérica como pesca a actividade que se produce e mantén pola explotación e aproveitamento dos recursos naturais mariños, o marisqueo é o cultivo do mexillón son as principais ramificacións que supoñen un peso importante na economía boirense.

Boiro, no corazón das Rías Baixas, unha ría que posúe unha gran riqueza biolóxica, dispón de zonas marisqueiras altamente produtivas, como son na zona de Abanqueiro (xestionada pola Cooperativa Galega Ría de Arousa de Abanqueiro), Mañóns, A Retorta, Os Baos, Carragueiros, Corviño, Esteiro, Careixo, Barraña e Praia Xardín (zonas xestionadas pola Confraría de Cabo de Cruz). A ameixa e o berberecho son os principais bivalvos que se extraen das praias boirenses, ben a flote (extracción dende unha embarcación) ben a pé (extracción directamente na praia coa marea baixa), para posteriormente proceder á súa venda na lonxa de Cabo de Cruz (zonas controladas pola Confraría de Cabo de Cruz) ou depuralo e logo vendelo a outros intermediarios (Cooperativa Galega Ría de Arousa). A extracción de ameixa e berberecho dálle traballo directo actualmente ao pé de 400 persoas

na Confraría de Cabo de Cruz e, no caso da Cooperativa Galega Ría de Arousa, o número de asociados achégase aos 500, aínda que non todos traballan na extración de bivalvo nos 32000 m^2 de criadeiro dos que dispoñen en Abanqueiro.

O cultivo do mexillón en bateas atopa na ría de Arousa a súa máxima concentración, con preto de 3000 bateas, instaladas ao abeiro das súas características de abrigo e riqueza en fitoplancto.

Aínda que existe unha enorme división no sector (na localidade hai seis agrupacións de mexilloeiros que engloban arredor de 300 bateas), a súa forza fixo que se obtivera a denominación "*Producto Galego de Calidade*", circunstancia que lles permite acceder ao mercado en mellores condicións. Este sector dálle traballo directo ao pé de 700 persoas na localidade.

A pesca artesanal realizada por embarcacións de pequeno tamaño (denominadas gamelas ou chalanas) tamén ten a súa importancia na localidade, aínda que en menor medida que as dúas anteriores. As artes de pesca máis utilizadas son as nasas, as redes ou os tramallos, que capturan nécoras, centolas, camaróns, xoubas, fanecas, pintos ou maragotas respectivamente.

O sector industrial

Boiro dispón dun polígono industrial, promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia (actualmente xestionado pola empresa Xestur Coruña), que comezou a funcionar no ano 2002. Situado no lugar de Espiñeira, desenvolveuse en dúas fases, que suman un total de 367500 m^2 brutos. A primeira fase ten 169111 m^2 de uso industrial repartidos en 43 parcelas. Aínda que todas as parcelas xa están vendidas, a ocupación é tan só dun 60% e, a parcela máis grande, de 25000 metros cadrados, pertence á conserveira Jealsa Rianxeira.

A segunda fase rematouse en marzo de 2009 e, nestes momentos, aínda se están vendendo parcelas. A superficie total desta fase é de 71895 m^2, repartidos en 24 parcelas de uso industrial.

Ora ben, curiosamente as principais industrias (conserveiras) non están no polígono industrial de Espiñeira, senón espalladas pola costa boirense; Queridiña, Irmáns Pita, Paquito, Boiromar e Jealsa Rianxeira constitúen a columna vertebral do emprego industrial en Boiro; e sobre todo esta última. Jealsa Rianxeira SA, fundada no ano 1958, é un xigante mundial no sector conserveiro. A súa principal factoría está situada no lugar do Bodión (Abanqueiro) e ocupa unha superficie de solo industrial de 80500 m^2, cunha superficie de produción de 29800 m^2 e cunha capacidade de produción de ata 400 Tm/día.

Con plantas depuradoras, frigoríficas, almacenaxe, de coxeración eléctrica, flota pesqueira propia e un "*holding"* de 21 compañías repartidas por todo o mundo, a empresa boirense facturou no ano 2011 arredor dos 450 millóns de euros e dálles emprego directo a unhas 3500 persoas, das que a maior parte son mulleres procedentes de toda a comarca.

O comercio e os servizos

Baixo a denominación de servizos encérrase unha pluralidade moi extensa de actividades: comercio, transporte, automóbil, bares, cafetarías e restaurantes, finanzas e seguros, hospedaxe e outros. Neste caso estariamos falando de servizos privados, en contraposición aos servizos públicos, ofertados dende a Administración pública (concello de Boiro) e outras entidades (oficina de emprego ou centro de saúde) encamiñados a mellorar as condicións da cidadania.

Hoxe en día a expansión dos servizos débese aos procesos propios da economía e da sociedade que conducen cara á consolidación e afianzamento dun novo paradigma socioeconómico. Polo tanto, existen en primeiro lugar como consecuencia dunha serie de factores de demanda por parte dos

cidadáns (como pode ser un maior poder adquisitivo, hábitos de consumo ou múltiples necesidades básicas) e, en segundo lugar, tamén se produce un grande aumento na demanda de servizos por parte da industria, o cal establece así unha relación de simbiose entre ambos.

En Boiro, ao igual que no resto da comarca, hai un bo feixe de bares, cafetarías e restaurantes, polo que o principal subsector que proporciona traballo, sobre todo aos homes. Outro subsector importante é o comercio, que entre maioristas e minoristas ocupan a preto de 450 boirenses, distribuidos por igual entre homes e mulleres.

A construción

Boiro é un dos concellos do Barbanza que máis creceu canto á construción de vivendas novas, o que fai del unha das referencias no só na comarca, senón en toda Galicia. Ademais das empresas locais que se dedicaron ao sector toda a vida (España SL, Tubío SL, Construcciones Lampón SL e demais) outras moitas empresas foráneas investiron en Boiro para construír vivendas sobre todo preto da costa, cunha revalorización dos inmobles de entre un 200% e un 300% nos últimos anos. Esta situación, mentres houbo compradores (sobre todo xente de fóra que investía en segunda vivenda), xerou moito traballo na localidade, con soldos para os obreiros moi superiores aos de calquera funcionario de categoría media.

No ano 2011 ningunha empresa construtora foránea traballou en Boiro; as construtoras locais pecharon case na súa totalidade e só quedou algunha en activo para rematar algún edificio a medio facer; as novas inmobiliarias xurdidas polo *boom* da construción pecharon todas e só permaneceron en activo as máis antigas no sector. E, consecuentemente, o paro neste sector creceu alarmantemente.

En contraposición a isto, notouse un auxe de actividade en pequenas empresas que se dedican á rehabilitación de vivendas, así como de pequenas obras de albanelaría. Isto, xunto co aumento no número de autónomos no ramo

da fontanaría e electricidade, entre outros, contribuiu a paliar e a suavizar o paro no sector.

4.3. O papel do Servizo Municipal de Deportes como dinamizador do deporte boirense

"*Dun tempo a esta parte, en Boiro, ao igual que noutras localidades da bisbarra, estase a experimentar un extraordinario desenvolvemento do fenómeno deportivo. Aínda que son moitos os factores que conducen a este desenvolvemento (entre eles a propia dinámica dunha sociedade cada día máis urbanizada e moderna, que demanda dos poderes públicos espazos que posibiliten a práctica de actividade física e deportiva, sexa ou non organizada), posiblemente sexa a implicación do concello o principal deles. A aposta feita en canto á programación de actividades, oferta de subvencións, fomento do asociacionismo e xestión plural e transparente de instalacións, estase complementando nos últimos anos coa creación de novas infraestruturas*" (Rodríguez Gallardo, 2002[b]:91).

Este autor afirma que o fenómeno deportivo que se dá en Boiro a partir de principios dos anos 90 está ligado estreitamente á intervención do concello que nesa época, ante as inquedanzas dos boirenses, toma conciencia da necesidade de potenciar a práctica deportiva en todos os sentidos e crea o Departamento de Deportes, un ente que hoxe en día constitúe o eixo fundamental do deporte en Boiro, ao redor do cal xira a promoción da actividade física e o deporte, a xestión plural de instalacións deportivas, o fomento e axuda ao asociacionismo, a convocatoria de subvencións e axudas aos clubs, asociacións deportivas e deportistas de alto nivel para o fomento e práctica do deporte.

A etapa inicial

Prescindindo de actuacións esporádicas ou puntuais anteriores, a primeira acción municipal de envergadura en canto ao fomento do deporte na

localidade remóntase ao ano 1987 cando se inaugura o pavillón de Barraña, unha instalación dotada dunha pista polideportiva de 44x24 m., vestiarios e un pequeno ximnasio situado debaixo das bancadas, cunha capacidade para 800 persoas aproximadamente. Non obstante, esta acción non foi acompañada de ningunha outra ata catro ou cinco anos despois, polo que a instalación permaneceu infrautilizada durante este período (Rodríguez Gallardo, 2002[b]).

Esta tendencia invértese a finais do ano 1992 coa posta en marcha por primeira vez dun programa deportivo de carácter municipal (Escolas Deportivas), feito no que influíu tamén o impulso dado pola Deputación da Coruña a este tipo de actividades a través dos seus programas de subvencións e, sobre todo, ao empeño dunha persoa que daquela colaboraba co concello de Boiro en temas culturais, Antón Rodríguez Gallardo. Esta persoa deseñou un programa de escolas deportivas bastante limitado (100 prazas destinadas a rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os 10 e os 18 anos nas especialidades de balonmán, voleibol, atletismo, remo e tenis, que se prolongaría durante catro meses) pero significaba o inicio do compromiso do concello na promoción directa e consciente da práctica deportiva entre os seus cidadáns.

"*No derradeiro trimestre de 1993 dase un paso máis nesta dirección coa activación do plan deportivo-cultural, que se vai ampliar coa contratación en xuño de 1994 dun coordinador de deportes (Antón Rodríguez Gallardo) e un conserxe (Manuel Dieste Noal) para o pavillón de Barraña. E deste xeito, co obxectivo inmediato de programar actividades e dinamizar o único pavillón existente ao tempo que intentar poñer solución aos problemas concretos do día a día, comezaría a funcionar a área de deportes do concello de Boiro*" (Rodríguez Gallardo, 2002[b]:97).

Nos anos seguintes a programación deportiva foise consolidando e aumentando a súa oferta; deste xeito, o equipo de goberno decidiu ampliar o persoal do departamento, confirmando asi a vontade das autoridades locais de apostar pola promoción do deporte. En novembro de 1997 realízase a

contratación dun técnico deportivo a través dunha subvención da Deputación da Coruña (José Eugenio Rodríguez Fernández) e, en decembro do ano 2000, dun conserxe-mantedor para o pavillón de Lampón (Gerardo Maneiro Araújo), que xa viña sendo contratado de xeito intermitente dende finais de 1998.

O momento actual

Despois duns inicios titubeantes o Servizo Municipal de Deportes está consolidado e en plena expansión, a pesar dos momentos actuais de crise económica que pasan, sobre todo, as entidades públicas.

Hoxe en día o equipo de traballadores adscrito ao Servizo de Deportes, ademais do persoal mencionado, complétase con outro técnico-monitor deportivo (Manuel González Lorenzo) e dous novos conserxes (Javier Figueiro Resúa e Pablo Torrado Otero, este último en réxime de interinidade de Manuel Dieste Noal por mor da xubilación deste).

No ano 2011 o orzamento para a Área de Deportes ascendeu a 522823,06 euros, dos que 289363,66 foron para o programa 341 de promoción e fomento do deporte (actividade deportiva) e 233459,40 para o programa 342 de instalacións deportivas; neste orzamento está incluido o do persoal adscrito ao departamento (tres técnicos e tres conserxes), que suma un total de 205792,45 euros.

"*Tendo en conta que as competencias en materia deportiva, xurdidas das diversas fontes legais e que son atribuídas ás entidades locais, deixan vía libre para a organización do servizo e a xestión deportiva municipal, e que a liña de traballo é razoablemente boa, decidiuse non modificar o modelo de xestión, continuando coa xestión directa sen apoio doutro órgano especial de administración*" (Rodríguez Gallardo, 2002[b]:98).

Actualmente tres son os piares básicos que sustentan a política deportiva municipal boirense: a programación de actividades, a xestión das

instalacións e o apoio aos clubs e deportistas federados mediante subvencións e patrocinios para a promoción do deporte.

4.3.1. A programación de actividades

Coa finalidade de facer da práctica da actividade físico-deportiva algo popular e achegala ao maior número de persoas e sectores sociais posible, sen que o seu sexo, idade, condición física, psíquica ou procedencia social constitúan un impedimento, o Servizo Municipal de Deportes ofrece tres grandes programas de actividades deportivas: Escolas Deportivas Municipais, Veráns Deportivos e o Programa Invernal de Promoción Deportiva "*Quencefrío*". Estes programas están dirixidos a persoas que non practican deporte federado, e constitúen a programación estable anual do servizo; á parte, ao longo do ano desenvólvense outras actividades que están "*fóra de programa*", que teñen carácter puntual (torneo, curso de formación ou exhibicións), onde se vincula á partida orzamentaria de "imprevistos" e que constitúen un complemento á programación deportiva estable.

Escolas Deportivas Municipais

"*As Escolas Deportivas Municipais (EDM) constitúen a columna vertebral do deporte municipal. A principal finalidade que perseguen é achegar a práctica deportiva ao maior número de persoas de toda condición, aínda que na parte do programa destinada á poboación máis nova tamén se busca servir de canle de relación entre os participantes e os clubs federados integrados no programa e tamén fomentar o asociacionismo*" (Rodríguez Gallardo, 2002[b]:99).

As escolas deportivas boirenses inclúen unha variada programación para a poboación infantil, xuvenil, adulta, terceira idade e persoas con algún tipo de discapacidade. Por lóxica, o programa ten unha duración dun curso escolar pero, para efectos económicos, divídese en dúas fases: de outubro a decembro (1.ª fase) e de xaneiro a maio (2.ª fase). As escolas deportivas municipais 2011-2012 están compostas polas seguintes actividades:

- Actividades para adultos

  Ximnasia de mantemento, tenis e actividades no complexo deportivo da Cachada (natación, pilates, spinning, musculación, etc.)

- Actividades especiais

  Ximnasia para xubilados, bailes de salón para xubilados, natación para a terceira idade, actividade física para persoas con discapacidade, educación física de base I (3 e 4 anos), educación física de base II (5 e 6 anos) e predeporte (7 e 8 anos).

- Actividades para mozos e xóvenes

  Tenis de mesa en todos os centros de ensino primario, tenis, ciclismo, xadrez, remo, piragüismo, voleibol, baloncesto e natación.

- Competicións deportivas.

  IX Edición da liga prebenxamín de fútbol sala, I Edición da liga prebenxamín de fútbol 8, VIII Edición da liga benxamín de fútbol 7, VII Edición da liga alevín de fútbol 7, VII Edición da copa infantil de fútbol 11, VI Edición da copa cadete de fútbol 11, liga comarcal de minibasket e preminibasket, VI Edición da liga ciclista, V Edición da regata de bateis, organización da fase final da 1.ª división nacional de voleibol e **IV liga de bolos tradicionais "Pedra Boleira"-III memorial Antonio García Hermo**.

O orzamento desta edición das EDM rolda os 62000 euros (19000 da 1.ª fase e 42934 euros da 2.ª fase).

Por que escolas deportivas?

A organización de escolas deportivas no ámbito do municipio debe ser apoiada dende as institucións públicas pois supoñen achegar a actividade físico-deportiva a sectores da sociedade que seguramente doutro xeito non terían acceso á práctica do deporte.

Estes programas pretenden, pois, facer da práctica deportiva algo popular, unha actividade á que poidan acceder amplas capas da sociedade, sen que o seu sexo, idade, condición física ou psíquica, e mesmo procedencia social, constitúan un impedimento. As EDM deben ir dirixidas primordialmente a aquelas persoas que polos motivos que foren non practican deporte federado.

Co achegamento da práctica físico-deportiva á cidadanía foméntase a participación directa dun importante número de persoas, con especial incidencia nos nenos/as e a mocidade, pero sen esquecer, como se referiu anteriormente, ningún sector da sociedade. Estas accións contribúen en boa medida a crear hábitos de ocio saudables que, sen dúbida, axudarán na prevención dos denominados males sociais (como poden ser o alcoholismo, sedentarismo ou a drogadicción) e dos problemas que destes se derivan.

Tampouco se debe esquecer que as EDM constitúen un excelente vehículo de relación entre os individuos e contribúen á integración das persoas. Alén disto, hai que engadir que no caso dos programas dirixidos a adultos, ademais doutros aspectos positivos (a socialización ou o benestar físico), axudan a eliminar ou, cando menos, a aminorar as tensións acumuladas ao longo da xornada.

En definitiva, este tipo de programas de promoción da actividade físico-deportiva serven, ou polo menos así debera ser, para crear unha sociedade sa e conseguir unha mellora na calidade de vida dos veciños.

Veráns Deportivos

"*Veráns Deportivos é un programa estacional de promoción da actividade física e o deporte que se levou a cabo por primeira vez no período estival de 1994. Ao igual que o resto da programación do Departamento, ten como finalidade a promoción da práctica deportiva entre amplos sectores da sociedade pero, neste caso, as actividades que se inclúen, salvo excepcións, diferéncianse das Escolas Deportivas Municipais en que o aspecto lúdico e recreativo ten máis peso específico que o técnico ou educativo. Tamén existen*

diferenzas en canto aos lugares de celebración, xa que a climatoloxía favorable do verán da pé a que a maioría do programa se realice en instalacións ou espazos ao aire libre, como o parque da Cachada, paseo marítimo e praia de Barraña, inmediacións de peiraos (Cabo de Cruz e Escarabote), áreas polideportivas ao aire libre, serra do Barbanza, etc." (Rodríguez Gallardo, 2002[b]:101).

O programa de Veráns Deportivos desenvólvese preferentemente nos meses de xullo e agosto, aínda que excepcionalmente pode comezar a última semana do mes de xuño e rematar a primeira semana do mes de setembro. O cartel deportivo do verán 2011 estivo composto por:

- Actividades para rapaces e rapazas

  Campamento deportivo (en colaboración coa Deputación da Coruña), tenis, remo, piragüismo, volei praia e baloncesto.

- Actividades deportivas especiais

  Educación física de base I (3 e 4 anos), educación física de base II (5 e 6 anos), predeporte (7 e 8 anos) e ximnasia para xubilados.

- Actividades para mozos e adultos

  Vela, kitesurf, tenis e actividades deportivas no complexo deportivo da Cachada: natación, musculación, spinning, pilates.

- Competicións deportivas

  XIX volta ciclista ao Barbanza-X memorial Luis Resúa, IX regata de piragüismo para categorías base, maratón de fútbol sala, torneo de fútbol veterano Virxe de Exipto, V travesía a nado Praia de Barraña, torneo de volei praia 2x2-proba do circuito Barbanza de volei praia e regata de traiñeiras.

O orzamento deste programa achegouse aos 19000 euros ao que, se lle sumamos as achegas como subvencións nominativas que se lle conceden ao

Club de Remo Cabo de Cruz para o desenvolvemento da regata de traiñeiras (9600 euros), ao Club Ciclista Barbanza para a volta ciclista ao Barbanza (4000 euros) e á Asociación Deportiva Boirense de Fútbol Sala para a organización do maratón de fútbol sala (1000 euros), pódese dicir que estamos ante un programa deportivo que rolda os 35000 euros de orzamento.

Programa invernal de promoción deportiva "*Quencefrío*".

"*Quencefrío é o máis novo dos programas deportivos que organiza o servizo municipal, remontándose á tempada 97-98. Desenvólvese durante os meses de decembro, xaneiro, febreiro e marzo e, ao igual que os Veráns Deportivos, a súa programación está conformada por actividades puntuais e lúdicas, entre as que se inclúen rafting, cursos de esquí,* ***xogos tradicionais****, asistencia a espectáculos deportivos, etc. A participación media aproximada por edición ven sendo dunhas 900 persoas e o seu orzamento é cuberto polos propios participantes e o concello*" (Rodríguez Gallardo, 2002[b]:103).

O programa "*Quencefrío 2011*", cun orzamento de 10201,86 euros, estivo composto polas seguintes actividades:

- Mes de decembro

Trofeo de ciclocross concello de Boiro (XXI Edición), Carreira popular "Mar de Boiro" (VI Edición)-IV Memorial Pepe Buceta, Torneo de tenis de nadal (XIII Edición) e Campionato Galego de Taekwondo.

- Mes de xaneiro

Cross escolar, Máster provincial de tenis, Torneo escolar de xadrez, Torneo escolar de tenis de mesa e Gimcana ciclista.

- Mes de febreiro

Duatlón, campionato de Mushing-Canicross, ciclocross para categorías base, carreira ciclista en estrada para categorías base e IX Open tenis de Boiro.

- Mes de marzo

Monográfico de remo: promoción nos centros de ensino primario e secundario do concello de Boiro, coa proxección de vídeos, participación nas clases de Educación Física dos centros e remoergómetro; competición de remoergómetro entre o alumnado dos tres institutos de secundaria de Boiro: IES Cachada, IES Praia Barraña e IES Espiñeira; exhibición na rúa peonil de remoergómetro, material deportivo e trofeos; III regata de bateis concello de Boiro; regata exhibición de tripulacións de veteranos do Club Remo Cabo de Cruz e veteranos doutros clubs galegos: Tirán, Meira, Chapela, etc.; xornadas técnicas, nas que adestradores recoñecidos imparten nocións relativas ao adestramento, planificación e beneficios da práctica do remo.

Actividades

Para levar a cabo todos estes programas, ademais do persoal propio do servizo municipal, contouse coa estreita colaboración de diversas entidades deportivas, tanto en aspectos organizativos como achegando monitores. Deste xeito, ademais de financiar as categorías inferiores do club, contribúese a afirmar os lazos de unión entre o propio monitor e o club, ligando dalgunha forma a súa continuidade con este. As asociacións e clubs que veñen colaborando habitualmente na programación deportiva do concello son o Club Remo Cabo de Cruz, o Club Piragüismo Rias Baixas (antes o Club Piragüismo Morcego), o Club Baloncesto Santa Baia, o Club Voleibol Cabo de Cruz, o Club Ciclista Barbanza, o Club Xadrez Xaque Mato e o Club Tenis Boiromar.

Sen constituír un obxectivo principal, pero pola influencia positiva que exerce sobre a promoción da práctica deportiva e a imaxe do Servizo Municipal de Deportes, cabe destacar a proxección dalgúns dos participantes naquelas

escolas deportivas ligadas aos clubs. Así, o excepcional traballo realizado polo Club de Remo na escola deportiva desta especialidade posibilitou o acceso ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra daqueles participantes máis aptos e, en consecuencia, que algúns deles puideran pasar a formar parte da selección galega e española da especialidade. Este labor concretouse tamén no paso de moitos deles ás distintas tripulacións absolutas do club e en exitosas participacións en campionatos galegos e de España, que confirmaron o Club de Remo Cabo de Cruz como un dos clubs máis destacados de Galicia e que desenvolveu un dignísimo papel na mellor liga de traiñeiras de España, a Liga ACT.

Sobresaínte é tamén o traballo realizado noutras escolas deportivas, como na de piragüismo, ligada dende sempre ao Club Piragüismo Morcego (agora o Club Piragüismo Rias Baixas), que enviaron ao Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra numerosos deportistas (Miguel Ordóñez, Andoni Larrauri, Diego Otero, Sandra Triñanes, Cristian Silva e Raquel Dacosta) e que varios deles conseguiron proclamarse campións de España na súa categoría.

E tamén as escolas vinculadas ao Club Voleibol Cabo de Cruz, con equipos en todas as categorías e co equipo sénior en primeira división nacional; ou as do Club Baloncesto Santa Baia e as do Club Natación Boiro, este último o club exitoso máis recente, do que o boirense Rufino Regueira acadou o campionato de España no ano 2009, conseguíu a segunda mellor marca europea nos 200 metros costas e bateu a mitos como Aschwin Wildeboer ("*recordman*" mundial dos 100 metros costas en piscina curta) e abríndolle as portas do Campionato do Mundo celebrado en Roma ese mesmo ano.

Esta colaboración cos clubs locais fai que, por exemplo, nas escolas deportivas municipais se precisen preto de 30 monitores deportivos, que desenvolven a formación en preto de 20 instalacións deportivas diferentes. E aínda que nos *Veráns Deportivos* e no *Quencefrío* os requirimentos son

menores, serve perfectamente para darse conta da necesidade dunha boa xestión dos recursos para que unha programación deportiva como a que hoxe en día se desenvolve en Boiro teña o éxito que ten e sexa recoñecido polos propios profesionais (técnicos deportivos municipais) da comarca.

4.3.2. A creación e xestión de instalacións deportivas

A aposta feita polo concello de Boiro na promoción da actividade física e o deporte foi acompañada coa creación de novas infraestruturas, que axudou a satisfacer a cada vez maior demanda dos boirenses.

Dende o ano 1987 que se construíu o primeiro pavillón polideportivo cuberto ata o día de hoxe, construíronse sete novos pavillóns cubertos (un en cada centro de ensino e outro que forma parte do complexo deportivo da Cachada, no que tamén se localiza unha piscina e un ximnasio). Cos pavillóns escolares, ademais de satisfacer a demanda dos propios alumnos, déuselle cabida a numerosos colectivos que precisaban de instalacións cubertas para a práctica deportiva (sobre todo clubs federados), ademais de albergar as escolas deportivas municipais.

Destes pavillóns polideportivos cubertos, un foi cedido cunha xestión indirecta a unha empresa de servizos (complexo deportivo da Cachada) e dous pavillóns escolares pasaron a ser xestionados polo Servizo Municipal de Deportes, grazas a un convenio-marco de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), o cal os dota de persoal (conserxe), que se encargan do seu mantemento, limpeza e control. Dos catro restantes, un é utilizado en exclusiva polo Club Baloncesto Santa Baia para o adestramento e competición de todas as categorías e os outros son utilizados por un bo número de colectivos e grupos de amigos para realizar actividade física, baixo o control e responsabilidade da dirección dos centros educativos correspondentes.

Nun concello onde o fútbol é o deporte con máis afeccionados, non podía faltar unha infraestrutura axeitada para acoller a todos os equipos e participantes. En Boiro hai nove campos de fútbol, dos cales seis son municipais. Os que xestiona directamente o Servizo de Deportes son os campos de herba natural de Barraña e Vista Alegre, que esixen un grande esforzo, dedicación e cartos para o seu mantemento, e o campo de herba artificial de Vista Alegre, que posibilitou incrementar substancialmente o número de horas de adestramento e competición que demandaban os clubs, sobre todo coas categorías inferiores.

A última instalación deportiva construída na localidade corresponde ás pistas ao aire libre da Boqueira da Negral, un espazo conformado por unha pista de fútbol sala, unha de tenis, unha de baloncesto e unha pista multiuso de gran tamaño que alberga unhas pistas de *skate* e *patinaxe*. Esta foi unha instalación moi demandada durante anos polos veciños, pois coa desaparación da pista do Campo da Misión (logo do derrubamento do antigo edificio do concello) os rapaces quedaron orfos de instalacións ao aire libre no centro da localidade.

Pero o salto cualitativo na infraestrutura deportiva boirense produciuse coa construción do complexo deportivo da Cachada, un centro que alberga un pavillón polideportivo con pavimento de madeira, unha piscina climatizada de seis rúas, un ximnasio de musculación e unha sala multiusos. Inaugurado na primavera do ano 2002, hoxe en día funciona a pleno rendemento con máis de 1000 aboados, aínda que segue arrastrando problemas estruturais (sobre todo filtracións de auga debido supostamente a unha cuberta sen inclinación ningunha) que inflúe na imaxe visual e na calidade dos servizos que alí se prestan.

Na táboa 21 poden observarse as instalacións deportivas aos que os usuarios poden acceder na localidade.

Instalación		Instalación
Campo de fútbol municipal de Barraña (Boiro): 1 campo de herba natural		Pista polideportiva exterior de cemento do Sequelo (Escarabote)
Campos de fútbol municipais de Vista Alegre (Boiro): 1 campo de herba natural e 1 de artificial)		Pista polideportiva exterior de cemento do Saltiño (Boiro)
Campo de fútbol municipal de Neixón (Cespón): 1 campo de terra		Pista polideportiva exterior de cemento de Comoxo (Boiro)
Campos de fútbol municipal de Valiño (Cabo de Cruz): 2 campos de terra		Pista polideportiva exterior de cemento de Cures (Cures)
Campo de fútbol municipal da Mina (Lampón): 1 campo de terra		Pista polideportiva exterior de cemento de Macenda (Macenda)
Campo de fútbol da Lomba (Bealo): 1 campo de terra.		Pista polideportiva exterior de cemento de Treites (Cespón)
Campo de fútbol da Charca (Abanqueiro): 1 campo de terra		Pista polideportiva cuberta de cemento de Bealo
Campo de fútbol de Pomardorrío (Cures): 1 campo de terra		Pista polideportiva exterior de cemento multiusos da Cachada
Complexo Deportivo da Cachada (Boiro): 1 pavillón polideportivo e 1 piscina		Pista polideportiva exterior de herba articial da Cachada (Boiro)
Pavillón Municipal de Barraña (Boiro)		Parques biosaudables: 1 en Abanqueiro, 1 en Cabo de Cruz e 1 en Boiro
Pavillón polideportivo do CEIP Abanqueiro		Campo de bolos de Pomardorrío (Cures)
Pavillón polideportivo do CEIP Santa María do Castro (Cabo de Cruz)		Campo de bolos de Triñáns (Abanqueiro)
Pavillón polideportivo do CEIP Escarabote		Club náutico Boiro-Marina Cabo de Cruz
Pavillón polideportivo do CEIP Cespón		Club náutico e deportivo Barraña (Escarabote)
Pavillón polideportivo do CEIP Santa Baia (Boiro)		Escola de Vela da CINA no Chazo (Cabo de Cruz)
Pavillón polideportivo do CEIP Praia Xardín (Boiro)		Área deportiva da praia de Barraña (Boiro): 3 pistas de volei praia e 1 campo de fútbol praia
Instalacións deportivas do IES Praia Barraña (Boiro): 1 ximnasio cuberto e 2 pistas cemento		Pista de volei praia de Carregueiros (Cabo de Cruz)
Instalacións deportivas do IES A Cachada (Boiro): 1 ximnasio cuberto e 2 pistas cemento		Club de remo Cabo de Cruz (O Castro): ximnasio, almacén e vestiarios
Instalacións deportivas do IES Espiñeira (Boiro): 1 ximnasio cuberto e 2 pistas cemento		Club de Piragüismo Rias Baixas (Escarabote): ximnasio, almacén e vestiarios
Pistas polideportivas exteriores da Boqueira de A Negral (Boiro): 1 pista de tenis, 1 de fútbol sala e 1 de baloncesto		Carril Bici: do Saltiño a Boiro, bordeando o paseo marítimo
Praza da Boqueira da Negral (Boiro): pistas de skate e zona multideportiva patinaxe, bicicleta…		Ximnasio Ozono (Boiro)
Pista polideportiva exterior do Subuqueiro (Cabo de Cruz)		Ximnasio Suh (Boiro)

Táboa 21. Instalacións deportivas (municipais e privadas) no concello de Boiro

Unha vez que o Servizo Municipal de Deportes se dotou de persoal suficiente (tanto técnicos como conserxes-mantedores) fóronse xestionando directamente cada vez máis instalacións, coa pretensión sempre de acadar a máis alta rendibilidade social e deportiva posible en cada un dos espazos, a través dunha xestión plural con se se atende o deporte federado, o organizado, o escolar e os deportistas que van "por libre".

Entre os pavillóns de Barraña, Valiño e Escarabote, cos campos de fútbol de Vista Alegre e Barraña e as pistas polideportivas ao aire libre da Boqueira da Negral, poden pasar semanalmente uns 2000 usuarios. Tal cifra obriga a facer un importante esforzo en canto a coordinación de horarios, dotación de material, limpeza e mantemento diario, que xunto co plan mensual e anual de melloras, constitúen a clave para facilitar a práctica deportiva e dar unha boa imaxe da instalación o cal, ademais, prolonga a súa vida útil.

4.3.3. Subvencións e patrocinios

O concello de Boiro, a través do Servizo Municipal de Deportes, realiza dende o ano 1996 unha convocatoria anual de subvencións destinada a promocionar a actividade deportiva entre as entidades deportivas da localidade: clubs e asociacións deportivas; e nos útlimos anos tamén se outorgan axudas económicas (bolsas) aos deportistas máis destacados, coas que se pretende premiar e seguir incentivando a práctica deportiva dos rapaces e rapazas boirenses con idades comprendidas entre os 11 e os 25 anos.

A distribución das cantidades económicas (no ano 2011 foron 4900 euros para as bolsas a deportistas e 51060 euros para clubs e asociacións) faise en función de criterios obxectivos, consensuados no seu momento cos propios clubs, asociacións, técnicos e deportistas, polo que resultan baremos diferentes segundo se trate dun ou outro colectivo.

Ademais, o concello de Boiro patrocina (íntegra ou parcialmente) eventos de interese organizados por clubs locais, que nuns casos son periódicos (regata de traiñeiras ou a volta ciclista, xa clásicos no calendario

deportivo local) e noutros esporádicos (campionato galego de taekwondo ou concentración da selección española de voleibol). Préstase así mesmo colaboración a todas as entidades que organizan actividades puntuais, aínda que non teñan o mesmo impacto publicitario das anteriores. Estas axudas afectan a aspectos como a preparación de espazos deportivos, transporte de material, cesión de instalacións, concesión de trofeos e colaboración da policía municipal e protección civil, entre outros.

Á parte destas subvencións e patrocinios, os clubs e as asociacións benefícianse doutras axudas encamiñadas a facilitaren o seu labor, caso da cesión gratuíta de instalacións ou da axuda económica e material para o mantemento ou mellora das propias.

O fomento do asociacionismo

Boiro pode considerarse un municipio socialmente activo, como consecuencia do importante tecido asociativo que a día de hoxe se reflicte na localidade. Os datos do Rexistro Municipal de Asociacións a comezos do ano 2012 mostran un total de 139 entidades sen fin de lucro, dentro das cales hai asociacións de veciños, empresariais, de mexilloeiros, de amas de casa, de xubilados, musicais, de montes e augas, relixiosas, de festexos, educativas, culturais e deportivas.

O asociacionismo deportivo boirense está representado actualmente por 43 entidades, que en total xuntan 1805 licenzas federativas (datos extraídos da convocatoria a clubs deportivos boirenses ano ano 2011, onde cada entidade achegaba un certificado federativo co número total de licenzas nesa tempada), unha cantidade moi importante e que abarcan un amplo sector de deportes (véxase a táboa 22).

Esta alta cifra de licenzas federativas seguramente sería aínda maior, xa que clubs como o Club Deportivo Barbanza Golf, Club Xadrez Xaque Mato, Club Motociclista Boiro, Boiromotos ou mesmo a Sociedade de Caza Castelo de Vitres, a pesar de teren actividade, non solicitaron subvención no ano 2011

e, polo tanto, non presentaron o número de licenzas federativas formalizadas nesa tempada. De non ser así, poderiamos falar de máis de 2000 licenzas federativas na localidade.

Entidade	Actividade	N.º licenzas		Entidade	Actividade	N.º licenzas
Club Remo Cabo de Cruz	Remo banco fixo	68		Asociación Deportiva Boirense Fútbol Sala	Fútbol sala	208
Sociedade Deportiva Remo Rias Baixas	Remo banco fixo	23		Peña Ciclista Os Chans do Barbanza	Ciclismo BTT	-
Club Voleibol Cabo de Cruz	Voleibol	152		Club Náutico Deportivo Barraña	Vela	-
Club Baloncesto Santa Baia	Baloncesto	139		Club Náutico Boiro. Marina de Cabo de Cruz	Actividades naúticas	-
Club Deportivo Boiro	Fútbol	154		Club Barbanza de Deportes de Contacto	Boxeo e full contact	-
Escola Fútbol Municipal Barraña	Fútbol	43		Asociación Cultural Deportiva Morcego	Varios	-
Abanqueiro Sociedade Deportiva	Fútbol	219		Club Kayak Polo Boiro	Kayak polo	-
Sociedade Deportiva Valiño- Cabo de Cruz	Fútbol	119		Club de Hockey Boiro Patín	Hóckey patíns	-
Sporting Lampón	Fútbol	71		Escola Patinaxe Xouxo	Patinaxe	-
Club Deportivo Galicia Bealo	Fútbol	24		Club Motociclista Boiro	Motociclismo	-
Club Atlético de Neixón	Fútbol	16		Club Rugbi Barbanza	Rugbi	-
Sociedade Deportiva San Andrés de Cures	Fútbol	22		Club Artes Marciales Koshiki Boiro	Karate	-
Club Deportivo Oasis Veteranos-Kirss Xamonería	Fútbol (veteranos)	26		Sociedade de Caza Castelo de Vitres	Caza	-
Tourline Express Boiro	Fútbol (veteranos)	20		Club Xadrez Xaque Mato II Boiro	Xadrez	-
Veteranos Lampón-Muebles Guadalupe	Fútbol (veteranos)	30		Club Os Aforcados Mountain Bike	Btt	-
Automi-Boiro Recambios Barbanza	Fútbol (veteranos)	24		Club Deportivo Barbanza Golf	Golf	-
ACRD Boiro	Fútbol (feminino)	22		Boiromotos	Motociclismo	-
Club Suh Sport Competición	Taekwondo	217		Club Amigos Deportistas de Boiro	Tenis	-
Club Piragüismo Rias Baixas	Piragüismo	84		Club Shorinji-Ryu	Karate	-
Sociedade Deportiva e Cultural Natación Boiro	Natación	52		Barraña Volei Praia	Volei praia	-
Club Ciclista Barbanza	Ciclismo	41		Club Voleibol Atlético Boiro	Voleibol	-
Club Tenis Boiromar	Tenis	31		-	-	-

Táboa 22. Listaxe de entidades deportivas do concello de Boiro. Fonte: Rexistro Municipal de Entidades Deportivas do concello de Boiro

Como pode comprobarse, por enriba de todas as disciplinas destaca o fútbol, que cun total de 15 clubs, achegan no ano 2011 un total de 790 licenzas ao tecido deportivo local, o cal supón máis dun terzo (case a metade) do total. Taekwondo, fútbol sala, voleibol e baloncesto seguen ao fútbol en canto a número de deportistas federados.

A maior concentración de entidades deportivas prodúcese na parroquia de Boiro, con case o 70% do total. En parroquias como Lampón ou O Castro tamén é importante a concentración de entidades deportivas, sobre todo nesta última, na que ademais do asociacionismo deportivo é moi destacado o social e cultural. A parroquia de Macenda é a única que non conta con ningunha entidade rexistrada.

E seguindo a Rodríguez Gallardo (2002[b]:96) pódese concluir este apartado afirmando que "*Boiro, globalmente, conta cun tecido asociativo razoablemente desenvolvido, aínda que con fortes desequilibrios internos, onde o deporte base ten un importante peso específico. A súa maior debilidade radica na excesiva dependencia que a maioría dos clubs e asociacións teñen dunha ou dúas persoas*".

Despois de case vinte anos transcorridos dende a posta en funcionamento do Servizo Municipal de Deportes boirense, a valoración menos optimista acerca dos resultados fala dunha destacada contribución á expansión do deporte experimentada en Boiro nos últimos tempos. Hai que recoñecer o especial papel desempeñado polo ente local na introdución do deporte e a actividade física nas prácticas de tempo libre dos boirenses. Datos obxectivos así o avalan.

CAPÍTULO 5

OBXECTIVOS

Entre os propósitos deste traballo de investigación está o interese por coñecer a realidade dun dos escasos xogos tradicionais que aínda hoxe en día se conservan no concello de Boiro, o xogo dos bolos. A necesidade de saber as características deste xogo, o interese da xente nesta actividade, os lugares onde se desenvolvía a práctica, a evolución do xogo dende comezos do século pasado ata os nosos días e analizar as causas polas que o xogo dos bolos se foi deixando de practicar ata chegar ao nivel de práctica actual, son os motivos que responden á necesidade persoal de sacar estes datos á luz e dalos a coñecer entre a cidadanía.

Deste xeito, formúlase o obxectivo xeral deste traballo de investigación nos seguintes termos:

"Coñecer os aspectos técnicos, históricos e culturais do xogo dos bolos no concello de Boiro e determinar as causas que motivaron o seu paulatino decaemento, establecendo propostas de conservación e consolidación do xogo nas prácticas cotiás de ocio e tempo libre dos cidadáns boirenses".

A este obxectivo xeral compleméntano outros obxectivos específicos:

1. Determinar a localización xeográfica dos campos de xogo que houbo no concello de Boiro dende comezos dos século pasado ata os nosos días.

2. Analizar o sistema do xogo dos bolos e de todos os compoñentes físicos que o integran.

3. Coñecer as percepcións de antigos xogadores e persoas vinculadas directamente a este xogo popular sobre as causas que motivaron a súa popularidade e o posterior decaemento ata un nivel moi baixo de práctica, chegando case a súa total desaparición.

4. Elaborar un regulamento que sirva de referencia para os actuais e futuros xogadores.

5. Propoñer liñas de actuación de cara á promoción e consolidación do xogo dos bolos en Boiro, implicando aos principais axentes favorecedores da súa práctica: mestres, profesores, técnicos deportivos, políticos e medios de comunicación.

CAPÍTULO 6

DESEÑO E ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Neste capítulo abórdanse os diferentes aspectos relativos á fase metodolóxica do deseño e estratexias empregadas no presente traballo de investigación.

Deseñar unha investigación supón elaborar un plan convenientemente coherente que integre os obxectivos da investigación, técnicas de recolección de datos e modelos previstos para a súa análise, sendo unha fase fundamental no proceso de investigación (Alvira, García e Ibáñez, 1989; García Salinero, 2004). Esta fase está obrigatoriamente relacionada co problema, coa pregunta e cos obxectivos formulados previamente, recorrendo a diferentes modalidades de redución, formalización e xeralización de datos para un tratamento exhaustivo e rigoroso da información recompilada (Delgado e Gutiérrez, 1994).

Define Ruiz (2000:42) a metodoloxía como a "*ciencia do método ou o conxunto de métodos que se empregan nunha investigación científica, sendo o método o xeito ou a forma de facer ou dicir unha cousa cunha determinada orde, un procedemento que se segue nas investigacións científicas para atopar a verdade*". Este autor insiste en que para levar a cabo unha investigación hai moitos métodos científicos, sendo necesario elixir convenientemente o axeitado segundo o estudo que se pretenda desenvolver.

Unha vez definidos o problema, tema, preguntas e obxectivos do estudo (que estudar) chegou o momento de decidir o enfoque metodolóxico axeitado (como facelo) e de pensar no instrumento de recollida de información que se empregaría para achegármonos ao coñecemento da realidade dos bolos, na poboación de estudo, na mostra e de todos os elementos que constitúen a fonte de información para este traballo.

Neste caso, para o estudo do xogo dos bolos no concello de Boiro, optouse pola investigación cualitativa como estratéxia metodolóxica (Canales, 2006), encadrada baixo un paradigma descritivo e interpretativo, onde a relación entre a teoría e a investigación é aberta (Corbetta, 2007). O investigador cualitativo neste caso adoita rexeitar intencionadamente a teoría

antes de comezar co traballo de campo, considerando que podería inhibir a súa capacidade para comprender o punto de vista do individuo analizado e que podería acoutar o abano de posibilidades que se lle presenta. Así, a elaboración da teoría e a investigación empírica prodúcense, polo tanto, de xeito simultáneo (Pazos, 2010).

A investigación cualitativa neste caso estuda o coñecemento e as prácticas dos participantes, describindo as interrelacións no contexto concreto do caso e explicándoas en relación con el. Este tipo de investigación toma en consideración que os puntos de vista e as prácticas no campo son diferentes como consecuencia das distintas perspectivas subxectivas e dos ambientes sociais relacionados con elas, onde os puntos de partida para a investigación son as ideas dos acontecementos sociais, das cousas ou dos feitos que atopamos nun campo social en estudo e a maneira en que estas ideas se comunican unhas coas outras; é dicir, compiten, entran en conflito, trunfan, son compartidas e tomadas por reais (Flick, 2007).

Autores como Cajide (1992), Bartolomé (1992), Buendía (1997), Sandín (2003), Sabariego (2004), Tójar (2006) ou Canales (2006), destacan que este tipo de metodoloxía cualitativa de tipo descritiva é a máis empregada para investigacións de ámbito social, aspecto que se tivo en conta á hora de seleccionar a metodoloxía máis axeitada para o noso caso.

Coas referencias de diferentes autores, destácase da proposta metodolóxica empregada que:

- Recorre prioritariamente aos deseños metodolóxicos de carácter cualitativo para a recollida de datos (Pérez, 1994).
- Apóiase na convicción de que as tradicións, roles, valores e normas do ambiente no que se vive vanse interiorizando pouco a pouco e xeran determinados estilos que poden explicar a conduta individual de forma axeitada (Pérez, 1994;

Rockwell, 1991; Woods, 1988; Goetz e Lecompte, 1988; Sierra, 1988).

- Interésase polo que fai a xente, como se comporta e como interactúa cos demais (Goetz e Lecompte, 1988).
- Dálle moita importancia á cultura e, deste xeito, entende os fenómenos que se van investigar en termos socioculturais. Dedícase á observación e comprensión dos aspectos dunha cultura ou grupo social determinado, destacando o idioma, poboación, os costumes e medios de vida (Tójar, 2006).

Todas estas referencias de autores contrastados avalan a elección da investigación cualitativa de tipo descritiva como estratexia metodolóxica para este estudo, resultando a opción máis axeitada para este caso en concreto, logo do tema proposto e dos obxectivos plantexados.

No que segue de capítulo describiranse as características e trazos do traballo de investigación que se levou a cabo, en referencia ao tipo de investigación, mostra, procedemento para a toma de datos e instrumentos empregados para tal efecto, análise e interpretación súa, rematando cunha proposta de recuperación e consolidación do xogo dos bolos na localidade de Boiro.

Ao longo de todo o proceso de elaboración dos diferentes capítulos deste traballo de investigación seguiuse un método de traballo baseado na elaboración de mapas mentais (Buzán, 2004; Ontoria, 2006), representacións gráficas da organización de conceptos que imita a forma das redes neuronais. Ademais do resultado visual, comparte con outras técnicas (mapas conceptuais, redes conceptuais, mapas semánticos…) aspectos técnicos como a idea central, palabras clave, selección e organización de conceptos, creatividade ou interacción (Muñoz, 2009), obtendo repercusións positivas nos ámbitos afectivo e relacional das persoas que poñen en práctica estas técnicas

e conectando deste xeito coa teoría da intelixencia múltiple (Gardner, 1997) e coa teoría da intelixencia emocional (Goleman, 1997).

Os mapas mentais, considerados como un método revolucionario de análise que posibilita a utilización das capacidades da mente (Buzán, 2004), constitúen deste xeito unha nova técnica para desenvolver a capacidade de pensamento creativo e incrementar a competencia para construír o coñecemento dunha maneira organizada e integradora (Muñoz, 2009).

Para a elaboración dos mapas mentais buscouse na rede (internet) diferentes opcións de software coa intención de plasmar as ideas de forma gráfica e sinxela. Finalmente empregáronse dúas ferramentas: Freemind 0.9.0 e Xmind 3.1, dous programas de código aberto (software distribuído e desenvolvido libremente) que facilitaron a tarefa de elaborar os mapas mentais e que constituíron auténticas guías sobre as cales se organizou todo o traballo.

Con respecto á elaboración dos mapas mentais a estratexia que se seguiu sempre foi a mesma ao longo do traballo. Ao inicio de cada parte elaborouse un mapa mental no que figuraban todos os aspectos que se ían tratar da forma máis detallada posible, no que ademais de non esquecerse de ningún punto, facilitou o labor de seguir unha orde determinada, aspectos que beneficiaron, sen dúbida, a redacción dos capítulos en cuestión.

Con respecto a isto, elaboráronse catro tipos de mapas mentais, todos eles denominados de "arañeira" (Buzán, 2004; Muñoz, 2009), por reflectiren un esquema semellante a unha tea de araña onde se clasificou a información en temas e subtemas:

a) Mapa xeral da tese, desenvolvido en foma de guión xeral, que nos ofrece unha visión global do traballo e que nos indica o camiño para seguir, as fases que hai que ir completando e que define o aspecto final que terá o estudo de investigación.

b) Mapa de xustificación da tese, que mostran as verdadeiras intencións persoais de levar a cabo a tese, os aspectos motivacionais que propiciaron a realización este traballo e a elección concreta do tema obxecto de estudo.

c) Mapas de desenvolvemento teórico, elaborados ao comezo de cada capítulo da tese, confeccionando un guión con todos os puntos que debería conter o capítulo, destacando as palabras clave para logo desenvolver o resto do mapa. Na maioría destas ocasións os mapas modificábanse (sobre todo ampliábanse) pola aparición de novos contidos grazas a unha variada revisión bibliográfica ou a aspectos novos e interesantes que ían aparecendo froito da profundización na materia que se estaba tratando.

d) Mapas de toma de datos, que axudaron a elaborar de xeito coherente as entrevistas, os cuestionarios e aspectos para ter en conta durante a observación realizada directamente no campo de bolos.

Tamén se levou a cabo outra técnica de obtención e produción de información, neste caso, a confección dun *diario de investigación*, un instrumento que debe acompañar o investigador dende o instante no que se produce o interese polo tema que vai investigar (Tójar, 2006; Sanmartín, 2003; García Jorba, 2000; Colobrans, 2001; Taylor e Bogdan, 1996; Ives, 1980; Pérez, 1994; Gaitán e Piñuel, 1998).

Como un instrumento característico das investigacións de tipo cualitativo, como esta que se presenta, o diario de investigación é un informe persoal que se utiliza para recoller información sobre unha base de certa continuidade (Pérez, 1994), que contén notas confidenciais sobre observacións, sentimentos, reflexións, interpretacións, hipótesis ou explicacións (Taylor e Bogdan, 1996; Pérez, 1994), que tamén admite o valor catártico de incluír no seu contido os propios medos do investigador, angustias e euforias, do que resulta unha auténtica válvula de escape emocional (García Jorba, 2000).

As notas do diario tómanse pouco despois de que os feitos ocorran (Pérez, 1994) e dado que estes documentos se van elaborando diariamente a propósito dos aconteceres que lle ocorren ao investigador neste inmediato marco temporal, non adoita estar suxeito a erros de memoria (Gaitán e Piñuel, 1998), sendo moi clara a norma xeral con respecto a este instrumento ou caderno de reflexión exposta por Sanmartín (2003:234): "*nin un día sen a súa correspondente liña*".

García Jorba (2000) argumenta que o diario ten dúas claras utilidades: unha externa, relacionada coa posibilidade de estruturación da información unha vez que se finalizou o traballo de campo, e outra interna, co obxectivo de controlar o propio proceso investigador.

E, con estas referencias de fondo, o que se fixo neste caso foi elaborar un diario de investigación propio, creado o día no que se comezou este estudo, o 28 de xullo de 2011. Nun arquivo de Microsoft Office Word 2007, nun modelo creado para este fin, fóronse anotando todos os aspectos salientables de cada xornada de traballo, en referencia á descrición do traballo en si, aos problemas que foron xurdindo, ideas, intencións, valoración persoal ou estado de ánimo, incluso facendo referencia ao tempo efectivo de traballo empregado cada día; e nos días que non houbo actividade concreta anotouse a frase "*hoxe non fixen nada*", seguindo a idea de Sanmartín (2003) de que non pasara un só día sen escribir no citado diario.

De certo xeito, o feito de escribir no diario os acontecementos do día obriga a traballar máis, a ser máis constante, a buscar algunha tarefa que facer con tal de non ter que escribir que ese día non se fixo nada. E á hora de interpretar a información que nel se escribiu, de recoller e repasar os aspectos que parecían máis interesantes nun momento determinado, neste sentido, a confección do diario de investigación foi un instrumento moi eficaz neste caso en concreto.

Pero ademais destes instrumentos que serviron para guiar o traballo diario, enténdese que é preciso seguir unhas estratexias determinadas e realizar un deseño axeitado da investigación, ou sexa, "*trátase de elaborar un plan flexible sobre como se pretende abordar a investigación, a quen ou a que colectivo se dirixe e a maneira prevista inicialmente de comezar a construír o coñecemento acerca da realidade humana obxecto de estudo*" (Sandoval, 1996:35).

Coller (2000) fai referencia a características moi importantes que cómpre ter en conta no deseño da investigación, como son os obxectivos do traballo, o interese teórico e práctico que move a unha persoa a realizar unha investigación deste tipo, de que trata o traballo, que tipo de materiais e fontes de información se van considerar ou mesmo un determinado plan de actuación, e tendo presente en todo momento aspectos clave que debe posuír o deseño cualitativo: *apertura* (ou a posibilidade de engadir cambios e novos elementos no deseño), *flexibilidade* (ou a posibilidade de variar o previsto no deseño con máis e mellor información) e *sensibilidade*, referida aos cambios que se poden introducir influídos directamente polo contacto físico e emocional cos informantes ou co propio contexto de investigación (Sandoval, 1996; Tójar, 2006; Ruiz, 1999; Taylor e Bogdan, 1990).

Tójar (2001) indica ao respecto que deseños destas características se van construíndo sobre o propio desenvolvemento da indagación. Denomínanse *deseños emerxentes*, para remarcar a súa realización a partir dos elementos que se van coñecendo, elaborando e reelaborando (Valles, 1997). Estes deseños son deste xeito *abertos* e *flexibles*. *Abertos* porque permiten a incorporación de novos elementos no transcurso da investigación, e *flexibles* porque poden admitir cambios na orientación da investigación, nas estratexias e nos informantes (Tójar, 2006).

Para levar a cabo esta investigación realizouse unha exhaustiva *selección de informantes*, tal e como require o deseño das investigacións cualitativas, segundo Ruiz (2004) e Taylor e Bogdan (1990). Ambos os autores

indican que nin o número nin o tipo de informantes se especifica de antemán, comezando cunha idea xeral sobre as persoas ás que se entrevistará e o xeito de atopalas, mais estando disposto a cambiar de curso despois das entrevistas iniciais. Con respecto a isto, tivéronse en conta os seguintes aspectos:

- Atopámonos coa imposibilidade, ademais da inutilidade informativa, de analizar e observar todos os focos de interese, todos os escenarios e todos os actores sociais que interveñen, polo que se tendeu a seleccionar aquelas persoas que prometían máis riqueza de contido pola intensidade da súa experiencia persoal, que dispoñían de máis información pola súa sensibilidade idiosincrática e actitudinal a comunicala, ou que estiveran situadas máis inmediatos ou próximos ao núcleo de acción, entre outros (Ruiz, 1999; Ruiz e Ispizúa, 1989).
- Ante a imposibilidade de acceder a poboacións de gran tamaño xurdiu a necesidade de establecer seleccións representativas desas poboacións, ou sexa, unha mostra representativa da poboación obxectivo, de xeito que os resultados de aplicar a toma de datos a esa mostra puidesen ser xeralizados ao universo poboacional (Gaitán e Piñuel, 1998).
- A mostra podía ser un determinado grupo ou sector de persoas que debían coincidir coa poboación sobre a cal se desexaba facer a inferencia (Rodríguez Osuna, 2001; Visauta, 1989; Sierra, 1985).
- Despois de completar a toma de datos con varios informantes, diversifícouse deliberadamente o tipo de persoas entrevistadas ata descubrir toda a gama de perspectivas das persoas nas cales estabamos interesados, percibindo que se chegou a este punto unha vez que as persoas adicionais non producían ningunha comprensión autenticamente nova (Taylor e Bogdan, 1990), achegándose así á idea e saturación da información

expresada por Anguera (1988), Gaitán (1998), Canales (2006) e Flick (2007).

Con estas referencias, para este traballo de investigación seleccionáronse seis tipos de informantes clave, entendendo que todos eles forman parte independente da historia e da realidade do xogo dos bolos en Boiro, pero que nun futuro serán os principais axentes de conservación e divulgación do xogo na localidade. As características destes seis colectivos son:

a) *Antigos xogadores ou persoas maiores relacionadas directamente co xogo dos bolos*. Neste apartado fíxose unha selección entre veciños, tendo en conta os requisitos expostos máis arriba e avalados por autores de renome no ámbito das investigacións de tipo cualitativo. Nun principio fíxose unha selección de dez persoas, con representación das as oito parroquias do concello e partindo das seguintes características:
    - Persoas vinculadas directamente ao xogo dos bolos, ben como xogadores ou rexentes de tabernas onde se promocionaba esta modalidade.
    - Xogadores de bolos e que fosen referencia doutros xogadores polas súas especiais habilidades bolísticas, entendendo que posúen valiosa información pola súa longa vinculación ao xogo dos bolos.
    - Que a idade ronde os 80 anos e, preferiblemente, maiores desa idade.
    - Que conserven unha boa memoria e teñan facilidade para comunicar as súas experiencias.

    Logo desta selección de informantes, a idea era seguir a técnica de *"bóla de neve"* exposta por Taylor e Bogdan (1990) que

consistía en que logo de facer as primeiras entrevistas, eses mesmos informantes irían dando referencias doutras persoas que poderían ser de moita axuda para este traballo de investigación. E así foi, grazas á axuda e colaboración dos primeiros entrevistados, obtivéronse referencias doutras persoas coas que se completou un total de 25 entrevistas.

Na maioría dos casos non se sabe cantas entrevistas habería que realizar ata que se comeza a falar realmente cos informantes (Taylor e Bogdan, 1990), e tendo claro que non se podería acceder a todos os actores sociais que interveñen no xogo dos bolos na localidade de Boiro (Ruiz, 1999; Ruiz e Ispizúa, 1989), unha vez realizadas 25 entrevistas e visto que chegado a ese punto as entrevistas xa non estaban producindo ningunha comprensión autenticamente nova para estudo de investigación (Taylor e Bogdan, 1990), decidiuse cortar neste intre a súa realización, coa certeza de que a información proporcionada por esta mostra responde fielmente á poboación acerca da cal se vai a facer a inferencia (Visauta, 1989).

Deste xeito, unha vez finalizada a vixésimoquinta entrevista non se continuou coa toma de datos deste colectivo entendendo que se chegara á saturación de información (Flick, 2007; Canales, 2006; Gaitán, 1998; Anguera, 1988).

b) Mestres de educación primaria. No concello de Boiro hai seis centros de educación infantil e primaria, na que prestan os seus servizos oito mestres na especialidade de Educación Física. A intención inicial foi entrevistar os oito, accedendo todos á solicitude e completando deste xeito o 100% da mostra, ou sexa, oito entrevistas.

c) Profesores de educación secundaria. En Boiro, ademais dos seis centros de educación infantil e primaira, hai tres institutos de

educación secundaria, onde catro profesores imparten a especialidade de Educación Física. A selección fixouse en todos eles, sen que ningún declinase a invitación para facer a entrevista e realizando, por tanto, un total de catro entrevistas, que constitúen o 100% da mostra.

d) Técnicos deportivos municipais. O primeiro técnico municipal de deportes presta os seus servizos na Área de Deportes do concello de Boiro dende o ano 1992. O segundo técnico contratouse no ano 1997 e o terceiro no ano 2004, estando todos eles en activo hoxe en día. Os tres prestaron a súa colaboración e realizaron a entrevista persoal (completouse, por tanto, o 100% da mostra).

e) Políticos. Dende os últimos anos da ditadura en España ata a actualidade, por Boiro pasaron seis alcaldes e cinco concelleiros de deportes. A selección inicial foi destes once políticos para realizar as entrevistas persoais, dos que tan só un alcalde declinou a solicitude de entrevista. Polo tanto, neste apartado realizáronse dez entrevistas.

f) Medios de comunicación. Seleccionáronse os medios de comunicación con máis difusión na localidade en diferentes ámbitos: prensa escrita (*La Voz de Galicia*, edición Barbanza), televisión (Telesalnés) e radio (Radio Boiro). Destes medios seleccionáronse os técnicos responsables da sección de deportes de cada un deles, ademais do director dun deses medios que cobre información xeral. Tras a colaboración de todos eles, neste apartado realizáronse un total de catro entrevistas.

Para a toma de datos deste estudo de investigación empregáronse tres tipos de instrumentos: a *entrevista individual*, o *cuestionario* e a *observación directa*, ditados pola metodoloxía de corte cualitativo escollida (Canales, 2006; Visauta, 1989). Aínda que a metodoloxía cualitativa entende o método e todo o arsenal de medios instrumentais como algo flexible que se emprega mentres resulta efectivo, podendo cambiarse de acordo ao ditame e imprevistos da

marcha da investigación e das circunstancias, neste caso estes tres instrumentos foron totalmente efectivos, sen que houbera que recorrer a ningún outro tipo de instrumento para completar a toma de datos.

Seguindo a Pazos (2010) estes instrumentos correspóndense perfectamente coa realidade que se estuda, un contexto aberto que ten que ser abordado mediante técnicas e procedementos que permitan recoller toda a dimensión do obxecto de estudo e que deixen aberta a porta a novas variables e situacións que non se atopaban nas expectativas iniciais do investigador, axudando a comprender o fenómeno ou contexto social que se está estudando.

En definitiva, búscase a comprensión do contexto a través dunha investigación descritiva e interpretativa que require unha interacción continua e un compromiso persoal, que se apoia máis nas habilidades sociais e nas capacidades creativas do investigador que nun conxunto de competencias técnicas (Pascual, 1996).

A *entrevista individual* foi a principal ferramenta empregada para a toma de datos deste estudo. Para diversos autores (Canales, 2006; Tójar, 2006; Ruiz, 1999; Ortí, 1998; Rodríguez, Gil e García, 1996) a entrevista individual adquire o perfil de entrevista en profundidade, sendo a ferramenta de pescudar favorita dos sociólogos para adquirir coñecementos sobre a vida social, que repousan en gran medida sobre os relatos verbais (Taylor e Bogdan, 1990). Esta entrevista en profundidade comparte substancialmente os principios da entrevista etnográfica referenciada por Fick (2007), Holstein e Gubrium (1995), McCraken (1988) e Douglas (1985), aínda que cunha estrutura máis formal e definida.

A *entrevista individual* defínese como unha técnica social que pon en relación de comunicación directa cara a cara un investigador/entrevistador e a un individuo/entrevistado, co que se establece unha relación peculiar de coñecemento que é dialóxica, espontánea, concentrada e de intensidade variable (Canales, 2006; Ruiz, 1999; Visauta, 1989). Na entrevista individual dáselle importancia a aspectos como a comunicación, interacción, diálogo

directo e espontáneo, confianza, motivación e intensidade, coa finalidade de obter información persoal en forma de descrición, interpretación e avaliación (Gil Flores, 1999; Bourdieu, 1999; Ortí, 1998; Valles, 1997; Morín, 1995; Alonso, 1994; Ruiz e Ispizúa, 1989; Bogdan e Taylor, 1986).

A entrevista individual opera como unha técnica de produción de información de dobre tipo: *información verbal oral* (as palabras, significados e sentidos dos individuos implicados na entrevista, tendo en conta aspectos como a entoación, ritmo, voz, silencios, pausas e pronunciación) e *información de tipo xestual e corporal* (expresións dos ollos, rostro ou mesmo a postura corporal), que son lidos ou interpretados durante a interacción cara a cara e que, polo xeral, resultan claves para o logro dun maior ou menor acceso á información e riqueza da persoa investigada, xa que condicionan a interacción e o grao de profundidade durante a situación da entrevista. Canales (2006:220) engade ao respecto que "*unha entrevista pode fracasar ou dar grandes logros dependendo dun investigador atento a toda a información que lle dá o seu entrevistado*".

A noción do cualitativo preséntase así asociada á noción de profundidade ou de análise intensiva antes que extensiva para desvelar a riqueza simbólica da realidade social que se ve desbordada, por todas partes, pola abundancia de significado e a proliferación dos significantes de obxectos simbólicos tan xenéricos e multidimensionais (Bellavista, Guardiola, Méndez e Bordóns, 1997).

Autores como Canales (2006) ou Tójar (2006) destacan a importancia do concepto de *empatía* (capacidade para poñerse no lugar da persoa entevistada para comprendelo mellor e valorar o mundo que o rodea dende unha clave subxectiva) para posibilitar unha interacción entrevistador/entrevistado de auténtica comunicación interpersoal. Mediante a *empatía* non existen interpretacións boas ou malas, acertadas ou erróneas e, os xuízos de valor, así como as claves para a súa argumentación e interpretación, póñena os propios individuos da cultura que se investiga.

As entrevistas en profundidade, cunha orixe ligada a formulacións antropolóxicas e sociolóxicas (Rodríguez, Gil e García 1996), son especialmente axeitadas en situacións onde os escenarios ou as persoas non son accesibles doutra maneira, polo que se recorre a elas cando se desexan estudar acontecementos do pasado e non se pode ter acceso a un particular tipo de escenario ou de persoas (Taylor e Bogdan, 1990).

Todas estas formulacións teóricas serviron para elaborar o deseño, os trazos e as características da entrevista que finalmente se levaría a cabo co grupo de informantes seleccionados (mostra) e descritos anteriormente, establecendo un plan de actuación que se repetiría en todas e cada unha das entrevistas realizadas.

En primeiro lugar elaborouse un mapa mental (véxase a ilustración 32) no que se recolle a estrutura e información que contén a entrevista**,** e onde os ítems ou cuestións se corresponden cos obxectivos fixados previamente para este estudo de investigación; ou sexa, as cuestións formuladas tiñan que axudar a acadar eses obxectivos (ou parte deles), xa que a entrevista é a principal ferramenta de toma de datos desta tese.



Ilustración 32. Mapa mental coa información que conteñen as entrevistas

- *Deseñáronse as preguntas* que tiña que conter a entrevista para cada grupo concreto de informantes, establecendo un guión que tivese presente que se ía a realizar unha entrevista aberta e flexible, pero sempre baixo control e dirección do entrevistador. Para a construción das preguntas da entrevista seguíronse as premisas de dous autores, Canales (2006) e Flick (2006), xurdindo estas principalmente da definición dos obxectivos da investigación.

  Un dos trazos máis característicos que se tivo en conta á hora de deseñar as preguntas foi o da *claridade*, para que o interlocutor tivera claro o que se lle estaba preguntando, para obter tamén respostas claras e adecuadas, evitando un dos maiores perigos cos que pode ter un investigador nestes casos: o de atoparse con moreas de datos e tentar, de xeito case imposible, interpretalos.

- *Estableceuse a orde de entrevistados*, comezando polo colectivo de mestres e profesores (déuselle prioridade antes de que chegaran as vacacións de verán), continuando co grupo de técnicos, políticos e medios e comunicación (onde o contido da entrevista non era tan extenso como noutros colectivos) e rematouse polo colectivo de xente maior e antigos xogadores, entendendo que era o grupo do que se ía a tomar a información máis importante desta tese e onde o traballo posterior á entrevista (sobre todo as transcricións) terían unha carga de traballo e tempo moito maior que co resto de colectivos.

- *Seleccionouse o lugar da entrevista*, que debía desenvolverse nun lugar apropiado e confortable, no que predominara un ambiente distendido e aparentemente informal, cómodo para o entrevistado e que lle xerara confianza (Tójar, 2006).

A base central ou núcleo de referencia para realizar as entrevistas estableceuse nunha aula da Casa da Cultura "Ramón Martínez López", situada no parque da Cachada, no centro de Boiro. Ademais desta, e dependendo do grupo de informantes que se tratase, establecéronse outras sedes para realizar as entrevistas: mestres e profesores nos respectivos centros de ensino; técnicos, políticos e medios de comunicación, na Casa da Cultura; e antigos xogadores e xente maior, nos seus respectivos domicilios. A maioría das entrevistas desenvolvéronse segundo esta distribución, salvo pequenos axustes para adecuarse á demanda dos propios entrevistados.

- *Gravación das entrevistas*. A memoria humana é, esencialmente, pouco fiable, de aí que precisemos provela dalgunha axuda externa para manexar a información que nos están proporcionando (Orna e Stevens, 2000). O uso de gravadores permítelle ao entrevistador captar moitos máis detalles que se repousara unicamente sobre a súa memoria (Taylor e Bogdan, 1990), rexistrando todas as interaccións verbais (e visuais) que se producen na entrevista, podendo ademais prestar máis atención ao que di o informante, o cal favore deste xeito a interacción entre o entrevistador e o entrevistado (Rodríguez, Gil e García, 1996).

  Antes de proceder á gravación das entrevistas, sempre se mantivo unha pequena conversa introdutoria previa coa persoa que se ía entrevistar para que esta se fora sentindo cómoda e co fin de favorecer un ambiente de complicidade (Canales, 2006; Rodríguez, Gil e García, 1996; Taylor e Bogdan, 1990; Ives, 1980; Klockars, 1977). Logo propónselle á persoa a posibilidade de gravar a entrevista e solicítaselle permiso, coa garantía do anonimato e que esta non significará ningunha ameaza ou risco

para el/ela e que non lle afectará nin o/a danará de ningún xeito (Canales, 2006).

Os gravadores empregrados neste traballo foron os seguintes: gravador de voz do teléfono móbil LG Optimus Black (ficheiros de audio con extensión 3GP), cámara de vídeo/foto Sony Cyber-shot DSC-W530 (arquivos de vídeo en MP4) e cámara de vídeo/foto Sony Ciber-shot DSC-W270 (archivos de vídeo AVI). Sempre se empregou o gravador de voz e un gravador de video, sendo moi coidadoso á hora de minimizar os efectos da súa presenza para non incomodar ao entrevistado, pero colocándoos preto del para captar con maior nitidez tanto a voz como a imaxe (Ives, 1980).

- *Carta de presentación e autorización da gravación*. Antes de comezar a entrevista proporcionóuselles aos entrevistados unha carta de presentación (anexo 3.2) onde se mostraban o título do traballo e o seu responsable, obxectivos, directores e institución onde se presentará o estudo, entre outros, ademais de solicitar autorización para a gravación da entrevista e na que se lle garante que as imaxes e voz recollidas só se empregarán para a análise da toma de datos, sen que se facilite o seu contido a terceiros. Este procedemento seguiuse con todos os colectivos, excepto coas persoas maiores, xa que con eles non se buscou tanto o aspecto formal da entrevista para non incomodalos (por non saber ler ou, por exemplo, pola desconfianza que mostran cara aos papeis e ás sinaturas).

- *Desenvolvemento da entrevista*. Antes de proceder coa primeira entrevista realizáronse varios ensaios con persoas coñecidas e que non ían intervir neste estudo de investigación, co obxectivo de mellorar a formación e adestramento do entrevistador (Rodríguez, Gil e García, 1996; Taylor e Bogdan, 1990). Co convencemento de que o entrevistador posúe as características

que debe atesourar un investigador (Tójar, 2006) e co adestramento realizado, comezáronse as entrevistas, buscando un desenvolvemento seu dun xeito ameno, xerando unha interacción que rozase a conversa e favorecendo que o entrevistado falase libremente sobre os aspectos polos que era preguntado (Pazos, 2010).

Durante o proceso da entrevista presentáronse as preguntas seguindo un guión determinado, avanzando de niveis máis amplos e xerais a niveis máis específicos e concretos, seguindo a estratexia de "*funil*" expresada por Canales (2006), avanzando do xeral ao particular, do descritivo ao interpretativo, do máis amplo ao máis pequeno, do máis superficial ao máis profundo, do máis impersoal ao máis personalizado.

- *Anotación das impresións da entrevista*. Todos os días, ao rematar as entrevistas, nada máis chegar á casa, o primeiro que facía era recoller nun documento (anexo 3.1) todas as impresións de cada unha das entrevistas realizadas durante o día, anotando os aspectos que axudarían posteriormente a interpretar e analizar o contido dos datos proporcionados polo informante: xestos, posturas, ton de voz, entoación, ritmo, silencios, axuda, colaboración, por exemplo.

- *Descarga de ficheiros e copias de seguridade*. Para deixar preparado o material de gravación das entrevistas para a seguinte xornada, ao final do día descargábanse os arquivos dende os instrumentos de gravación ao ordenador, realizando posteriormente as correspondentes copias de seguridade nun disco duro externo.

- *Transcrición das entrevistas*. O contido de cada unha das entrevistas foise anotando nun arquivo de Word, no que figuraba

> ademais do nome da persoa entrevistada, o seu día, hora e lugar. Este apartado constituíu unha das cargas de traballo máis importante deste estudo de investigación, empregando numerosas horas en transcribir as 54 entrevistas realizadas, onde a duración media é de aproximadamente 30 minutos.

Unha vez que se extraeron todos os datos das entrevistas, que se transcribiron e se pasaron en forma de texto ao ordenador, comezouse coa *análise e interpretación da información* recollida. Mancuso (1999) indica que a computación e a informática brindan servizos esenciais para a práctica da investigación científica, polo que nun primeiro momento se recorreu ao emprego de ferramentas informáticas co obxectivo de facilitar o arduo traballo desta investigación de corte cualitativo. Botouse man dos programas CAQDAS (Computer Assisted Qualitative Data Analisis Software) para este fin, analizando e manexando nun primeiro momento os programas Nvivo, Nud.ist e, sobre todo, o Atlas.Ti, versión 5.0, unha ferramenta informática axeitada para facilitar a análise cualitativa de, principalmente, grandes volumes de datos textuais.

No caso concreto deste estudo, dado que a dimensión dos datos non é excesivamente grande, desenvolveuse a idea de realizar o tratamento manual dos datos e, aínda que o tempo empregado fose maior, tíñase o convencemento de que dada a linguaxe dos entrevistados, expresións, idioma e tamaño da mostra conseguiríase realizar unha análise máis controlada e efectiva, que se conrresponde fielmente coa realidade estudada.

A análise cualitativa implica ordear e organizar a información dispoñible, ademais de orientar a súa busca, elaborar patróns, categorías e unidades de análise coas que organizar as primeiras unidades seleccionadas. Ora ben, analizar cualitativamente supón tamén interpretar, asignar significados, describir e comprender os patróns atopados e buscar conexións entre estas e outras categorías, e tamén supón valorar, elaborar e razoar xuízos sobre

criterios que se fixeron explícitos, usando claves internas de interpretación (Tójar, 2006).

Nesta fase do traballo, o obxectivo era realizar unha *redución cualitativa dos datos* obtidos, ou sexa, realizar unha *simplificación da información* recollida para facela máis manexable e interpretable, eliminando o superfluo e o redundante, sen perder nunca a esencia e o substancial da informacion.

Seguindo a Tójar (2006) esta redución enténdese antes, durante e despois da recollida dos datos, e se ben xa se realizou tal redución con anterioridade en canto á focalización, delimitación do problema e ao tratamento dos recursos iniciais cos que se contou para elaborar esta investigación, chegado este intre procedeuse a realizar unha serie de tarefas intercomunicadas e que se interaccionan entre si. En primeiro lugar, procedeuse a *identificar as unidades de información* de todas as entrevistas, sinalando no propio texto as frases, palabras clave ou fragmentos que se consideraba de máis interese. Unha vez feito isto, elaboráronse unhas táboas nun procesador de textos, onde a partir dunha segunda lectura das entrevistas se foi filtrando máis a información e procedendo a *agrupar as unidades de información por temas* nestas táboas, de xeito que a través da diferenciación en columnas, filas e cores se podían ir visualizando os diferentes temas e a entrevista persoal da cal se extraía a información. O terceiro paso consistiu en *reagrupar temas*, completando deste xeito a redución de datos e procedendo xa a *definir as categorías*, tal e como queda reflectido na ilustración 33.

Na táboa 23 móstrase a descrición da categoría 1, correspondente aos xogadores e persoas maiores con vinculación directa co xogo dos bolos, xunto coas súas respectivas subcategorías, onde se establecen todas as respostas que fan referencia a aspectos históricos, xeográficos, culturais, técnicos e relacionais do xogo dos bolos na localidade de Boiro.

Na táboa 24 móstrase a descrición da categoría 2 e das respectivas subcategorías, na que se sitúan as respostas do bloque de técnicos deportivos

municipais referentes ao tratamento do xogo dos bolos dende o Servizo Municipal de Deportes e a influencia que teñen outros colectivos na promoción, difusión e recuperación deste xogo popular e tradicional.



Ilustración 33. Mapa de categorías das entrevistas

Na táboa 25 móstrase a descrición da categoría 3 e das respectivas subcategorías, na que se integran as respostas relacionadas co tratamento, promoción e difusión que se fai do xogo dos bolos dende a perspectiva que teñen os políticos municipais.

Na táboa 26 móstrase a descrición da categoría 4 e das respectivas subcategorías, na que se inclúen as repostas relacionadas coa promoción do xogo dos bolos, sobre todo, dentro dos centros escolares e o papel que estes exercen (ou poderían exercer) na promoción, difusión e recuperación do xogo dos bolos.

A táboa 27 mostra a descrición da categoría 5 e das respectivas subcategorías, na que se sitúan as respostas referentes ao tratamento do xogo dos bolos nos medios de comunicación, a diferenza de tratamento que se lle da con respecto a outros deportes e como a través dos medios de comunicación se pode contribuír á promoción, difusión e recuperación deste xogo en Boiro.

Categorías do bloque de xogadores e persoas maiores vinculadas directamente co xogo dos bolos (1)
1. Nivel de práctica Neste apartado faise referencia ao grao de participación e tempo empregado no xogo dos bolos. Por exemplo: "*xoguei moitísimo, e non xoguei máis porque non tiña tempo libre para iso".*
2. Grao de importancia Os informantes mostran a súa percepción e valoración do xogo en canto á importancia que se lle daba como unha actividade de ocio e tempo libre. Por exemplo: "*en Boiro sempre foi moi importante, porque era onde se divertía a xente".*
3. Motivo de práctica Aquí os entrevistados indican os motivos polos cales practicaban o xogo dos bolos. Por exemplo: "*á xente gustáballe xogar aos bolos porque era a única diversión, era no que se divertía a xente".*
4. Temporalización Neste apartado faise referencia ao/s día/s da semana, parte do día, época do ano ou días concretos e moi sinalados nos que se xogaba aos bolos na localidade. Por exemplo: "*xogábase aos bolos aos domingos, pola mañá e pola tarde. O domingo era o día máis ideal".*
5. Lugar de práctica Indícase o lugar ou lugares onde se practicaba preferentemente o xogo do bolos no concello de Boiro. Por exemplo: "*no monte, era no monte, e o monte estaba así de ladeira, costa arriba".*

6. Taberna e bolos

Neste apartado faise referencia á relación que había entre o xogo dos bolos e as tabernas e o por que da existencia de numerosos campos preto destes lugares. Por exemplo: "*o xogo dos bolos era negocio para as tabernas".*

7. Figura do taberneiro

Os informantes falan da relación que tiña o taberneiro ou xerente da taberna co xogo dos bolos e cos campos onde se desenvolvía a actividade. Por exemplo: "*os donos das tabernas eran os que construían os campos, os que os coidaban e todo iso".*

8. Campos máis populares

Neste apartado móstranse os campos con máis fama entre os xogadores de bolos.

8.1. De taberna

Aquí faise referencia aos campos de bolos máis importantes vinculados a unha taberna. Por exemplo: "*o máis importante foi o da taberna de Castro das Barreiras".*

8.2. Sen taberna

Aquí móstranse os campos de bolos libres, sen ningún tipo de relación cunha taberna, con máis popularidade entre os xogadores. Por exemplo: "*o de Xarmea era un campo dos máis importantes, sería dos mellores campos que había".*

9. Mobilidade dos xogadores

Aquí destácanse os hábitos que tiñan os xogadores de desprazarse para xogar aos bolos nuns ou noutros lugares da parroquia ou en diferentes parroquias. Por exemplo: "*a xente alternaba, ían a un lado e a outro".*

10. Materiais do xogo

Aquí expóñense as características dos materiais propios do xogo: bolos e bólas.

10.1. Bolos

10.1.1. Forma

Faise referencia á forma dos bolos. Por exemplo: "*os bolos eran redondos, por riba un pouco máis redondos e logo un pouco máis afiados para abaixo".*

10.1.2. Tamaño

Faise referencia ao tamaño dos bolos. Por exemplo: "*os bolos eran así pequenos, como barriliños".*

10.1.3. Madeira

Faise referencia ao tipo de madeira coa que construían os bolos. Por exemplo: "*os bolos eran de buxo, feitos de buxo".*

10.2. Bólas

10.2.1. Forma

Faise referencia á forma da bóla coa que se efectúa o lanzamento. Por exemplo: "*a bóla era así redonda".*

10.2.2. Tamaño

Faise referencia ao tamaño da bóla. Por exemplo: "*aínda había que darlle forza para darlle con aquela bóla grande, pesada e de madeira".*

10.2.3. Madeira

Faise referencia ao tipo de madeira co que se construían as bólas. Por exemplo: "*as bólas serían de carballo, de buxo non eran, porque non había madeira tan grosa de buxo para facer as bólas".*

10.3. Fabricantes

Neste apartado especifícase que persoas eran as encargadas de facer os bolos e bólas e como se facían. Por exemplo: "*os bolos facíanos os mesmos que xogaban. Facíanos á man, coa machada, cun coitelo que cortara ben, cun serrón e listo"*.

11. Apostas

Neste apartado fálase dun dos aspectos máis característicos do xogo dos bolos en Boiro, as apostas.

11.1. Existencia

Faise referencia a si nas partidas de bolos que se xogaban na localidade se realizaban apostas ou non. Por exemplo: "*facíanse apostas, si, si, si".*

11.2. Tipos

Especifícanse os tipos de apostas que se daban no xogo de bolos en Boiro. Por exemplo: "*apostábase algún cántaro de viño, barriles non, pero algún cántaro si"*.

11.3. Promotores

Faise referencia ás persoas que promovían as apostas no xogo dos bolos. Por exemplo: "*os xogadores eran os promotores das apostas. Eu nunca vin xente de fóra que apostara algo; sempre os xogadores".*

11.4. Máis destacadas

Fálase das apostas máis destacadas das que se recordan os informantes. Por exemplo: "*a aposta máis grande esa foi en Escarabote. Xogamos en Escarabote e chegou o xogo a 40 pesetas".*

11.5. Como gañar

Faise referencia ao xeito de gañar a partida e, con ela, o que se apostaba nese intre. Por exemplo: "*xogábase dous contra dous e, o que gañaba, gañaba a poxa".*

12. Muller e bolos

Neste apartado faise referencia ás relacións e interaccións que existían entre as mulleres e o xogo dos bolos en Boiro

12.1. Nivel de práctica

Fálase, en concreto, de se as mulleres xogaban ou non aos bolos. Por exemplo: "*as mulleres non xogaban aos bolos".*

12.2. Asistencia a campos

Faise mención a se as mulleres frecuentaban os campos de bolos e, nos casos que si se producía, que tipo de actividades de ocio realizaban. Por exemplo: "*algunhas ían a mirar, si. Non xogaban, miraban e nada máis".*

12.3. Afeccións

Faise referencia ao tipo de actividades nos que as mulleres investían o seu tempo libre. Por exemplo: "*as mulleres xogaban á baralla, ás cartas".*

13. Vocabulario bolístico

Aqui faise mención ás palabras que empregaban os xogadores e afeccionados aos bolos na localidade para referirse a múltiples aspectos do xogo e que son característicos del. Por exemplo: "*mecar era cando a bóla non chegaba á raia de dez".*

14. Xogadores destacados

Aquí noméanse os mellores xogadores de bolos que houbo en Boiro, os máis destacados, os máis famosos, aos que a xente lles mostraba un enorme respecto. Por exemplo: "*Marcial, ese era… fíxate se lle quería ben o público que logo perdeu a forza e dábanselle as mecas para que xogara; queríanlle ben".*

15. Esmorecemento do xogo

Neste apartado fálase das causas polas que o xogo dos bolos foi decadendo na súa práctica ata chegar ao nivel actual. Por exemplo: "*foise deixando de xogar porque viñeron outras cousas, outras diversións; despois a xente largouse a divertirse doutra maneira".*

16. Propostas

Neste apartado propóñense actuacións para retomar un nivel axeitado de práctica do xogo dos bolos para que se xogue habitualmente a semellanza do pasado e se consolide como unha actividade máis de ocio entre os cidadáns. Por exemplo: "*para volver a recuperar o xogo habería que coller un coche e andar anunciando por un lado e máis por outro. Anuncialo e con cartos, a ver se así se xuntaba xente".*

Táboa 23. Categorías e subcategorías das entrevistas do bloque de xogadores e persoas maiores vinculadas directamente ao xogo dos bolos

Categorías do bloque de técnicos deportivos municipais (2)
1. Servizo Municipal de Deportes Neste apartado faise referencia ao papel que desempeña o ente municipal na promoción da actividade física e o deporte na localidade. Por exemplo: "*desempeña un papel realmente importante dentro da promoción e da práctica deportiva entre toda a sociedade boirense"*.
2. Programación deportiva Fálase do papel que desenvolven os xogos populares e tradicionais na programación deportiva municipal. Por exemplo: "*o concello ten que difundir e non deixar que se esquezan estes xogos de antes"*.
3. Actividade bolística Faise mención a cales son as accións que se desenvolven no municipio para a promoción do xogo dos bolos. Por exemplo: "*en concreto agora mesmo estase realizando unha liga de bolos en Pomardorrío"*.
4. Antigüidade Neste apartado fálase do tempo que leva o Servizo Municipal de Deportes promocionando o xogo dos bolos na localidade. Por exemplo: "*se tomamos como referencia xa os xogos de bolos que se facían cos rapaces nos colexios pois fai xa ao pé de 12 anos"*. **4.1. Causas** Fálase das causas polas que non se comezou antes coa promoción do xogo dos bolos en Boiro. Por exemplo: "é posible que a nivel político non se lle prestara a atención que se lle está prestando seguramente agora a todo este tipo de cousas".
5. Entidades Faise referencia a outras entidades (deportivas, educativas, veciñais…) que promocionan o xogo dos bolos na localidade. Por exemplo: "*salvo accións esporádicas dalgunha ANPA que realiza xogos populares no propio centro*…".
6. Promoción Neste apartado faise referencia a cáles serían as formas axeitadas de promocionar o xogo dos bolos na localidade. Por exemplo: "*sería moi importante levar a cabo actividade pois en espazos públicos, parques, xardíns, nas rúas..."*
7. Esmorecemento do xogo Neste apartado fálase das causas polas que o xogo dos bolos foi decadendo na súa práctica ata chegar ao nivel actual. Por exemplo: "*agora hai máis alternativas que antes non se tiñan"*.
8. Propostas recuperación Aquí expóñense unha serie de pautas e propostas para que o xogo dos bolos adquira un maior protagonismo en canto a nivel de práctica na localidade. Por exemplo: "*eu*

penso que unha das cousas fundamentais sería, claro está, a creación dos campos, a creación de máis campos".

9. Funcións

Neste apartado faise referencia ao papel que xogan, ou deberían xogar, certas entidades ou colectivos na promoción do xogo dos bolos en Boiro.

9.1. Centros educativos

Fai referencia ao traballo que se debería realizar nos centros educativos locais de cara a unha mellor promoción e difusión do xogo dos bolos. Por exemplo: "*creo que si, de cara á recuperación dos xogos populares, en concreto do xogo dos bolos, se debera traballar dende os colexios"*.

9.2. Tecido asociativo

Fai referencia ao traballo que se debería realizar dende o tecido asociativo local de cara a unha mellor promoción e difusión do xogo dos bolos. Por exemplo: "*que eles mesmos se poidan organizar e ter a súa liga a nivel local e poder incluso participar en ligas a nivel galego"*.

9.3. Políticos

Fai referencia ás iniciativas que deberían tomar os políticos que gobernan o concello de Boiro de cara a unha mellor promoción e difusión do xogo dos bolos. Por exemplo: "*son os que teñen que apoiar e dar luz verde aos recursos que se precisen: económicos, materiais, humanos…".*

9.4. Entidades supramunicipais

Fai referencia ao papel que deben xogar as entidades supramunicipais (Deputación da Coruña e Xunta de Galicia) de cara a unha mellor promoción e difusión do xogo dos bolos. Por exemplo: "*a nivel Deputación, a nivel Xunta, débese fomentar o xogo dos bolos pois con subvencións, sobre todo con subvencións".*

10. Financiamento

Neste apartado recóllense as posibles vías de financiamento que precisaría a posta en marcha dun programa de promoción e recuperación do xogo dos bolos en Boiro. Por exemplo: "*no orzamento do concello pode ir perfectamnente unha partida destinada á promoción do xogo dos bolos"*.

11. Implicación do goberno municipal

Aquí fálase de se o goberno municipal debe apoiar ou non a promoción do xogo dos bolos na localidade e as razóns polas que debe ser, ou non, así. Por exemplo: "*somos empresa pública e polo tanto temos que preocuparnos desas actividades, deses xogos que sendo propios, que estando arraigados na tradición galega, pois estan abandoados, non?".*

Táboa 24. Categorías e subcategorías das entrevistas do bloque de técnicos deportivos municipais

Categorías do bloque de políticos municipais (3)
1. Servizo Municipal de Deportes Neste apartado faise referencia ao papel que desempeña o ente municipal na promoción da actividade física e o deporte no municipio. Por exemplo: "*os poderes públicos teñen a obriga de facilitarlle á xente a práctica dalgún deporte e os medios necesarios para iso".*
2. Programación deportiva Fálase do papel que desenvolven os xogos populares e tradicionais na programación deportiva municipal. Por exemplo: "*o deporte tradicional non é importado doutras partes, senón que forma parte da propia cultura do propio pobo e consecuentemente esa cercanía co que son como pobo, creo que debe ser motivo para promocionalo, para non esquecelo, porque evidentemente temos que saber de onde vimos para saber a onde imos".*
3. Promoción Neste apartado faise referencia a cales serían as formas axeitadas de promover o xogo dos bolos na localidade. Por exemplo: "*se hoxe en día queremos potencialo e recuperalo, indudablemente hai que acudir aos centros educativos".*
4. Esmorecemento do xogo Neste apartado fálase das causas polas que o xogo dos bolos foi decadendo na súa práctica ata chegar ao nivel actual. Por exemplo: "*hoxe en día unha persoa ten un amplo abano de posibilidades que facer, non só no deporte, senón en tempo libre en xeral".*
5. Propostas de recuperación Aquí expóñense unha serie de pautas e propostas para que o xogo dos bolos adquira un maior protagonismo en canto a nivel de práctica na localidade. Por exemplo: "*si se puidera habilitar un espazo céntrico, coas condicións axeitadas para practicar o xogo, para que a xente non se aburrira indo detrás a buscar os bolos…".*
6. Funcións Neste apartado faise referencia ao papel que xogan, ou deberían xogar, certas entidades ou colectivos na promoción do xogo dos bolos en Boiro. **9.5. Centros educativos** Fai referencia ao traballo que se debería realizar nos centros educativos locais de cara a unha mellor promoción e difusión do xogo dos bolos. Por exemplo: "*penso que deberiamos adicarlle un tempo de formación, xa que lle adicamos á historia de Galicia, pois dentro da historia adicarlle unha parte importante ao tema dos bolos".* **9.6. Tecido asociativo** Fai referencia ao traballo que se debería realizar dende o tecido asociativo local

de cara a unha mellor promoción e difusión do xogo dos bolos. Por exemplo: "*dende o Departamento de Deportes temos que poñernos en contacto con todo tipo de asociacións e facelos participar, e implicalos".*

9.7. Políticos

Fai referencia ás iniciativas que deberían tomar os políticos que gobernan o concello de Boiro de cara a unha mellor promoción e difusión do xogo dos bolos. Por exemplo: "*os políticos deben enfocar os poucos recursos que hai neste momento, que por desgracia son poucos, pero ben, os poucos que hai, hai que aproveitalos".*

9.8. Entidades supramunicipais

Fai referencia ao papel que deben xogar as entidades supramunicipais (Deputación da Coruña e Xunta de Galicia) de cara a unha mellor promoción e difusión do xogo dos bolos. Por exemplo: "*a través de crear liñas de subvencións, pois incentivar que se desenvolva unha política deportiva no ámbito do deporte tradicional de carácter global".*

7. Financiamento

Neste apartado recóllense as posibles vías de financiamento que precisaría a posta en marcha dun programa de promoción e recuperación do xogo dos bolos en Boiro. Por exemplo: "*sería moi importante buscar fórmulas de que a actividade se financie de forma autónoma, podemos pagar unha cota…".*

8. Implicación do goberno municipal

Aquí fálase de se o goberno municipal debe apoiar ou non a promoción do xogo dos bolos na localidade e as razóns polas que debe ser, ou non, así. Por exemplo: "*porque o deporte tradicional forma parte da nosa cultura, quén non se coñece a si mesmo pois pouco pode achegar ao conxunto da sociedade, e entón creo que debe ser un dos eixos onde se ten que incidir dentro do deporte da programación deportiva municipal".*

Táboa 25. Categorías e subcategorías das entrevistas do bloque de políticos municipais

Categorías do bloque de mestres e profesores (4)
1. Aspectos curriculares Neste apartado recóllese a importancia que ten o bloque de xogos e deportes populares e tradicionais no currículo de Educación Física en educación primaria e secundaria. Por exemplo: "*que é verdade que a Consellería de Educación intentou, ampliou, porque antes non había nada de xogos populares e tradicionais, dentro do currículo non era nin un bloque de contidos, era un punto e ben, agora ampliárono máis".*

2. Programación de aula

Faise referencia á importancia que cada mestre e profesor lle dá aos xogos populares e tradicionais na súa programación de aula, no seu documento de traballo diario. Por exemplo: "*a ver, eu doulle bastante importancia, porque en todos os trimestres intento tocar algo dos xogos populares".*

3. Promoción

Neste apartado recóllense os diferentes xeitos en que se promocionan os xogos populares e tradicionais nos centros de ensino de Boiro. Por exemplo: "*sempre que hai unha actividade, día das Letras Galegas, Antroido…, poténcianse nese momento, e os profesores do centro botamos unha man para que eses xogos populares dean máis pulo a todas estas celebracións, e nese momento é cando se promoven".*

4. Unidades didácticas

Aquí faise referencia ao papel concreto que xogan os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais que se desenvolven nos diferentes centros educativos da localidade. Por exemplo: "*o que si, unha unidade didáctica única e exclusivamente dos bolos me parecería un pouco esaxerado".*

5. Práctica na escola

Neste apartado faise referencia aos aspectos positivos e negativos que tería a práctica do xogo dos bolos nos centros educativos da localidade.

5.1. Vantaxes

Faise referencia ás vantaxes que comporta o emprego deste xogo no centro educativo. Por exemplo: "*as mesmas vantaxes que teñen eses deportes témolas nos bolos, e aínda por riba coa vantaxa de que non fai falta un material especial".*

5.2. Inconvenientes

Faise referencia aos inconvenientes que tería o emprego do xogo dos bolos no centro educativo. Por exemplo: "*inconveniente o que dicía antes, que non hai espazo físico nos centros para poder poñer un campo de xogo de bolos".*

6. Recuperación

Neste apartado recóllense os aspectos que se poderían desenvolver para recuperar e aumentar o nivel de práctica do xogo dos bolos na localidade.

6.1. Na escola

Faise referencia ao papel que xoga a escola na promoción, difusión e recuperación do xogo dos bolos na localidade. Por exemplo: "*nas nosas sesións de Educación Física mostrarlles unha serie de xogos, entre eles o dos bolos, para que eles intenten habituarse a xogar ou lles busquen as sensacións positivas do xogo e demais…".*

6.2. Fóra da escola

Faise referencia á transferencia que tería a práctica dos bolos na escola unha vez rematado o período lectivo, ou sexa, a práctica fóra do ámbito escolar. Por

exemplo: "*todo ao que xogan os rapaces no colexio, calquera xogo que ti no colexio o metas na clase, no recreo ou en calquera lado, como teña un pouco de continuidade e o motives un pouco, todos non, pero unha porcentaxe normal para estes casos, si que xogan fóra".*
7. Esmorecemento do xogo Neste apartado fálase das causas polas que o xogo dos bolos foi decadendo na súa práctica ata chegar ao nivel actual. Por exemplo: "*o fútbol métennolo por todos lados e os rapaces non ven máis que fútbol, prefiren xogar ao fútbol".*
Táboa 26. Categorías e subcategorías das entrevistas do bloque de mestres e profesores

Categorías do bloque de medios de comunicación (5)
1. Tratamento Neste apartado faise referencia ao tratamento que se lle presta ao xogo dos bolos nos principais medios de comunicación de difusión local. Por exemplo: "*deste deporte hai pequenas noticias relacionadas con algún torneo que se poida facer puntualmente no verán ou algo así".* **1.1. Causas** Aquí faise unha relación das causas polas que o xogo dos bolos ten un escaso tratamento nos medios de comunicación de difusión local. Por exemplo: "*hoxe en día os bolos non teñen ao mellor a representatividade que deberían ter ou tiveron nun pasado".*
2. Importancia do xogo Faise referencia ás opinións dos responsables dos medios de comunicación seleccionados acerca da importancia que ten o xogo dos bolos para a sociedade boirense. Por exemplo: "*dende o punto de vista de recuperar unha tradición pois si, dende o punto de vista para saber realmente como eran os nosos costumes de hai anos".*
3. Comparación con outros deportes Aquí fálase da diferenza de tratamento que ten nos medios de comunicación analizados o xogo dos bolos en relación a outros deportes. Por exemplo: "*o deporte dos bolos digamos que é minoritario con respecto a este tipo de deportes que eu che acabo de nomear".*
4. Promoción Neste apartado faise referencia ao papel que xogan os medios de comunicación na promoción do xogo dos bolos no concello de Boiro. Por exemplo: "*os medios de comunicación deberiamos estar precisamente ahí, apoiando e impulsando este tipo de actividades, para que non se perdan e os nosos fillos e netos poidan seguir disfrutando*

destes xogos ao aire libre".
5. Esmorecemento do xogo Neste apartado fálase das causas polas que o xogo dos bolos foi decadendo na súa práctica ata chegar ao nivel actual. Por exemplo: "*as instalacións que hai hoxe para a xuventude non son especialmente relacionadas coas actividades deportivas que están en desuso, como por exemplo, o xogo dos bolos".*
Táboa 27. Categorías e subcategorías das entrevistas do bloque de medios de comunicación

As categorías mostradas anteriormente responden á redución de datos realizada co obxecto de facer máis manexable a información proporcionada e proceder á súa *interpretación*.

Unha vez definido o obxecto da investigación e que se recolleu o material a través das entrevistas individuais, procedeuse a unha primeira análise de tipo descritivo, orientado a dar conta das unidades de información que compoñían o texto (composición) e das relacións que existían entre estas unidades nos textos analizados (combinación) (Canales, 2006). Estas unidades correspóndense cos códigos, que se definiron a partir das relacións de disxunción e de conxunción observadas no material recopidado.

Unha vez definidos os códigos e as súas categorías, tal e como requería a metodoloxía empregada, procedeuse a identificar as relacións existentes entre estas categorías, sendo este o segundo paso na interpretación realizado co fin de describir as estruturas semánticas ou relacións que tiñan as categorías entre si, establecendo finalmente a busca de relacións (coincidencias e diferenzas) en cuestións presentadas a diferentes informantes do mesmo grupo, para rematar coa análise das relacións que se estableceron entre diferentes grupos entrevistados.

Canales (2006) e Taylor e Bogdan (1990) falan neste sentido de *controis cruzados* para determinar a validez da información obtida a través das entrevistas. Durante o proceso de investigación as informacións e perspectivas dos informantes deben cruzarse co fin de captar o que prevalece como

información máis consistente e estable, distinguible daquela que se escapa a extremos de esaxeración ou simulación.

Hai que confirmar ademais que se tiveron controlados aspectos problemáticos que son comúns neste tipo de investigacións cualitativas para non atoparnos con problemas de validez da información obtida nas entrevistas (Canales, 2006):

- Realizáronse entrevistas de duración media e amenas.
- Evitáronse interpretacións de sentido común e non dar as cousas "por sentado".
- Desbotouse información ambigüa e inconsistente.
- Controlouse a través da análise completa das entrevistas (contido textual da entrevista e información paralela que se obtén do seu comportamento) os problemas asociados a idealizacións e fugas, nas que o entrevistado en ocasións oculta información valiosa porque non lle ten conta sacala á luz.

A análise de datos e a reflexión profunda de todo o proceso realizado permitiu elaborar unha serie de propostas encamiñadas á posta en marcha dun programa de recuperación do xogo dos bolos, buscando estender a práctica deste xogo a todas as parroquias da localidade, creando unha rede estable de competicións e convertíndose nunha actividade cotiá nos centros de ensino da localidade.

Descrita, definida e xustificada a entrevista individual, o segundo instrumento que se empregou para a toma de datos foi o *cuestionario*, o instrumento máis usual para a obtención de datos nos estudos de socioloxía empírica, que pretende colocar a todos os informantes nunha mesma situación psicolóxica, facilitar o exame e asegurar a comparabilidade das respostas (García, Ibáñez e Alvira, 1994).

As vantaxes deste instrumento con respecto á entrevista individual son que require de menos habilidade para aplicárllelo aos informantes, xa que se lles pode subministrar a un maior número de persoas e garante o seu anonimato, aspecto que pode chegar a incidir nunha maior liberdade da persoa á hora de responder (Visauta, 1989). O cuestionario tamén se emprega cando non se conta con moito tempo para entrevistar varios individuos (Rodríguez, Gil e García, 1996).

Das súas posibles aplicacións, neste estudo de investigación realizáronse cuestionarios de resposta aberta (Canales, 2006; De Ketele e Roegiers, 1994) mediante entrevista persoal (Visauta, 1989) para recoller as opinións de persoas de todas as parroquias do concello de Boiro a través dun formulario previamente redactado (Blanchet e outros, 1989).

O obxectivo dos cuestionarios foi coñecer os campos de bolos que houbo en Boiro dende comezos do século XX ata a actualidade, ademais da súa localización xeográfica, axudando deste xeito a complementar a información proporcionada polos informantes aos que se lles realizou a entrevista persoal.

Neste caso en concreto, as informacións previas indicábannos que houbo campos de bolos espallados por todo o territorio boirense, motivo polo cal se precisaba dun instrumento de recollida de datos que se puidera aplicar a un volume considerable de xente, intentando cubrir todos os núcleos importantes de habitantes da localidade, sendo o máis exhaustivo posible na localización dos campos de bolos existentes na localidade na época citada.

A información solicitada a través dos cuestionarios (véxase o anexo 4) concretábase en se o informante tiña coñecemento dalgún campo de bolos que houbera en Boiro, se estaba ou non asociado a unha taberna e determinar a súa localización, ben por indicacións ben desprazándose directamente ao lugar mencionado.

En total realizáronse 155 cuestionarios a persoas das oito parroquias do concello de Boiro (96 homes e 59 mulleres), e localizouse un total de 86 campos de bolos na localidade que se situaron posteriormente no mapa a través das coordenadas obtidas dun GPS Garmin Etrex Legend.

Da posterior análise destes cuestionarios establecéronse táboas cos campos máis populares, campos asociados a unha taberna e campos libres, listaxe de campos de bolos por parroquias e unha distribución territorial no concello de Boiro, feitos que nos mostran a popularidade deste xogo entre os cidadáns boirenses, sobre todo ata mediados do século pasado.

O terceiro instrumento empregado para a toma de datos deste estudo de investigación foi a *observación directa*. Canales (2006) atopaba varios inconvenientes no uso da entrevista individual como método de obtención de información, e un dos cales se baseaba na falta de observación directa ou participada da realidade narrada ou descrita polo individuo. Debilidades como esta involucran como esixencia a posibilidade de triangular as entrevistas con técnicas como a observación directa (Tójar, 2006), a pesar de que tal procedemento incremente os custes e o tempo de investigación, aumentando deste xeito tamén a súa complexidade.

E xa non se trata só de complementar a información extraída das entrevistas e dos cuestionarios, senón que, tal e como afirmaban Taylor e Bogdan (1990), ningún outro método pode proporcionar a comprensión detallada que se obtén da observación directa das persoas e escoitando o que teñen que dicir na escea dos feitos.

A observación directa, sistematizada e controlada, é considerada como o principal método dos estudos etnográficos (Guasch, 1997), como neste caso que nos ocupa, en calidade de metodoloxía que amplifica e modula a diversidade de posibilidades e esixencias de calquera procedemento científico (Anguera, 1999), que se emprega para o logro empírico dos nosos obxectivos e que só a través dela se pode chegar á obtención de conceptos de significación

obxectiva (Anguera, 1992). Por iso, "*a observación constitúe un dos aspectos básicos máis importantes do método científico*" (Anguera, 1992:21).

A observación directa, como un instrumento básico da investigación, empregouse para o logro dun dos obxectivos deste traballo, expostos aos comezo do capítulo, que non é outro que analizar o sistema do xogo dos bolos e de todos os compoñentes físicos que o integran, confeccionando un regulamento que sirva de referencia para os actuais e futuros xogadores.

Esta circunstancia obrigounos a establecer unha relación directa e intensa cos xogadores de bolos en activo que desenvolven a súa actividade, sobre todo, no campo de bolos de Pomardorrío e, esporadicamente, no campo de bolos de Triñáns, o que me converteu nun membro activo seu (Tójar, 2006), durante un período de tempo que vai máis alá do comezo deste traballo, sendo parte incluso dos meus quefaceres laborais, e pasando boa parte do ano nos terreos de xogo para obter os datos desexados. A intención era realizar as observacións "*in situ*", para obter a información tal e como ocorre (Anguera, 1992; Ruiz e Ispizúa, 1989), mantendo unha postura externa para permitirme reflexionar sobre o observado (Tójar, 2006), de forma aberta, á luz de todos os participantes, en vivo, anotando inmediatamente os elementos máis relevantes (Anguera, 1995; Pérez, 1994; Blanchet e outros, 1989). Adopto deste xeito unha observación externa, directa e non participante (Anguera, 1992; Blanchet e outros, 1989), coa vantaxe de que isto ten para o observador, dedicando toda a atención á observación e a realizar as pertinentes anotacións a medida que se ían orixinando os acontecementos.

A observación realizada constitúe realmente unha técnica científica e válida para este estudo de investigación no momento que serve a un obxectivo xa formulado, está planificada sistematicamente, controlada e relacionada con proposicións máis xerais e suxeita a comprobacións de validez e fiabiliade (Anguera, 1992; Ruiz, 1999; Pérez, 1994; García, Ibáñez e Alvira, 1994; Mancuso, 1999), actuando, como se acaba de expoñer, en diferentes campos,

diferentes momentos do día, da semana e do ano, e constatando que a información obtida continuaba sendo estable (Anguera, 1988).

Este proceso rematou coa elaboración do primeiro regulamento escrito do xogo dos bolos en Boiro, no que se recollen todos os aspectos relativos á forma de xogo en si (xogadores, puntuación, rotación de xogadores…), aos elementos físicos que interveñen no xogo (medidas, peso e materiais dos bolos, bólas, caixa e patio) e a outras modalidades tradicionais de xogo que se desenvolvían en circunstancias excepcionais ("*bolo do monte*" á última hora do día cando as condicións de luz natural non eran as axeitadas, "*a malleira*" cando se congregaban moitos xogadores nun momento determinado e para que todos puideran xogar…).

Este documento garantirá, cando menos, o coñecemento da forma real de xogo cando a tradición oral, ata agora a única que informaba das condicións do xogo dos bolos en Boiro, perda a súa continuidade (se é que chega a perderse).

O principal problema atopado durante a recollida de datos redúcese, case exclusivamente, ao concepto de *tempo*. Tempo para realizar as entrevistas, para elaborar todos os cuestionarios pero, sobre todo, para transcribir as entrevistas nun tempo razoable e así comezar coa súa análise, proceso que se prolongou máis do previsto ao recoller literalmente todas as impresións das 54 entrevistas realizadas, cun tempo total de gravación que se achega ás 30 horas.

CAPÍTULO 7

ANÁLISE E INTERPRETACIÓN DE DATOS

"*Do fútbol aos bolos, do judo ao beisbol, a observación de calquera manifestación deportiva ofrece unha descrición máis ou menos nítida da sociedade na que se encrava, unha perspectiva do lugar e o momento no que acontece. As súas orixes, o seu grao de éxito ou fracaso, as súas miserias, o seu público, a súa propaganda, os seus protagonistas, os seus heroes… todos falan*" (Mencía, 2007:25)

No presente capítulo móstrase a análise e interpretación dos datos que se obtiveron do traballo de campo realizado coas distintas técnicas e procedementos: cuestionarios, entrevistas e observación directa.

Cada unha destas ferramentas foi empregada coa finalidade de obter datos concretos dun ámbito determinado. Así, os cuestionarios empregáronse para localizar os campos de xogo de bolos que se construíron ou habilitaron no concello de Boiro dende comezos do século XX ata a actualidade; as entrevistas para afondar nos aspectos histórico-culturais dos bolos na localidade e, a observación directa, para analizar o sistema de xogo e as regras dunha modalidade de bolos que fan de Boiro un caso único en Galicia e España.

Dunha análise global a través a experiencia no traballo de campo realizado, extráese a actitude positiva e colaboradora dos participantes neste estudo, persoas vinculadas directamente co xogo dos bolos en Boiro que mostran a súa predisposición para sacaren á superficie toda esa cultura e forma de vivir que tiveron os boirenses nun pasado, onde os bolos ocuparon unha parte moi importante das súas vidas; e persoas que aínda que este xogo non tivo neles unha influencia tan grande como nos propios participantes, si que lles gustaría saber máis acerca do tema e, sobre todo, que non se perda unha parte da historia na que eles foron os protagonistas, directa ou indirectamente.

Estes mesmos participantes no estudo proporcionan unha gran cantidade de datos descritivos sobre os xogo dos bolos no referente aos campos de xogo, materiais dos bolos e bólas, temporalización, apostas, vocabulario específico, xogadores destacados e o rol da muller, mostrando o seu desexo de recuperaren e aumentaren o nivel de práctica do xogo dos bolos na localidade, aínda que na súa maioría se mostran escépticos ante tal posibilidade e achegan poucas posibilidades de mellora, ben porque non saben realmente como facelo ben, simplemente, porque non cren que se chegue a xogar aos bolos en Boiro dun xeito similar ao que fixeron eles mesmos no pasado.

Nunha análise máis profunda dos datos ampliaranse as consideracións anteriores, establecendo unha estruturación por apartados para mellorar a súa comprensión.

7.1. Os campos de xogo

Na táboa 28 móstranse os datos estatísticos referentes aos cuestionarios empregados para a localización dos campos de xogo no concello de Boiro. Un total de 155 cuestionarios realizados con persoas de todas as parroquias do concello, cunha media de idade de 71,28 anos e onde o rango prioritario de actuación se centrou entre os 70 e os 90 anos.

O 27,10% dos cuestionarios (42) realizáronse con persoas da parroquia de Boiro, a máis ampla en canto a habitantes de todo o concello e a que marca as pautas no ámbito social (promoción cultural, deportiva ou asociacionismo).

N.º cuestionarios realizados	155
Media idade dos enquisados:	71,27
N.º homes:	96
N.º mulleres:	59
Media idade homes:	69,97
Media idade mulleres:	72,58
Media idade xeral:	71,28
Homes (30-45 anos)	4 persoas (media idade: 41 anos)
Homes (46-60 anos)	19 persoas (media idade: 51,58 anos)
Homes (61-75 anos)	34 persoas (media idade: 69 anos)
Homes (76-90 anos)	34 persoas (media idade: 80,82 anos)
Homes (91-100 anos)	5 persoas (media idade: 95,80 anos)
Mulleres (30-45 anos)	1 persoa (media idade: 45 anos)
Mulleres (46-60 anos)	7 persoas (media idade: 54,14 anos)
Mulleres (61-75 anos)	28 persoas (media idade: 69,07 anos)
Mulleres (76-90 anos)	20 persoas (media idade: 82,10 anos)
Mulleres (91-100 anos)	3 persoas (media idade: 94 anos)
Rango cuestionarios homes:	36 anos (máis xóven) – 100 anos (máis vello)
Rango cuetionarios mulleres:	45 anos (máis xóven) – 97 anos (máis vello)
Cuestionarios parroquia Boiro:	Homes: 23 Mulleres: 19
Cuestionarios parroquia O Castro:	Homes: 8 Mulleres:6
Cuestionarios parroquia Abanqueiro:	Homes: 10 Mulleres: 4
Cuestionarios parroquia Cespón:	Homes: 21 Mulleres: 10
Cuestionarios parroquia Lampón:	Homes: 9 Mulleres: 10
Cuestionarios parroquia Cures:	Homes: 16 Mulleres: 2
Cuestionarios parroquia Macenda:	Homes: 6 Mulleres: 5
Cuestionarios parroquia Bealo:	Homes: 3 Mulleres: 3

Táboa 28. Datos estatísticos en relación cos cuestionarios

O 20% corresponde á parroquia de Cespón, unha das máis amplas en canto á extensión de terreo pero tamén unha parroquia que ten os núcleos de habitantes máis esparexidos. O número máis baixo de cuestionarios realizouse nas parroquias de Macenda (11) e Bealo (6), que responden a un 7,10% e un 3,87% do total respectivamente, dúas parroquias das menos habitadas e con menor tradición no xogo dos bolos á vista dos resultados que se foron recollendo.

O 61,94% das persoas enquisadas foron homes (96), verdadeiros practicantes e activos do xogo dos bolos na localidade; o 38,06% foron mulleres (59), e aínda que o seu papel no que respecta á práctica foi irrelevante, como veremos máis adiante, o seu testemuño en canto a identificación e localización dos campos de xogo foi fundamental para chegar a exhaustividade dos datos mostrados neste traballo de investigación.

O resultado da análise dos cuestionarios móstrase na táboa 29, coa identificación e localización dos campos de bolos que atoparon en Boiro dende comezos do século pasado. Un total de 86 campos espallados por toda a localidade, lugares onde os maiores mataron boa parte do seu tempo de ocio. Nesta táboa 29, ademais da denominación do campo e do seu enderezo, móstranse as referencias de cales estaban asociados a unha taberna, a súa localización mediante GPS, a etiqueta do campo que se corresponde coa numeración dos campos situados na ilustración 34 e que se ía asignando a cada terreo de xogo a medida que se ía localizando a través dos cuestionarios, o número de mencións ou veces que se repetiu no reconto dos 155 cuestionarios e a porcentaxe (%) de mención que se corresponde en relación co total de cuestionarios.

Para a elaboración desta listaxe de campos de bolos, non só se requiriu a información extraída dos cuestionarios, senón tamén que precisou do desprazamento ao lugar indicado polos enquisados (sempre en compaña dunha destas persoas para verificar o lugar exacto de práctica) e a súa marcaxe cun GPS para facilitar a súa localización.

Campos de bolos no concello de Boiro						
N.º	**Campo de bolos**	**Enderezo**	**Taberna**	**Localización GPS**	**Etiqueta campo**	**N.º de mencións**
1	Campo de bolos de Pomardorrío (actual ubicación)	Lg/ Pomardorrío s/n. 15937. Parroquia de Cures	Non*	42.688329, -8.901790	1	63
1.1	Campo de bolos de "O Carballal" de Pomardorrío (o máis antigo, 1ª ubicación)	Lg/ Pomardorrío s/n. 15937. Parroquia de Cures	Non	42.688116, -8.901589	1	-
1.2	Campo de bolos de Pomardorrío (2ª ubicación, colle parte do actua e xogábase ao longo da estrada)	Lg/ Pomardorrío s/n. 15937. Parroquia de Cures	Non	42.688258, -8.901187	1	-
1.3.	Campo de bolos de Pomardorrío (3ª ubicación, ao lado do actual)	Lg/ Pomardorrío s/n. 15937. Parroquia de Cures	Non	42.688297, -8.901509	1	-
2	Campo de bolos da Canteira (O Saltiño)	Lg/ Saltiño, s/n. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Si	42.634886, -8.871771	3	52
3	Campo de bolos de Triñáns	Lg/ Triñáns, s/n. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.625868, -8.866503	2	48
4	Campo de bolos de Castro das Barreiras	Lg/ Escarabotiño (preto da estrada AC-305). 15992. Parroquia de Lampón	Si	42.637426, -8.904714	8	47
5	Campo de bolos de Xarmea	Lg/ Xarmea. Carretera AC-3101 (Boiro-Noia). 15930. Parroquia de Boiro	Non	42.652268, -8.889806	4	42
6	Campo de bolos do Bar Damián	Lg/ Triñáns, s/n. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Si	42.627628, -8.862686	7	21
7	Campo de bolos da taberna de Ordóñez	Lg/ Igrexa, s/n. (preto da estrada CP-1104). 15991. Parroquia de Cespón	Si	42.677242, -8.854927	14	21
8	Campo de bolos de "Entre as Tomadas" de Comoxo	Lg/ Comoxo, s/n. 15930. Parroquia de Boiro	Si	42.675384, -8.886311	29	21
9	Campo de Bolos de O Castro	Lg/ Igrexa do Castro. 15939. Parroquia do Castro	Non	42.621790, -8.871991	21	19
10	Campo de bolos de Montañó	Lg/ Montañó. 15992. Parroquia de Lampón	Non	42.650942, -8.926161	19	17
11	Campo de bolos de "A Voltiña" das Escobias	Lg/ Escobias. 15992. Parroquia de Lampón	Non	42.656947,-8.916610	30	15
12	Campo de bolos do "Monte da Coviña" en Treites	Lg/ O Soutonovo-Treites. 15991. Parroquia de Cespón	Non	42.684220, -8.853674	62	13
13	Campo de bolos de "A Filgueira" de Mieites	Lg/ Mieites. 15937. Parroquia de Cures	Non	42.688753, -8.884981	31	12
14	Campo de bolos da taberna de Ventura "O Bicho"	Lg/ Cesar, s/n. 15939. Parroquia do Castro	Si	42.618766, -8.876916	32	12
15	Campo de bolos da taberna de Eugenio Hermo (despois de Anita Hermo)	Lg/ Carretera Xeral CP-1105. O Saltiño. 15930. Parroquia de Boiro	Si	42.635129, -8.874306	10	11
16	Campo de bolos de "A Lameira" de Noceda	Lg/ Noceda, s/n. 15937. Parroquia de Cures	Non	42.697202, -8.927781	67	11
17	Campo de bolos de "O Canle" na Arribada	Lg/ O Canle-Arribada. 15991. Parroquia de Cespón	Non	42.680004, -8.848401	69	11
18	Campo de bolos de "As Estivadas" de Exipto	Lg/ Estrada Exipto-Abanqueiro (fronte ao campo de fútbol). 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.639322, -8.856499	27	10
19	Campo de bolos de "O Torreiro" de Piñeiro	Lg/ Piñeiro, s/n. 15992. Parroquia de Lampón	Non	42.654430, -8.924595	40	10

20	Campo de bolos de "As Sobreiras" de Moimenta	Lg/ Aldea de arriba de Moimenta. 15937. Parroquia de Macenda	Non	42.717688, -8.889458	55	10
21	Campo de bolos de "A Mina" (2ª ubicación, a autovía cortouno pola metade)	Lg/ A Mina, s/n. 15992. Parroquia de Lampón	Non	42.642635, -8.910945	41	9
21.1	Campo de bolos de "A Mina" (1ª ubicación. Colle parte do campo de fútbol)	Lg/ A Mina, s/n. 15992. Parroquia de Lampón	Non	42.642100, -8.910709	41	-
22	Campo de bolos de "As Chans" de Espiñeira	Lg/ Espiñeira. Parque Empresarial. (onde agora está Calizamar). 15930. Parroquia de Boiro	Non	42.671937, -8.878391	33	9
23	Campo de bolos de "Campo Palleiro" da Figueira	Lg/ A Figueira, s/n. 15937. Parroquia de Cures	Non	42.694107, -8.915126	66	9
24	Campo de bolos de "Os Barrais"	Lg/ Carragueiros. 15939. Parroquia do Castro	Non	42.612904, -8.872619	22	9
25	Campo de bolos de Brión	Lg/ Brión. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.647541, -8.867367	5	8
26	Campo de bolos da taberna de Lebriña	Lg/ Reboredo nº 13. 15991. Parroquia de Cespón	Si	42.664784, -8.854439	26	8
27	Campo de bolos da taberna de Casa Lucía	Lg/ O Saltiño, s/n. 15930. Parroquia de Boiro	Si	42.636161, -8.875628	43	8
28	Campo de bolos de Vilariño	Lg/ Vilariño. Preto da Escola Unitaria. 15991. Parroquia de Cespón	Non	42.665671, -8.867823	28	8
29	Campo de bolos de "Campodeiras" de Belles de Arriba	Lg/ Belles de Arriba. 15937. Parroquia de Macenda	Non	42.699161, -8.880451	38	8
30	Campo de bolos da taberna de Pepa	Lg/ Valiño s/n. 15939. Parroquia do Castro	Si	42.619392, -8.872450	20	8
31	Campo de bolos de "A Amanecida"	Lg/ Amanecida. 15990. Parroquia de Bealo	Non	42.685691, -8.849222	34	7
32	Campo de bolos da Calzada de Comba	Lg/ Comba, s/n. 15991. Parroquia de Cespón	Non	42.676889, -8.845960	70	7
33	Campo de bolos de Monte Deira –Pedroso	Lg/ Deira. 15991. Parroquia de Cespón	Non	42.667819,-8.862705	23	6
34	Campo de bolos da taberna do Tío Pepito	Lg/ Carreitera subida á Perguisa (A Pesqueira). 15939. Parroquia do Castro	Si	42.617939, -8.883742	24	6
35	Campo de bolos da taberna de Joaquín de Herminda en Treites	Lg/ Treites, s/n. 15991. Parroquia de Cespón	Si	42.683129, -8.852408	63	6
36	Campo de bolos do baile de Benedicto	Lg/ A Cova do Boliño. Estrada AC-3101 Boiro-Noia. 15937. Parroquia de Cures	Si	42.698211, -8.886652	35	6
37	Campo de bolos de Cadarnoxo	Lg/ Arriba do monte. Cadarnoxo. 15937. Parroquia de Cures	Non	42.707284, -8.898033	57	6
38	Campo de bolos de Sabouza-taberna de María de Ameán (2ª ubicación)	Lg/ Ameán, s/n. 15937. Parroquia de Cures	Si	42.698375, -8.898110	39	6
38.1	Campo de bolos de Sabouza-taberna de María de Ameán (1ª ubicación, ao pé da igrexa)	Lg/ Ameán, s/n. 15937. Parroquia de Cures	Si	42.697736, -8.896584	39	-
39	Campo de bolos de San Ramón de Bealo	Lg/ San Ramón de Bealo. 15991. Parroquia de Bealo	Non	42.700742, -8.845539	71	6
40	Campo de bolos do monte de Comoxo	Lg/ Comoxo, s/n. Ao pé da estrada AC-3101. 15930. Parroquia de Boiro	Non	42.678338, -8.886491	79	6
41	Campo de bolos da taberna de Alvarito en Valiño	Lg/ Valiño s/n. 15939. Parroquia do Castro	Si	42.620420, -8.873160	80	6

42	Campo de bolos de "O Souto" de San	Lg/ San. 15930. Parroquia de Boiro	Non	42.647754, -8.873954	6	5
43	Campo de bolos da taberna de Selina - Isolino	Lg/ A Quinta. carretera Abanqueiro-Portomouro. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Si	42.637724, -8.848130	18	5
44	Campo de bolos de "O Montiño" da fábrica de Cabanela	Lg/ Estrada AC-3101 Boiro-Noia. 15937. Parroquia de Cures	Non	42.693595,-8.885456	36	5
45	Campo de bolos de "A Changuiña"	Lg/ A Changuiña. 15992. Parroquia de Lampón	Non	42.648966, -8.897467	42	5
46	Campo de bolos do "Souto do Pazo" en Sandrenzo	Lg/ Souto do Pazo, s/n. Sandrenzo, 15991. Parroquia de Cespón	Non	42.672217, -8.870650	61	5
47	Campo de bolos de "A Fonte" de Moimenta	Lg/ Aldea de arriba de Moimenta. 15937. Parroquia de Macenda	Si	42.716102,-8.887883	77	5
48	Campo de bolos de Bermo	Lg/ Bermo, s/n. 15930. Parroquia de Boiro	Non	42.663113, -8.887290	52	5
49	Campo de bolos da taberna de "A viúba de Gabriel Vázquez"	Lg/ Ferreiros, s/n. 15991. Parroquia de Cespón	Si	42.657653, -8.855066	49	5
50	Campo de bolos da taberna de Manuela "A Cadista"	Lg/ O Saltiño, s/n. 15930. Parroquia de Boiro	Si	42.633702, -8.873450	50	5
51	Campo de bolos da "Pedra Furada"	Lg/ Estrada do Castro a Cariño. 15939. Parroquia do Castro	Non	42.625177, -8.872350	47	4
52	Campo de bolos de "Os Carballiños"	Lg/ Bealo, s/n. 15991. Parroquia de Bealo	Non	42.697447, -8.850249	72	4
53	Campo de bolos da Calzada da Torre – Comoxo	Lg/ Comoxo, s/n. 15930. Parroquia de Boiro	Non	42.680243, -8.886864	78	4
54	Campo de bolos da taberna de Benito Campaña	Lg/ Ponte Goiáns. Estrada Boiro-Noia AC-305. 15930. Parroquia de Boiro	Si	42.64693,-8.892829	11	3
55	Campo de bolos de Rosomil	Lg/ Rosomil, s/n (ao pé da actual Autovía do Barbanza). 15992. Parroquia de Lampón	Non	42.637789, -8.911028	15	3
56	Campo de bolos da taberna de Teresa Valiño "A Sesteira"	Lg/ Ponte Goiáns. Estrada Boiro-Noia AC-305. 15930. Parroquia de Boiro	Si	42.646993, -8.893049	12	3
57	Campo de Bolos do alto do Campo da Cruz	Lg/ Agro da Cruz (Aldea Grande). 15937. Parroquia de Cures	Non	42.700384, -8.889790	37	3
58	Campo de bolos do "Rego das Moas" en Carboeiro	Lg/ Carboeiro, s/n. 15937. Parroquia de Cures	Non	42.698483, -8.901790	56	3
59	Campo de bolos da taberna de Pepa de Loxo	Lg/ Campo s/n. 15939. Parroquia do Castro	Si	42.613619, -8.886673	44	3
60	Campo de bolos do Esteiro	Lg/ Esteiro s/n. 15939. Parroquia do Castro	Non	42.624034, -8.882849	45	3
61	Campo de bolos do "Cruceiro Mono" da costa de Corea	Lg/ Triñáns, s/n. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.624944, -8.846404	58	3
62	Campo de bolos do "Muiño dos Parrotes" de Loxo	Lg/ Loxo de arriba. 15930. Parroquia de Boiro	Non	42.681323, -8.899988	68	3
63	Campo de bolos da Aldea Grande de Bealo	Lg/ Praza da Aldea Grande de Bealo. 15991. Parroquia de Bealo	Non	42.697397,-8.842404	75	3
64	Campo de bolos de Escariz	Lg/ Escariz, s/n. 15992. Parroquia de Lampón	Non	42.644142, -8.903630	85	3
65	Campo de bolos de "A Carrileira-As Toxeiras" de Guilleiro	Lg/ Guilleiro. 15991. Parroquia de Cespón	Non	42.667724, -8.857094	17	2

66	Campo de bolos da taberna da Señora Delia	Lg/ Ponte Goiáns. Estrada Boiro-Noia AC-305. 15930. Parroquia de Boiro	Si	42.646602, -8.892904	13	2
67	Campo de bolos da taberna de Fontecoba de Exipto	Lg/ Campo das festas de Exipto. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Si	42.639442, -8.861589	16	2
68	Campo de bolos de "Revelar" na Boliña	Lg/ A Boliña. 15930. Parroquia de Boiro	Non	42.649522, -8.876291	9	2
69	Campo de bolos de Mañóns	Lg/ Mañóns. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.631445, -8.852819	25	2
70	Campo de bolos do Chazo	Lg/ O Chazo, s/n. 15939. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.607067, -8.857749	46	2
71	Campo de bolos de "Os Mesóns" de Runs	Lg/ Runs, s/n. 15930. Parroquia de Boiro	Non	42.659953, -8.901705	48	2
72	Campo de bolos do Sestelo	Lg/ Rotonda do Sestelo. Pedra da Bouza. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.634535, -8.867026	51	2
73	Campo de bolos da taberna de Antonio "O Carán"	Lg/ Reboredo s/n. 15991. Parroquia de Cespón	Si	42.665174, -8.853039	53	2
74	Campo de bolos de "O Cano"	R/ Principal s/n. 15930. Parroquia de Boiro (ao lado do baile do Outeiro, no callejón que sube ao Boiro de arriba)	Non	42.646470, -8.887762	54	2
75	Campo de bolos da Lomba	Lg/ A Lomba, s/n. 15991. Parroquia de Bealo	Non	42.698546, -8.852878	73	2
76	Campo de bolos da Canteira	C/ Os Pombais, s/n. 15938. Parroquia do Castro	Non	42.617837, -8.883525	74	2
77	Campo de bolos de "O Campiño" de Triñáns	Lg/ Triñáns, s/n. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.624036, -8.865704	59	2
78	Campo de bolos de "A Tixó-A Figueira" de Triñáns	Lg/ A Figueira, s/n. Triñáns. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.627423, -8.865237	60	2
79	Campo de bolos do "Monte da Blanca" de Triñáns	Lg/ Triñáns, s/n. Camiño ao Chazo. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.623334, -8.864003	64	2
80	Campo de bolos da praia do Cardal en Triñáns	Lg/ Praia do Cardal. Triñáns, 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.627597, -8.857234	65	2
81	Campo de bolos da estrada da Igrexa no Corviño	C/ Corviño, s/n. 15939. Parroquia do Castro	Non	42.617073,-8.885271	76	2
82	Campo de bolos de "As Bouziñas de Luns" de Piñeiro	Lg/ Piñeiro, s/n. 15992. Parroquia de Lampón	Non	42.653059, -8.925075	81	2
83	Campo de bolos do "Monte das Lombas" de Trebonzos	Lg/ Trebonzos, s/n. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.659583, -8.863478	82	2
84	Campo de bolos da taberna dos Cacharros	Lg/ San Martiño, s/n. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Si	42.652233, -8.863842	83	2
85	Campo de bolos da "Pedra das Cabras"	Lg/ Reboredo s/n. 15991. Parroquia de Cespón	Non	42.662695, -8.857056	84	2
86	Campo de bolos de "A Fonte" da Aldea Grande de Abanqueiro	Lg/ Aldea Grande de Abanqueiro, s/n. 15938. Parroquia de Abanqueiro	Non	42.634152, -8.847610	86	2

Táboa 29. Identificación e localización dos campos de bolos no concello de Boiro

A distribución de campos por toda a localidade é desigual segundo se trate dunha ou outra parroquia. Así, a maior concentración de campos prodúcese na parroquia de Abanqueiro (véxase a táboa 30). Dos 18 campos que se atopan nesta parroquia (20,93% do total), 5 están asociados a unha taberna (campos situados en terreos privados) e 13 son campos libres, situados en terreos públicos ou doutra entidade (comunidade de montes, por exemplo). A única excepción corresponde ao campo de bolos da Canteira, no Saltiño, que malia estar asociado a unha taberna (a taberna do señor Manuel Toucedo) o campo de bolos era de titularidade pública, cedido sen custo ningún para o desenvolvemento do citado xogo.

Canto á súa distribución xeográfica, os campos de bolos da parroquia de Abanqueiro están situados na súa maior parte na súa parte suroeste, principalmente no núcleo de Triñáns e na zona de paso (camiño) que vai dende aquí ata o Saltiño (véxase a ilustración 34). Outra agrupación prodúcese no outro núcleo de maior poboación da parroquia, na Aldea Grande de Abanqueiro (tres campos) e os restantes sitúanse en núcleos de habitantes máis pequenos (Exipto, Brión, San Martiño e Trebonzos).

Segundo o número de mencións nos cuestionarios, hai tres campos desta parroquia que destacan canto á súa popularidade: o campo de bolos da Canteira (o 33,55% dos enquisados fixo mención a este campo), o de Triñáns (30,97% de mencións) e o do Bar Damián (13,55%). O que máis destaca é o da Canteira, que mantivo a súa actividade na década dos anos 70 e 80, sendo un dos referentes dos afeccionados aos bolos en todo o concello. O campo de Triñáns é o máis recente dos tres, onde hoxe en día se comezan a levar a cabo movementos a favor de recuperar a súa actividade; e o campo de bolos do Bar Damián, que estivo activo a finais da década dos 80 e nos 90, tivo o seu particular momento de gloria nun momento en que xa non quedaban moitos campos de bolos activos na localidade e, os moitos afeccionados que seguía habendo deste xogo, dábanse cita nesta taberna para ocuparen o seu tempo de ocio, preferentemente xogando aos bolos. Unha popularidade que non

escapou aos medios de comunicación, trascendendo a actividade á prensa escrita e incluso aos medios televisivos (Televisión de Galicia).

N.º	Campo de bolos	Taberna	Etiqueta campo	N.º de mencións
1	Campo de bolos da Canteira (O Saltiño)	Si	3	52
2	Campo de bolos de Triñáns	Non	2	48
3	Campo de bolos do Bar Damián	Si	7	21
4	Campo de bolos de "As Estivadas" de Exipto	Non	27	10
5	Campo de bolos de Brión	Non	5	8
6	Campo de bolos da taberna de Selina - Isolino	Si	18	5
7	Campo de bolos do "Cruceiro Mono" da costa de Corea	Non	58	3
8	Campo de bolos da taberna de Fontecoba de Exipto	Si	16	2
9	Campo de bolos de Mañóns	Non	25	2
10	Campo de bolos de "O Campiño" de Triñáns	Non	59	2
11	Campo de bolos de "A Tixó-A Figueira" de Triñáns	Non	60	2
12	Campo de bolos do "Monte da Blanca" de Triñáns	Non	64	2
13	Campo de bolos da praia do Cardal en Triñáns	Non	65	2
14	Campo de bolos do "Monte das Lombas" de Trebonzos	Non	82	2
15	Campo de bolos da taberna dos Cacharros	Si	83	2
16	Campo de bolos de "A Fonte" da Aldea Grande de Abanqueiro	Non	86	2
17	Campo de bolos do Chazo	Non	46	2
18	Campo de bolos do Sestelo	Non	51	2

Táboa 30. Campos de bolos da parroquia de Abanqueiro

A outra gran concentración de campos de bolos prodúcese na parroquia de Boiro (véxase a táboa 31), con 17 campos (19,77% do total), dos cales 7 están asociados a unha taberna e 10 son campos libres. En referencia á súa situación xeográfica (véxase a ilustración 34), cómpre destacar que nesta parroquia os campos están concentrados no núcleo principal de habitantes (Boiro) e no discorrer da estrada que une Boiro con Noia, nun pasado un camiño de barro e pedras; é dicir, mesmo na saída de Boiro, na Ponte Goiáns e Xarmea, pasando por Bermo, Comoxo e Mieites. Outra pequena concentración de campos (3) localízase no lugar do Saltiño, próximo ás lindes coas parroquias do Castro e Abanqueiro, lugar tamén de paso dende

o núcleo principal de habitantes do concello cara a estas dúas parroquias. Outros campos están xa máis illados, situados en núcleos de pouca poboación como San, Loxo ou Runs.

Segundo o número de mencións nos cuestionarios destaca a figura do campo de Xarmea (27,10%), que se corresponde tamén co campo máis recente que tivo actividade de toda a parroquia, centrada nos anos 80 e 90, e a través do cal o Concello de Boiro tentou impulsar a actividade bolística na localidade coa celebración de torneos con premios considerables, feito que trascendeu aos medios de comunicación, como así o demostran as novas publicadas en *La Voz de Galicia* o 12 de xullo de 1990 e o 15 de agosto dese mesmo ano.

N.º	Campo de bolos	Taberna	Etiqueta campo	N.º de mencións
1	Campo de bolos de Xarmea	Non	4	42
2	Campo de bolos de "Entre as Tomadas" de Comoxo	Si	29	21
3	Campo de bolos da taberna de Eugenio Hermo	Si	10	11
4	Campo de bolos de "As Chans" de Espiñeira	Non	33	9
5	Campo de bolos da taberna de Casa Lucía	Si	43	8
6	Campo de bolos do monte de Comoxo	Non	79	6
7	Campo de bolos de "O Souto" de San	Non	6	5
8	Campo de bolos de Bermo	Non	52	5
9	Campo de bolos da taberna de Manuela "A Cadista"	Si	50	5
10	Campo de bolos da Calzada da Torre – Comoxo	Non	78	4
11	Campo de bolos da taberna de Benito Campaña	Si	11	3
12	Campo de bolos da taberna de Teresa Valiño "A Sesteira"	Si	12	3
13	Campo de bolos do "Muiño dos Parrotes" de Loxo	Non	68	3
14	Campo de bolos da taberna da Señora Delia	Si	13	2
15	Campo de bolos de "Revelar" na Boliña	Non	9	2
16	Campo de bolos de "Os Mesóns" de Runs	Non	48	2
17	Campo de bolos de "O Cano"	Non	54	2

Táboa 31. Campos de bolos da parroquia de Boiro

A parroquia de Cespón é outra onde se concentra un maior número de campos de bolos, un total de 13, que corresponden cun 15,12% do total de campos atopados no concello, dos cales 5 son campos de xogo vinculados a unha taberna e 8 son campos libres (véxase a táboa 32). Cespón é unha das parroquias do concello que presenta maior dispersión poboacional e caracterízase por unha concentración de habitantes en pequenos núcleos, feito que mostra tamén o esparaxemento dos campos desta parroquia nos lugares de Sar, Guilleiro, Vilariño, Ferreiros, Sandrenzo, Arribada, Comba, Deira, Treites (2 campos) e Reboredo (3 campos) (véxase a ilustración 34).

Segundo o número de mencións nos cuestionarios, destaca o campo de bolos da Taberna de Ordóñez (13,55%), situado a escasos metros da capela de San Roque, un dos campos do concello onde se fai referencia a grandes apostas entre os xogadores, sobre todo nos anos 50 e 60, época na que moitos veciños de Cespón traballaban nas minas de San Finx de Lousame na extracción de wolframio e estaño, gañando un bo salario nesa época, e parte deses cartos gastábanse na taberna en bebida e nas apostas xogando aos bolos.

N.º	Campo de bolos	Taberna	Etiqueta campo	N.º de mencións
1	Campo de bolos da taberna de Ordóñez	Si	14	21
2	Campo de bolos do "Monte da Coviña" en Treites	Non	62	13
3	Campo de bolos de "O Canle" na Arribada	Non	69	11
4	Campo de bolos da taberna de Lebriña	Si	26	8
5	Campo de bolos de Vilariño	Non	28	8
6	Campo de bolos da Calzada de Comba	Non	70	7
7	Campo de bolos de Monte Deira –Pedroso	Non	23	6
8	Campo de bolos da taberna de Joaquín de Herminda en Treites	Si	63	6
9	Campo de bolos do "Souto do Pazo" en Sandrenzo	Non	61	5
10	Campo de bolos da taberna de "A Viúba de Gabriel Vázquez"	Si	49	5
11	Campo de bolos de "A Carrileira-As Toxeiras" de Guilleiro	Non	17	2
12	Campo de bolos da taberna de Antonio "O Carán"	Si	53	2
13	Campo de bolos da "Pedra das Cabras"	Non	84	2

Táboa 32. Campos de bolos da parroquia de Cespón

Na parroquia do Castro localizáronse un total de 11 campos de bolos (12,79% do total), dos cales 5 son campos de taberna e 6 campos libres (véxase a táboa 33). Esta parroquia é a máis pequena en extensión de terreo que hai no concello, o que a converte na de maior densidade de campos de bolos (número de campos por km^2), aspecto aínda máis acentuado ao comprobar na ilustración 34 que todos eses campos se concentran na metade oeste da parroquia, nas principais entidades poboacionais.

Os principais núcleos de habitantes desta parroquia contaron cun campo de bolos: Valiño (2 campos), O Castro, Cariño, Esteiro, Corviño, Perguiza, Campo, Pesqueira, Carragueiros e Cesar.

Respecto ao número de mencións, destacan desta parroquia os campos do Castro (12,26%), situado detrás da igrexa do Castro e no que as partidas dominicais eran habituais, e o campo da taberna de Ventura "*O Bicho*" (7,74%), lugar de ocio da parroquia do Castro, onde ademais de campo de bolos, os veciños podían gozar dun pequeno "baile" para pasaren as tardes dos domingos.

N.º	Campo de bolos	Taberna	Etiqueta campo	N.º de mencións
1	Campo de Bolos do Castro	Non	21	19
2	Campo de bolos da taberna de Ventura "O Bicho"	Si	32	12
3	Campo de bolos de "Os Barrais"	Non	22	9
4	Campo de bolos da taberna de Pepa	Si	20	8
5	Campo de bolos da taberna do Tío Pepito	Si	24	6
6	Campo de bolos da taberna de Alvarito en Valiño	Si	80	6
7	Campo de bolos da "Pedra Furada"	Non	47	4
8	Campo de bolos da taberna de Pepa de Loxo	Si	44	3
9	Campo de bolos do Esteiro	Non	45	3
10	Campo de bolos da Canteira	Non	74	2
11	Campo de bolos da estrada da Igrexa no Corviño	Non	76	2

Táboa 33. Campos de bolos da parroquia do Castro

A parroquia de Cures é a segunda menos poboada do municipio e a maior en extensión de terreo, aínda que boa parte a ocupa a serra do Barbanza, unha enorme extensión de monte con núcleos moi illados de habitantes. Nesta parroquia, na única onde se conserva hoxe en día o xogo dos bolos, localizáronse 10 campos (11,63% do total), dos cales 3 son de taberna e 7 campos libres (véxase a táboa 34).

Dos tres campos de taberna, o de Pomardorrío non sempre estivo asociado a unha, pois nun principio o campo estaba situado preto do actual pero non había taberna ningunha. Co paso do tempo, o campo foi pasando por varias localizacións, todas moi preto entre si, achegándose ao lugar onde actualmente está situado o campo e sendo xestionado, dalgún xeito, polos rexentes da taberna, aínda que o terreo de xogo non pertence aos donos da taberna, senón á comunidade de montes desta parroquia.

N.º	Campo de bolos	Taberna	Etiqueta campo	N.º de mencións
1	Campo de bolos de Pomardorrío	Non*	1	63
2	Campo de bolos de "A Filgueira" de Mieites	Non	31	12
3	Campo de bolos de "A Lameira" de Noceda	Non	67	11
4	Campo de bolos de "Campo Palleiro" da Figueira	Non	66	9
5	Campo de bolos do baile de Benedicto	Si	35	6
6	Campo de bolos de Cadarnoxo	Non	57	6
7	Campo de bolos de Sabouza-taberna de María de Ameán	Si	39	6
8	Campo de bolos de "O Montiño" da fábrica de Cabanela	Non	36	5
9	Campo de Bolos do alto do Campo da Cruz	Non	37	3
10	Campo de bolos do "Rego das Moas" en Carboeiro	Non	56	3

Táboa 34. Campos de bolos da parroquia de Cures

Dunha ollada á ilustración 34 pode observarse que a a concentración de campos de bolos se produce nos núcleos poboacionais preto da vía de acceso de Boiro a Noia: Mieites, Cures, Cadarnoxo e Carboeiro. Tamén nos núcleos poboacionais máis afastados, situados en plena serra do Barbanza, se atoparon dous campos: na Figueira e en Noceda.

E arredado de todos, o campo de bolos de Pomardorrío, o único que soubo conservar a tradición co paso dos anos e no que hoxe en día se segue xogando con asiduidade. Este é o motivo polo cal é o campo con máis mencións nos cuestionarios (40,65%) da parroquia e, no cómputo xeral, de toda a localidade.

A parroquia de Santiago de Lampón é outra das parroquias que, xunto con Cespón, presenta un maior número de entidades poboacionais e, polo tanto, un maior espareximento seu. O mesmo ocorre en canto á localización dos campos de bolos, atopando un total de 9 campos (10,46% do total), dos cales tan só 1 é de taberna, sendo os restantes 8 campos libres (véxase a táboa 35).

Na ilustración 34 pode comprobarse como os 9 campos de bolos localizados en Lampón están esparexidos por toda a parroquia, en 7 entidades poboacionais diferentes (Escarabote, Montañó, Escobias, A Mina, A Changuiña, Rosomil e Escariz), e o núcleo de Piñeiro tan só dispón de dous campos que, ademais, non coincidiron na mesma época, pois o campo de "*O Torreiro*" habilitouse despois de que se deixara de xogar en "*As Bouziñas de Luns*".

N.º	Campo de bolos	Taberna	Etiqueta campo	N.º de mencións
1	Campo de bolos de Castro das Barreiras	Si	8	47
2	Campo de bolos de Montañó	Non	19	17
3	Campo de bolos de "A Voltiña" das Escobias	Non	30	15
4	Campo de bolos de "O Torreiro" de Piñeiro	Non	40	10
5	Campo de bolos de "A Mina"	Non	41	9
6	Campo de bolos de "A Changuiña"	Non	42	5
7	Campo de bolos de Rosomil	Non	15	3
8	Campo de bolos de Escariz	Non	85	3
9	Campo de bolos de "As Bouziñas de Luns" de Piñeiro	Non	81	2

Táboa 35. Campos de bolos da parroquia de Lampón

Desta parroquia hai que destacar o campo de bolos de Castro das Barreiras (30,32% de mencións nos cuestionarios), o campo máis importante e tamén un a dos que máis alusións se fai en toda a parroquia, sobre todo polas apostas con grandes cantidades de cartos que se facían entre os xogadores, normalmente mariñeiros que traballaban fóra en barcos de pesca e grazas ao que gañaban moitos cartos, dos cales investían parte na taberna e nas apostas dos bolos.

A parroquia de Bealo é unha das que máis entidades poboacionais ten do municipio, pero tamén das menos habitadas (a antepenúltima). Nesta parroquia atopáronse tan só 5 campos de bolos (5,81% do total), ningún deles asociado a unha taberna e, polo tanto, todos campos de titularidade pública ou de comunidades de montes (véxase a táboa 36).

Da situación destes campos da parroquia de Bealo no mapa (ilustración 34) obsérvase que 4 dos 5 campos de bolos están ao pé do vial que pasa pola parroquia con dirección a Noia; o outro, está situado no centro da aldea, no medio da praza da Aldea Grande de Bealo.

N.º	Campo de bolos	Taberna	Etiqueta campo	N.º de mencións
1	Campo de bolos de "A Amanecida"	Non	34	7
2	Campo de bolos de San Ramón de Bealo	Non	71	6
3	Campo de bolos de "Os Carballiños"	Non	72	4
4	Campo de bolos da Aldea Grande de Bealo	Non	75	3
5	Campo de bolos da Lomba	Non	73	2

Táboa 36. Campos de bolos da parroquia de Bealo

Macenda, a parroquia con menos entidades poboacionais (4) do municipio, a menos habitada (26 habitantes), a terceira máis pequena en extensión de terreo, é a que conta con menos campos de bolos (3), que supón tan só o 3,49% do total, e dos cales un está asociado a unha taberna e os outros dous campos son libres (véxase a táboa 37).

Na ilustración 34 obsérvase que dous deses campos están no núcleo poboacional máis habitado (Moimenta) e o outro en Belles de Arriba. Nos outros dous núcleos poboacionais non se atoparon datos de ningún campo de bolos (Insuachán e Belles de Abaixo).

N.º	Campo de bolos	Taberna	Etiqueta campo	N.º de mencións
1	Campo de bolos de "As Sobreiras" de Moimenta	Non	55	10
2	Campo de bolos de "Campodeiras" de Belles de Arriba	Non	38	8
3	Campo de bolos de "A Fonte" de Moimenta	Si	77	5

Táboa 37. Campos de bolos da parroquia de Macenda

Da análise dos cuestionarios é preciso destacar que os enquisados coñecen e fan mención en maior medida aos campos de bolos existentes na súa propia parroquia, campos cos que tiñan un contacto máis habitual, ben para xogaren, ben porque era habitual ver a xente alí xogando. Se a isto lle engadimos as dificultades que tiña a xente para desprazarse dun lugar a outro ata mediados do século pasado, época de verdadeiro apoxeo dos bolos en Boiro, resulta evidente que o máis coñecido para a xente era o que ocorría nun radio de acción mais ben pequeno que se cinguía aos límites da propia parroquia ou ao conxunto de núcleos poboacionais máis próximos.

Tamén chama a atención a distribución xeográfica xeral dos campos de bolos na localidade. Aínda que as poucas referencias bibliográficas sitúan o xogo dos bolos nas distintas localidades de Galicia ou España nas zonas máis rurais, en Boiro a maior concrentración de campos de bolos prodúcese preto da costa e nos núcleos poboacionais máis habitados. Na ilustración 35 pode observarse que, da liña azul para abaixo, é onde se observa unha maior acumulación de campos de bolos, 51 en total, que supón o 59,30% do total que se atoparon na localidade. Nas zonas menos habitadas, máis rurais, sitúanse 35 campos, que supoñen o 40,70% do total do municipio.

Ilustración 34. Localización xeográfica dos campos de bolos atopados no concello de Boiro.
En verde, lugar polo que trascorre a actual Autovía do Barbanza

Ilustación 35. Distribución xeográfica dos campos de bolos en Boiro. A liña azul une os límites costeiros ao noreste con Rianxo e ao suroeste coa Pobra do Caramiñal, e que coincide co antigo Camiño Real, camiño de paso para os viandantes que cruzaban Boiro para se dirixiren á Pobra ou a Rianxo

Outro aspecto destacable da localización dos campos de bolos é a súa relación coas igrexas e capelas da localidade. É certo que o xogo dos bolos é unha actividade asociada ao tempo libre e, antigamente, o tempo de descanso dos quefaceres laborais era nos domingos, día no cal tamén eran obrigados os quefaceres espirituais, polo que o máis sinxelo para a xente era situar o campo de bolos preto da igrexa ou capela para comezar co xogo nada máis rematar a misa. Na táboa 38 poden observarse que a maioría das igrexas ou capelas da

localidade teñen unha capela ou unha igrexa parroquial ao seu carón ou moi preto; a excepción corresponde ás igrexas parroquiais de Santiago de Lampón e de Santa Baia, onde o campo de bolos máis preto está a uns 400 metros. O caso da igrexa parroquial de San Xoán de Macenda é excepcional, situada nunha zona moi afastada dos núcleos habitados da parroquia e onde non se atopa ningún campo de bolos a menos de 2 quilómetros á redonda.

Parroquia	Igrexa/capela	Campo de bolos
O Castro	Igrexa parroquial do Castro	Campo de bolos do Castro
	Capela da N.S. do Carme	Campo de bolos do Corviño
Abanqueiro	Capela de Exipto	Campo de bolos de As Estivadas
	Igrexa parroquial San Cristobo	
	Capela do Chazo	Campo de bolos do Chazo
Cures	Igrexa Parroquial San Andrés de Cures	Campo de bolos da taberna de María de Ameán
Cespón	Capela de San Roque	Campo de bolos da taberna de Ordóñez
	Igrexa parroquial San Vicente	
	Capela do Pazo de Sandrenzo	Campo de bolos do Souto do Pazo
Bealo	Igrexa Parroquial de San Pedro de Bealo	Campo de bolos de Os Carballliños
	Capela de San Ramón de Bealo	Campo de bolos de San Ramón de Bealo
Escarabote	Capela do Pazo de Goiáns	Campo de bolos de Escariz
	Igrexa Parroquial Santiago de Lampón	(sen campo de bolos)
Boiro	Capela de Comoxo	Campo de bolos do monte de Comoxo
	Igrexa parroquial Santa Baia	(sen campo de bolos)
Macenda	Igrexa parroquial de San Xoán de Macenda	(sen campo de bolos)

Táboa 38. Ubicación dos campos de bolos preto de igrexas e capelas

Da análise das categorías das entrevistas referentes aos campos de bolos extráense datos moi significativos, dos que ademais da súa importancia intrínseca, é preciso comparalos cos resultados dos cuestionarios para comprobar realmente o grao de fiabilidade das ferramentas que se empregaron para obter os datos deste estudo.

Así, das respostas que se relacionan coa **categoría 1.8** (*xogadores-campos de bolos de taberna máis populares*) (véxase a táboa 39) as persoas entrevistadas destacan tres campos de xogo por riba de todos. O primeiro é o campo de bolos da Canteira, no Saltiño, onde o 76% dos participantes subliña que se trata do campo de bolos de taberna máis popular entre os xogadores (*p.e.: X8, informante de 81 anos: O da Canteira foi moi popular, foi moi famoso. No da Canteira foi onde máis xente vin, e a mirar tamén, non só a xogar, aí na de Toucedo*); o 68% dos entrevistados destaca tamén a importancia do campo de bolos da taberna de Castro das Barreiras (*p.e.: X6, informante de 100 anos: O máis importante foi o de Castro en Escarabote*), e o 48% sinala a do campo de bolos da taberna de Ordóñez, en Cespón (*p.e.: X2, informante de 65 anos: Daquela dos máis populares sería o de Ordóñez en Cespón*).

Tamén se obteñen respostas referentes aos campos de bolos do Bar Damián de Triñáns (*p.e.: X2: Aquí no Bar Damián foi moi importante, si. Aquí viña a televisión, houbo premios considerables, moi ben*) e da taberna de Ventura "*O Bicho*" (*p.e.: X11: Dos xogos máis populares sería o de Cesar, o de Ventura "O Bicho"*), co 32% e 28% respectivamente. Finalmente en todas as entrevistas faise referencia a outros 17 campos de bolos pero, sen dúbida, os máis importantes son estes 5 que se acaban de mostrar.

Resposta/s	**N.º de mencións nas entrevistas**
Campo de bolos da Canteira do Saltiño	19
Campo de bolos de Castro das Barreiras	17
Campo de bolos da Taberna de Ordóñez	12
Campo de bolos do Bar Damián	8
Campo de bolos de Ventura "*O Bicho*"	7

Táboa 39. Categoría 1.8. Xogadores-campos de bolos de taberna máis populares

Neste caso, a importancia que se lle atribúe a estes campos de bolos de taberna (sobre todo aos tres primeiros da lista) pensamos que é debido ás

fortes apostas que se realizaban nestes campos de xogo, feito que trascendía máis alá do ámbito da propia taberna. Como os propios participantes destacaban *(p.e.: X5: Tamén o de Ordóñez alí en Cespón, tamén foi moi famoso. Ahí cando foi do wólfram xogáronse ata unha pipa de viño)* nestes establecementos, onde as normas eran establecidas polos propios donos do local, realizábanse considerables apostas de cartos (*p.e.: X9: O que era moi importante era o de Escarabote, o de Castro, porque era de pago, porque había que pagar, era de cartos, logo…)* e, tamén, doutra tipoloxía, como viño ou mesmo animais domésticos.

Feitos como este, trascendía ao colectivo de xogadores de bolos e tamén ao resto de parroquias do concello, creando asi un reclamo máis para que a xente acudira estes locais, ben para xogar ou, simplemente, para mirar, aspecto que contribuía notablemente a mellorar o negocio da taberna en cuestión.

Na **categoría 1.9** (*xogadores-campos de bolos sen taberna máis populares*) (véxase a táboa 40) as respostas mostran as referencias de tres campos de bolos que sobresaen con respecto ao resto, mencionados todos eles polo 68% dos entrevistados; é o caso do campo de bolos de Pomardorrío, en Cures (*p.e.: X17: Aquí si, home, un xogo dos máis importantes foi este de aquí de Pomardorrío. Eu acórdome del toda a vida*), do campo de bolos de Xarmea (*p.e.: X12: O de Xarmea era un campo dos importantes, sería dos mellores campos que había*) e do campo de bolos de Triñáns (*p.e.: X12: Aquí en Triñáns xogábase moitísimo os domingos pola mañá*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Campo de bolos de Pomardorrío	17
Campo de bolos de Xarmea	17
Campo de bolos de Triñáns	17
Campo de bolos de Montañó	8

Táboa 40. Categoría 1.9. Xogadores-campos de bolos sen taberna máis populares

Hai que salientar tamén que as respostas do 32% dos entrevistados sinalan a importancia do campo de bolos de Montañó, da parroquia de Lampón (*p.e.: X9: Os campos máis importantes serán o de Castro, o de alí de Espiñeira, o de Xarmea, o de Montañó, o de Piñeiro…*) e xa, en menor medida, os entrevistados fan mención a outros 46 campos de bolos, espallados polas oito parroquias do concello de Boiro.

Se no caso dos campos de bolos de taberna o nivel de popularidade que se lle concedía pensábamos que era principalmente polo feito de disputarse neles grandes apostas, neste caso cremos que a popularidade que lle atribúen os participantes a estes campos de bolos libres (non asociados a unha taberna) é debido a que se trata dos campos máis recentes, máis próximos a nós, os últimos campos nos que se foi deixando de xogar (excepto Pomardorrío, que aínda segue activo), os últimos campos que se reteñen na mente.

Realmente, tal e como sinalan os propios interesados, eran campos a onde acudía moita xente a xogar, pero non porque tiñan algo que os facía especiais con respecto ao resto, senón porque xa non había outros campos. Nesta época (a partir dos anos 80) eran poucos os campos de bolos que quedaban activos e, a partir dos 90, tan só o do bar Damián, o de Pomardorrío e o de Xarmea, estes dous últimos os dous campos libres máis populares que sinalan os entrevistados.

Na táboa 41 móstranse os resultados por orde de mención nos cuestionarios e nas entrevistas dos 20 campos de bolos máis populares, dos que se pode apreciar o seguinte:

- Os sete primeiros campos máis mencionados nos cuestionarios coinciden cos sete primeiros campos máis populares obtidos dos datos das entrevistas, aínda que os dous primeiros e os dous últimos alternan a súa posición entre eles.

- Dos 20 campos máis mencionados nos cuestionarios e nas entrevistas coinciden 17.

RESULTADOS CUESTIONARIOS			RESULTADOS ENTREVISTAS		
N.º	**Campo de bolos**	**Parroquia**	**N.º**	**Campo de bolos**	**Parroquia**
1	Campo de bolos de Pomardorrío	Cures	1	Campo de bolos da Canteira (O Saltiño)	Abanqueiro
2	Campo de bolos da Canteira (O Saltiño)	Abanqueiro	2	Campo de bolos de Pomardorrío	Cures
3	Campo de bolos de Triñáns	Abanqueiro	3	Campo de bolos de Triñáns	Abanqueiro
4	Campo de bolos de Castro das Barreiras	Lampón	4	Campo de bolos de Castro das Barreiras	Lampón
5	Campo de bolos de Xarmea	Boiro	5	Campo de bolos de Xarmea	Boiro
6	Campo de bolos do Bar Damián	Abanqueiro	6	Campo de bolos da taberna de Ordóñez	Cespón
7	Campo de bolos da taberna de Ordóñez	Cespón	7	Campo de bolos do Bar Damián	Abanqueiro
8	Campo de bolos de "Entre as Tomadas" de Comoxo	Boiro	8	Campo de bolos de Montañó	Lampón
9	Campo de Bolos do Castro	O Castro	9	Campo de bolos da taberna de Ventura "O Bicho"	O Castro
10	Campo de bolos de Montañó	Lampón	10	Campo de bolos de "Entre as Tomadas" de Comoxo	Boiro
11	Campo de bolos de "A Voltiña" das Escobias	Lampón	11	Campo de Bolos do Castro	O Castro
12	Campo de bolos do "Monte da Coviña" en Treites	Cespón	12	Campo de bolos do "Monte da Coviña" en Treites	Cespón
13	Campo de bolos de "A Filgueira" de Mieites	Cures	13	Campo de bolos de "A Filgueira" de Mieites	Cures
14	Campo de bolos da taberna de Ventura "O Bicho"	O Castro	14	Campo de bolos de "Os Barrais"	O Castro
15	Campo de bolos da taberna de Eugenio Hermo	Boiro	15	Campo de bolos da taberna de Manuela "A Cadista"	Boiro
16	Campo de bolos de "A Lameira" de Noceda	Cures	16	Campo de bolos de "A Voltiña" das Escobias	Lampón
17	Campo de bolos de "O Canle" na Arribada	Cespón	17	Campo de bolos de "O Canle" na Arribada	Cespón
18	Campo de bolos de "As Estivadas" de Exipto	Abanqueiro	18	Campo de bolos de "As Estivadas" de Exipto	Abanqueiro
19	Campo de bolos de "O Torreiro" de Piñeiro	Lampón	19	Campo de bolos de "As Sobreiras" de Moimenta	Macenda
20	Campo de bolos de "As Sobreiras" de Moimenta	Macenda	20	Campo de bolos da taberna de Casa Lucía	Boiro

Táboa 41. Comparación de resultados dos vinte primeiros campos de bolos por orde de mención nos cuestionarios e nas entrevistas respectivamente

É preciso ademais destacar a importancia de combinar estas dúas ferramentas de obtención de datos para a localización e situación dos diferentes campos de bolos en Boiro. Por un lado, para sermos o máis

exhaustivos posible e, por outro, para para facermos comparacións que nos mostren a credibilidade dos datos obtidos.

Outros datos que cómpre ter en conta con respecto ao emprego destas dúas ferramentas é que:

- Dos 86 campos atopados nos cuestionarios, 25 son de taberna e 61 libres.

- Dos 86 campos atopados, nas entrevistas só se fai mención a 72, dos cales 22 son de taberna e 50 campos libres.

- Co emprego dos cuestionarios atopáronse 14 campos máis, dos cales 3 son de taberna e 11 campos libres.

Na **categoría 1.10** (*xogadores-mobilidade*) (véxase a táboa 42) as respostas mostran unha división de opinións acerca dos costumes que tiñan os xogadores de desprazarse dun lugar a outro para xogar aos bolos. Así, o 36% afirma que habitualmente os xogadores se desprazaban dun lugar a outro, elixindo diferentes campos para xogar aos bolos (*p.e.: X2: A xente alternaba, ían a un lado e a outro*) e unha porcentaxe moi similar (32%) afirma que o normal era que os xogadores xogaran sempre nos mesmos campos (*p.e.: X10: Polo regular xogabamos case sempre nos mesmos campos*).

Hai respostas que destacan tamén que habitualmente os xogadores de bolos (24%) desenvolvían a súa actividade nos campos da propia parroquia (*p.e.: X23: A xente movíase nos campos dentro da mesma parroquia*), xa que os problemas de desprazamento eran evidentes ata ben entrado o último cuarto do século pasado. E xa en menor medida atopámonos con respostas que nos indican que os mellores xogadores eran os que máis alternaban dun campo a outro (*p.e.: X24: Home, os que xogaban ben ían a máis campos, aos máis importantes*), que os xogadores acudían aos campos máis populares do momento (*p.e.: X14: Xogaban onde estaban en auxe, a onde ía máis xente*) e que os xogadores de bolos non tiñan un patrón de comportamento

determinado, que non planificaban con anterioridade onde ían a xogar, senón que elixían un campo ou outro dependendo das circunstancias do momento (*p.e.: X15: Cada un ía a onde lle parecía. O que ía aquí pois xogaba aquí. Outro día ía xogar ao mellor a outro lado*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
En diferentes campos	9
Nos mesmos campos	8
Nos campos da parroquia	6
Onde lle cadraba	3
Nos campos máis populares	2

Táboa 42. Categoría 1.10. Xogadores–mobilidade

Con respecto a estes costumes que tiñan os xogadores de desprazarse dun lugar a outro para xogar aos bolos, hai que percatarse de que, canto máis retrocedemos no tempo, as posibilidades dos xogadores de desprazarse duns lugares a outros e, en xeral, do resto da poboación, eran máis reducidas. Non había medios de transporte como hai agora, polo que o normal era que as persoas que xogaban aos bolos o fixeran nos lugares máis próximos ao seu lugar de residencia. A pesar de que había xogadores que, por exemplo, se desprazaban a pé dende Triñáns (parroquia de Abanqueiro) a Montañó (parroquia de Lampón) a xogar aos bolos (o camino de ida e volta sería duns 16 kilómetros aproximadamente), non era unha acción habitual entre os xogadores de bolos.

A medida que a sociedade avanza e os diferentes medios de transporte se van popularizando (bicicleta, moto e, sobre todo, automóvil) esta situación cambia substancialmente. Os xogadores aproveitan para ir ao resto das parroquias a buscar novas diversións, ás mozas e, tamén, aos campos de bolos máis populares, entrando en contacto con outros xogadores, con outro tipo de apostas e, como non, para sair da rutina á que estaban acostumados.

7.1.1. A taberna e o campo de bolos

Na **categoría 1.5** (*xogadores-lugar de práctica*) (véxase a táboa 43) destacan as respostas (56%) que falan de que os campos de bolos estaban situados preto dunha taberna (*p.e.: X12: Home, principalmente para haber un xogo de bolos tiña que haber unha taberna, senón xa non fixemos nada. Aquí está moi ligada unha cousa coa outra*). Outra boa parte dos participantes neste estudo (48%) destaca que os campos estaban situados máis ben no monte, lonxe das casas e dos núcleos habitados (*p.e.: X15: No monte, era no monte, e o monte estaba así de ladeira, costa arriba*). Neste sentido, unha das características dos campos de bolos de Boiro era que estaban en lixeira pendente, sempre costa arriba, de xeito que unha vez que se desprazaban os bolos e a bóla, logo para retornalos ao lugar de lanzamento era moito máis doado, botándoos a rodar monte abaixo de novo cara á caixa dos bolos.

Este feito tamén é característico doutras zonas de Galicia, aspecto que recollían Pérez e Tabernero (1997:301): "*No campo de xogo deberá existir un desnivel de 1% ou 2% entre a pedra boleira e a liña extrema do fondo do patio de xogo*". A verdade é que dependendo da localidade ou zona de España onde se xoga a bolos, os terreos de xogo son dunha ou doutra forma, sendo o máis habitual atoparse con campos completamente chans: "*as boleiras deberán estar feitas en terreos planos*" (Expósito, 2006:87).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Preto dunha taberna	14
No monte, lonxe das casas	12
Preto das casas	2

Táboa 43. Categoría 1.5. Xogadores-lugar de práctica

Esta tipoloxía de respostas onde sitúan os campos de bolos lonxe dos núcleos habitados teñen a base nas prohibicións constantes que pesaban sobre o xogo dos bolos, xa que o desprazamento dos bolos a gran velocidade

causaba danos materiais e, de ser o caso, físicos, cando un dos proxectís impactaba no corpo dalgún viandante. Esta circunstancia foise controlando a medida que se foron colocando valados ou redes de protección que impedían que os bolos saísen do campo de bolos, ademais de controlar en maior medida a perda do propio material de xogo, tal e como afirman Pérez e Tabernero (1997:305): "*O terreo de xogo protéxese cunha forte rede, por mor de extravíos e perdas, tanto das bólas como dos bolos*".

E un número moi reducido de respostas (8%) alude a que os campos de bolos estaban situados preto das casas (*p.e.: X20: Todo cerca das casas*), aspecto que se puido comprobar durante a localización e marcaxe dos campos de bolos no concello de Boiro, non moi frecuente pero si presente nun número reducido de casos.

Con respecto á **categoría 1.6** (*xogadores-a figura da taberna*) (véxase a táboa 44) a maioría das respostas (64%) sinala que a razón pola que había tantos campos de bolos preto dunha taberna era porque para estes establecementos era unha forma de negocio (*p.e.: X1: O xogo dos bolos era negocio para as tabernas*). Os taberneiros aproveitaban o tirón que tiña o xogo dos bolos entre os homes para atraeren xente á taberna, realizando así o correspondente gasto en bebida e/ou pequenos comestibles, dependendo da natureza do establecemento; ademais, adoitaban organizar algún que outro campionato para aumentar, se cabe máis, a popularidade do xogo e do negocio, e tamén poñían en funcionamento un sinxelo sistema de apostas onde os gañadores estaban obrigados a consumir na propia taberna. Todas estas accións estaban orientadas a facer da taberna un negocio popular e rendible, aspecto ao que tamén facía referencia Braun (2003:12) "*Ese prestixio dos bolos é aproveitado por taberneiros e entidades locais, que co seu patrocinio apropiaranse da faceta social desprendida desa actividade*".

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Negocio para as tabernas	16
Lugar de reunión e chiquiteo	6
Apostar	2
Ns/Nc	1

Táboa 44. Categoría 1.6. Xogadores-a figura da taberna

Xa en menor medida, as respostas dos entrevistados (24%) fan alusión á taberna como un lugar de reunión e chiquiteo (*p.e.: X12: Porque unha cousa vai xunto á outra, porque é unha maneira onde se reunía a xente, era unha maneira de xuntarse a xente*), un lugar para conversar, falar, discutir, beber, pasar o tempo e, evidentemente, xogar aos bolos. E tamén hai xogadores (8%) que sinalan que a razón da estreita relación entre a taberna e os campos de bolos débese ás apostas (*p.e.: X20: Porque aí xogaban por cartos*), engadindo deste xeito un elemento máis para ter en conta á hora de falar do xogo dos bolos en Boiro. E tamén hai entrevistados (un só caso) que non sabe a que pode atribuírse o feito de que houbera tantos campos de bolos preto dunha taberna, ben por descoñecemento, ben simplemente por tratarse dun feito irrelevante para esta persoa.

Na **categoría 1.7** (*xogadores-funcións do taberneiro*) (véxase a táboa 45) destacan as respostas (76%) que sitúan o taberneiro como o encargado do acondicionamento e mantemento dos campos de bolos vinculados ás tabernas (*p.e.: X9: Os donos das tabernas eran os que construían os campos, os que os coidaban e todo iso*). Este aspecto non só é característico nos campos de bolos de Boiro, senón tamén do resto do territorio español, tal e como recolle Fernández (1978:18): "Aí*nda que en moitas variedades de bolosse xoga na rúa ou nunha estrada, polo xeral o terreo de xogo é dun particular que se encarga de coidar a boleira e o equipo de bolos e bólas*".

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Acondicionamento e mantemento	19
Responsable do material	13
Promotor do xogo	4
O campo de bolos non precisa coidados	2

Táboa 45. Categoría 1.7. Xogadores–funcións do taberneiro

Outra boa parte das respostas (52%) sitúa o taberneiro como o responsable do material, aspecto tamén aludido anteriormente por Fernández (1978) (*p.e.: X6: os taberneiros eran os encargados dos campos de bolos e mais os bolos, tiñan eles os bolos*).

Xa en menor medida, atopámonos con respostas (16%) que indican que o taberneiro era realmente o promotor do xogo do campo de bolos da súa taberna (*p.e.: X2: Ao taberneiro interesáballe promocionar o xogo, telo activo. Os taberneiros organizaban campionatos*), e con respostas (8%) que mostran o seu parecer de que os campos de bolos non precisaban coidados de ningún tipo (*p.e.: X22: Non se limpaban home! Xa había ovellas, e había vacas a pastar, ou ti pensas que é como agora que hai silvas… Estaban as ovellas e xa se encargaban de limpar, e mais as vacas*).

A importancia que tivo a figura do taberneiro en relación á promoción do xogo dos bolos na localidade foi moi grande, quizais non tanto polo interés do xogo en si, senón por consideralo unha forma eficaz de atraer xente á taberna e facer diso un negocio máis rendible. Como terreos da súa propiedade, os campos de bolos estaban sempre preparados e acondicionados, empregados como reclamo para os afeccionados aos bolos. A pesar de que este fose o principal fin das súas intencións, o certo é que o xogo dos bolos resultou beneficiado do traballo desta xente, contribuíndo decididamente a que este xogo popular e tradicional se mantivera activo durante moitos anos no municipio.

7.2. A importancia do xogo dos bolos na localidade

Das respostas que se relacionan coa **categoría 1.1** (*xogadores-nivel de práctica*) (véxase a táboa 46) destacan catros aspectos. Un deles, presente no 60% dos entrevistados, afirma que os bolos tiveron un alto nivel de práctica na localidade (*p.e.: X8: Xoguei moitísimo, e non xoguei máis porque non tiña tempo libre para iso*); o 16% di que ese nivel de práctica foi medio, nin alto nin baixo (*p.e.: X15: Si, xoguei aos bolos, como un de tantos*); o 20% comenta que xogou pouco aos bolos (*p.e. X2: Eu xoguei pouco aos bolos*) e, tan só unha persoa entrevistada (4%) afirma que non xogou nada (*p.e.: X13: Non ohh, eu non xoguei aos bolos, que a min non me gustaba iso*). A persoa que respondeu isto último foi a única muller que á que se lle realizou a entrevista.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Alta	15
Media	4
Baixa	5
Nula	1

Táboa 46. Categoría 1.1. Xogadores-nivel de práctica do xogo dos bolos

O alto nivel de práctica ao que fan referencia os entrevistados cremos que é debido, sobre todo, ao reducido abano de posibilidades que nun pasado tiña a cidadanía para divertirse. Os principais divertimentos eran os xogos populares e tradicionais e, entre eles, o xogo dos bolos reunía unha serie de características que o facía moi especial para os practicantes: era unha boa forma de pasar o tempo e esquecerse dos problemas diarios, sociais e políticos do momento, establecíanse retos entre os participantes, había premios e, sobre todo, poñíanse de manifesto as calidades físicas de cada un, homes na súa maioría fortes, curtidos no día a día en traballos artesáns e co corpo como principal ferramenta.

Da **categoría 1.2** (*xogadores-grao de importancia do xogo*) (véxase a táboa 47) as respostas mostran dous tipos de percepcións. As máis abundantes (72%) aluden a que o xogo dos bolos foi moi importante na localidade, a principal actividade de ocio onde se divertían os homes da época (*p.e.: X7: En Boiro sempre foi moi importante, porque era onde se divertía a xente*); e un número menor de respostas (28%) que nos mostran que o grao de importancia do xogo dos bolos vén dado porque era o único xogo que había para divertirse, aspecto máis acentuado na primeira metade do século pasado (*p.e.: X5: Antes era o que había por todo, non había outra cousa, non había máis que o xogo dos bolos*). O reducido abano de posibilidades de ocio a medida que retrocedemos no tempo fai que a xente aprecie máis o pouco que ten, o pouco do que pode gozar.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Moi importante	18
Era o xogo que había	7

Táboa 47. Categoría 1.2. Xogadores-grao de importancia do xogo dos bolos

Enlazando coa anterior categoría, o xogo dos bolos era moi importante na localidade porque había moita xente que o practicaba, e este feito producíase, como comentabamos anteriormente, porque as opcións de ocio eran moi reducidas. De entre os xogos populares e tradicionais que se podían practicar daquela (a chave, a estornela ou a rá, entre outros), o xogo dos bolos requería dos participantes un maior número de calidades que calquera deles, onde ademais da puntería, era preciso disponer dunha boa dose de forza, calidade física moi valorada e aprezada neses tempos.

Na **categoría 1.3** (*xogadores-motivo de práctica*) (véxase a táboa 48) as respostas céntranse en catro aspectos. O máis destacado é que máis da metade dos entrevistados (52%) afirma que o principal motivo polo que se xogaba aos bolos debíase a que era o único deporte que había (*p.e.: X7: Á xente gustáballe xogar aos bolos porque era a única diversión. Era no que se*

divertía a xente), establecéndose un paralelismo coa anterior categoría, onde o xogo dos bolos, ao ser o único deporte do que podía gozar a xente, se lle daba moita importancia e, do mesmo xeito, era o principal motivo polo que a xente practicaba este xogo popular e tradicional.

En menor medida rexístranse respostas (32%) que destacan como motivo de práctica o simple feito de divertirse, sen buscar ningún outro motivo nin causa que mostre unha explicación lóxica a este feito (*p.e.: X18: A min gustábame xogar porque era o vicio que tiña, xogar aos bolos*). Por último, tamén se mostran respostas (ambas proporcionadas polo 8% dos entrevistados) que fan referencia a aspectos como a relación social (*p.e.: X12: Era unha forma de verse todos os domingos; era unha maneira de estreitar lazos, de falar, de charlar, contarse as súas cousas de tomar o chiquito*) e a demostración das virtudes físicas propias (*p.e.: X22: Porque era a ver quen tiraba máis, quen tiña máis forza*) como aspectos para ter en conta á hora de falar dos motivos polos cales os boirenses practicaban o xogo dos bolos.

Resposta/s	**N.º de mencións nas entrevistas**
Era o deporte que había naquel momento	13
Por simple diversión	8
Relación social	2
Para demostrar as virtudes físicas propias	2

Táboa 48. Categoría 1.3. Xogadores-motivo de práctica do xogo dos bolos

Na liña das anteriores categorías, incídese nos mesmos feitos: pouca alternativa de divertimento, necesidade de practica como evasión e distracción, intención de mostrar o estatus de cada un segundo as calidades físicas (sobre todo de forza) e, como non, unha boa forma de establecer constantes retos con outros xogadores, tendo como aliciente algún dos premios que se podían obter coas frecuentes apostas que se facían.

7.3. Temporalización

Da **categoría 1.4** (*xogadores-temporalización*) (véxase a táboa 49) extráese unha gran variedade de respostas. Por un lado están as que fan referencia ao día da semana no que se xogaba aos bolos en Boiro, onde a totalidade dos entrevistados coinciden ao afirmar que aos domingos sempre se xogaba (*p.e.: X4: Xogábase aos bolos aos domingos, pola mañá e pola tarde. O domingo era o día máis ideal*). O 20% dos entrevistados di que aos sábados tamén se xogaba (*p.e.: X6: Os sábados xogábase pouco*) pero en menor medida, xa que antigamente os sábados era considerado como un día laborable máis (*p.e.: X19: Ben, máis ben aos domingos, que antes os sábados había que traballar; había que traballar toda a semana e tamén os sábados*). E o 16% fai referencia a que durante a semana tamén se xogaba aos bolos, pero esporadicamente e con menos frecuencia do que se facía na fin de semana, especialmente nos domingos (*p.e.: X11: Máis ben sábado e domingo, pero tamén pola semana*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Domingos	25
Sábados	5
Pola semana	4
Todo o día (mañá e tarde)	15
Só pola tarde	11
Só pola mañá	0
Festas e romarías	20
Festivos ou "*dias santos*"	17
Todo o ano	1
Verán	1
Inverno	0

Táboa 49. Categoría 1.4. Xogadores-temporalización

Canto á parte do día no que preferentemente se xogaba aos bolos, a maioría (60%) sinala que o xogo era durante todo o día, pola mañá e pola tarde (*p.e.: X15: Os días santos e os domingos, pola mañá e pola tarde, todo o día*); o 44% das respostas afirma que o xogo se desenvolvía preferentemente pola tarde (*p.e.: X23: Xogabamos ás tardes, despois do xantar íamos para ahí e a xogar aos bolos*). Tocante a se o xogo se desenvolvía só pola mañá, non se atoparon comentarios ao respecto.

Das respostas que fan referencia á práctica dos bolos en días especiais, cabe destacar que o 80% sinala que os días que se celebraban festexos e romarías populares o xogo dos bolos era unha práctica habitual entre os cidadáns (*p.e.: X7: Nas festas e nas romarías xogaban o mesmo! Os bolos funcionaban sempre*). Algo similiar ocorría nos "*días santos*", expresión que os entrevistados empregaban para referirse aos días festivos, onde o 68% comenta que nestas datas tan sinaladas o xogo dos bolos era a manifestación lúdica por excelencia (*p.e.: X12: Os festivos non se perdoaban; todo o que fose festivo era misa e bolos, iso está claro, primeiro misa e despois os bolos*).

En referencia á época do ano na que o xogo dos bolos tiña o seu apoxeo, producíronse moi poucas respostas e só de dous tipos: por un lado están as que mostran que aos bolos se xogaba todo o ano, independentemente da estación na que se estivese (*p.e.: X1: Xogábase todo o ano, a non ser que chovera*); e por outro, hai respostas que sitúan o xogo dos bolos na época do ano máis seca, na que os días son máis longos (*p.e.: X13: Era unha tempada, eh!, que non era todo o ano*), contrapoñéndose ao inverno, cando as condicións climatolóxicas poñen en dificultade as actividades ao aire libre (frío, choiva e menos horas de luz diúrna).

Na ilustración 36 pódense observar graficamente todos os aspectos referentes á temporalización do xogo dos bolos na localidade, onde o resumo xeral podería versar do seguinte xeito: en Boiro xogábase aos bolos durante todo o ano, sempre que as condicións climatolóxicas fosen favorables e, sobre todo, na época estival. O día de xogo era preferentemente o domingo, todo o

día, pola mañá e pola tarde, e en menor medida os sábados e durante a semana; os días festivos, nas festas e nas romarías, o xogo dos bolos era o divertimento por excelencia.



Ilustración 36. O xogo dos bolos: temporalización

Todos estes datos móstrannos que o xogo dos bolos era practicado preferentemente os días non laborables, os días nos que os cidadáns tiñan tempo libre para adiarllo a actividades distintas ao que realizaban habitualmente durante a semana. Falamos dunha época na que os traballos, fundamentalmente manuais e artesanais, ocupaban toda a xornada diaria da xente, de luns a sábado, incluso os domingos, día no cal se facía un alto excepcional nos labores habituais para sair da rutina, aproveitando para descansar e, tamén, para realizar outro tipo de actividades, como era o xogo dos bolos.

Esta situación era máis habitual canto máis retrocedemos no tempo, na que a xornada laboral que se realizaba dista moito da que coñecemos hoxe en día. A medida que sociedade foi avanzando e as condicións laborais foron cambiando, a xente dispoñía de máis tempo libre, sobre todo os homes (tradicionalmente non involucrados nos traballos domésticos), tempo extra que

empregaban para os seus divertimentos, comezando a xogar aos bolos habitualmente durante a semana (mariñeiros enrolados en barcos mercantes, bateeiros e outros que dispoñían dunha xornada laboral que lles permitía máis tempo libre polas tardes).

No referente á temporalización do xogo dos bolos no concello de Boiro existe un paralelismo con outras zonas xeográficas da península Ibérica. Así, en terras cántabras "*o xogo dos bolos reflicte o tempo de descanso e ocio na comunidade en certos días, como os domingos e festivos, onde a saída da misa marcaba o comezo matinal, mentres que o rosario sinalaba pola tarde a súa iniciación. Dentro da división temporal diaria, o xogo supoñía un recurso para relacionarse cos amigos e veciños despois de realizar os labores cotiáns*" (Braun, 2003:13), onde "*o xogo sempre tivo o seu apoxeo durante a tempada estival, enmarcado como un lugar de reunión*" (Blanco, 1984:10), e que se "*practicaba dende a primavera ata o outono*" (Braun, 2003:10).

En Asturias ocorre algo semellante, xa que "*as inclemencias do tempo, polo seu efecto sobre todo nos pisos de terra das boleiras, determina tamén unha tempada anual de xogo que coincide co bo tempo*" e "*os bolos, como todos os xogos e deportes, supón un alto no traballo de cada día, e as datas e horarios de xogo de cada afeccionado serán un reflexo da súa actividade laboral*" (Fernández, 1978:18).

Noutras zonas, como nos "*lugares da recia xeografía leonesa inician o xogo dos bolos coas galas primaverais e das verdes pradarías e cesan en plena melancolía outonal*" (Rodríguez Cascos, 1978:49) e en Galicia, o xogo dos bolos "*practícase en determinadas épocas do ano; máis ben dende a primavera ata o remate do verán*" (Pérez e Tabernero, 1997:305).

7.4. Os materiais de xogo: bolos e bólas

Na **categoría 1.11** (*xogadores-forma e tamaño dos bolos*) (véxase a táboa 50) destacan principalmente tres tipos de respostas. Dun lado as que nos proporcionan o 52% dos entrevistados, que indican que os bolos son redondos,

de forma redondeada (*p.e.: X18: O bolos eran redondos, por riba eran un pouco máis redondos e logo un pouco máis afiados para abaixo*). Indica o 40% que os bolos eran pequenos, de tamaño reducido (*p.e.: X19: Os bolos eran así pequenos, como barriliños*); e o 24% dos participantes indican que os bolos eran estreitos na base e redondeados na cabeza (*p.e.: X13: Os bolos eran arriba un pouco máis anchos e abaixo máis estreitos, como se fose unha lámpada*).

Resposta/s	N.º mencións nas entrevistas
Redondos	13
Pequenos	10
Estreitos na base e redondeados na cabeza	6

Táboa 50. Categoría 1.11. Xogadores–forma e tamaño dos bolos

Polas referencias dos xogadores e polo acceso que se tivo aos bolos antigos e actuais que se empregan hoxe en día en Boiro, estamos diante unhas pezas moi pequenas, duns 5,5 cm de alto (véxase a ilustración 37), dunhas dimensións moi pouco habituais nos xogos de bolos existentes en toda España. A que máis se asemella por tamaño e forma é o "*bolo maragato*" descrito por Fernández (1978:21), de 8 cm de altura e forma semellante ao bolo de Boiro (véxase a ilustración 38).



Ilustración 37. Forma e tamaño dos bolos de Boiro. Á esquerda, bolo antigo de madeira. Á dereita, bolo actual de teflón

Ilustración 38. Bolos de diferentes xogos de tipo pasabolo. O bolo "*Maragato*" de 8 cm é o que máis se asemella á forma e tamaño do bolo de Boiro. Fonte: Fernández (1978:21)

Na **categoría 1.12** (*xogadores-materiais empregados na fabricación dos bolos*) (véxase a táboa 51) destacan as respostas (100%) que indican que os bolos estaban feitos de madeira de buxo (*p.e.: X4: Os bolos eran de buxo, feitos de buxo*); o 24% afirma que os bolos estaban feitos de madeira de mirto (*p.e.: X8: Buxo, o mirto, ben, chamábamoslle mirto, pero era buxo*), aínda que para referirse ao buxo a xente tamén usaba esta denominación (*p.e.: X1: Ao buxo tamén se lle chamaba mirto*), polo que se confirma totalmente que a madeira preferente para construír os bolos era o buxo, unha madeira que ten un crecemento moi lento e dotada dunha dureza extraordinaria, que contrasta coa fraxilidade perante as mudanzas bruscas de temperatura e humidade e que nos últimos tempos é de difícil adquisición nos montes galegos debido á súa escasez.

Outras respostas (24%) falan tamén do emprego habitual da madeira de carballo para facer os bolos (*p.e.: X25: Tamén se empregaba outra madeira que non era buxo, o que non tiña buxo facíaos de carballo*), onde o seu uso viña determinado máis pola falta de buxo que polas boas propiedades do carballo, pois os bolos feitos con esta madeira fendían con máis facilidade.

E outro 24% dos entrevistados identifican outras madeiras diferentes do buxo (ou mirto) e do carballo coas que se adoitaba facer os bolos: sobreira, freixo ou olivo, entre outros (*p.e.: X15: Os bolos estaban feitos de buxo, carballo ou sobreira, de pau duro*); deste mesmo xeito pronúnciase Mencía (2007) enumerando unha boa variedade de madeiras que se empregan na construción de bolos noutras zonas de España, como neste caso, en Asturias: maceira, aciñeira, abeleira, bidueiro, freixo, carballo, acivro, castaño, toxo… En Galicia, Pérez e Tabernero (1997:308) destacan sobre os materiais deste xogo que "*tanto os bolos como as bólas son de madeira, aínda que os tipos deste material poden ser moi variados. Pero convén que sexa madeira resistente e, especialmente, pesada. As madeiras máis prezadas ao respecto son as de buxo e as de teixo, entre outras*".

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Madeira de buxo	25
Madeira de carballo	6
Madeira de mirto	6
Outras madeiras	6

Táboa 51. Categoría 1.12. Xogadores–materiais empregados na fabricación dos bolos

A escasez da mellor madeira para a construción de bolos, o buxo, fixo que actualmente os bolos de madeira se substituíran por outros feitos material sintéctico moi resistente, o teflón, torneándoos coa forma desexada e onde as rachaduras por golpes son practicamente inexistentes. Na localidade o uso deste material plástico é frecuente para a fabricación de pezas de engranaxe da maquinaria empregada no cultivo do mexillón polos bateeiros, comprobando deste xeito que se trata dun material extremadamente duro e sinxelo de tornear. E á vista das referencias consultadas, esta evolución no uso de materiais diferentes da madeira para a construción de bolos non só se produciu en Boiro, senón tamén noutras comunidades, como é o exemplo de Asturias: "*apareceron nos últimos anos bolos de material plástico. A gran cantidade de*

bolos rotos en cada partida dalgunhas modalidades empuxa esta solución. Pero non se logrou que tiveran as mesmas características que os antigos de madeira, saltando máis ao ser golpeados" (Fernández, 1978:27).

Merece tamén especial consideración o feito de que os xogadores desexaban contar con bolos que tiveran un peso determinado. A elección do buxo debíase a dúas razóns poderosas: a súa dureza e o seu peso. Comentada xa a primeira característica, para que os bolos conservaran o peso co paso do tempo e a medida que a madeira se ía resecando, era habitual realizar accións específicas como metelos en auga, soterralos e alonxalos do calor e do sol para seguir conservando ou aumentado o peso das pezas (*p.e. X2: Eran de buxo, madeira dura, pero algún rachaba, aínda que era madeira un pouco forte. A madeira tiñamos que tela… eu levábaos… eu tiña unha batea en Aguiño, e levábaos nunhas bolsas e poñíaos alí, porque se un día te despistabas e os deixabas ao sol, entón escachaban, reventaban. E estaban as bólas sempre pintadiñas de vermello, para que o sol non impactara tanto nelas e non escacharan. Eu como tiña de máis, para estar seguro, porque ao mellor deixábalas en calquera sitio e reventaban, e que facía, levábaas para a batea e fondeábaos alí. Tíñaos alí no fondo, entre as cordas*). Tamén noutros lugares de Galicia "*as bólas e mais os bolos metíanse sempre en sacos de arpilleira e soterrábanse na lama, e así permanecían de domingo a domingo para non perderen peso*" (Pérez e Tabernero, 1997:305).

Na **categoría 1.13** (*xogadores-as bólas*) (véxase a táboa 52) as respostas poñen especial énfase no peso e no tamaño das bólas de lanzar (*p.e.: X13: Aínda había que darlle forza para darlle con aquela bóla grande, pesada e de madeira*). Este aspecto do peso ven marcado, do mesmo xeito que os bolos, pola madeira empregada na súa confección, sendo o buxo o material preferido (*p.e.: X1: as bólas tamén eran de buxo*), aínda que non era o máis habitual, xa que se precisaba de buxo dun grosor considerable para facer unha bóla, e era iso precisamente o que non abundaba, o buxo, e sobre todo de moito grosor. Tamén se empregaba a madeira de carballo (*p.e.: X20: As bólas serían de carballo, de buxo non eran, porque non había madeira tan*

grosa de buxo para facer as bólas), aínda que tamén a madeira de sobreira era moi demandada para este fin (*p.e.: X24: As bólas tamén se facían de sobreira. A máis dura é a de buxo, que eu sepa, e despois a de sobreira. O carballo é duro, pero reventa, e a sobreira non escacha tanto*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Pesada	4
Grande	1
Redonda	1
Buxo	7
Carballo	7
Sobreira	5
Outras madeiras	3
Dúas bólas	2

Táboa 52. Categoría 1.13. Xogadores–características das bólas

Xa en menor medida, os entrevistados fan referencia a outras madeiras á parte do buxo, carballo e sobreira, pero buscando sempre a característica da dureza e do peso, aspectos indispensables que debe posuír unha bóla do xogo dos bolos en Boiro (*p.e.: X17: Os bolos eran de buxo, e as bólas eran de buxo e máis das raíces de laranxo ou de espiño*).

E nesta categoría tamén se rexistran respostas referentes ao número de bólas utilizadas no xogo (*p.e.: X16: Todos en buxo, todos en buxo, incluso as bólas, as dúas bólas*), sendo dúas as que se empregan para xogar, unha grande (*bóla de man*, de aproximadamente 15 cm de diámetro e 2150 gr de peso) e unha pequena (*bóla de rabo*, de aproximadamente 14 cm de diámetro e 1750 gr de peso) (véxase a ilustración 39).

Noutros lugares de Galicia, como en Santa Comba de Orrea (Riotorto, Lugo), este aspecto de xogar con dúas bólas, unha máis grande ca outra, é habitual, xa que "*nalgunhas parroquias e aquí tamén, había o costume de utilizar dúas bólas distintas, unha grande e outra pequena, que os xogadores alternaban na súa utilización de xeito que non puidera coller a forma da bóla, isto é adaptarse, co fin de mellorar o tiro*" (Somorrostro, 2001:147).

E por último, a pesar de que son poucas as respostas a este concepto, os entrevistados fan referencia a unha bóla dunha forma xeométrica esférica, totalmente redonda (*p.e.: X11: A bóla era así redonda, de madeira*), unha circunstancia moi evidente para eles pero en menor medida noutras zonas da xeografía española, como as bólas descritas por Braun (1984) na comunidade cántabra, onde nos atopamos con bólas de lanzar de forma cilíndrica, semiesférica, alongadas e mesmo con buratos para meter os dedos.

Do mesmo xeito que os bolos, en Boiro actualmente as bólas están feitas de teflón (véxase a ilustración 39), un material totalmente arraigado xa entre os actuais xogadores pero que, noutras zonas, non gozou de moita aceptación, como é o caso de Asturias, xa que "*as bólas, ao igual que os bolos, fanse de moitos tamaños e formas. Fabricáronse bólas de plástico, pero de igual xeito que os bolos, case non arraigaron, debido a que non se conseguiron os mesmos efectos que coas tradicionais de madeira*" (Fernández, 1978:27).



Ilustración 39. Características das bólas. Tamaño, peso e mostra comparativa de ambas as dúas fabricadas en teflón, material empregado actualmente

A **categoría 1.14** (*xogadores-os fabricantes dos bolos*) (véxase a táboa 53) mostra que a maioría das respostas (96%) fan referencia a que os principais axentes que se dedicaban a construír e fabricar os bolos eran os propios participantes, a xente que xogaba (*p.e.: X25: Os bolos facíanos os mesmos que xogaban. Facíanos á man, coa machada, cun coitelo que cortara ben, cun serrón e listo*), e sobre todo, nos campos libres.

En menor medida (20%) os entrevistados apuntan a que os carpinteiros tamén se dedicaban a estes quefaceres (*p.e.: X17: Pois facíaos un carpinteiro que había aquí que morreu, chamábanlle Manolo de Aniño*) pero non profesionalmente, senón de forma altruísta ou compensándoo logo con consumicións gratuítas na taberna que lle encargaba este material.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
A xente que xogaba	24
Un carpinteiro	5
Os taberneiros	4
Á man	11
Nun torno	1

Táboa 53. Categoría 1.14. Xogadores–os fabricantes de bolos

E tamén se rexistran respostas (16%) que fan referencia a que os propios rexentes das tabernas, os taberneiros, eran os encargados de facer os bolos e as bólas para o xogo (*p.e.: X11: Os bolos facíanos os donos das tabernas ou, senón, avisaban a un carpinteiro*), sendo eles os primeiros interesados en proporcionar aos veciños o material para xogar pensando en reverter este traballo no negocio da taberna.

En cando á forma de fabricar os bolos e as bólas, a maior parte das respostas (44%) refírense ao traballo manual para este fin (*p.e.: X21: Facíanse á man, machada e trencha, facelo e cortalo*) e, en menor medida (4%), co uso

de maquinaria de apoio, como o torno, para suxeitalos ou mesmo darlle a forma desexada (*p.e.: X17: Facíaos á machada e apretábaos ao torno e facíaos como quería*). Esta forma de proceder na confección dos bolos e das bólas foi semellante nas distintas zonas da xeografía española, seleccionando o exemplo asturiano como o máis representativo: "*os bolos son sempre de madeira, tradicionalmente facíanse tallándoos cunha machada, pero na actualidade son case sempre torneados*" (Fernández, 1978:24).

7.5. As apostas

Na **categoría 1.15** (*xogadores-existencia de apostas*) (véxase a táboa 54) a totalidade dos entrevistados coinciden en sinalar que en Boiro o xogo dos bolos era, esencialmente, un xogo de apostas (*p.e.: X16: Facíanse apostas, si, si, si. Meu irmá xa ten poxado, pero non creo que chegara a 5 pesetas, que 5 pesetas eran moitos cartos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Si	25
Non	0

Táboa 54. Categoría 1.15. Xogadores–existencia de apostas no xogo dos bolos en Boiro

O tema das apostas foi sempre unha característica moi ligada aos bolos, feito que recollen autores como Fernández (1978), Ruiz (2000) ou Expósito (2006) para referirse ás apostas con cartos dende tempos pretéritos, tendo un xogo un "*sentido de diversión que aliviaba as duras tarefas diarias e pasando despois á competición que xeraría as apostas*" (Braun, 1984:21).

Na **categoría 1.16** (*xogadores-tipos de apostas*) (véxase a táboa 55) a maioría das respostas (88%) fan refencia aos cartos como obxecto principal do xogo (*p.e.: X5: Apostábanse cartos. Cando unha persoa collía a bóla de man, pois dicíalle un calquera que estivera alí: "hai que tirar por 20 pesetas", ou por 10, ou por 3, depende…*). Este xeito de xogar por cartos era denominado polos

xogadores como poxas, de feito que se convertía nun reto, nun desafío, dun xogador a outro, valorando a partida nunha ou noutra cantidade económica en función da confianza do xogador que poxaba, da súa valentía ou, moitas veces, da propia chularía que o acompañaba.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Cartos	22
Animais	8
Cartón ou "*Tarja"*	7
Viño	6
Bebida ou consumición	6

Táboa 55. Categoría 1.16. Xogadores–tipos de apostas

Tamén son numerosas as respostas (32%) que nos indican que as apostas con animais eran moi frecuentes nas partidas de bolos na localidade (*p.e.: X16: Tamén se ten xogado polo, tense xogado cabuxa, galos moitas veces*).

Outro número importante de respostas (28%) fan referencia ás apostas con cartóns ou "*tarjas*" (*p.e.: X17: Pagábanche cunha tarja, por partida dábanche unha tarja de cartón, e dependendo do valor da tarja que tivera, cambiábala na taberna*). Estas "*tarjas*" eran pequenas tarxetas feitas de cartón, seladas ou asinadas, que tiñan un valor económico determinado (80 céntimos na actualidade no campo de bolos de Pomardorrío, en Cures), que se empregaban para as apostas nos xogos de bolos das tabernas. Os xogadores mercaban na taberna estas "*tarjas*" e, en cada partida que xogaban, apostaban unha por xogador. Os gañadores ían deste xeito xuntando "tarjas", podendo acumulalas incluso durante semanas ou meses, para logo cambialas na propia taberna por bebida ou comestibles (chocolate, aceite, azúcar, latas de conservas e outros), se a taberna en cuestión tiña o carácter de "*ultramarinos*".

O 24% das respostas tamén fan referencia ás apostas con viño, un producto moi abundante na localidade e máis prezado a medida que nos remontamos no tempo (*p.e.: X10: E viño, ben, había cada trompa… Apostábase algún cántaro de viño, barriles non, pero algún cántaro, si*). Este feito de apostar viño tamén era típico doutras zonas de Galicia, como é o exemplo de Riotorto (Lugo): "*como moitos dos xogos populares, os bolos nesta zona tiñan un carácter de aposta, de desafío entre os contendentes, onde se xogaba o cuartillo de viño e ás veces cartos*" (Somorrostro, 2001:147).

En menor medida (24%) as respostas tamén fan referencia a simples apostas para xogarse a consumición ou bebida que se estaba tomando na taberna, aproveitando as partidas de bolos para beber de balde ou, en caso contrario, para facerse cargo do pago da bebida do contrincante (*p.e.: X2: Apostaban unhas cervexas ou uns cubalibres e logo a beber*).

Na **categoría 1.17** (*xogadores-promotores das apostas*) (véxase a táboa 56) as respostas (88%) poñen de manifesto que eran os propios xogadores os encargados e promotores das apostas, non interferindo persoas alleas á partida (taberneiro ou espectadores) na existencia ou non de apostas, poxas ou nas cantidades que se xogaban (*p.e.: X9: Os xogadores eran os promotores das apostas. Eu nunca vin xente de fóra que apostara algo, sempre os xogadores*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Os propios xogadores	22
Os taberneiros	2
Os espectadores	1

Táboa 56. Categoría 1.17. Xogadores–promotores das apostas

En menor medida as respostas (8%) fan referencia aos taberneiros como promotores das apostas (*p.e.: X3: O promotor das apostas eran os donos das tabernas*). Neste aspecto, tal e como sinalan os propios entrevistados, os

xogadores eran os verdadeiros promotores das apostas, aínda que nas tabernas, os propios taberneiros eran os encargados de que se apostaran esas "*tarjas*", cas que logo os gañadores non tiñan máis opción que gastar na taberna, sendo unha boa forma de promocionar o negocio e polo cal o taberneiro tamén se encargaba de facer os bolos e ter o campo en boas condicións para o xogo.

De xeito anecdótico tamén se atopan respostas (4%) que fan referencia a que os espectadores tamén eran axentes activos nas apostas (*p.e.: X10: Os que miraban tamén apostaban algo, non xogaban, pero tamén apostaban, si*). Se ben este feito non era o habitual, si se producían accións illadas onde un espectador, ás veces xogador en espera de turno, apostaban xunto cos xogadores para darlle á partida un valor máis alto, pero tendo o xogador sempre a última palabra á hora de aceptar a aposta ou non.

Na **categoría 1.18** (*xogadores-apostas máis destacadas*) as respostas fan referencia ás apostas máis salientables das que se lembran os propios xogadores, centrándose en tres tipos: de cartos, de animais e de viño (véxase a táboa 57).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
De cartos	22
De animais	10
De viño	6

Táboa 57. Categoría 1.18. Xogadores-apostas máis destacadas

En canto a cartos, as cantidades chegaron incluso a ser máis altas que o salario diario de moitos veciños (*p.e.: X5: Da aposta máis grande esa foi en Escarabote, xogamos en Escarabote e chegou o xogo a 40 pesetas*). Neste sentido, destacar que segundo a tabla actuarial da peseta do Banco de España, 40 pesetas no ano 1950 virían a ser unhas 14000 pesetas na

actualidade, ou sexa, uns 84 euros, o que nos daría unha referencia das cantidades que se chegaron a apostar por partida.

No seguinte apartado, as apostas máis destacadas fan mención aos animais máis grandes ou que máis valor teñen (*p.e.: X3: A aposta máis grande foi un cabrito*) e, en alusión ás apostas máis grandes en canto a cantidades de viño, destacan as que se facían por cantidades que o gañador podía levar ou transportar á man dun xeito máis ou menos sinxelo: un recipiente de 16 litros ou un cántaro nun pequeno barriliño (*p.e.: X6: A aposta máis grande da que me acordo eu é dun cántaro de viño, no campo de Escarabote, no de Castro, que era onde había apostas fortes*).

Pensamos que o feito de realizar apostas neste xogo era sobre todo polo feito de ter un aliciente extra, un atractivo para que os propios xogadores se tomaran máis en serio o xogo e para ter tamén a opción de gañar uns cartos, ben material moi escaso na época dos nosos avós.

A **categoría 1.19** (*xogadores-forma de xogo*) (véxase a táboa 58) as respostas céntranse principalmente no xeito en como se xogaban as partidas, xa que a victoria nestas levaba emparellada a gañancia da consecuente aposta. A maior parte das respostas (80%) fan referencia a que as partidas se xogaban en parellas (*p.e.: X15: Xogábase dous contra dous, e o que gañaba gañaba a poxa*), aínda que tamén atopamos respostas (20%) que sinalan que eran frecuentes os retos individuais (*p.e.: X19: Xogaban dous contra dous ou un contra un*).

Outras respostas (24%) destacan outros agrupamentos de xogadores para facer apostas colectivas, como é o caso da *Malleira*, modalidade de xogo que se daba cando se xuntaban no campo moitos xogadores e, para que todos puideran xogar, facíanse dous equipos, competindo un contra o outro e, o equipo campión, levaba toda a cantidade apostada, repartíndose logo entre os compoñentes do equipo vencedor (*p.e.: X8: Despois había a Malleira, cando había moita xente; dous formaban cabeza e ían elixindo cada un para o seu*

bando). Nesta modalidade, a cantidade de puntos á que se xogaba a partida era máis grande que do normal, chegando a alongarse a partida ata os 500 ou 1000 puntos.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Parellas	20
Individuais	5
En grupos "*A Malleira*"	6
Con 1 bolo ou "*Bolo do Monte*"	3
Partida a 150 puntos	14
Partida a 200 puntos	4
Con 12 bolos	14
Con 18 bolos	2
Con 22 bolos	2

Táboa 58. Categoría 1.19. Xogadores–forma de xogo

Outro agrupamento ao que fan referencia o 12% das respostas é a modalidade do "*bolo do monte*", variante na que tan só se poñía un bolo na caixa (normalmente un pouco máis grande que os bolos normais) e onde o obxectivo era desprazalo o máis lonxe posible. Esta variante era habitual vela á última hora da tarde, cando a luz diurna ía esmorecendo, centrando toda a atención nun só bolo e evitando así a perda de bolos polo monte adiante. Nesta modalidade podían xogar moitos xogadores, pero sen haber equipo, de xeito que cada un xogaba para si mesmo: o que lanzaba o bolo do monte maís lonxe, gañaba a partida e quedaba coa aposta de todos os participantes (*p.e.: X12: E despois si, o que se xogaba aos cartos sempre era ao bolo do monte. O bolo do monte era sempre con cartos. O bolo do monte sempre era pola tarde ou pola noitiña*).

En canto ao límite de puntuación das partidas, o 56% dos entrevistados sinalan que se xogaba a 150 puntos (*p.e.: X1: A partida xogábase a 150 puntos*), aínda que, en menor medida, tamén nos atopamos con respostas

(16%) que subliñan que as partidas tamén se podían xogar a 200 puntos, dependendo do campo ou incluso da cantidade de xente que houbera, xa que se no campo había pouca xente e os participantes estaban de acordo en alongar a partida, pois establecían esa puntuación para que a partida durara máis tempo (*p.e.: X5: Nuns sitios xogábase a 150 puntos e, noutros, a 200 puntos*).

En canto ao número de bolos cos que se xogaba para gañar a partida e a correspondente aposta, a maioría das respostas (56%) destacan que eran 12 os bolos que se poñían na caixa (*p.e.: X25: Xogábase con 12 bolos*). En menor medida atopámonos tamén con respostas (8%) que nos indican que tamén se xogou con 18 bolos (*p.e.: X1: Ás veces xogábase con 12 bolos, outras con 18, outras con 22, dependendo das normas de cada campo*) e tamén co mesmo número de respostas que indican que o número de bolos cos que se xogaba eran 22 (*p.e.: X12: En Montañó xoguei eu con 22 bolos. As normas eran as mesmas, pero os bolos variaban*). O que queda claro é que o número habitual de bolos na maioría dos campos da localidade eran 12, aínda que había excepcionalmente campos nos que se xogaba con máis bolos (18 ou 22), feito que así o demostra a marca do propio surco das caixas, tallado máis longo para acoller máis bolos.

Esta forma de xogo, en canto a agrupamentos, puntuación e incluso variantes, pensamos que foi adoptándose polos requerimentos propios dun xogo moi practicado, onde se xuntaban moitos xogadores para participar e onde se buscaron solucións para que todos tiveran a oportunidade de xogar con máis frecuencia. Xogos en parellas, incluso ás veces en grupos de sete, oito ou dez persoas, axudaban a que na mesma tarde todos tiveran a posibilidade de xogar varias partidas, adaptando tamén ás veces a puntuación final para rematar antes esas partidas e que os cambios de parellas fluíran con maior axilidade, aspecto este último moi empregado nos xogos de taberna, onde os rexentes o que buscaban era que se xogaran moitas partidas para que os participantes consumiran máis nestes establecementos.

7.6. O rol da muller

Na **categoría 1.20** (*xogadores-nivel de práctica das mulleres*) (véxase a táboa 59) case a totalidade das respostas (96%) fan referencia a que no xogo dos bolos en Boiro as mulleres non tiveron un papel relevante, mostrando practicamente a súa total ausencia na práctica deste xogo popular e tradicional (*p.e.: X6: As mulleres non xogaban aos bolos*). Dun xeito testemuñal, o 4% dos entrevistados sinalan que si viron a algunha muller xogando aos bolos en Boiro, concretamente no campo de bolos de Pomardorrío (Cures), pero refírense ao ano 2010, onde nun torneo neste campo de bolos participaron dúas rapazas facendo parella cos respectivos mozos (*p.e.: X9: Ahí en Pomardorrío non houbo máis que esa do Cabo da Cruz e máis outra de Catoira. Eu fun as únicas mulleres que vin*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Si	1
Non	24

Táboa 59. Categoría 1.20. Xogadores–nivel de práctica das mulleres

Salvo esta referencia illada, incluso outras rapazas que participaron na Liga de Bolos Tradicionais "*Pedra Boleira*" organizada polo Departamento de Deportes do concello de Boiro, campionato que non vai máis alá dos cinco anos de antigüidade, as mulleres non xogaron aos bolos na localidade.

Tradicionalmente, a muller foi excluida da práctica deportiva porque non encaixaba no seu rol de xénero, críase que non reunía as condicións necesarias para practicar deporte, actividade que realizaban habitualmente os homes (Oliveira, Costa e Soares, 2009). Os estereotipos e patróns culturais marcan xa un condicionante respecto ás nenas dende a infancia, e os patróns

e acervos culturais indican un papel masculino e outro feminino, diferenciados e pautados segundo épocas, usos e costumes (Antúnez, 2001).

A relación da muller co seu propio corpo debe ser un dos puntos que máis variou dende a súa incursión no mundo visible para a sociedade. Antes non dispoñía libremente do seu corpo, debía dedicarse á maternidade, a traballar na casa e a ser nai (Martín, Moscoso, Martínez e Ferro, 2009), e a imaxe do seu corpo medíase con outros valores, xa que este era precisamente o único papel que a sociedad elle tiña reservado (Antúnez, 2001).

Tradicionalmente, a participación feminina no deporte foi menor que a dos homes (Martín, Moscoso, Martínez e Ferro, 2009), e a pesar dos avances conseguidos nos últimos anos, a muller segue estando discriminada no deporte en xeral, e todo debido á bagaxe sociocultural da maioría das sociedades modernas, onde a muller tivo unha serie de barreiras (sobre todo culturais e étnicas) que lle impediron participar no deporte con total libertade (Piedra, 2008).

Segundo Latorre, González, Moreno, Sierra, Carmona, Molina…Vergillos (2007), o deporte foi ideado por e para os homes, como vía de transmisión de determinados valores e para o desenvolvemento das súas capacidades físicas. Promove, sobre todo, valores como a competencia, a fortaleza física ou a agresividade, baseadas nas capacidades físicas como a forza, a potencia ou a resistencia.

No caso dos bolos, Braun (1998) afirma que estamos ante un xogo tradicionalmente de homes, e existen evidentes diferenzas biolóxicas e anatómicas que asocian a idea de debilidade física á muller e a da fortaleza física ao home, sendo unha actividade na que se precisa de dúas características importantes: a precisión e a forza.

Cremos que a os motivos da ausencia das mulleres na práctica dos bolos en Boiro pode ser debido a dúas razóns. A primeira delas, e ao noso entender a máis importante, estaría relacionada o rol da muller que tradicionalmente ven desempeñando ao longo da historia, onde non se ve ben que as mulleres fagan deporte e participen en actividades xunto cos homes, incluso que frecuenten lugares tradicionalmente masculinos (tabernas), sendo o seu rol principal, como dicían Martín, Moscoso, Martínez e Ferro (2009), o de traballar na casa, ser nai e coidar aos fillos (*p.e.: X11: as mulleres non xogaban nada, habendo sazón estaban todas tiradas na praia. Cada matrimonio tiña 7, 8 ou 15 fillos, e o home ía para a taberna a tomar o chiquito e elas tiñan que quedar cos 7 ou 8 fillos aí… encoiros e rompidiños*).

En segundo lugar, cremos tamén que a modalidade de bolos que se xoga en Boiro (pasabolo), que require altas doses de forza e precisión, tamén pudo influír para que as mulleres non viran neste xogo nada interesante que as animara á práctica (que aínda que o viran, posiblemente non chegaran tampouco a practicalo polo exposto anteriormente…). Ben é certo que as mulleres do campo (lugares principais de cultivo dos xogos populares e tradicionais) acostumadas aos traballos manuais e ao uso de ferramentas de traballo nas que os brazos son os seus principais valedores, posuían seguramente uns niveis de forza maiores que outro tipo de mulleres que non realizan este tipo de traballos ou incluso que moitos homes pero, aínda así, parece que non era suficiente como para adentrarse no mundo dos bolos.

Braun (1984) incide nas dificultades que teñen os/as nenos/as e as mulleres nas modalidades de pasabolos para manexar unha bóla tan grande e pesada, deixando para o ámbito feminino a práctica de bolos de derrubar, máis axeitados á súa condición física, e autores como Blanco (1984) e Braun (2003) fan referencia á exclusividade do mundo masculino de certas modalidades de pasabolos.

Coincidimos con estes autores no aspecto de que as modalidades de pasabolo, onde o lanzamento só consta de fase aérea, son propios de homes e, salvo casos excepcionais, as modalidades que practican actualmente as mulleres correspóndense con modalidades de derrubamento. Nas zonas onde hai constancia (Braun, 2003) dunha maior presenza de xogos de bolos de mulleres son na zona septentrional da península, con maior frecuencia na zona de Ribera del Duero, principalmente en Burgos, Segovia, Soria e Valladolid, e na zona de Aragón, con prolongación ao norte catalán, caracterizada pola gran variedade de modalidades.

Non temos constancia da participación de mulleres dunha modalidade de pasabolo semellante á practicada en Boiro (bolos celtas ou bolos de Tineo principalmente) no resto de España, se ben é certo que hai modalidades de bolos propios de mulleres nas que se empregan bólas de gran peso, como é o caso dos "Quilles de Benasque", en Aragón, onde se lanzan (rodando polo chan) bólas esféricas de aproximadamente 5,8 kg de peso e 25 cm de diámetro, con fendiduras para colocar os dedos, confirmando que efectivamente as mulleres poden efectuar sen problema lanzamentos con bólas de gran peso, pero en modalidades máis axeitadas á súa condición física.

Na ilustración 40, extraída de Braun (1984), poden observarse as provincias españolas nas que se practicou algún xogo de bolos de mulleres e outras provincias nas que, posiblemente, se chegara a practicar, incluíndo neste grupo as provincias galegas de Lugo e Ourense.

Ilustración 40. Provincias onde se practicou e/ou posiblemente se practicase no pasado algún xogo de bolos de mulleres

Na **categoría 1.21** (*xogadores-asistencia das mulleres aos campos de bolos*) (véxase a táboa 60) destacan sobre todo as respostas (56%) que sinalan que as mulleres non xogaban aos bolos, pero si ían de vez en cando aos campos de bolos a mirar o xogo (*p.e.: X4: Algunhas ían a mirar, si; non xogaban, miraban e nada máis*). En menor medida rexístranse respostas (28%) que afirman que as mulleres non ían aos campos de bolos, nin a xogar nin a mirar (*p.e.: X1: As mulleres xeralmente non ían aos campos de bolos*).

E, por último, tamén nos atopamos con respostas (16%) que nos indican que as mulleres ían aos campos de bolos pero non a xogar, nin a mirar siquera, senón a xogar e facer outro tipo de cousas ou enredos (*p.e.: X16: Íamos todos, incluso as mulleres, non para xogar, ían para alí, a xogar á brisca as mulleres*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
As mulleres ían a mirar	14
As mulleres non ían aos campos de bolos	7
As mulleres ían e xogaban a outras cousas	4

Táboa 60. Categoría 1.21. Xogadores–asistencia das mulleres aos campos de bolos

Pode comprobarse deste xeito que ao campo de bolos tamén asistían as mulleres, en pouca cantidade, non para xogaren, senón para estaren co grupo de amigos, para miraren o xogo, para charlaren ou faceren outro tipo de xogos sempre en compaña do seu círculo de amizades. E esta circunstancia dábase nos campos libres, xa que ás tabernas as mulleres non ían, non estaba ben visto, e a eses locais só acudían a mercar algo cando se trataba de establecementos nos que tamén se dispensaban víveres (arroz, pan, aceite e outros). Este aspecto tamén o recollía Braun (1998:51) referíndose a que as mulleres cántabras "*poucas veces as atopamos na taberna local, a non ser en certas festas e xeralmente acompañadas dos seus maridos, que as levan a un lugar no que se sinten pouco familiarizadas*".

Na **categoría 1.22** (*xogadores-ocupación do tempo libre das mulleres*) (véxase a táboa 61) as respostas, en porcentaxes similares e máis ben baixas, fan referencia ao tipo de actividades que realizaban as mulleres no seu tempo libre. Se os homes empregaban o seu tempo libre para xogar aos bolos, que facían as mulleres? Pois por un lado temos respostas (36%) que nos din que un dos pasatempos preferidos das mulleres eran os xogos de cartas (*p.e.: X3: As mulleres xogaban á baralla, ás cartas*).

Atopámonos tamén con respostas (28%) que nos indican que as actividades artísticas (cantar, bailar ou mesmo tocar a pandeireta) tamén eran das actividades preferidas polas mulleres para ocupar o seu tempo libre (*p.e.: X22: A tocar as pandeiretas, na fiada, cantaban, bailaban e veña*). Unha porcentaxe similar de respostas (20%) sinalan que os xogos de sortes ou de azar tamén tiñan moita aceptación entre as mulleres para divertirse e pasar o

tempo (*p.e.: X16: Elas facían as súas partidas de brisca e de lotería, pero nada máis*). E xa, en menor medida (12%) obtemos respostas nas que se afirma que a práctica dos xogos populares e tradicionais tamén ocupaba un oco nas prácticas de tempo libre das mulleres (*p.e.: X1: As mulleres tamén xogaban á churra e ao escondite*). E, en contraposición, tamén se rexistran unha cantidade importante de respostas (32%) que subliñan que as mulleres antes non tiñan tempo de ocio e non facían ningunha actividade de ocio e tempo libre (*p.e.: X5: Elas non xogaban a nada*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Xogos de cartas	9
Actividades artísticas: bailar, cantar, tocar a pandeireta…	7
Xogos de azar: bingo, lotería…	5
Xogos populares	3
As mulleres non tiñan tempo de ocio	8

Táboa 61. Categoría 1.22. Xogadores–ocupación do tempo libre das mulleres

Observamos que as actividades que ocupaban o tempo libre das mulleres ás que fan referencia os entrevistados gardan unha relación moi estreita co rol de xénero que lle atribuíu ás mulleres dende sempre, aspecto mencionado e desenvolvido na categoría 1.20 e, a pesar dos avances conseguidos nos últimos anos, a muller segue estando discriminada no deporte en xeral (Piedra, 2008).

Neste caso vemos como as mulleres practicamente non tiñan tempo de ocio (tiñan que ocuparse sobre todo das tarefas domésticas e dos moitos fillos que tiñan daquela, ademais de traballar para contribuír ao desafogo do fogar). Traballando tanto ou máis que os homes, ocupaban o seu tempo de lecer con actividades máis discretas, máis adaptadas ao rol feminino que comentabamos anteriormente, tal e como a sociedade esperaba delas, elixindo neste caso actividades para pasar o tempo onde as esixencias físicas non se teñen en

conta para nada e nas que, unha vez máis, quedaba claro cales eran os pasatempos propios das nenas e mulleres e os que eran propios dos nenos e dos homes, evidenciando claramente os roles de cada un.

7.7. Vocabulario bolístico

Na **categoría 1.23** (*xogadores-vocabulario bolístico*) (véxase a táboa 62) destacan en xeral as respostas que fan referencia a aquelas palabras máis empregadas no xogo dos bolos en Boiro, aínda que os propios entrevistados, ao ser cuestionados polo vocabulario específico que empregaban, non sabían moi ben que responder, nomeando ou explicando ás veces as palabras que se ían propoñendo como mostra.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Patio	21
caixa	20
Raias	21
Raia de acabar	8
Raia de 10	20
Raia de 25	21
Raia de 50	21
Raia de 100	20
Mecar	18
Tirar de mallón	4
Xogo de pedra	3

Táboa 62. Categoría 1.23. Xogadores-vocabulario bolístico

Aínda así, destacan as respostas que fan referencia aos elementos do campo de xogo, como é o *patio* (*p.e.: X3: O patio era o sitio onde se lanzaba*), a *caixa* (*p.e.: X22: A caixa era onde se poñían os bolos*), e as *raias* (*p.e.: X25:*

Había a de 10, a de 25, a de 50 e a de 100. Esa era a máxima. Aquí non había esa liña de acabar). A *raia de acabar*, nomeada polo 32% dos entrevistados, non era característica de todos os campos, senón daqueles que tiñan máis lonxitude, podendo engadir unha raia máis á liña de 100, de xeito que con que un só bolo chegase a esa liña, o xogo estaba rematado (*p.e.: X17: E había as raias de 10, 25, 50, 100 e raia de acabar, si señor. A raia de acabar non estaba moi lonxe da raia de 100, e se un bolo chegaba alí xa gañaba, eran 150 puntos*).

Destacan tamén as respostas (52%) que fan referencia ao aspecto que daba validez a unha tirada, denominada polos xogadores como "*mecar*" (*p.e.: X1: Mecar era cando a bóla non chegaba á raia de 10*).

Xa en menor medida, atopámonos con respostas (16%) que falan dun xeito moi característico de lanzar a bóla, *tirar de mallón* (*p.e.: X12: Tirar de mallón, cando machacas a bóla, que tiras de arriba para abaixo, mallar!*), que era un lanzamento de gancho, de atrás adiante e de arriba abaixo, que ademais da forza que se lle imprimía á bóla, a súa traxectoria facía que os bolos se aplastaran contra a caixa, saíndo a presión cara adiante a unha velocidade realmente impresionante.

E, por último, o 12% dos entrevistados fan referencia ao xogo dos bolos como "*xogo de pedra"*, unha expresión usada polos propios xogadores para resolver os conflitos, de xeito que se había algún problema ou disputa entre eles, usaban a partida de bolos para solucionalo, quedando coa razón o gañador da partida e empregando a frase "*xogo de pedra*" para referirse a que esa disputa quedou ahí, nesa partida xogada, e que xa non hai nada máis que falar do asunto.

Pensamos que o vocabulario empregado para referirse ao xogo dos bolos non responde a unha intención de diferenciarse con respecto a ninguna outra actividade, senón que reflicte aspectos lingüísticos propios da zona e da lingua que se empregaba dende sempre. A xente que xoga aos bolos fala

como o fai habitualmente, e se ben é certo que hai palabras concretas que fan referencia ao xogo en si ("*xogo de pedra"*, "*bóla de rabo*" ou "*mecar*", por exemplo), o vocabulario que se emprega habitualmente no traballo (sobre todo nas tarefas relacionadas co campo) ou na casa, é adaptado para refererirse a accións propias e derivadas do xogo, como pode ser o caso de "*asubiar*", "*desquitar*" ou "*mallón*".

Facendo un repaso de todas as entrevistas, na táboa 63 móstrase un pequeno vocabulario bolístico coas palabras e expresións máis empregadas polos xogadores.

Acabar de bolada:	Chegar ao límite de puntuación cunha soa tirada.
A Malleira:	Variante do xogo na que se forman dous equipos iguais en número de xogadores e compiten entre ambos os dous a un número superior de puntos (500, 1000).
Andar:	(Andar os bolos). Expresión que se emprega para referirse a que os bolos corren, van rápidos, van lonxe.
Apostar:	Pactar entre dous ou máis xogadores unha cantidade de cartos determinada ou outros artigos (viño, animais…) para disputala mediante unha partida de bolos.
Armar o brazo:	Preparar o brazo para o lanzamento da bóla.
Armar os bolos:	Colocar os bolos na caixa.
Asubiar:	Son que producen os bolos cando saen despedidos da caixa a moita velocidade.
Bóla:	Peza esférica, redonda, fabricada en madeira ou teflón, que se lanza sobre os bolos para tentar derrubalos e desprazalos o máis lonxe posible.
Bolada:	Cantidade de puntos obtidos despois dun determinado lanzamento..
Bóla de man:	Bóla grande, de 15 cm de diámetro e de aproximadamente 2,150 kg de peso, coa que se abre o xogo.
Bóla de rabo:	Bóla pequena, de 14 cm de diámetro e de aproximadamente 1,750 kg de peso, coa que se efectúa o segundo lanzamento, despois de lanzar coa bóla grande.
Bolo:	Peza de madeira ou teflón, de 5 cm de alto e aproximadamente 100 gr de peso, en forma de pera ou lámpada, que se coloca na caixa xunto con outros once iguais para desenvolver o denominado "xogo dos bolos".
Bolo do Monte:	Peza de madeira, de 10 cm de alto e aproximadamente 200 gr de peso, en forma de pera ou lámpada, que se coloca na caixa para tentar desprazalo o máis lonxe posible co lanzamento da bóla. Adoita xogarse á noitiña, cando a luz diurna vai esmorecendo.
Boxo:	Parte de arriba (convexa) do bolo. Barriga, bandullo do bolo.
Bruar:	Son que producen os bolos cando saen despedidos da caixa a moita velocidade.

Buxo:	Madeira sumamente dura e compacta coa que se adoitaba fabricar os bolos.
Caer a bóla:	Momento no que a bóla fai contacto cos bolos.
Caixa:	Peza de pedra onde se colocan os bolos.
Costaneira:	Característica do terreo do xogo dos bolos de Boiro, en lixeira pendente (costa arriba).
Desquitar:	Acción de lanzar os bolos e bólas dende a parte de arriba do campo de bolos cara á caixa. Normalmente era realizada por rapaces novos que non tiñan idade para xogar aos bolos, acción pola cal eran recompensados cunha pequena propina.
Escachar:	1. Rachar os bolos ou a bóla. 2. Momento no que os bolos saen a gran velocidade da caixa logo de caerlle a bóla.
Fino:	Xogador que efectúa o lanzamento dun xeito armónico e certeiro.
Fixeiro:	Dise do lanzamento do xogador na que o brazo efectúa unha traxectoria recta de atrás cara adiante, saindo a bóla dende debaixo da zona do ombreiro do xogador.
Fungar:	Son que producen os bolos cando saen despedidos da caixa a moita velocidade.
Gancho:	Dise do lanzamento do xogador na que o brazo efectúa unha traxectoria de atrás cara adiante e de abaixo cara arriba, saíndo a bóla dende a zona do ombreiro do xogador.
Loveán:	Pouco pesado. Dise dos bolos feitos con madeira de pouco peso, facendo sempre a comparación coa madeira de buxo, unha madeira dura e pesada.
Mallón:	Dise do lanzamento do xogador na que o brazo efectúa unha traxectoria de atrás cara adiante e de arriba cara abaixo, saíndo a bóla por riba da zona do ombreiro do xogador.
Mecar:	Dise cando a bóla non rebasa a liña de 10 e, polo tanto, o lanzamento non é válido.
Mirto:	Denominación que empregaban os xogadores para referirse tamén á madeira de buxo.
O Galo:	Competición onde o premio era un galo da casa.
Partida	Cada unha das mans do xogo dos bolos, que normalmente se chegaba aos 150 puntos e, ocasionalmente, aos 200 puntos.
Patio:	Lousa de pedra dende onde o xogador efectúa o lanzamento.
Pedra:	Dise do lanzamento do xogador na que o brazo realiza un movemento semellante ao lanzamento dunha pedra, flexionando a articulación do cóbado e describindo a man unha traxectoria de atrás cara adiante, saindo a bóla á altura da cabeza do xogador.
Poxa:	Acto no que un xogador para poder xogar ofrece ao gañador da partida anterior unha cantidade de cartos para apostar nesa partida.
Queixo:	Parte de atrás (más cercana ao xogador) da caixa dos bolos, de xeito que se a bóla cae nesa zona sae rebotada cara atrás.
Raia:	Liña pintada no chan ou rego excavado na terra que delimita unha parte ou outra do campo, valorada cada unha delas nunha puntuación determinada.
Raia de acabar:	Liña ou rego que se situaba nalgúns campos despois da liña de 100 e que tiña valor de 150 ou 200 puntos, de xeito que si un só bolo chegaba a esa liña, gañaba a partida.
Roda:	Igual que o tiro fixeiro, denominando o lanzamento do xogador na que o brazo efectúa unha traxectoria recta de atrás cara adiante, saíndo a bóla dende debaixo da zona do ombreiro do xogador.

Romper:	Acción de lanzar a bóla cara aos bolos para comezar a partida.
Romper ca de rabo:	Acción de lanzar a bóla pequena cara aos bolos.
Romper de man:	Acción de lanzar a bóla grande cara aos bolos.
Taberna:	Local público onde se despachan bebidas e que, sobre todo antigamente, era habitual que tivera un terreo anexo para xogar aos bolos.
Tarja:	Tarxeta de cartón, ás veces selada ou firmada polo rexente da taberna, dun valor determinado, que apostaban os xogadores e que logo era obrigatorio canxeala na propia taberna por bebida, comestibles ou outros víveres.
Tira por… tanto:	Expresión que empregaban os xogadores para poxar unha bóla.
Xogo de bolos:	Xogo popular e tradicional que consiste en lanzar unha bóla cara a uns bolos para derrubalos e tentar desprazalos o máis lonxe posible.
Xogo de pedra:	Denominación que usaban os propios xogadores para referirse tamén ao xogo dos bolos.

Táboa 63. Vocabulario bolístico propio de Boiro

7.8. Xogadores máis destacados

Na **categoría 1.24** (*xogadores-xogadores máis destacados*) (véxase a táboa 64) as respostas obtidas resaltan a figura de cinco xogadores de bolos que polas súas aptitudes físicas e en relación ao xogo eran e son recordados polo resto de compañeiros.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Marcial de Pouso	8
José María Lojo Lojo "O Carballal"	7
Justo Suárez Hermo	7
Antonio Hermo Hermo "O Tercio"	7
Santos de Amenal	5

Táboa 64. Categoría 1.24. Xogadores-xogadores de bolos máis destacados

O maior número de respostas (32%) fan referencia a Marcial de Pouso, da parroquia de Boiro, un señor que xogou aos bolos ata ben entrada a vellez,

e ao que a súa afección por este xogo levouno a pedirlle á familia que cando morrera o soterraran cun xogo de bolos, petición que lle foi concedida cando faleceu (*p.e.: X7: Marcial, ese era… fíxate se lle quería ben o público que logo perdeu a forza e dábanselle as mecas; dábanselle as mecas para que xogara, queríanlle ben*).

Co 28% das respostas tamén sobresaen as figuras de José María Lojo Lojo, tamén chamado "*O Carballal*", natural da parroquia de Cures pero que viviu boa parte da súa vida en Boiro logo de regresar de Venezuela (*p.e.: X12: Carballal, igual, que tiraba de mallón, e ver mover aquel brazo e tiraba cunha forza… mimá! E sempre do mesmo xeito, e pum!, e pum!, e pum!*); Justo Suárez Hermo, de Triñáns (parroquia de Abanqueiro) (*p.e.: X7: E Justo, bóla que tiraba… coño! Eses eran bos xogadores, Justo de mallón, e Carballal*); Antonio Hermo Hermo, tamén de Triñáns (parroquia de Abanqueiro), alcumado "*O Tercio*" pola forma de retorcerse no momento de efectuar o lanzamento da bóla (*p.e.: X12: O Tercio sempre foi… picaba á xente, era a salsa dos bolos. O Tercio era unha pasada, e coidado, que canto máis lle apostabas, máis lle daba aos bolos*). E cun número menor de respostas (20%) tamén aparece a figura de Santos de Amenal, da parroquia de Abanqueiro (*p.e.: X5: Santos xogaba moi ben. Santos e máis eu batimos o récord en todos os sitios*).

Os entrevistados tamén mencionan en menor medida outros xogadores, ubicando a cada un deles na súa parroquia de residencia habitual para mostralos a todos na táboa 65.

Observamos que os cinco xogadores máis populares eran coñecidos máis alá das fronteiras da súa parroquia, pero tamén somos conscientes de que os entrevistados fan referencia sobre todo aos xogadores máis próximos, aos que coñecían dos campos onde eles xogaban. Se relacionamos este feito coa categoría 1.10 referente á mobilidade dos xogadores, é lóxico que cada un nomee a aquelas persoas coas que mantiveron un maior contacto. Este aspecto é positivo para o feito de coñecer aos mellores xogadores de cada parroquia pero, tamén, para resaltar, se cabe máis, a figura destes cinco

magníficos xogadores, onde as súas xestas eran coñecidas en todos os recunchos do municipio.

Parroquia	Xogador destacado
O Castro	- "*O Chorón*" - Jesús "*O Carrilán*" - Juan de Paulos
Abanqueiro	- Justo Suárez - Antonio Hermo "*O Tercio*" - Santos de Amenal - Blanco - Manuel Suárez - Manolo "*O Garrocho*"
Boiro	- Marcial de Pouso - José "*O Cadista*"
Lampón	- Francisco Castro (da taberna de Castro das Barreiras)
Cures	- José María Lojo "*O Carballal*" - Xan de Hermo. - José García "*O Jalleiro*" - Angelito García - Chico de Marico - Enrique "*O Sacristán*"
Cespón	- José Vázquez - Os estanqueiros de Sandrenzo (Antonio, Chico e Jesús Torrado) - Juan Romero - Manuel Allo - José de Soutonovo - Manuel das Eiras - Ramón Tubío - Salustiano de Comba
Bealo	- Os irmáns Baldomero e Aurelio Piñeiro - Antonio Moares (Antonio de Xián) - "*O Moreno*" de Beluso
Macenda	- Francisco Vilasoa - José de Alfredo - Amable Nieto

Táboa 65. Xogadores locais de bolos máis destacados por parroquias, nados na súa maior parte entre os anos 1920 e 1930

7.9. Causas do esmorecemento do xogo

Da **categoría 1.25** (*xogadores-causas do esmorecemento do xogo*) (véxase a táboa 66) obtemos unha variada e nutrida selección de respostas que aluden ás causas polas cales o xogo dos bolos na localidade foi decaendo na súa práctica co paso do tempo, ata chegar á actualidade, onde só se conserva o xogo no campo de bolos de Pomardorrío (parroquia de Cures) e,

dun xeito intermitente, comeza a xogarse no campo de bolos de Triñáns (Abanqueiro).

A maior parte das respostas (68%) indican que a irrupción de novos divertimentos foi a principal causa do decaemento do xogo dos bolos na localidade (*p.e.: X4: Foise deixando de xogar porque viñeron outras cousas, outras diversións. Despois a xente largouse a divertirse doutra maneira*). A televisión, o baile, as salas de festas, entre outras, contribuíron en boa maneira a ocupar o tempo libre dos homes, verdadeiros activos do xogo, que pasaron a distribuír o seu tempo libre noutras ocupacións novidosas, máis atraentes para eles, buscando outra forma de divertirse ademais do único divertimento que consideraban que tiñan á súa disposición: os bolos.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Irrupción de novos divertimentos	17
Cambios na sociedade, o progreso en si	7
Falta de interese da mocidade	7
Aparición e auxe do deporte do fútbol	5
Posibilidade de desprazarse cos novos medios de locomoción	4
Perda da calidade física (forza)	3
Motivos laborais	2
Falta de apoio institucional	1

Táboa 66. Categoría 1.25. Xogadores-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro

Móstranse tamén respostas (28%) que atribúen aos cambios na sociedade, ao progreso en si, as causas dese decaemento no xogo (*p.e.: X12: A forma de vida, outras cousas, o progreso en si*), e outras coa mesma porcentaxe que destacan a falta interese da mocidade polo xogo dos bolos (*p.e.: X19: A mocidade non ten interese por xogar*), aspecto que se pode relacionar coas anteriores respostas, xa que a irrupción de novos

divertimentos, en parte debido ao cambio e progreso da sociedade, captan a atención dos mozos, ofrecéndolle un amplo abano de posibilidades de divertimento que non deixan escapar, sacrificando deste xeito os xogos populares e tradicionais, entre eles o xogo dos bolos, para prestarlle atención a esas novidades no mundo do ocio e tempo libre.

É preciso destacar tamén as respostas (20%) que aluden á aparición e auxe do deporte do fútbol como unha das principais causas do decaemento da práctica dos bolos na localidade (*p.e.: X23: Veu o fútbol e acabáronse os bolos, entendes? A min que non me quiten o fútbol polos bolos, eh? E iso que xoguei aos bolos*). O "*deporte rei*" na actualidade en España acapara todo o protagonismo entre os adultos e os rapaces e, en Boiro tamén, unha localidade moi vinculada a este deporte, na que desenvolven a súa actividade sete clubs de fútbol afeccionados, un de fútbol feminino e seis de veteranos, ademais da Escola de Fútbol Municipal de Barraña para os máis cativos.

A pesar de que cando o fútbol irrompe na localidade (a partir do primeiro cuarto do século XX) non era un deporte moi seguido, que era practicado polos "*señoritos*" (homes de clase acomodada) da época, a medida que avanza o tempo o fútbol vai collendo máis popularidade, onde os homes de clase máis humilde ven neste deporte unha forma de mellorar socialmente e gozar dun entretenemento novidoso, que pouco a pouco se vai convertindo no pasatempo preferido dos homes da localidade, como ocorrera noutros tempos co xogo dos bolos.

Falamos neste caso duns comportamentos de imitación dos costumes das clases burguesas, acomodadas, máis cunha idea social que lúdica ou deportiva, xa que iso para os homes significaba superioridade, ser "alguén", ser unha persoa que contase como individuo, alguén ao que nadie lle daba ordes, unha persoa ben vista, respectada, admirada…Era entrar nun círculo unificado por comportamentos, actitudes e valores comúns, e neste caso os homes vían como o deporte do fútbol era unha boa vía de acceso, onde os xogos populares e tradicionais pasaban a ser propios do pobo (das clases máis humildes) e os

deportes convertíanse nos divertimentos propios dos señoritos, das clases máis acomodadas da sociedade.

En menor medida aparecen respostas (16%) que apuntan á posibilidade de desprazarse cos novos medios de locomoción, sobre todo o coche, como un feito a ter en conta á hora de que os homes deixaron de xogar aos bolos, xa que non era preciso quedarse tanto tempo na parroquia e xordía a opción de viaxar, facer cousas novas, visitar novos lugares, ir ás mozas e, en fin, ocupar o tempo libre indo dun sitio para outro buscando novos retos para as súas vidas (*p.e.: X25: Polo desenvolvemento, ao vir a televisión, ao vir os coches, que a xente viaxa, a xente non queda nos seus pobos, a xente marcha, e cambiaron as afeccións e cambiou todo*).

Outras das respostas que atopamos (12%) subliñan que a perda das calidades físicas, neste caso da forza, influíu tamén para que a xente fose deixando de xogar. Este aspecto é evidente que se produciu na xente maior, non habendo unha continuidade nas novas xeracións que ven noutros entretenementos máis modernos unha forma mellor de pasar o tempo (*p.e.: X12: E logo había certas persoas maiores que a mecar dábanlle moita importancia, cando unha persoa ía perdendo as forzas e mecaba… amigo, iso eran palabras maiores, iso era un desprestixio*).

E xa en menor medida móstranse respostas (8%) que achacan a motivos laborais o decaemento da popularidade e práctica dos bolos (*p.e.: X9: Como todas as cousas, foise deixando, veu unha época na que empezamos a marchar para navegar, xa poucos quedaban, e outros non organizaban, foi quedando así todo*) e outras (4%) que culpan ás institucións públicas da súa falta de apoio para que o xogo dos bolos seguira sendo unha actividade popular, practicada e respectada na localidade (*p.e.: X12: E máis, como todas as cousas, ten que ter un apoio. Se non tes un apoio institucional ou nadie que mire por iso, todo se acaba*).

Analizando detidamente as causas expostas polos antigos xogadores, cremos que as súas respostas teñen unha relación moi estreita coa época que lles tocou vivir a estas persoas. A maioría dos entrevistados neste estudo naceron antes do 1930 e viviron moi de preto a época máis tráxica da era moderna que España padeceu. Despois da Guerra Civil, a recesión económica fixo estragos nun pais dividido e malferido, onde os mortos, os presos, os exiliados, a falta de traballo, a fame e as calamidades eran habituais. Menos mal que, de vez en cando, a poboación podía distraerse coas poucas opcións que tiñan ao alcance da súa man e, o xogo dos bolos, era unha delas.

Despois dos duros anos da postguerra, onde a sociedade española quedara anudada a un tipo de sociedade arcaica, os anos sesenta presenciaron un acelerado cambio social, onde se rexistrou unha masiva emigración da poboación en busca de traballo (redución do paro), apreciouse un forte incremento da poboación e tamén se tiveron en conta accións encamiñadas a mellorar os servizos públicos, sobre todo nos terreo educativo, sanitario e da vivenda.

A pesar das limitacións, o desenvolvemento económico propiciou a aparición da sociedade de consumo en España. Exténdese o uso do coche, da televisión e doutros aparellos domésticos que facilitaban o traballo diario da xente. Esta sociedade de consumo, caracterizada polo acceso a máis información e por unha maior mobilidade trouxo, especialmente nos máis novos, unha nova mentalidade, focalizada sobre todo polos novos hábitos de relación social, novas pautas de relación entre ambos sexos e unha chea de modas, costumes e indumentarias que chegaron a través do turismo.

Os homes, que anos e anos estiveron xogando aos bolos, e sobre todo os non tan vellos, comezaron a coñecer outras formas de divertimento, tiveron máis libertade para escoller diferentes opcións de ocupar o tempo de ocio que se lles presentaba e, pensamos que dun xeito lóxico, foron probando novas cousas, divertimentos máis modernos, actividades novidosas que

representaban un novo enfoque de ver a vida, unha forma libre de actuar, de pensar, de comportarse e de vivir doutro xeito.

Cremos que visto asi, o problema non foi tanto que a xente fose cambiando de hábitos, probando novas cousas, senón que o que se debería haber feito era conservar as tradicións, o xogo que marcou parte da vida de centos e centos de persoas sen perxuízo da práctica doutros divertimentos máis modernos e novidosos.

7.10. Propostas de recuperación

Na **categoría 1.26** (*xogadores-propostas de recuperación*) (véxase a táboa 67) as respostas poñen de manifesto a dificultade de recuperar e consolidar o xogo dos bolos de novo na localidade, pero ao mesmo tempo é un traballo perfectamente viable e para o que se precisa unha actuación en diferentes e variados aspectos. Unha parte importante das respostas (36%) aluden á complicación que tería nestes momentos recuperar o xogo dos bolos en Boiro, sinalando que é unha tarefa difícil e complicada (*p.e.: X1: Recuperar este xogo é bastante difícil*), pero ao mesmo tempo, aparecen outras respostas (16%) que indican que estaría ben recuperalo e propoñelo como unha actividade máis de ocio e tempo libre na localidade, ao tempo que tamén mostran o seu roxelo en canto á viabiliade do proxecto (*p.e.: X24: A min gustaríame, pero véxoo algo complicado*).

Por un lado, os entrevistados achegan propostas (40%) que xiran arredor de habilitar novos campos de bolos na localidade e, sobre todo, en lugares máis accesibles para os cidadáns, tanto para os que xogan como para os que acoden a mirar (*p.e.: X12: Tería que ser un campo céntrico, a nivel de concello*). Deste xeito, provocaríase unha maior afluencia de espectadores aos campos de bolos e, consecuentemente, de xogadores, sen necesidade de desprazarse moito nin de dispoñer de medios de transporte, feito que agradecerían, sobre todo, os máis vellos, cada vez máis reticentes a coller o coche ou a desprazarse moito máis alá dos arredores da súa vivenda habitual.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
É unha tarefa difícil e complicada	9
Estaría ben recuperalo…	4
Habilitar novos campos e en lugares máis accesibles	10
Comezar de novo, ensinándolles aos rapaces	4
Ten que haber un interese económico	4
Habilitar unha taberna ao lado do campo de bolos	2
Buscar un promotor ou organizador	2
Facer un grupo e comezar a xogar	1
Anunciar e promocionar o xogo	1
Cambiar as normas	1
Ns/Nc	2

Táboa 67. Categoría 1.26. Xogadores-propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro

Outras respostas (16%) indican que, para chegar a recuperar o xogo dos bolos, tería que haber un interese económico de por medio, tanto para os propios xogadores como para os propios organizadores ou responsables do xogo (fabricación de bolos, adecuación do campo de xogo ou organización de eventos) (*p.e.: X1: Podíanse organizar partidas por cartos, por algo que tivese valor*); e unha porcentaxe similar de respostas (16%) fan referencia a que sería necesario volver ás orixes, comezar de novo e, sobre todo, incidindo nos rapaces, ensinándolles a xogar, vendo neles o comezo de novo da cadea e que eles mesmos sexan os encargados de transmitir os valores do xogo ás vindeiras xeracións (*p.e.: X10: Para xogar teríamos de mirar de volver a empezar outra vez de novo, ós rapaces*).

En menor medida, aparece o mesmo número de respostas (8%) que propoñen volver a habilitar tabernas ao lado dos campos de bolos, que cumpran as funcións de locais sociais e de reunión, onde ademais de poder beber un vaso de viño e charlar cos compañeiros, poidan xogar aos bolos e

establecer retos constantes entre eles, poñendo en constante xogo a súa valentía, a súa forza, a súa honra e, tamén, os seus cartos (*p.e.: X2: Poderíase retomar o xogo se houbera unha taberna ao lado*). E tamén se observan respostas que indican que sería fundamental buscar un promotor ou organizador do xogo, función que antigamente realizaban os propios taberneiros e, ocasionalmente, algúns xogadores que sentían verdadeira paixón polo xogo (*p.e.: X1: Sempre ten que haber unha persoa que organizara o xogo*).

Cun número moi baixo de respostas (4%) móstranse propostas que indican que sería de moita axuda xuntar de novo aos xogadores, facer un grupo ou equipo e empezar a xogar aos bolos; deste xeito podería contaxiarse aos demais interesados e seguir unha técnica de "*bóla de neve*", onde pouco a pouco o número de xogadores se iría incrementando ata chegar a un nivel de práctica considerable (*p.e.: X15: Ao empezar a xogar xuntaríase a xente a xogar*). E con esa mesma baixa porcentaxe (4%) tamén hai respostas que mostran a necesidade de anunciar, publicitar e promocionar de novo o xogo, empregando todos os medios de publicidade que fosen necesarios (*p.e.: X4: Para volver a recuperar o xogo habería que coller un coche e andar anunciando por un lado e máis por outro; anuncialo e con cartos, a ver se así se xuntaba xente*). E outras respostas (4%) ven necesario cambiar as normas do xogo, adaptándoas aos tempos modernos e aproveitando os recursos actuais (humanos, materiais ou de comunicación, entre outros) para darlle un empuxón ao xogo dos bolos e buscar un maior nivel de práctica (*p.e.: X1: Se se cambian as normas podía ser que a cousa fose adiante*).

Por último, o 8% dos entrevistados, ao ser cuestionados polas propostas que se poderían levar a cabo para recuperar o xogo dos bolos en Boiro, non saben que responder, non achegando nada novo neste apartado do estudo (*p.e.: X4: Iso agora… eu que sei*).

Cremos que as propostas destas persoas para tentar recuperar o xogo dos bolos na localidade están ben enfocadas, centrando os esforzos en

mellorar aspectos dos que se carecía antigamente, como é o caso de focalizar a promoción nos centros educativos, vendo a verdadeira potencialidade que teñen estes entes para difundir a actividade, traballando directamente coas persoas, cos propios interesados, cos futuros xogadores. Tamén é de subliñar a proposta de habilitar novos campos e en lugares máis accesibles; habilitar novos campos porque lóxicamente xa case non queda ningún na localidade (a excepción dos de Pomardorrío e Triñáns), pero tamén o feito de sinalar que se ubiquen en lugares accesibles, preto do núcleo urbano, facilitando e promocionando o xogo non só entre os propios xogadores, senón tamén entre os espectadores e curiosos que se atoparían co xogo dos bolos en calquera habitual paseo ou traxecto de paso a outros lugares.

7.11. Os bolos nos medios de comunicación

Neste apartado analízase a relación que teñen os medios de comunicación e os bolos no referente á promoción do xogo na localidade e cal debera ser o seu papel na promoción, difusión e consolidación deste xogo popular e tradicional. Recóllese aquí a información proporcionada polos técnicos dos medios de comunicación con maior difusión la localidade nos ámbitos da prensa escrita, radio e televisión.

Na **categoría 2.1** (*medios de comunicación-tratamento e importancia dos xogo dos bolos nos medios*) (véxase a táboa 68) destacan dous tipos de respostas: o 50% dos entrevistados indican que que o tratamento que fai o seu medio do xogo dos bolos é escaso (*p.e.: MC1: Pois a verdade é que é un tratamento bastante escaso, lamentablemente*), mentres o outro 50% indica que se publican ou difunden novas de bolos únicamente cando hai algún tipo de competición (*p.e.: MC3: Deste deporte pois pequenas novas relacionadas con algún torneo que se poida facer puntualmente no verán ou algo así*).

Desgraciadamente isto é así, pero en parte debido á escasez de actividade que se rexistra na localidade. Na época na que se desenvolve a Liga de Bolos Tradicionais *Pedra Boleira* organizada polo concello de Boiro, os

medios de comunicación aproveitan as novas que se lles remite dende o Servizo Municipal de Deportes para informar do avance da competición ou das novas máis salientables. O resto do ano, a aparición de novas nos medios de comunicación (periódico, radio e televisión) relacionadas cos bolos é practicamente inexistente.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Escaso	2
Só cando hai algún tipo de competición	2

Táboa 68. Categoría 2.1. Medios de comunicación-tratamento e importancia do xogo dos bolos nos medios

Na **categoría 2.2** (*medios de comunicación-causas do escaso tratamento do xogo dos bolos nos medios*) (véxase a táboa 69) unhas respostas (25%) inciden en que os bolos teñen escaso oco no espazo informativo porque priman neste momento outras disciplinas deportivas que teñen máis interese para a cidadanía (*p.e.: MC2: Tes que comprender que na información deportiva local priman outras disciplinas que teñen máis éxito, teñen máis practicantes, como pode ser o remo, sobre todo as traíñas, as traiñeiriñas ou os bateis e, por suposto, o fútbol, sen esquecernos doutras disciplinas que están a proporcionar éxitos a Boiro como poden ser o baloncesto ou o voleibol*); e outras respostas (25%) indican que o escaso tratamento dos bolos nos medios é debido a que non teñen quizais a importancia que tiveron nun pasado, sendo hoxe en día unha práctica máis ben testemuñal e anecdótica (*p.e.: MC3: Hoxe en día os bolos non teñen ao mellor a representatividade que deberían ter ou tiveron nun pasado*).

Pensamos que os responsables dos medios de comunicación, nestes intres, céntranse nas novas que a sociedade demanda, as que teñen un maior impacto entre a cidadanía. E, neste caso, o xogo dos bolos non conta con esa virtude porque outros deportes teñen unha maior aceptación en práctica e seguimento e, polo tanto, iso é o que lle hai que transmitir e informar. Como os

mesmos entrevistados afirman, se o xogo dos bolos gozase doutro nivel de práctica, seguramente tería unha maior presenza nos medios de comunicación. Neste caso o seu labor está centrado en proporcionar información, non en buscar un obxectivo de promoción ou divulgación dunha actividade que busca facerse un oco entre o tempo libre dos cidadáns.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Porque priman outras disciplinas	1
Porque non teñen a importancia que tiveron nun pasado	1
Ns/Nc	2

Táboa 69. Categoría 2.2. Medios de comunicación-causas do escaso tratamento do xogo dos bolos nos medios de comunicación

Na **categoría 2.3** (*medios de comunicación-importancia do xogo dos bolos para a sociedade*) (véxase a táboa 70) a totalidade das respostas (100%) fan referencia a que o xogo dos bolos é interesante e relevante para a sociedade, aspecto no que inciden positivamente os intentos do Servizo Municipal de Deportes por retomar a actividade bolística nos campos de bolos de Pomardorrío e Triñáns e que pouco a pouco comezan a xerar novas nos medios de comunicación (*p.e.: MC4: Realmente si, porque é unha actividade que se está intentando recuperar e que pouco a pouco debería calar entre a xente*).

Outra porcentaxe importante de respostas (75%) inciden en que o xogo dos bolos é importante para a sociedade en canto á recuperación das tradicións, ao coñecemento dos costumes que tiñan os boirenes en antano e, en definitiva, á cultura do ocio e tempo libre que se tiña na localidade (*p.e.: MC2: Dende o punto de vista de recuperar unha tradición pois si, dende o punto de vista para saber realmente como eran os nosos costumes de hai anos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
O xogo dos bolos é interesante e relevante para a sociedade	4
É importante en canto á recuperación das tradicións	3

Táboa 70. Categoría 2.3. Medios de comunicación–importancia do xogo dos bolos para a sociedade

A pesar de que o técnicos dos medios de comunicación consideran que o xogo dos bolos é interesante e relevante para a sociedade, este aspecto non é suficiente para facerse un oco no seu espazo de información deportiva. Pero é de destacar esta afirmación, xa que ven con bos ollos que esta actividade se promocione entre a cidadanía, porque implica achegarse ás tradicións e, unha vez que se faga, reúne todas as condicións para que dende os medios se faga un tratamento axeitado encamiñado á súa promoción e difusión na localidade.

Na **categoría 2.4** (*medios de comunicación-diferenza de tratamento con outros deportes*) (véxase a táboa 71) a totalidade das respostas (100%) sinalan que nas novas que se publican nos seus respectivos medios se priman os deportes de masas (*p.e.: MC3: Hoxe en día hai deportes que moven masas diría de primeiro nivel, como poden ser o fútbol ou o baloncesto, que copan practicamente a sección de deportes da maioría dos xornais ou na maioría das televisións locais ou nas radios locais*).

Destacan tamén as respostas (75%) que afirman que o xogo dos bolos é un deporte minoritario (*p.e.: MC1: O deporte dos bolos digamos que é minoritario con respecto a este tipo de deportes que eu che acabo de nomear*), polo que a preferencia nas novas deportivas nos medios de comunicación locais é para os deportes que na actualidade teñen máis tirón entre os cidadáns: fútbol, baloncesto, voleibol, traíñas ou mesmo o piragüismo; e se a isto lle engadimos o pouco espazo que se reserva para as novas deportivas locais, podemos darnos conta do escaso tratamento que teñen os bolos nestes medios de comunicación.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Prímanse os deportes de masas	4
O xogo dos bolos é un deporte minoritario	3

Táboa 71. Categoría 2.4. Medios de comunicación–diferenza de tratamento do xogo dos bolos con respecto a outros deportes

Facendo referencia á categoría 2.2., cremos que os medios de comunicación están centrados en difundir a información daqueles deportes que teñen un maior seguemento e practicantes na localidade. A sociedade demanda unha determinada información e os medios só se limitan a transmitila. Sería importante que os propios técnicos se deran conta da importancia doutro tipo de actividades (como eles mesmos mencionaban na categoría anterior) e contribuíran a acadar outro tipo de obxectivos, como pode ser neste caso a recuperación do xogo dos bolos.

Atopámonos deste xeito cun dilema que sería importante resolver: que fago antes, moita actividade para sair nos medios ou contar coa axuda dos medios para xerar máis actividade? No noso caso a resposta é clara, quedámonos coa segunda opción, na que os medios deberían colaborar para reactivar este xogo na localidade, contribuíndo a que se xenere máis actividade.

Na **categoría 2.5** (*medios de comunicación-importancia dos medios na promoción do xogo*) (véxase a táboa 72) as respostas (100%) destacan a importancia que poden e deben xogar os medios de comunicación na promoción e difusión deste xogo popular e tradicional, a través dos cales se pode chegar dun xeito máis exhaustivo aos boirenses (*p.e.: MC4: Os medios de comunicación deberíamos estar precisamente aí, apoiando e impulsando este tipo de actividades, para que non se perdan e os nosos fillos e netos poidan seguir disfrutando destes xogos ao aire libre*).

Pero, ao mesmo tempo, o 75% das respostas sinalan que tamén é preciso xerar máis actividade, promover máis novas que, en todo caso, resultan

do incremento da actividade bolística en Boiro (torneos, ligas e exhibicións) (*p.e.: MC1: Pero tamén depende moito da organización, ten que haber máis campionatos para haber máis saída. O ideal pois sería, eu que sei, facer unha liga ao longo de todo o ano e ter máis saída*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Hai que apoiar máis o xogo de bolos dende os medios	4
É preciso xerar máis actividade	3

Táboa 72. Categoría 2.5. Medios de comunicación-importancia dos medios de comunicación na promoción do xogo dos bolos

Polos comentarios realizados nos anteriores apartados, cremos que os entes promotores do xogo dos bolos na localidade e os medios de comunicación deben chegar a un bo entendemento: por un lado, hai que incrementar a actividade bolística para que os medios transmitan máis e mellor información aos cidadáns, pero ao mesmo tempo, os medios deben contribuír dende un principio para informar das actividades que se propoñen, axudando deste xeito a xerar máis actividade no concello.

Na **categoría 2.6** (*medios de comunicación-causas do esmorecemento do xogo*) (véxase a táboa 73) destacan as respostas (75%) que fan referencia á irrupción de novos divertimentos como a principal causa pola que os homes foron deixando de xogar aos bolos e adentrándose noutros xogos e divertimentos que, segundo a época, ían xurdindo (*p.e.: MC1: Falemos doutros divertimentos que ten a xente*), e tamén sobresaen as respostas (75%) que atribúen á aparición e auxe do fútbol como unha das principais causas polas que o xogo dos bolos foi esmorecendo co paso do tempo ata chegar á actualidade (*p.e.: MC2: Primeiro pola competencia dos grandes deportes*).

O 50% das respostas subliñan que foi a migración das aldeas ao núcleo urbano, ao despoboamento do rural e ao consecuente esquecemento das actividades de ocio que se viñan realizando sobre todo no monte, como é neste caso o xogo dos bolos (*p.e.: MC2: Despois, algo fundamental, o*

despoboamento do rural, a emigración, a xente que se marcha da parroquia e que se vai a vivir a zonas urbanas).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Irrupción de novos divertimentos	3
Aparición e auxe do deporte do fútbol	3
Migración das aldeas ao núcleo urbano	2
Cambios na sociedade, o progreso en si	1
Falta de interese da mocidade	1
Falta de apoio institucional	1
Falta de instalacións axeitadas	1

Táboa 73. Categoría 2.6. Medios de comunicación-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro

En menor medida, atopámonos con respostas (25%) que atribúen á falta de instalacións axeitadas o paulatino decaemento do xogo dos bolos (*p.e.: MC4: As instalacións que hai hoxe para a xuventude non son especialmente relacionadas coas actividades deportivas que están en desuso, como por exemplo, o xogo dos bolos*); outras respostas (25%) culpan ás institucións públicas de falta de apoio necesario para que o xogo conservara a súa esencia e o nivel de práctica (*p.e.: MC4: E ás institucións…*); outras (25%) ven unha notable falta de interese na mocidade (*p.e.: MC2: Os chavales de hoxe que lles gusta máis outras cousas que xogar ou practicar eses deportes que practicaban os seus pais ou os seus avós*) e, por último, outras respostas con semellante porcentaxe (25%), que cren que os cambios acaecidos na sociedade froito do progreso e da modernidade foron os culpables do esmorecemento do xogos dos bolos en Boiro (*p.e.: MC4: Sobre todo as tendencias que van cambiando*).

Vemos como as propostas dos técnicos dos medios de comunicación gardan relación coas expostas polo colectivo de antigos xogadores e persoas vinculadas directamente co xogo dos bolos. Coñecedores de primeira man da

realidade deportiva do municipio e de toda a comarca, estes técnicos danlle moita importancia á aparición e auxe do deporte do fútbol, estando totalmente de acordo con eles neste aspecto, podendo comprobar actualmente a enorme actividade futbolística que se rexistra en Boiro, coa existencia de máis dunha ducia de clubs e nove campos de fútbol.

7.12. A promoción dos bolos no municipio

Neste apartado analízase de que xeito se promove o xogo dos bolos no municipio a través da información proporcionada polos técnicos deportivos municipais e por políticos (concelleiros de deportes e alcaldes) que, á fin e ao cabo, son estes últimos aos que lles corresponde tomar a decisión de aprobar un ou outro programa deportivo na localidade a través do Servizo Municipal de Deportes.

7.12.1. Técnicos deportivos municipais

Na **categoría 3.1** (*técnicos deportivos-importancia do Servizo Municipal de Deportes*) (véxase a táboa 74) destacan as respostas (100%) que ven ao Servizo Municipal de Deportes como un importante promotor da práctica deportiva na localidade (*p.e.: T1: Desempeña un papel realmente importante dentro da promoción e da práctica deportiva entre toda a sociedade boirense*).

Tamén se mostran respostas (66,66%) que sinalan ao ente municipal como un órgano xestor de infraestrutura deportiva (*p.e.: T3: Coidado do amplo abano de instalacións deportivas*) e outras (66,66%) que resaltan a función de apoio e asesoramento a veciños e clubs deportivos locais (*p.e.: T1: Asesoramento para todas aquelas persoas que queiran practicar deporte ou mesmo crear unha asociación*).

En menor medida, algunhas respostas (33,33%) aluden ao Servizo Municipal de Deportes como un ente organizador de eventos deportivos (*p.e.: T1: Ten un papel primordial tanto na organización de eventos como na creación de infraestrutura*) e outras (33,33%) que sinalan a súa importancia na

coordinación do fenómeno deportivo municipal (*p.e.: T3: O Servizo Municipal de Deportes debe exercer a función de coordinador do fenómeno deportivo que se produce no concello*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Promotor da práctica deportiva	3
Xestor da infraestrutura deportiva	2
Apoio e asesoramento a veciños e clubs	2
Organizador de eventos	1
Coordinación do fenómeno deportivo municipal	1

Táboa 74. Categoría 3.1. Técnicos deportivos–importancia do Servizo Municipal de Deportes de Boiro

Estamos de acordo co que expresan os técnicos deportivos municipais neste aspecto, quedando patente a importancia do Servizo Municipal de Deportes no referente ao fenómeno deportivo na localidade, con iniciativa e peso no desenvolvemento de actividades, xestión de instalacións ou organizador de eventos, que converten a Boiro nun referente de dinamismo no ámbito do deporte en toda a comarca.

Na **categoría 3.2** (*técnicos deportivos-tratamento do xogo dos bolos na programación deportiva municipal*) (véxase a táboa 75) as respostas (100%) poñen especial énfase no feito de que os xogos populares e tradicionais deben formar parte da programación deportiva municipal (*p.e.: T1: De feito, forma parte dende hai uns anos e entendo que si*), como así é e como así o confirman todos os técnicos.

Destacan tamén as respostas (66,66%) que xustifican a importancia dos xogos populares e tradicionais na programación deportiva municipal en base á necesidade de recuperar e consolidar as tradicións (*p.e.: T2: O concello ten que difundir e non deixar que se esquezan estes xogos de antes*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Os xogos populares e tradicionais deben formar parte da programación deportiva municipal	3
Porque hai que recuperar e consolidar as tradicións	2
Porque é unha actividade física beneficiosa	1

Táboa 75. Categoría 3.2. Técnicos deportivos–tratamento do xogo dos bolos na programación deportiva municipal

E tamén se atopan respostas (33,33%) que sinalan que os xogos populares e tradicionais deben formar parte da programación deportiva municipal pola sinxela razón de que se trata dunha actividade física beneficiosa para o organismo (*p.e.: T3: Como unha actividade de entretenemento xa estaría xustificado; ademais, poderiamos falar dos beneficios de facer un pouco de exercicio ao aire libre, das relacións que se establecen entre os xogadores, da motivación…*).

Cremos que os técnicos mostran claramente as intencións do ente público en canto á promoción dos xogos e deportes populares e tradicionais, reservando un oco para estas actividades na programación deportiva municipal e recaendo a principal xustificación no feito de recuperar e consolidar as tradicións propias da localidade. Entendemos como unha declaración de principios estas respostas, que mostran especial sensibilidade cara á tradición e cultura popular do pobo, neste caso expresada en forma de xogo popular e tradicional, como é o xogo dos bolos.

Na **categoría 3.3** (*técnicos deportivos-promoción do xogo dos bolos en Boiro*) (véxase a táboa 76) as respostas mostran, sobre todo, tres tipos de percepcións e coas que coinciden a totalidade dos técnicos entrevistados, referíndose ao tipo de accións que desenvolve o Servizo Municipal de Deportes para promocionar o xogo dos bolos na localidade. Atopámonos deste xeito con respostas (100%) que fan referencia á liga de bolos tradicionais "*Pedra Boleira*", que soe desenvolverse entre os meses de abril e xuño (*p.e.: T2: En concreto agora mesmo estase realizando unha liga de bolos en Pomardorrío*),

con respostas (100%) que aluden a torneos puntuais e que soen coincidir con datas moi sinaladas do calendario (*p.e.: T1: E por outro lado temos un torneo máis puntual, que é o torneo das Letras Galegas*), e con respostas (100%) que mostran o traballo de promoción que se realiza nos centros educativos da localidade (*p.e.: T1: Tamén temos feito un traballo nos colexios de promoción do xogo dos bolos adaptado ás circunstancias dos recintos escolares*).

Cun número menor de respostas (33,33%) atopámonos coas accións que se levaron (e están levando) a cabo no referente á rehabilitación dos antigos campos de bolos (*p.e.: T3: A reforma do campo de bolos de Pomardorrío e a recuperación do campo de bolos de Triñáns*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Liga de bolos	3
Torneos puntuais	3
Promoción nos centros educativos	3
Rehabilitación de antigos campos de bolos	1

Táboa 76. Categoría 3.3. Técnicos deportivos–Promoción do xogo dos bolos en Boiro

Observamos coherencia nas respostas dos técnicos deportivos, onde as intencións mostradas no apartado anterior quedan reflectidas na importante actividade bolística que o ente municipal está levando a cabo na localidade, concretada coa liga de bolos tradicionais "Pedra Boleira" e coa posta en práctica dun plan de recuperación e acondicionamento de antigos campos de bolos.

Na **categoría 3.4** (*técnicos deportivos-tempo que se leva promocionando o xogo*) (véxase a táboa 77) as respostas céntranse en dous aspectos: o máis destacado é que o Servizo Municipal de Deportes, creado como tal no ano 1992, non leva máis de doce anos promocionando o xogo dos bolos na localidade, feito que destacan o 100% dos técnicos entrevistados

(*p.e.: T3: Se tomamos como referencia xa os xogos de bolos que se facían cos rapaces nos colexios pois hai xa ao pé de 12 anos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Non máis de 12 anos	3
A liga de bolos dende o ano 2008	2

Táboa 77. Categoría 3.4. Técnicos deportivos–tempo que se leva promocionando o xogo dos bolos no municipio

E, por outro lado, atopámonos con respostas (66,66%) que remontan a promoción do xogo dos bolos ao comezo da liga de bolos tradicionais "*Pedra Boleira*", no ano 2008 (*p.e.: T3: E a liga de bolos Pedra Boleira fai cinco anos que se comezou*).

Cremos que é preciso destacar este aspecto xa que, se ben coa promoción dos bolos comezouse antes da posta en funcionamento da liga de bolos tradicionais "*Pedra Boleira*", co inicio da liga foise ao corazón da actividade, á esencia dos bolos, á forma orixinal, ás raíces do xogo, promocionando deste xeito o xogo dos bolos tal e como era e tal como se xoga en Boiro dende hai máis de cen anos.

Na **categoría 3.5** (*técnicos deportivos-causas da tardía promoción do xogo*) (véxase a táboa 78) prevalecen dous tipos de respostas: a primeira (66,66%) alude á falta de persoal no Servizo Municipal de Deportes que puidese facerse cargo do programa de promoción dos xogos populares e tradicionais e, concretamente, do xogo dos bolos (*p.e.: T3: Tamén se dotou de máis persoal ao Servizo Municipal de Deportes*); a segunda (66,66%) insiste en que había que priorizar outros deportes que, nese momento, eran demandadas por un maior número de persoas (*p.e.: T3: Unha delas é por priorizar unhas actividades sobre outras*).

En menor medida aparecen respostas, todas elas proporcionadas polo 33,33% dos entrevistados, que para xustificar as causas de por que non se

comezou antes coa promoción dos bolos na localidade, fan referencia á falta de instalacións axeitadas (*p.e.: T3: Agora, con máis instalacións…*), á falta de concienciación dos propios técnicos (*p.e.: T2: Quizais por falta de concienciación*), á falta de interese político por este tema (*p.e.: T2: É posible que a nivel político non se lle prestara a atención que se lle está prestando seguramente agora a todo este tipo de cousas*) ou, tamén, debido a un orzamento moi reducido da área de deportes (*p.e.: T3: Antes, cunha soa persoa, cun orzamento moi reducido, pois facíanse menos cousas*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Falta de persoal	2
Había que priorizar outros deportes	2
Falta de concienciación	1
Falta de interese político	1
Falta de instalacións axeitadas	1
Orzamento reducido	1

Táboa 78. Categoría 3.5. Técnicos deportivos–causas da tardía promoción do xogo dos bolos en Boiro

Consideramos que a forma de proceder dos técnicos deportivos municipais en canto á promoción dos bolos no municipio está xustificada no momento en que, partindo de cero, o único técnico deportivo por aquel entón centra os poucos recursos existentes na promoción da actividade física e o deporte entre os colectivos máis necesitados (terceira idade e persoas con discapacidade) e os rapaces e rapazas en idade escolar, accións prioritarias nas que cremos que debe incidir o ente público.

No momento en que se contrata máis persoal e se dota de máis recursos á área de deportes, iníciase a promoción dos xogos e deportes populares e tradicionais nos centros de ensino, abrindo deste xeito unha nova liña de traballo que se estende ata a actualidade, na que o xogo dos bolos ocupa un lugar preferente dentro da programación deportiva municipal.

Estamos deste xeito de acordo co proceder dos técnicos deportivos municipais, que xustifican as súas accións en base a prioridades, necesidades e recursos dispoñibles. Cremos tamén que se se houbera creado antes o Servizo Municipal de Deportes, tamén se houbera comezado antes coa promoción do xogo dos bolos, sobre todo cando un ano antes da contratación do primeiro técnico de deportes, numerosos afeccionados se daban cita no campo de Xarmea para disputar o torneo de bolos aos que facían mención as novas publicadas no xornal "*La Voz de Galicia*", reseñadas no marco teórico deste estudo.

Este torneo era unha boa forma de continuar promocionando o xogo dos bolos, pero todo quedou aí, en nada, xa que os responsables municipais daquela non estaban dispostos a facerse cargo da organización deste tipo de actividades e, por outra banda, os propios xogadores non foron capaces de organizarse para seguir promocionando por eles mesmos ningún tipo de competición ou liga regular.

Na **categoría 3.6** (*técnicos deportivos-entidades que promocionan o xogo*) (véxase a táboa 79) destacan as respostas (66,66%) que aluden ás ANPAS como entidades promotoras do xogo dos bolos, ademais do Servizo Municipal de Deportes (*p.e.: T3: Salvo accións esporádicas dalgunha ANPA que realiza xogos populares no propio centro*). A súa acción localízase únicamente dentro do centro educativo en cuestión, e sempre coincidindo con datas moi sinaladas do calendario nas que os colexios organizan actividades lúdicas e festivas (día das Letras Galegas e Antroido). Trátase, pois, de accións non continuadas no tempo, establecidas máis para completar o programa lúdico do centro nese día concreto que para promocionar e difundir o xogo dos bolos en si.

En menor medida, co 33,33% de respostas cada unha delas, atopámonos con outras entidades que, dun xeito ou doutro, promocionan o xogo dos bolos nun ámbito moi concreto. É o caso da taberna de Pomardorrío, que colabora co Servizo Municipal de Deportes no desenvolvemento da liga de

bolos tradicionais "*Pedra Boleira*" e que practicamente a diario axuda a manter vivo o xogo dos bolos en Pomardorrío, ata o momento único lugar do concello onde regularmente se mantén vivo o xogo (*p.e.: T1: A única actividade relacionada cos bolos existente na actualidade é a vinculada ao campo de bolos de Pomardorrío, en concreto pois a unha taberna que ben, ven aglutinando pois a actividade de bolos alí*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
ANPAS	2
A taberna de Pomardorrío	1
Asociacións de veciños	1
Comisións de festexos	1
Empresas privadas	1

Táboa 79. Categoría 3.6. Técnicos deportivos–entidades que promocionan o xogo dos bolos ademais do Servizo Municipal de Deportes de Boiro

Tamén é o caso de Asociacións de Veciños (*p.e.: T2: E á parte, as ANPAS e Asociacións de veciños tamén*) e Comisións de Festexos (*p.e.: T3: E dalgún torneo puntual organizado por algunha Comisión de Festexos*), que esporádicamente e coincidindo coas festas patronais da parroquia, organizan un campionato de bolos, empregando sobre todo o antigo campo de bolos de Triñáns, lugar onde se rehabilitou un campo de bolos e que, pouco a pouco, vai acollendo máis actividade bolística.

E, por último, empresas privadas (*p.e.: T2: Eu penso que hai empresas privadas, tipo Trebello*) tamén organizan esporádicamente xogos populares e tradicionais en determinados centros educativos ou núcleos parroquiais onde celebran festexos, nos que tamén se inclúe o xogo dos bolos. Pero, neste caso, ao igual que nos casos anteriores, realízase co obxectivo de completar un programa determinado e non de promocionar ou difundir este xogo milenario.

Percibimos que a falta de unanimidade dos técnicos ao referirse a outras entidades que promocionan o xogo dos bolos na localidade pode ser debido a que ningunha delas realiza esta función dun xeito regular (comisións de festexos), a que a modalidade defire moito da forma tradicional do xogo de Boiro (ANPAS) ou que non se trata dunha entidade xurídica legalmente constituída (taberna de Pomardorrío).

Na **categoría 3.7** (*técnicos deportivos-xeito de promocionar o xogo*) (véxase a táboa 80) destacan sobre todo dous tipos de respostas (66,66%): por un lado están as que fan referencia á necesidade de incrementar a actividade bolística na localidade mediante a realización de diferentes actividades de bolos (*p.e.: T2: Ben, o ideal sería facer torneos, ligas e exhibicións*) e, por outro, realizar unha profunda e exhaustiva promoción nos centros educativos de Boiro (*p.e.: T2: E, sobre todo, ensinalo nos colexios*).

Mencionanse tamén, en menor cantidade (33,33%), respostas que mostran a necesidade de realizar actividades relacionadas cos bolos en espazos públicos moi concorridos, nos que sexa posible que gran cantidade de xente poida observar o desenlace do xogo, para coñecer, opinar, discutir e, tamén, poder participar activamente nas partidas (*p.e. T1: Sería moi importante levar a cabo actividade pois en espazos públicos, parques, xardíns ou nas rúas*); respostas que ven a conveniencia de aproveitar acontecementos sociais para mostrar a actividade bolística a un maior número de persoas (*p.e.: T1: E tamén naqueles acontecementos sociais nos que haxa moita xente*); respostas que ven a necesidade de incrementar a presenza nos medios de comunicación (*p.e.: T2: En prensa que saia máis*), habilitar campos máis céntricos e accesibles (*p.e.: T3: E despois, ofrecer campos de bolos máis accesibles aos cidadáns, ou sexa, facer algúns campos nos núcleos máis habitados*) e promocionar o asociacionismo (*p.e.: T3: Contar con entidades sen fin de lucro que cheguen alá onde o Servizo Municipal de Deportes non pode*).

Este último aspecto cremos é fundamental, xa que coa creación de clubs de bolos dotaríase de maior autonomía a promoción desta actividade,

implicándose necesariamente máis xente e, ademais, posibilitando aos deportistas da entidade participar en campionatos organizados pola federación correspondente.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Realizar diferentes actividades de bolos	2
Promoción nos centros educativos	2
Realizar actividades en espazos públicos	1
Aproveitar acontecementos sociais para promocionalo	1
Incrementar a presenza nos medios de comunicación	1
Promocionar o asociacionismo	1
Habilitar campos máis céntricos e accesibles	1

Táboa 80. Categoría 3.7. Técnicos deportivos–xeito de promocionar o xogo

Estamos de acordo cos técnicos deportivos en que as principais accións para unha mellor promoción do xogo dos bolos na localidade debe ir encamiñada a incrementar a actividade bolística no municipio, implicar aos centros de ensino e mellorar a accesibilidade ao xogo, ben coa creación de campos ou con outro tipo de accións de mercadotecnia e publicidade. Cremos tamén que, a pesar de que os técnicos fan referencia a distintas formas de promocionar o xogo dos bolos no municipio, unha promoción eficaz debe contar coa presenza de todas estas propostas, sendo necesaria a coordinación e desenvolvemento de moitos aspectos e do traballo conxunto dos técnicos (que ao mesmo tempo deben contar cos recursos necesarios, tanto humanos, como económicos ou de infraestrutura).

Na **categoría 3.8** (*técnicos deportivos-causas do esmorecemento do xogo*) (véxase a táboa 81) destacan catro tipo de respostas: atopámonos con respostas (66,66%) que atribúen á irrupción de novos divertimentos as causas polas que foi decaendo a práctica dos bolos na localidade (*p.e.: T2: Agora hai*

máis alternativas que antes non se tiñan); tamén aparecen respostas (66,66%) que cren que a aparición e auxe do deporte do fútbol minguou á práctica dos bolos, xa que os xogadores (e potenciais xogadores) decantáronse por un deporte novidoso que irrompía con forza na bisbarra e, tamén, en Boiro (*p.e.: T1: O fútbol foi gañando adeptos, gañando en participantes e en público asistente aos campos e estendéndose por todo Boiro, por todo o municipio de Boiro e os bolos minguando. Pode ser que toda esa xente que antes ía ao xogo do bolos pois pasara ao que é o fútbol*).

Outras respostas (66,66%) achacan aos cambios acaecidos na sociedade producto da evolución, progreso e modernidade, o continuo esmorecemento do xogo dos bolos (*p.e.: T3: Houbo un cambio moi grande na sociedade*); e tamén destacan as respostas (66,66%) que cren que o fenómeno da migración da poboación das aldeas (zona rural) ao nucleo urbano influíu notablemente no descenso da práctica dos bolos na localidade (*p.e.: T1: Quizais porque é un núcleo moi rural, no medio do monte do Barbanza e ben, que a veces neses contextos é onde se conservan mellor as tradicións, xogo, idioma ou cultura*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Irrupción de novos divertimentos	2
Aparición e auxe do deporte do fútbol	2
Cambios na sociedade, o progreso en si	2
Migración das aldeas ao núcleo urbano	2
Falta de interese da mocidade	1
Motivos laborais	1

Táboa 81. Categoría 3.8. Técnicos deportivos-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro

En menor medida, móstranse tamén respostas (33,33%) que destacan a falta de interese da mocidade (*p.e.: T3: Se a xente houbera presionado máis para que seguira conservando o xogo as cousas houberan cambiado*) e

respostas (33,33%) que atribúen a motivos laborais o abandono paulatino do xogo dos bolos no municipio (*p.e.: T2: O cambio dos traballos da xente, antes os traballos eran máis locais*).

Observamos como neste caso as causas ás que atribúen os técnicos deportivos o paulatino esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro coincide substancialmente co expresado por xogadores e técnicos dos medios de comunicación, sobre todo nas dúas primeiras causas, as máis destacadas por estes tres colectivos. Neste caso, os motivos non habería que buscalos máis alá das evidencias e da realidade deportiva que se observa hoxe en día na localidade.

Na **categoría 3.9** (*técnicos deportivos-propostas para recuperar o xogo*) (véxase a táboa 82) destacan dous tipos de propostas: por un lado os técnicos (100%) propoñen habilitar novos campos de bolos e situalos en lugares máis accesibles, sobre todo para os que máis dificultades teñen para desprazarse (mozos e terceira idade) (*p.e.: T2: Eu penso que unha das cousas fundamentais sería, claro está, a creación dos campos, a creación de máis campos*); e doutra banda, os técnicos (100%) tamén propoñen incrementar a actividade bolística no municipio mediante a creación de máis torneos, exhibicións, ligas, xornadas promocionais e intercambios con outros lugares onde se xoga aos bolos (*p.e.: T2: Que siga o concello pois iso, fomentando ligas, torneos, e outras actividades máis*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Habilitar novos campos de bolos e en lugares máis accesibles	3
Incrementar a actividade bolística no municipio	3
Promocionar o xogo nos centros educativos	2
Exercer de coordinador	1
Mellorar a accesibilidade aos bolos	1

Táboa 82. Categoría 3.9. Técnicos deportivos-propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro

Sobresaen tamén as respostas (66,66%) que ven necesario promocionar os bolos nos centros de ensino, levar o xogo aos colexios para que os rapaces comecen a practicar e se inicie de novo a cadea coa que se poida continuar coa tradición dos bolos en Boiro (*p.e.: T3: Ten que ser habitual que os rapaces xoguen na escola*).

E, en menor medida, tamén se mostran respostas (33,33%) que cren que o Servizo Municipal de Deportes debe exercer de coordinador dun proxecto máis amplo, no que sexan partícipes centros educativos, entidades culturais e deportivas sen fin de lucro, asociacións de veciños, comisións de festexos, comunidades de montes ou mesmo locais comerciais, para que todos se sintan parte importante e se unan forzas nunha única dirección: volver a retomar o nivel de práctica de bolos que se tiña antigamente na localidade e, se se pode, incrementalo (*p.e.: T3: Exercer de coordinador do proxecto e implicar nese proxecto a todos os entes sociais do concello*); e respostas (33,33%) que inciden no aspecto da necesidade de mellorar a accesibilidade de todos os cidadáns aos bolos (*p.e.: T1: Achegarlle aos espazos públicos, a parques, a xardíns, á praia no verán; sacar os bolos de onde están e achegalos a eses espazos públicos cercanos aos núcleos urbanos e neses acontecementos sociais onde hai moitísima xente e poderían ver por primeira vez como se xoga aos bolos e incluso participar*).

Pensamos que as propostas dos técnicos están na liña de comentarios anteriores, advertindo coherencia nas respostas expresadas por este colectivo. Obsérvase tamén que as tres principais propostas son accións que o propio Servizo Municipal de Deportes está levando a cabo actualmente na localidade, sendo unha forma máis de valorar este tipo de accións na súa xusta medida e que nos indican que estes técnicos están convencidos de que é a mellor forma de promocionar o xogo dos bolos en Boiro.

Na **categoría 3.10** (*técnicos deportivos-importancia dos centros educativos na promoción do xogo*) (véxase a táboa 83) as respostas (66,66%) poñen de manifesto a necesidade de realizar o traballo de promoción nos centros de ensino (*p.e.: T1: Creo que si, de cara á recuperación*), incluíndo

unidades didácticas específicas do xogo dos bolos (*p.e.: T3: Sería importante que as programacións dos profesores de Educación Física incluíran unidades didácticas específicas do xogo dos bolos*). E tamén aparecen respostas (33,33%) que mostran as súas dúbidas de que nos centros se leve algún tipo de actuación a favor da promoción do xogo dos bolos (*p.e.: T1: Non me consta que haxa actuacións digamos organizadas e con obxectivos concretos nos centros de ensino*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Descoñezo o traballo que se fai nos colexios	1
É fundamental o traballo nos centros de ensino	2
Deberíase incluir unidades didácticas específicas do xogo dos bolos	2

Táboa 83. Categoría 3.10. Técnicos deportivos–importancia dos centros educativos na promoción do xogo dos bolos no municipio

Pensamos que o enfoque dos técnicos deportivos neste aspecto é acertado, xa que na nosa opinión é nos centros educativos onde se debe centralizar boa parte do traballo de promoción. Ademais de retomar a actividade de xeito inmediato con persoas que posúen as condicións necesarias (sobre todo de idade) para evitar que se deixe de xogar por completo, cremos que o traballo cos rapaces axudará a chegar ás raíces da tradición, comezando de novo coa práctica deste xogo popular pero, ao mesmo tempo, conservando a actividade que anos e anos se leva desenvolvendo na localidade.

Na **categoría 3.11** (*técnicos deportivos-importancia do tecido asociativo na promoción do xogo*) (véxase a táboa 84) destacan as respostas (100%) que indican que o tecido asociativo local debe servir de apoio e colaboración con outras iniciativas, sobre todo as promovidas dende o Servizo Municipal de Deportes (*p.e.: T1: Pois en todo caso papel de apoio cara ás iniciativas que haxa nos colexios ou no concello*). E tamén se mostran respostas (66,66%) que indican que o tecido asociativo proporcionaría unha maior autonomía na

promoción do xogo (*p.e.: T3: Que teñan máis autonomía e promovan o xogo por eles mesmos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Apoio e colaboración con outras iniciativas	3
Autonomía na promoción do xogo	2

Táboa 84. Categoría 3.11. Técnicos deportivos–importancia do tecido asociativo na promoción do xogo dos bolos en Boiro

Entendemos que o feito de que se creen clubs de bolos é primordial para acadar unha maior implicación dos cidadáns no xogo, proporcionándolles ademais a posibilidade de participar en competicións federadas, revertendo todo o bo que ten a competición en si na autoestima, espíritu de superación ou na motivación do propio xogador.

Na **categoría 3.12** (*técnicos deportivos-importancia dos políticos na promoción do xogo*) (véxase a táboa 85) móstranse dous tipos de respostas: por un lado, o 66,66% das respostas indican que a función que deben ter os políticos é a de proporcionar os recursos necesarios para que os proxectos que se promovan dende o Servizo Municipal de Deportes sexan viables (*p.e.: T3: Son os que teñen que apoiar e dar luz verde aos recursos que se precisen: económicos, materiais, humanos…*) e, doutra banda, o 33,33% das respostas indican que o que deben facer os políticos é apoiar as propostas que lles presenten os técnicos deportivos municipais para promover, difundir e recuperar o xogo dos bolos na localidade (*p.e.: T1: Os políticos deberan ter en conta as propostas que os técnicos lles achegaríamos, apoiar esas propostas, que tiveran a vontade política para levalas a cabo e ben, e pouco máis sería o seu papel*).

Observamos que a importancia que neste caso teñen os políticos é grande, pois son eles realmente os que deciden se un proxecto vai adiante ou non. É responsabilidade deles tomar as decisións oportunas para facer viables os proxectos que lles presentan os técnicos deportivos, proporcionando os

recursos necesarios (sobre todo económicos) para que unha tradición, como é a do xogo dos bolos, se consolide no municipio.

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Proporcionar recursos	2
Deberían apoiar as propostas dos técnicos	1

Táboa 85. Categoría 3.12. Técnicos deportivos–importancia dos políticos na promoción do xogo dos bolos en Boiro

Na **categoría 3.13** (*técnicos deportivos-importancia das entidades supramunicipais na promoción do xogo*) (véxase a táboa 86) as respostas (100%) céntranse únicamente en expresar que a función que deberían ter, neste caso, a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia, a través dos seus respectivos departamentos ou seccións de deportes, é a de apoiar económicamente os proxectos que se promovan no concello de Boiro, non só os plantexados polo ente municipal, senón tamén os plans de actuación que, de ser o caso, presenten as entidades sen fin de lucro (clubs) que se creen na localidade co fin de darlle un empuxón á práctica do xogo dos bolos en Boiro (*p.e.: T3: Pois precisamos a súa axuda a nivel económico. Por un lado, apoio e axuda para a infraestrutura necesaria e, por outro, apoio e axuda para desenvolver o programa*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Deben apoiar económicamente	3

Táboa 86. Categoría 3.13. Técnicos deportivos–importancia das entidades supramunicipais na promoción do xogo dos bolos en Boiro

Coincidimos totalmente coa afirmación dos técnicos no feito de que os entes supramunicipais deben apoiar económicamente os proxectos locais (públicos e privados) que teñan como obxectivo a promoción do xogo dos bolos en Boiro, pero tamén botamos de menos unha actuación a un nivel superior, a posta en funcionamento dun plan máis ambicioso que abarque a toda a

comunidade galega para promocionar todo ese conxunto de xogos populares que se practicaron en Galicia dente tempos moi remotos. Tomamos como referencia o xogo dos bolos pero, perfectamente, se poderían incluir xogos como a chave, a rá ou a estornela, por citar algúns do amplo abano de divertimentos dos que os galegos e galegas botaban man para ocupar o seu tempo de ocio.

Na **categoría 3.14** (*técnicos deportivos-posibles vías de financiamento*) (véxase a táboa 87) destacan as respostas (100%) que indican que as axudas económicas que se precisen para que o proxecto de recuperación e promoción do xogo dos bolos na localidade sexa viable deben proceder das entidades supramunicipais (Deputación da Coruña e Xunta de Galicia) (*p.e.: T2: A nivel Xunta e a nivel Deputación da Coruña para que haxa subvencións destinadas específicamente para este fin*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Axudas económicas da Xunta de Galicia e Deputación da Coruña	3
Axudas económicas do mundo empresarial	3
Partida económica do concello de Boiro	3
Cotas de inscrición dos participantes	2

Táboa 87. Categoría 3.14. Técnicos deportivos–posibles vías de financiamento para a promoción do xogo dos bolos en Boiro

Tamén sobresaen as respostas (100%) que indican que as axudas económicas deben vir do mundo empresarial, a través das colaboracións e patrocinios que se establezan coas grandes e medianas empresas, e tamén co pequeno comercio local (*p.e.: T1: E despois se ti queres, nun estadio superior, se se dera o caso de que houbera un montón de campos e houbera un montón de competicións e tal, aí xa entraría o ámbito privado*); e as respostas (100%) que inciden en que o concello de Boiro debe contemplar nos seus orzamentos anuais unha partida específica adicada á promoción do xogo dos bolos (*p.e.:*

T1: No orzamento do concello pode ir perfectamente unha partida destinada á promoción do xogo dos bolos).

En menor medida atopámonos con respostas (66,66%) que indican que tamén é importante que os participantes custeen parte da actividade a través de pequenas cotas de inscrición que, se ben non son significativas, si contribúan a facer un programa viable económicamente (*p.e.: T2: Pois nestes torneos de bolos que os participantes tiveran que pagar unha pequena cota de inscrición, pero vamos, pouca cousa*).

Pensamos que no momento actual o xogo dos bolos precisa dun empuxe moi grande por parte da administración pública, sobre todo no referente ao acondicionamento de novos campos e en lugares céntricos, accesibles e estratéxicamente ben situados. Pero cremos tamén que unha vez que se dispoña de infraestrutura axeitada e a promoción do xogo abarque diferentes ámbitos no municipio (deportivo, social e educativo), os propios interesados deben implicarse a fondo, custeando os gastos que ocasione a práctica diaria e evitando a dependencia do concello para seguir coa actividade. O xogo dos bolos foi un xogo do pobo e debe seguir sendo asi, onde os propios participantes sexan a parte importante do proxecto, con total autonomía, deixando pouco a pouco que a administración asuma un papel secundario, de protección, achegando as condicións necesarias para que o pobo sexa o principal impulsor desta actividade na localidade.

Na **categoría 3.15** (*técnicos deportivos-implicación do goberno municipal na promoción do xogo*) (véxase a táboa 88) as respostas poñen especial énfase en dous aspectos fundamentais. Por un lado (100%) indican que o goberno municipal debe apoiar firmemente a práctica do xogo dos bolos en Boiro (*p.e.: T3: Si, sen dúbida*) e, por outro (100%), argumentan que os poderes públicos deben preservar as tradicións (*p.e.: T1: Somos empresa pública e polo tanto temos que preocuparnos desas actividades, deses xogos que sendo propios, que estando arraigados na tradición galega pois están abandoados, non?*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
O Goberno Municipal debe apoiar firmemente a práctica do xogo dos bolos no municipio	3
Os poderes públicos deben preservar as tradicións	3

Táboa 88. Categoría 3.15. Técnicos deportivos–implicación do goberno municipal de Boiro na promoción do xogo dos bolos no municipio

Coincidimos plenamente cos técnicos neste apartado. O goberno municipal debe ser o principal interesado en recuperar as tradicións que foron importantes no concello, destacando as virtudes dos seus cidadáns e dos seus actos, que conseguiron manter con vida un xogo tradicional cun nivel de actividade moi alto noutros tempos e que pouco a pouco veu como os divertimentos modernos foron abarcando todo o tempo de ocio dos boirenses. Cremos que o máis complicado xa está feito (o xogo non chegou a morrer de todo) pero, agora, é o momento de recuperar parte da historia de Boiro é, neste caso, os seus gobernantes teñen a chave para facelo. Reclamémolo!

7.12.2. Políticos municipais

Na **categoría 4.1** (*políticos-importancia do Servizo Municipal de Deportes*) (véxase a táboa 89) a maioría das respostas (70%) refírense ao Servizo Municipal de Deportes como un importante promotor da práctica deportiva, a través do cal se concentra a maioría da actividade deportiva da localidade (*p.e.: PO4: Os poderes públicos teñen a obriga de facilitarlle á xente a práctica dalgún deporte e os medios necesarios para iso*).

Outra parte importante das respostas (60%) resaltan a importancia do ente municipal porque a través da actividade deportiva que promove foméntase o benestar físico, psíquico e social das persoas (*p.e.: PO6: Porque o deporte é algo importante para a xente, e á parte de prestarlle para a súa saúde particular pois relaciónase unha xente coa outra, e iso é moi importante*); e un número moi baixo de respostas (10%) atribúen ao Servizo Municipal de Deportes a importancia de xestionar gran parte da infraestrutura deportiva da localidade

(p.e.: *PO4: Hai deportes que non teñen infraestrutura, porque non é necesario, e outros deportes que si…).*

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Promotor da práctica deportiva	7
A través do deporte foméntase o benestar físico, psíquico e social da persoa	6
Xestor da infraestrutura deportiva	1

Táboa 89. Categoría 4.1. Políticos–importancia do Servizo Municipal de Deportes de Boiro

Cremos que é importante que os políticos se en conta da importancia que ten o Servizo Municipal de Deportes na promoción e difusión do deporte que se fai na localidade, porque a fin de contas este deporte está enfocado para mellorar a calidade de vida dos cidadáns, que cada día reclaman máis este tipo de servizos e son precisamente eles, os políticos, os que deben satisfacer as necesidades dos cidadáns, e máis se a saúde está en xogo.

Cremos que os políticos locais valoran positivamente o servizo que se lles presta aos cidadáns dende a área de deportes e así se reflicte nos orzamentos xerais do concello, onde se adica anualmente unha partida de máis de medio millón de euros para práctica deportiva na localidade, ben directamente no desenvolvemento de actividades, para o mantemento de instalacións deportivas ou mesmo para subvencións a clubs e deportistas máis destacados da localidade.

Na **categoría 4.2** (*políticos-tratamento do xogo dos bolos na programación deportiva municipal*) (véxase a táboa 90) destacan principalmente as respostas (100%) que cren que os xogos populares e tradicionais deben formar parte da programación deportiva municipal (*p.e.: PO1: Home, eu entendo que si*). Como consecuencia, o 60% das respostas xustifican a súa presenza na programación deportiva municipal porque é preciso recuperar e consolidar as tradicións (*p.e.: PO3: O deporte tradicional*

non é importado doutras partes, senón que forma parte da propia cultura do pobo e, consecuentemente, esa cercanía co que son como pobo, creo que debe ser motivo para promocionalo, para non esquecelo, porque evidentemente temos que saber de onde vimos para saber a onde imos).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Os xogos populares e tradicionais deben formar parte da programación deportiva municipal	10
Porque hai que recuperar e consolidar as tradicións	6
Porque é unha actividade física beneficiosa	1
Porque aumenta a oferta de actividades para a xente maior	1

Táboa 90. Categoría 4.2. Políticos–tratamento do xogo dos bolos na programación deportiva municipal en Boiro

E, en menor medida, aparecen cun índice moi baixo (10%) respostas que sinalan que os xogos populares e tradicionais deben formar parte da programación deportiva municipal porque é unha actividade física beneficiosa para a sáude (*p.e.: PO8: Fomentar os deportes e as competicións tradicionais non só axuda á persoa a manterse en forma, senón tamén a identificarse co pobo e a sentirse herdeiro dun xogo que foi tradicional*) e tamén porque incrementan a oferta de actividades para a xente maior (*p.e.: PO2: Aínda que a xuventude non vai a practicar ese deporte, pero si a xente maior, incluso sen ser xubilados, xente que chega ao fin de semana sen traballar, e son dunha determinada idade, pois pode practicar o xogo dos bolos*).

Do mesmo xeito que se pronunciaban os técnicos deportivos, os políticos inciden na importancia de incluir o xogo dos bolos na programación deportiva municipal, esgrimindo que o feito de recuperar e consolidar as tradicións é motivo máis que suficiente para invertir cartos e tempo nesta actividade. Cremos que é moi importante que as persoas que finalmente deciden se un programa sae adiante ou non teñan esta perspectiva, feito que sen dúbida axudará a crearlle un futuro ao xogo dos bolos no concello de Boiro.

Na **categoría 4.3** (*políticos-promoción do xogo dos bolos*) (véxase a táboa 91) móstrase unha baixa porcentaxe de respostas e, ademais, moi variada. Destacan un pouco as respostas (40%) que indican que a organización de escolas deportivas, ligas, torneos e outras competicións serían un bo vehículo para promocionar o xogo dos bolos en Boiro (*p.e.: PO6: Así como se fan escolas deportivas doutras áreas, como pode ser o voleibol, como pode ser o fútbol, como pode ser o tenis, entre outras moitas, pois facer tamén dende o Departamento de Deportes pois algunha escola destas de bolos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Organización de Escolas Deportivas, ligas, torneos e competicións	4
Promoción nos centros educativos	2
Creación e rehabilitación de antigos campos de bolos	2
Implicación dos políticos	2
Implicación do asociacionismo	2
Proporcionar información directa e exhaustiva aos cidadáns	2
Empregar as novas tecnoloxías para transmitir información	1

Táboa 91. Categoría 4.3. Políticos–promoción do xogo dos bolos

En menor medida aparecen respostas (20%) que indican que a promoción do xogos dos bolos debera ser nos centros de ensino (*p.e.: PO4: Se hoxe en día queremos potencialo e recuperalo, indudablemente hai que acudir aos centros educativos*), que se deberían crear e rehabilitar antigos campos de bolos *(p.e.: PO3: Hai que crear infraestruturas onde non as haxa e intentar potenciar aqueles que tradicionalmente xa se empregaban para ese deporte tradicional*), que se deberá buscar máis a implicación de políticos (*p.e.: PO3: O primeiro é que debe de haber un interese dende o punto de vista político e social para introducir o deporte tradicional na vida cotiá*) e do asociacionismo (*p.e.: PO5: E facendo a participación transversal dende as asociacións de veciños, as festas e en todo tipo de asociacións culturais*), ademais de

proporcionar información directa e exhaustiva aos cidadáns (*p.e.: PO2: A información ten que ser máis exhaustiva, máis enriba da xente, senón a xente non lle fai caso ao tema*).

De xeito testemuñal, aparecen respostas (10%) que suxiren o emprego das novas tecnoloxías para transmitir información aos cidadáns e axudar a difundir máis a actividade bolística que se promova (*p.e.: PO9: Polos medios que agora mesmo as novas tecnoloxías poñen a disposición dos cidadáns*).

Pensamos que o feito intentar incrementar a actividade bolística na localidade é unha visión acertada dos políticos, sendo unha das accións que tamén demandaban outros colectivos entrevistados como xeito de promoción desta actividade no municipio.

Observamos aquí unha certa influencia do concepto postmoderno do deporte (Bolaños, 2005) nas respostas dos políticos, fuxindo da visión simplista do deporte-competición. Hoxe en día o deporte como fenómeno social presenta outros valores incluso máis ricos que os que permitiron o seu desenvolvemento hai máis de dous séculos, fomentando a súa práctica dende un enfoque social e cultural, na que interveñen diferentes axentes e a través do cal se busca, a fin de contas, fomentar a sociabilidade, a empatía e a humanidade. Cremos que as achegas dos políticos, e tamén dos técnicos deportivos, van por este camiño.

Na **categoría 4.4** (*políticos-causas do esmorecemento do xogo*) (véxase a táboa 92) destacan as respostas (60%) que fan referencia á irrupción de novos divertimentos como causa principal pola que o xogo dos bolos en Boiro sufriu unha continua deixadez na súa práctica (*p.e.: PO1: E como todas as cousas, eu penso que viñeron outro tipo de entretenementos e abandonouse todo iso*). Tamén sobresaen as respostas (40%) que atribúen aos cambios acaecidos na sociedade froito do progreso en si as causas dese decaemento do xogo (*p.e.: PO3: Eu penso que o cambio de vida, non? Antes facíanse*

moitas actividades de carácter social, onde participaba moita xente, e cada vez o cambio de vida fixo que fagamos actividades de ocio moito máis individuais).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Irrupción de novos divertimentos	6
Cambios na sociedade, o progreso en si	4
Aparición e auxe do deporte do fútbol	4
Falta de espazos axeitados para xogar	4
Falta de apoio institucional	3
Falta de apoio dos medios de comunicación	2
Falta de interese en conservar as tradicións	1

Táboa 92. Categoría 4.4. Políticos-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro

Do mesmo xeito, a mesma porcentaxe de respostas (40%) pensan que a aparición e auxe do deporte do fútbol fixo que pouco a pouco a xente que antes practicaba xogos e deportes populares e tradicionais fose mudando os seus gustos cara a outros deportes novidosos e modernos como, neste caso, o fútbol (*p.e.: PO8: Parece que o fútbol ocupa todos os aspectos do deporte e foi contribuíndo a que os xogos tradicionais fosen desaparecendo*). E outro 40% de respostas subliñan que o xogo dos bolos foi desaparecendo da localidade pola falta de espazos axeitados para xogar (*p.e.: PO4: Fan falta espazos, espazos públicos, e ben, ás veces perdéronse por apertura de pistas*).

En menor medida móstranse respostas (30%) que cren que a falta de apoio institucional contribuíu notablemente a que o xogo dos bolos fose caendo en desuso (*p.e.: PO3: Por falta de interese por parte doutros organismos*), outras (20%) que ven na falta de apoio dos medios de comunicación unha probable causa do decaemento do xogo dos bolos na localidade (*p.e.: PO8: Os medios de comunicación, e sobre todo a tele, non fomentaron máis que un ou dous deportes*) e outras (10%) que consideran que a falta de interese dos propios cidadáns foi o principal motivo pola que os bolos foron deixando sitio a

outras actividades (*p.e.: PO9: Tamén, digamos que a nosa conciencia nacional, a nosa identidade, o noso sentimento identitario non está moi arraigado tampouco, non loitamos nunca por conservar as boas cousas que temos e entón o xogo dos bolos foise perdendo*).

Destacamos neste apartado a importancia de que os políticos locais, cunha media de idade cercana aos sesenta anos que, salvo unha excepción, naceron e viviron en Boiro dende sempre, faga referencia á irrupción de novos divertimentos, á evolución da sociedade e á aparición do fútbol como principais causas da mingua do xogo dos bolos na localidade, visión que coincide cos colectivos analizados anteriormente. Varios destes políticos tamén foron xogadores de bolos e comprobaron, dende a posición de xogador e político, como o xogo foi indo a menos, sendo testemuñas directas dos cambios que se produciron na sociedade froito da modernidade e os continuos avances en todos os ámbitos.

Pensamos que, sobre todo nos últimos anos, as institucións públicas poderían ter feito máis pola conservación deste xogo, sobre todo ao comezo dos anos 90, aproveitando o tirón que tivo o torneo de bolos de Xarmea ou en Triñáns. Neste caso, as autoridades locais rexeitaron ir máis alá e non prestaron o apoio que merecía esta actividade, perdendo unha ocasión moi boa de retomar unha das grandes tradicións que se tivo no concello de Boiro, feito que parte deste grupo de políticos recoñecía durante as súas entrevistas.

Na **categoría 4.5** (*políticos-propostas para recuperar o xogo*) (véxase a táboa 93) a maioría das respostas (80%) propoñen incrementar a actividade bolística na localidade para volver a recuperar o antigo xogo dos bolos e instauralo como unha actividade máis de ocio e tempo libre *(p.e.: PO3: Pois poderíanse facer liguiñas de carácter comarcal, ou supracomarcal, para que se cree máis competitividade e dende logo eu creo que se ía favorecer que se practicara máis este tipo de deportes*).

Tamén destacan as respostas (50%) que din que sería necesario habilitar novos campos de bolos e en lugares máis accesibles, para aumentar deste xeito a práctica e tamén a posibilidade de que o resto de cidadáns poidan seguir o desenvolvemento do xogo (*p.e.: PO9: Sería bo que se puidera habilitar un espazo céntrico, coas condicións axeitadas para practicar o xogo, para que a xente non se aburrira indo detrás a buscar os bolos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Incrementar a actividade bolística no municipio	8
Habilitar novos campos de bolos e en lugares máis accesibles	5
Exercer de coordinador	2
Incentivar o asociacionismo	2
Promocionar o xogo nos centros educativos	1
Mellorar a accesibilidade aos bolos	1

Táboa 93. Categoría 4.5. Políticos-propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro

En menor medida atopámonos con catro tipo de respostas, nas que unhas (20%) por un lado indican que a recuperación deste xogo popular e tradicional debe facerse de forma coordinada e o concello debe exercer o rol de coordinador (*p.e.: PO3: E que se faga ademais de forma coordinada ao mellor con outro tipo de entidades*) e, por outra, que aluden á necesidade de incentivar o asociacionismo, promovendo a creación de clubs e asociacións que cheguen a promocionar de forma autónoma o xogo dos bolos (*p.e.: PO3: Se non hai un apoio de infraestrutura e tamén se non hai un asociacionismo vivo que siga pois promovendo este tipo de deportes, pois pouco se pode facer*).

Outras (10%) que ven nos centros de ensino o lugar ideal para comezar coa promoción e traballar cos máis novos (*p.e.: PO4: Quizais onde hai que facer o traballo é máis abaixo e fomentar esa práctica deportiva dende o punto*

de vista a onde creo que temos que volver un pouco), e outras (10%) que cren que se debe mellorar a accesibilidade dos cidadáns ao xogo, estar máis enterados e informados de calquera iniciativa que se promova a favor do xogo dos bolos en Boiro (*p.e.: PO7: Aproveitar ao mellor algún tipo de reunión social, como algunha festa patronal dalgunha parroquia, e dende ahí tentar, como hai ese volúme de xente, poder sacar un pouquiño este tipo de xogos e que a xente participe, que os vexa, que os coñeza e un pouquiño enganchalos neste tipo de prácticas*).

Entendemos que as propostas dos políticos, do mesmo xeito que os técnicos, van encamiñadas a retomar a actividade dun prazo de tempo máis ou menos curto. Como demandaban tamén os técnicos dos medios de comunicación, é preciso xogar máis, xerar máis actividade, partir dun punto no que pouco a pouco un proxecto máis ambicioso vaia tomando corpo. Organizar máis actividades e construír novos campos sen dúbida axudará a crear un punto de inflexión interesante, pero non se debe esquecer o traballo nos centros educativos, dende as entidades sen fin de lucro e, sobre todo, deixar que os propios xogadores sexan os protagonistas, que loiten por un xogo que é seu e, a administración, os políticos, deben colaborar con eles para que conten coas condicións axeitadas e continúen coas tradicións que tiñan dende hai tempo.

Na **categoría 4.6** (*políticos-importancia dos centros educativos na promoción do xogo*) (véxase a táboa 94) practicamente a totalidade das respostas (90%) cren que o traballo nos centros de ensino é fundamental, pois a formación dos rapaces proporcionaría de novo o inicio da cadea coa cal se poidan chegar a transmitir as tradicións de xeración en xeración (*p.e.: PO3: Eu creo que dentro da propia actividade física e da propia Educación Física que os nenos reciben nos centros educativos, creo que deberían introducirse aspectos que permitan aos nenos coñecer este tipo de disciplinas deportivas*).

Unha pequena parte (20%) opina que o traballo de promoción dos bolos debería centrarse única e exclusivamente nos institutos de educación

secundaria, e máis concretamente con rapaces maiores de 16 anos, que xa dispoñen dunha idade e uns niveis de forza física máis axeitados ao que é o xogo orixinal dos bolos de Boiro (*p.e.: PO1: Iso habería que metelo como unha actividade, non nas criaturas pequenas, pero xa comezando a entrar no bacharelato, aí xa se podía intentar, porque isto non é un xogo de nenos, está visto*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
É fundamental o traballo nos centros de ensino	9
Centrar a promoción nos centros de secundaria	2
Terían que incrementar a actividade bolística nos centros	2
Iniciar unha formación teórica e histórica do xogo nas aulas	2
Implicar ás familias	1

Táboa 94. Categoría 4.6. Políticos–importancia dos centros educativos na promoción do xogo dos bolos no municipio

A mesma porcentaxe de respostas (20%) aluden á necesidade de incrementar a actividade bolística nos centros educativos (*p.e. PO8: Deberíanse promocionar dunha forma máis sistemática, no sentido de organizar torneos e outros*), de iniciar unha formación teórica e histórica do xogo nas aulas (*p.e.: PO5: Penso que deberíamos adicarlle un tempo da formación, xa que lle adicamos á historia de Galicia, pois dentro da historia adicarlle unha parte importante ao tema dos xogos*) e, nunha menor porcentaxe (10%), fan referencia a que hai que implicar na formación dos rapaces ás súas familias, sobre todo aos avós, que manteñen un mellor recordo do xogo dos bolos e onde moitos deles foron parte activa nos diferentes campos esparexidos por toda a localidade (*p.e.: PO5: Tamén dende a familia, dende a familia vaise avanzando*).

Estamos de acordo cos políticos en que o traballo nos centros educativos é fundamental, pero sobre todo, entendemos que hai que facelo xa

dende cedo, cos máis novos na etapa de primaria, mediante adaptacións do xogo (normas e materiais) que permitan introducirse xa no que é o xogo dos bolos de Boiro. Se deixamos este tipo de actuacións para o ensino secundario, estaremos perdendo unha chea de tempo, esquecendo unha etapa na que se asimilan, organizan e consolidan as aprendizaxes e os logros obtidos (Lera, 2009), preparando aos nenos para o seu próximo paso na súa evolución.

Nesta época caracterizada pola consolidación, é onde hai que incidir e comezar a traballar, aspecto no que coinciden a maioría dos entrevistados neste estudo.

Na **categoría 4.7** (*políticos-importancia do tecido asociativo na promoción do xogo*) (véxase a táboa 95) destacan só dous tipos de respostas: dun lado (60%) as que indican que a creación de clubs e asociacións de bolos proporcionaría unha maior autonomía na promoción deste xogo na localidade (*p.e.: PO3: Se non houbese outros entes de carácter social que de forma autónoma lles interese e que promovan de forma natural e cotiá, sería imposible sen este tipo de entidades, aínda que só sexa polo tempo, por tempo e por recursos*); e doutro lado (40%) as que indican que o papel que realmente deberían xogar este tipo de entidades sería de apoio á promoción que se promova dende o concello, sendo o ente municipal o verdadeiro motor da promoción do xogo dos bolos en Boiro, coordinando as diferentes asociacións e clubs para crear unha rede estable de competicións e actividades nas diferentes parroquias da localidade (*p.e.: PO5: Dende o Departamento de Deportes temos que poñernos en contacto con todo tipo de asociacións e facelos participar e implicalos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Autonomía na promoción do xogo	6
Apoio e colaboración con outras iniciativas	4

Táboa 95. Categoría 4.7. Políticos–importancia do tecido asociativo local na promoción do xogo dos bolos en Boiro

Compartimos as opinións dos políticos neste apartado, xa que un bo tecido asociativo en relación ao xogo dos bolos proporcionaríalles aos propios participantes unha maior autonomía, non só na práctica, senón á hora de tomar decisións que influirán directamente na actividades que eles mesmos practican. De feito, como comentabamos anteriormente, cremos que hai que buscar iso, pasarlle o protagonismo aos propios xogadores, ao pobo, aspecto que contribuirá notablemente para ir construindo futuro e xerando tradición.

Pero tamén é importante, como comentaba parte do colectivo de políticos, que o tecido asociativo apoie e colabore con outras iniciativas, non só as que se xeren dende o ámbito municipal, senón que os clubs e asociacións deportivas poden acoller a continuación da actividade que se xere nos propios centros educativos, traballando en horario extraescolar e procurando deste xeito prolongar ou estender as aprendizaxes no ámbito non formal, adaptándose aos intereses e necesidades das persoas e ao contexto no que están inmersos (Torres e Mingorance, 2004).

Na **categoría 4.8** (*políticos-importancia dos políticos na promoción do xogo*) (véxase a táboa 96) a maior parte das respostas (60%) fan referencia a que o labor dos políticos é a de proporcionar os recursos necesarios para que a posta en funcionamento dun programa de promoción do xogo dos bolos sexa de aplicación real e viable (*p.e.: Nós os gobernantes temos que favorecer e poñer os medios materiais e humanos e aproveitando os económicos, organizándose para que exista esa divulgación, esa promoción, e darlle os apoios necesarios para que o xogo dos bolos teña cada vez máis importancia na nosa vida*).

Xa en menor medida, atopámonos con respostas (30%) que indican que realmente o papel dos políticos neste caso é ter gañas de levar a cabo este tipo de programas, ou sexa, que haxa vontade política de que a promoción dos bolos vaia adiante (*p.e.: PO3: Únicamente ter ganas de facer as cousas*); outras respostas (20%) indican que os políticos deben exercer a función de organizadores e promotores do xogo (*p.e.: PO10: Correspóndelle ser os*

promotores, os catalizadores das inquietudes dos cidadáns, e aquelas que vexan dunha área que non estea cuberta debe ser tamén o político o que trate de enchela); e, por último, respostas (10%) que indican que os políticos deben centrarse en apoiar as iniciativas privadas que xurdan para promocionar o xogo dos bolos na localidade (*p.e.: PO7: A nivel local temos que apoiar este tipo de iniciativas; se realmente hai xente que volve a practicar, debemos de fomentar e intentar convencelos para que se asocien, que se forme un tecido asociativo, un club, e darlles facilidades*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Proporcionar recursos	6
Ter ganas de facelo	3
Organizadores e promotores do xogo	2
Apoiar iniciativas privadas	1

Táboa 96. Categoría 4.8. Políticos–importancia dos políticos locais na promoción do xogo dos bolos en Boiro

Tal e como están estruturados e organizados actualmente os servizos no concello de Boiro, cremos que si, que o papel principal que deben desempeñar os políticos é proporcionar os recursos necesarios (económicos, humanos e materiais) para realizar unha promoción eficaz do xogo dos bolos en Boiro, sen esquecerse de contar cos proxectos e propostas dos técnicos deportivos, que deberan ademais ser os encargados de distribuír eses recursos e coordinar os distintos axentes implicados na promoción deste xogo popular e tradicional.

Entendemos que os políticos non son os que teñen que organizar e promover directamente este tipo de accións, xa que para iso o Servizo Municipal de Deportes conta con tres técnicos deportivos. O seu labor está en tomar a decisión, proporcionar os recursos necesarios y apoiar os proxectos dos técnicos, efectuando os controis necesarios e comprobando que a inversión realizada efectivamente está tendo resultado, valorando o traballo,

preferentemente, en termos de calidade (Mestre, 1995; Dorado e Gallardo, 2003).

Na **categoría 4.9** (*políticos-importancia das entidades supramunicipais na promoción do xogo*) (véxase a táboa 97) a maioría das respostas (70%) fan referencia a que o papel que debe xogar a Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia é a de apoiar económicamente os proxectos que o concello de Boiro desenvolva no municipio para promocionar o xogo dos bolos (p.e.: PO3: *A través de crear liñas de subvencións, pois incentivar que se desenvolva unha política deportiva no ámbito do deporte tradicional de carácter global*).

Tamén destacan as respostas (40%) que indican que a función dos entes supramunicipais debera ser a de realizar un plan xeral de promoción dos xogo dos bolos e tamén de infraestrutura (*p.e.: PO3: O que sería tamén moi interesante, que non só crear esas infraestruturas, crear ese plan de carácter xeral que nos permita tamén facer uns parámetros de cuestións a ter en conta á hora de rehabilitar este tipo de infraestruturas ou de crear novas instalacións, senón que tamén deberá ser continuado no tempo, a través despois dalgún tipo de programación de carácter tamén, de liña de subvencións que permitan pois elaborar un programa deportivo, de carácter anual e vinculado a este tipo de disciplina deportiva*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Deben apoiar económicamente	7
Realizar un plan xeral de promoción da actividade e/ou infraestrutura	4
Apoio e asesoramento a entidades públicas e privadas	2
Mercadotecnia e publicidade desta actividade	2

Táboa 97. Categoría 4.9. Políticos–importancia das entidades supramunicipais na promoción do xogo dos bolos en Boiro

En menor medida (20%) atopámonos tamén con respostas que indican que as entidades supramunicipais deben apoiar e asesorar ás entidades públicas e privadas no ámbito dos xogos populares e tradicionais (*p.e.: PO5: Evidentemente fan falta medios económicos, pero eu penso que básicamente en actividades promocionais, de apoio ás entidades, ao concello ou ao Departamento de Deportes, apoiándoos nas súas ideas*) e tamén con respostas que cren que se debería mellorar a mercadotecnia e publicidade deste tipo de actividades (*p.e.: PO6: E tamén dándolle algo de publicidade por parte da Xunta ou da Deputación pois xa a nivel provincial ou a nivel autonómico, pero a nivel local penso que quen ten que traballar máis é o concello, a Área de Deportes e as asociacións, claro*).

Entendemos que un proxecto como o de recuperar o xogo dos bolos en Boiro, ao tratarse dun aspecto moi concreto e localizado, debe ser tratado preferentemente dende a administración local. As entidades supramunicipais deben colaborar económicamente en proxectos claros e deste tipo, ao igual que o fai con outro tipo de deportes, ben para a realización de actividades ou para a construción ou rehabilitación de infraestrutura deportiva.

Pero bótase en falta un plan máis ambicioso, elaborado necesariamente polas entidades supramunicipais, onde os xogos populares e tradicionais galegos saian á luz e se promovan de xeito habitual nos distintos concellos galegos, recuperando así parte da historia de Galicia e das súas xentes, historia, costumes e tradicións que non soubemos coidar como os nosos veciños de Asturias, Cantabria ou o Pais Vasco.

Na **categoría 4.10** (*políticos-posibles vías de financiamento*) (véxase a táboa 98) destacan principalmente tres tipos de respostas: dun lado, as máis numerosas (60%) indican que o concello de Boiro debe habilitar unha partida económica nos seus orzamentos anuais adicada á promoción do xogo dos bolos no municipio (*p.e.: PO2: No momento que se faga un orzamento no concello hai prioridades, non?*); doutro lado outras respostas (50%) mostran a necesidade de establecer unhas cotas de inscrición onde os participantes

contribúan cunha pequena parte a financiar este tipo de programas (*p.e.: PO9: Sempre estamos pensando na financiación pública, que tamén, neste caso, é importante. Pero se se trata inicialmente, tamén os afeccionados podían achegar algo. Se vas a xogar, pois poñer unha pequena cota*); e por outro, respostas (40%) que ven no mundo empresarial (pequeno comercio, grandes e medianas empresas) unha forma de obter recursos, sobre todo económicos, a través de patrocinios e pequenas colaboracións (*p.e.: PO1: Os organizadores pois pídenlle ás casas comerciais, ás empresas, para doar un trofeo ou asi, sempre hai medios*).

E, en menor medida, aparecen respostas (20%) que indican que hai que incluir ás entidades supramunicipais (Deputación da Coruña e Xunta de Galicia) como posibles entes financiadores dos programas de promoción dos xogos populares e tradicionais no concello (*p.e.: PO3: Que entidades de carácter supramunicipal pois achegaran o seu gran de area neste tipo de deporte tradicional*) e, tamén, respostas (30%) que cren que para promocionar o xogo dos bolos en Boiro non se precisan moitos cartos, polo que este aspecto non sería un impedimento para facer un programa viable e, sobre todo, económico (*p.e.: PO4: Eu penso quenon é tan caro, realmente non é caro*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Partida económica do concello de Boiro	6
Cotas de inscrición dos participantes	5
Axudas económicas do mundo empresarial	4
Para este xogo non se precisan moitos cartos	3
Axudas económicas da Xunta de Galicia e Deputación da Coruña	2

Táboa 98. Categoría 4.10. Políticos–posibles vías de financiamento para a promoción do xogo dos bolos en Boiro

Valoramos especialmente as achegas dos políticos cando se refiren a que os participantes deben contribuír ao financiamento deste tipo de actividades que, como eles mesmos din, tampouco precisa de moitos cartos

para poder levarse a cabo. Cremos que o feito de que os participantes aporten cartos para que a actividade na que eles mesmos participan é positivo dende o punto de vista de que valorarán máis o que están realizando (Dorado e Gallardo, 2003), contando co respaldo ademais do tecido empresarial local e tamén das administracións públicas (sobre todo do concello de Boiro).

Que os políticos sexan claros neste tipo de cuestións económicas (a maioría dos entrevistados afirman que o propio concello de Boiro debe habilitar unha partida específica nos orzamentos anuais para o xogo dos bolos) axuda, cando menos, a que os xogadores e afeccionados aos bolos, a diferenza doutros tempos, conten co respaldo das institucións públicas, resultado máis sinxelo o labor de meterse de cheo na promoción do xogo dos bolos na localidade.

E na **categoría 4.11** (*políticos-implicación do goberno municipal na promoción do xogo*) (véxase a táboa 99) destacan dous tipos de respostas. O primeiro grupo delas (100%) expresan a súa total convicción de que o goberno municipal de Boiro debe apoiar firmemente a práctica dos bolos na localidade (*p.e.: PO4: Si, si, si, sen dúbida, dos bolos en particular e de calquer xogo tradicional en xeral*). O segundo grupo (50%) indica que as razóns polas que o goberno municipal debe apoiar esas accións é porque os poderes públicos deben preservar as tradicións (*p.e.: PO3: Porque o deporte tradicional forma parte da nosa cultura, quen non se coñece a si mesmo pois pouco pode achegar ao conxunto da sociedade, e creo que debe ser un dos eixos onde se ten que incidir dentro do deporte da programación deportiva municipal*).

E xa con menos énfase, atopámonos con respostas (20%) que din que unha desas razóns polas que deben apoiar o xogo dos bolos é porque se trata dunha actividade atractiva e económica (*p.e.: PO1: Poderíase facer tranquilamente e non ser moi costoso*), outras (10%) porque se trata dun xogo pouco perigoso (*p.e.: PO1: Primeiro, quéirase ou non, é un xogo que non é que sexa perigoso*) e tamén porque á xente vaille a gustar volver a practicar de novo este xogo popular e tradicional (*p.e.: PO2: Ao final atópaste con xente*

que non tiña como pasar o domingo, logo vai ahí e logo pódeche agradecer o esforzo que fixo o concello neste caso en montar un tema destes).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
O Goberno Municipal debe apoiar firmemente a práctica do xogo dos bolos no municipio	10
Os poderes públicos deben preservar as tradicións	5
Porque non é moi custoso	2
Porque non é un xogo perigoso	1
Porque á xente vaille a gustar	1

Táboa 99. Categoría 4.11. Políticos-implicación do goberno municipal de Boiro na promoción do xogo dos bolos no municipio

Cremos que neste caso os políticos son consecuentes coas súas palabras e, convencidos de que os poderes públicos deben preservar as tradicións, están apoiando firmemente a práctica do xogo dos bolos no municipio, achegando os recursos necesarios para a promoción dos xogos e deportes populares e tradicionais nos centros de ensino da localidade, dos diferentes torneos e competicións que se organizan con motivo das festas patronais parroquiais e, sobre todo, para o desenvolvemento da liga de bolos tradicionais "Pedra Boleira".

7.13. A promoción dos bolos nos centros educativos

Neste apartado analízase de que xeito se promoven os xogos populares e tradicionais e, entre eles, o xogo dos bolos, nos centros educativos do concello de Boiro, a través da información proporcionada polos mestres de Educación Física dos CEIP (centros de educación infantil e primaria) e polos profesores de Educación Física dos IES (institutos de educación secundaria).

7.13.1. Mestres de educación primaria

Na **categoría 5.1** (*mestres-importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física*) (véxase a táboa 100) destacan as respostas (62,5%) que indican que os xogos populares e tradicionais están presentes no currículo de educación primaria (*p.e.: M4: Os xogos populares e tradicionais aparecen dentro do currículo tanto no obxectivo de área como nos contidos e nos criterios de avaliación, en primeiro, segundo e terceiro ciclo. Non aparecen así, ou non teño constancia, na educación infantil*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Presenza no currículo de Educación Física	5
Ampliouse a súa presenza no currículo de Educación Física	1
Constitúe un bloque importante no currículo	1
Teñen pouca presenza no currículo	1

Táboa 100. Categoría 5.1. Mestres–importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física

En contraposición a isto, atópanse respostas (12,5%) que indican que os xogos populares e tradicionais teñen pouca presenza no currículo (*p.e.: M7: O que é dende o currículo de Educación Física, pouco*). Aparecen tamén respostas (12,5%) que fan referencia a que se ampliou a súa presenza no currículo de Educación Física (*p.e.: M1: Que é verdade que a Consellería de Educación tentou, ampliou, porque antes non había nada de xogos populares e tradicionais; dentro do currículo non era nin un bloque de contidos, era un punto e ben, agora ampliárono máis*) e respostas (12,5%) que din que constitúe un bloque importante dentro do currículo (*p.e.: M3: A min paréceme que os xogos populares e tradicionais son un bloque importante no currículo de Educación Física*).

Pensamos que neste punto é preciso matizar unha serie de cuestións. Por un lado, está o Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, onde

veñen reflectidos, entre outros, os obxectivos, competencias básicas, contidos, criterios de avaliación e orientacións metodolóxicas para as distintas áreas que constitúen a etapa, entre elas, a área de Educación Física. Neste decreto, refléxanse os contidos a tratar no 1.º, 2.º, e 3.º ciclo (bloque 5 de xogos e deportes) e os correspondentes criterios de avaliación.

Con este documento de referencia, non entendemos como a totalidade dos mestres non resposta que os xogos populares e tradicionais están dentro do currículo oficial na área de Educación Física para a etapa de primaria e que constitúen un apartado importante dentro do bloque de xogos e deportes. A partir de aquí, os mestres teñen libertade para programar, polo que poderán incidir en maior ou menor medida nalgún dos aspectos do currículo e dotar de maior ou menor importancia aqueles contidos que consideren máis relevantes.

Cremos que os xogos populares e tradicionais teñen un peso importante dentro do currículo de Educación Física no ensino primario, establecendo orientacións claras para o seu coñecemento e práctica, insistindo que é mester que na escola se traballen os xogos tradicionais galegos e se ensine ao alumnado a xogar como se facía antes, reforzando deste xeito o vínculo das nenas e dos nenos coas familias (nais, pais, avoas ou avós).

Na **categoría 5.2** (*mestres-importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula*) (véxase a táboa 101) destacan as respostas (50%) que poñen especial énfase na importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula dos mestres (*p.e.: M1: A ver, eu doulle bastante importancia, porque en todos os trimestres intento tocar algo dos xogos populares*).

A partir de aquí, atopámonos con dous tipos de respostas que fan referencia ao tratamento dos xogos populares e tradicionais durante o curso escolar. Así, o 37,5% indican que empregan nas súas sesións de Educación Física os xogos populares e tradicionais ao longo de todo o curso (*p.e.: M6: E están en todos os trimestres, case todos os meses teñen algo de xogo popular*), mentres que unha porcentaxe similar (37,5%) din que só traballan os xogos populares e tradicionais de xeito puntual nalgún momento moi concreto

do ano (*p.e.: M3: Eu teño para cada ciclo unha unidade didáctica de xogos populares e tradicionais*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Doulle moita importancia	4
Traballo os xogos populares ao longo do curso	3
Traballo os xogos populares de xeito puntual	3
Emprego os xogos populares como medio	2
A súa importancia é competencia de todos	1

Táboa 101. Categoría 5.2. Mestres-importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula

En menor medida aparecen respostas (25%) que indican que só se emprega o xogo popular e tradicional como medio para acadar outros obxectivos máis importantes (*p.e.: M2: Eu teño un xeito de levar as sesións de Educación Física practicamente a través dos xogos, e dentro destes xogos moitas veces xa se están facendo xogos populares*) e respostas (12,5%) que sinalan que a importancia dos xogos populares e tradicionais e do seu emprego nos centros educativos é competencia de todos, dende as diferentes administracións públicas ata o propio mestre (*p.e.: M7: É competencia de todas as administracións, non cabe duda, é a nosa cultura, é o noso patrimonio, e temos que protexelo, e a quen lle compete é a todos os que estamos implicados, dende a Xunta aos concellos e ata a comunidade escolar, os pais, mestres e, en xeral, toda a sociedade*).

Entendemos que a importancia que os mestres lle outorgan aos xogos populares e tradicionais debe traducirse nunha maior presenza na práctica destes nas súas clases de Educación Física. Pero vemos como a pesar de que indican que lles dan moita importancia aos xogos populares e tradicionais nas súas programacións de aula, soen empregalos como medio par acadar outros obxectivos, de xeito puntual ou para encher a programación en días nos que o centro celebra algún tipo de acto: Letras Galegas, magosto ou o final do curso.

Cremos que os profesores dos centros de educación primaria da localidade deberan saber as tradicións culturais e deportivas que afectan directamente ao seu alumnado, as que tiveron ou puideran ter unha certa relevancia no concello e, a partir de aí, dotar de contido concreto e específico a esa actividade, dándolle a importancia que realmente ten.

Por outra banda, entendemos tamén que a carga horaria da asignatura de Educación Física (dúas horas á semana) non é precisamente ampla como para tratar en profundidade todos aspectos que se recollen no bloque de contidos do currículo. Quizais antes de pedirlle aos mestres que traballen en profundidade un aspecto (como pode ser a práctica dun xogo popular e tradicional en concreto), habería que proporcionarlle as condicións axeitadas para poder realizalo e, entre outras, a carga horaria semanal da asignatura de Educación Física nesta etapa debera ampliarse notablemente.

Na **categoría 5.3** (*mestres-promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino*) (véxase a táboa 102) destacan as respostas (62,5%) que indican que nos centros de ensino primario de Boiro organízanse actividades de xogos populares e tradicionais en días especiais do calendario (día das Letras Galegas e antroido preferentemente) (*p.e.: M1: Día do magosto, ese día ademais de asar castañas pois celebramos e facemos xogos populares. O día das Letras Galegas, final de curso, sobre todo*).

En menor medida móstranse respostas (37,5%) que informan de que o período de tempo que se emprega para a promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino primario é o que corresponde ao recreo diario, realizándose de forma periódica ou habitual (*p.e.: M2: Os venres temos adicado, e así está reflexado na Programación Xeral Anual, que ese día realizaranse xogos populares e tradicionais*). E unha baixa porcentaxe de respostas (12,5%) subliñan que se promoven os xogos populares e tradicionais no centro organizando espazos concretos para a realización destes xogos (*p.e.: M2: Pois á hora da organización dos espazos, por exemplo, na sesión do recreo, temos os espazos repartidos por ciclos, para que cada ciclo, de forma*

rotatoria, poida empregalos) e organizando actividades en colaboración coas ANPAS (*p.e.: M4: Por parte da ANPA digamos que tamén temos moita colaboración, e non fai moito pintaron no patio o xogo da Mariola e pintaron tamén os bolos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Organízanse actividades en días especiais	5
Organízanse actividades periódicamente nos recreos	3
Organízanse os espazos para a práctica dos xogos populares e tradicionais	1
Organízanse actividades en colaboración coas ANPAS	1

Táboa 102. Categoría 5.3. Mestres-promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino

Ao fío da anterior categoría, observamos como os xogos populares e tradicionais se empregan máis para encher a programación en días sinalados do calendario que polo contido e fin que deberan ter en si mesmos. Pensamos que neste caso se tenta en maior medida cumprir co mínimo esixido no currículo que en dotar verdadeiramente de significado este tipo de xogos, restándolle o protagornismo e importancia que realmente teñen.

Está ben que nestes días de festa se practiquen xogos populares e tradicionais, pero esto debera ser parte dun proxecto moito máis amplo de coñecemento, busca, recompilación de información e práctica desta tipoloxía de xogos, primando os propios da localidade ou zona na que se encontra o centro educativo en cuestión.

Na **categoría 5.4** (*mestres-os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais*) (véxase a táboa 103) a totalidade das respostas (100%) sinalan que o xogo dos bolos poden formar parte das unidades didácticas que os mestres elaboran conforme ás súas programacións (*p.e.: M2: Si, claro que poden formar parte, pero non tería porque ser unha unidade didáctica específica*). Na maioría dos casos (37,5%) que se promove o xogo

dos bolos nas clases de Educación Física, empréganse máis como medio para acadar outros obxectivos que como fin en si mesmo (*p.e.: M4: Digamos que son xogos de punterías na que traballamos a percepción de distancias e demais*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Os bolos poden formar parte das unidades didácticas	8
Emprégase como medio para acadar outros obxectivos	3
É difícil adicar unha unidade didáctica específica aos bolos	1
Non é perigoso	1
É perigoso	1
Promóvese unha modalidade moi sinxela	1
Precísase material axeitado para realizar a actividade no centro	1

Táboa 103. Categoría 5.4. Mestres-os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais

En menor medida, atopámonos con respostas (12,5%) que din que é difícil adicar unha unidade didáctica específica de bolos nas súas clases, sobre todo, por falta de tempo para tratar todo o programa establecido e tocar outro tipo de xogos e deportes (*p.e.: M5: O que si, unha unidade didáctica única e exclusivamente de bolos parecería un pouco esaxerado*), e respostas (12,5%) que mostran as súas queixas de que non se dispón do material axeitado para realizar este tipo de actividades no centro educativo (*p.e.: M8: Neste colexio concretamente, este é o segundo ano, non o tiven tan establecido porque non dispoño do material e entón o que é os bolos, tanto o bolo celta como o resto dos bolos, non o teño incluído correctamente*).

Outras respostas (12,5%) indican que o que realmente desenvolven no centro é unha modalidade de bolos moi sinxela, concretamente refírense a modalidades de durrubamento, escapando un pouco da esencia do xogo dos bolos de Boiro, unha modalidade na que é importante desprazar os bolos o

máis lonxe posible (*p.e.: M3: Os bolos que xogamos aquí no cole son uns bolos moi sinxelos, non son penso os tradicionais de aqui da zona*). E, por último, atopámonos con respostas contradictorias, xa que unhas (12,5%) afirman que o xogo dos bolos non é perigoso e que se pode desenvolver perfectamente no centro de ensino (*p.e.: M1: Non é perigoso, ben, perigoso non é ningún, pero sempre andas con máis coidado*) e outras (12,5%) que afirman o contrario, que o xogo dos bolos é un xogo perigoso, debido ao dano que pode producir o impacto da bóla ou dos bolos nos propios participantes (*p.e.: M6: Pero o xogo así, dentro do colexio, eu non o metería, simplemente polo grao de perigosidade que lle vexo eu ao xogo en si*).

A maioría dos mestres dos centros de educación primaria de Boiro descoñecen por completo o xogo dos bolos tradicionais característico da localidade, polo que entendemos que non lle dean a importancia que merece. Quizais o traballo previo debe sair o Servizo Municipal de Deportes do concello de Boiro, informando aos mestres de Educación Física (e tamén ao resto da comunidade escolar) da realidade do xogo, da importancia que tivo noutros tempos e implicándoos nun atractivo proxecto de recuperación e promoción desta modalidade en todo o municipio.

Deste xeito, pensamos que os mestres poderían adicar unidades didácticas específicas ao xogo dos bolos característico de Boiro, dotándoo de contido e cun fin en si mesmo, que é a historia, o coñecemento e a práctica nas clases de Educación Física deste xogo popular e tradicional dun xeito continuado ao longo do curso escolar e potencialo aínda máis en datas significativas, aproveitando para que os rapaces e rapazas lles mostren aos pais e familiares as súas destrezas nunha actividade que, de seguro, coñecen perfectamente.

Na **categoría 5.5** (*mestres-vantaxes da práctica dos bolos na escola*) (véxase a táboa 104) destacan as respostas (100%) que ven no xogo dos bolos é un bo medio para adquirir novas habilidades e de relación social (*p.e.: M4: Pois a nivel físico iso, adquirir novas habilidades, adquirir apreciación de*

espazos, distancias, punterías e logo tamén temos a parte da relación coa familia, cos avós…). En menor grao, móstranse respostas (25%) que destacan como vantaxes na aplicación do xogo dos bolos nos centros de ensino primario que se trata dun xogo que non é perigoso (*p.e.: M1: Non é perigoso, ben, perigoso non é ningún, pero sempre andas con máis coidado*) e respostas (12,5%) que indican que as vantaxes residen na súa natureza novidosa e interesante para os rapaces (*p.e.: M3: A min paréceme interesante; penso que así os nenos coñecerían este tipo de xogos e xogarían máis aos bolos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
É un bo medio para adquirir novas habilidades e de relación social	8
Non é perigoso	2
É unha actividade interesante e novidosa	1

Táboa 104. Categoría 5.5. Mestres-vantaxes da práctica dos bolos na escola

Coincidimos cos mestres nas vantaxes que ten a práctica do xogo dos bolos na escola, sobre todo en que é un medio estupendo para adquirir novas habilidades motrices e de relación social. Pero pensamos que as verdadeiras vantaxes que tería a práctica dos bolos nos centros educativos da localidade habería que buscalas na esencia do propio xogo, no aspecto de recuperar unha tradición importante no pobo, de establecer continuos retos cun mesmo e cos demais, no respecto, na colaboración e na satisfación que produce ser a persoa que continúa unha tradición que iniciaron seguramente os pais, avós, tataravós ou quizais xeracións anteriores.

Resaltar da **categoría 5.6** (*mestres-inconvenientes da práctica dos bolos na escola*) (véxase a táboa 105) que o 62,5% das respostas indican que non lle atopan ningún tipo de inconveniente á práctica do xogo dos bolos nos centros de ensino primario de Boiro (*p.e.: M1: Eu inconveniente non, a non ser que… eu non lle atopo ningún inconveniente*).

O 50% das respostas destacan como inconveniente a falta de espazo axeitado nos propios centros para acoller este tipo de actividades (*p.e.: M7: Inconveniente o que dicía antes, que non hai espazo físico no centros para poder poñer un campo de xogo de bolos*). E xa en menor medida, móstranse respostas (25%) que indican que a perigosidade que acompaña ao xogo dos bolos é un inconveniente para desenvolver esta actividade nos colexios (*p.e.: M7: Ten o inconveniente tamén de que é un xogo perigoso*) e respostas (12,5%) que subliñan que o xogo dos bolos é unha actividade individualista e pouco dinámica (*p.e.: M8: É unha actividade que non é moi dinámica de cara aos nenos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Non lle atopo ningún inconveniente	5
Non temos un espazo axeitado no centro	4
É perigoso	2
É unha actividade individualista e pouco dinámica	1

Táboa 105. Categoría 5.6. Mestres-inconvenientes da práctica dos bolos na escola

Comentabamos na categoría 5.4. que a maioría dos mestres non coñecían a modalidade de bolos que se xoga en Boiro. O que realizan na escola é unha modalidade simple de bolos de derrubar, ou sexa, lanzar polo chan unha bóla rodando para derrubar uns bolos coloados a unha distancia determinada. Facemos referencia a isto porque realmente o xogo dos bolos que se practica en Boiro (pasabolo) é realmente perigoso se non se toman as medidas oportunas.

Tendo en conta que habería que adaptar o regulamento do xogo e, sobre todo, o referente ao material empregado, os bolos non sairían disparados como proxectís nin se alcanzarían grandes distancias. Pero isto non implica que se tomen as debidas precaucións para evitar o impacto dun bolo, tendo como referencia a práctica dun lugar cunha parede alta de fondo para controlar

o desprazamento dos bolos, separar debidamente as distintas zonas onde se efectúen os lanzamentos e ter a precaución de non lanzar cando unha persoa estea diante dos bolos, que aínda que pareza evidente, aos rapaces cústalle entender realmente o perigo das cousas.

Medidas como estas axudan a controlar as condicións de práctica da actividade e reducir a súa perigosidade cando se desenvolve nun centro educativo; pero tamén estamos de acordo cando se afirma que pode ser un xogo individualista e pouco dinámico e que nos centros non se dispoñen de espazos axeitados. Estes inconvenientes soluciónanse adaptando as condicións do xogo ás posibilidades e recursos dispoñibles. Pouco a pouco os alumnos terán a posibilidade de gozar das condicións reais do xogo nos campos de bolos habilitados no concello a medida que vaian crecendo.

Na **categoría 5.7** (*mestres-importancia da escola na recuperación do xogo*) (véxase a táboa 106) o grupo máis numeroso de respostas (87,5%) mostran a importancia de realizar a actividade bolística dentro dos propios centros e en horario escolar (*p.e.: M4: Nas sesións nosas de Educación Física mostrarlle unha serie de xogos, entre eles o dos bolos, para que eles tenten habituarse a xogar ou lles busquen as sensacións positivas do xogo e demais*).

Destacan tamén as respostas (37,5%) que subliñan a importancia de realizar as actividades de bolos nos colexios contando coa colaboración das familias dos rapaces e, principalmente, dos avós (*p.e.: M2: Sería fundamental a colaboración dos maiores, que teñan experiencia e que seguramente pasaban as tardes dos domingos coa práctica destes xogos*).

Un menor grupo de respostas (25%) mostran a necesidade de realizar saídas a campos en activo para observar as súas características e comprobar en directo como se xoga aos bolos a través de exhibicións de xogadores en activo (*p.e.: M6: Sair e levar un día aos rapaces a un campo onde xogan eles e vexan como se fai, e logo motivalos para que xoguen a esas cousas*) e outras (25%) que cren que sería axeitado exportar a actividade bolística a fóra dos

colexios, organizando actividades extraescolares (*p.e.: M1: Se non se realizan a nivel escolar, senón tamén a nivel extraescolar, eu creo que acabarán perdéndose*). E, por último, móstranse respostas (12,5%) que cren que é fundamental realizar a actividade en colaboración con diversas entidades deportivas, culturais e sociais (*p.e.: M8: Ter un maior contacto ao mellor coa ANPA, coas asociacións culturais, para darlle unha continuidade fóra do que é o ámbito escolar*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Realizar actividade en horario escolar	7
Realizar actividades en colaboración coas persoas maiores	3
Realizar saídas a campos en activo	2
Organizar actividades extraescolares	2
Realizar actividades en colaboración con diversas entidades	1

Táboa 106. Categoría 5.7. Mestres–importancia da escola na recuperación do xogo

Observamos como os mestres realmente entenden que se se pretende recuperar unha actividade e promocionala en diferentes ámbitos do municipio, a escola xoga un papel fundamental. Xogar aos bolos nos centros educativos implica que todos os rapaces e rapazas van a coñecer e practicar esta modalidade e, unha vez que remate o tempo lectivo, os máis interesados e aos que realmente lles guste, continuarán practicándoo, como pasa con outras moitas cousas.

Os mestres deben ser consecuentes coas palabras e colaborar directamente na promoción dos bolos na localidade, como axentes directos nas súas clases de Educación Física e tamén orientando, impulsando e motivando que o alumnado continúe con esta práctica fóra da escola.

Na **categoría 5.8** (*mestres-os bolos fóra da escola*) (véxase a táboa 107) a maioría das respostas (75%) afirman que o que se aprende dentro da escola

ten unha transferencia directa na práctica extraescolar, realizando de forma autónoma as actividades que logo se aprenderon na escola e, entre elas, podería estar o xogo dos bolos (*p.e.: M6: Todo ao que xogan os rapaces no colexio, calquera xogo que ti no colexio o metas na clase, no recreo ou en calquera lado, como teña un pouco de continuidade e o motives un pouco, todos non, pero una porcentaxe normal para estes casos, si que xogan fóra*).

Outras respostas (37,5%) indican que é necesario contar coa figura dun dinamizador fóra da escola para seguir coa práctica dos bolos que se inicie nos colexios (*p.e.: M4: Ao mellor partindo dalgunha asociación que promova un pouquiño, o concello tamén, ou igual a ANPA poñendo igual un monitor fóra do horario lectivo para que se faga cargo un pouco disto*). En contraposición a isto, outra porcentaxe similar de respostas (37;5%) afirman que é difícil que os nenos xoguen fóra da escola (*p.e.: M3: Paréceme difícil, habería que facer unha campaña bastante grande de información e concienciación para que enganche aos nenos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
O que se aprende na escola pode practicarse fóra	6
É necesario un dinamizador fóra da escola	3
É difícil que os nenos xoguen fóra da escola	3

Táboa 107. Categoría 5.8. Mestres-os bolos fóra da escola

Estamos de acordo cos mestres ao afirmar que o que se aprende na escola pode practicarse fóra, existindo unha transferencia real de coñecementos e aprendizaxes do ámbito escolar a fóra deste (Woolfolk, 2010). Deste xeito resáltase aínda máis a importancia que ten a práctica do xogo dos bolos nos centros de ensino da localidade, constituíndo o punto de partida, o inicio dunha nova xeración de xogadores que serán os encargados de continuar e difundir nun futuro esta tradición.

Pero ao mesmo tempo é necesario formar unha estrutura estable que continúe co traballo que se comezou nos centros de ensino. Aquí é onde adquire máis importancia o Servizo Municipal de Deportes e o tecido asociativo, encargados de recoller o relevo dos colexios e continuar co traballo fóra do ámbito escolar.

Na **categoría 5.9** (*mestres-causas do esmorecemento do xogo*) (véxase a táboa 108) destacan as respostas (50%) que aluden á aparición das novas tecnoloxías a principal causa pola que o xogo dos bolos foi esmorecendo, afirmando que estas fomentan o individualismo e o sedentarismo (*p.e.: M3: A tecnoloxía, tanta tecnoloxía que hai agora, tanta televisión… de moitas tecnoloxías*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
As novas tecnoloxías que fomentan o sedentarismo	4
Irrupción de novos divertimentos	3
Falta de tempo dos pais	3
Cambios na sociedade, o progreso en si	1
Aparición e auxe do deporte do fútbol	1
Migración das aldeas ao núcleo urbano	1

Táboa 108. Categoría 5.9. Mestres-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro

Noutro grupo de respostas, ambas coa mesma porcentaxe (37,5%), resáltase a irrupción de novos divertimentos máis modernos e novidosos como outra posible causa do esmorecemento do xogo (*p.e.: M7: Pero eu creo que unha desas causas que tal é a oferta que hai doutro tipo de xogos que son máis interesantes*) e a falta de tempo dos pais e nais dos rapaces, que non xogan tanto cos fillos como antes, e polo cal aos rapaces só lles chega a información de xogos e deportes actuais, os que máis saen nos medios de comunicación, os máis demandados, os máis aclamados pola sociedade e, entre eses, non está o xogo dos bolos (*p.e.: M4: Pero a principal razón, nos*

domicilios e fóra do horario escolar, penso que é a falta de tempo dos pais e das nais).

E en menor medida aparecen tres grupos de respostas, todas tamén coa mesma porcentaxe (12,5%) que indican que as causas polas que o xogo dos bolos foi decaendo na súa práctica son debidas aos cambios na sociedade e ao progreso en si (*p.e.: M8: A sociedade cambiou, e cambian os espazos, cambian mentalidades, cambia a maneira de ver, cambia todo*), á aparición e auxe do deporte do fútbol (*p.e.: M7: O fútbol métennolo por todos lados e os rapaces non ven máis que fútbol, prefiren xogar ao fútbol*) e ao fenómeno da migración dos cidadáns das aldeas ao núcleo urbano, perdendo deste xeito os hábitos e tradicións que eran máis ben propias da zona rural (*p.e.: M8: Pasamos dunha sociedade rural a unha sociedade urbana*).

Neste apartado pensamos que os mestres mostran a súa opinión sobre o esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro descoñecendo que foi un xogo de homes (non de nenos). As principais causas que nomean os docentes cremos que están máis orientadas á xustificación do abandono progresivo da práctica da actividade física e o deporte polos rapaces e acentuado en etapas posteriores á educación primaria (Palou, Ponseti, Gili, Borras e Vidal, 2005; Macarro, Romero e Torres, 2010) que ao feito concreto do abandono do xogo dos bolos en si.

O mundo actual está dominado polas novas tecnoloxías, que fomentan actividades sedentarias nos rapaces e onde os pais e nais cada vez teñen menos tempo para estar cos fillos. Estas afirmacións cremos que son certas, pero pensamos que escapan da realidade dos bolos en Boiro, máis asociadas as outras causas que nomean estes mestres e que tamén gardan relación coas causas expresadas polos colectivos de xogadores, técnicos deportivos, políticos e técnicos dos medios de comunicación, como son a irrupción de novos divertimentos, os cambios que se produciron na sociedade froito da modernización e, tamén, a aparición e auxe do deporte do fútbol na localidade.

7.13.2. Profesores de educación secundaria

Na **categoría 6.1** (*profesores-importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física*) (véxase a táboa 109) constátanse só dous tipos de respostas: as máis numerosas (75%) fan referencia a que os xogos populares e tradicionais teñen unha presenza importante no currículo de Educación Física (*p.e.: PR4: Pero no currículo teñen a mesma importancia que os deportes normais, tradicionais, regrados, olímpicos ou como lle queiramos chamar*); e as outras (25%), indican que os xogos populares e tradicionais teñen pouca presenza no currículo (*p.e.: PR3: Non teñen tampouco excesivo protagonismo dentro do currículo*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Presenza no currículo de Educación Física	3
Teñen pouca presenza no currículo	1

Táboa 109. Categoría 6.1. Profesores-importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física

O Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan o ensino da educación secundaria obrigatoria na comunidade autónoma de Galicia recolle, entre outras materias, o currículo da asignatura de Educación Física para os catro cursos da ESO, organizando os contidos ao redor de catro grandes bloques.

As referencias aos xogos populares e tradicionais están no bloque 2 de xogos e deportes, facendo mención específica ao coñecemento e realización de xogos e deportes tradicionais de Galicia en todos os cursos da etapa, incluíndo neste último ademais o coñecemento e práctica dos xogos e deportes tradicionais propios da zona, das súas diferentes variantes e do seu regulamento.

Comprobamos así que os xogos e deportes tradicionais de Galicia (e tamén os propios de cada zona) teñen unha presenza notable no currículo, polo que cando un dos profesores fai mención a que teñen pouca presenza

pensamos que é debido ao descoñecemento das indicacións do currículo. Ademais, deberían saber que son os propios profesores os que deciden os contidos que se aplican nas súas sesións, dotando de maior ou menor importancia o apartado de xogos e deportes populares e tradicionais en función das súas propias intencións.

Na **categoría 6.2** (*profesores-importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula*) (véxase a táboa 110) a maior parte das respostas (75%) sinalan que os profesores traballan os xogos populares de xeito puntual ao longo do curso (*p.e.: PR2: Tentamos amplialo, claro, segundo o centro, actividades tipo Letras Galegas, final de curso e outras actividades que montas así un día especial, pois sempre tentamos meter algo de xogos populares*), pero só o 50% deles afirma darlle moita importancia á hora de elaborar a súa programación (*p.e.: PR4: Eu doulle moita importancia, igual que aos demais xogos*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Traballo os xogos populares de xeito puntual	3
Doulle moita importancia	2

Táboa 110. Categoría 6.2. Profesores-importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula

Cremos que a importancia que din os profesores que lle dan aos xogos populares e tradicionais nas súas programacións de aula non se corresponde logo co tipo de traballo que realizan, xa que por un lado din que lle prestan moita importancia pero logo resulta que traballan este tipo de xogos en momentos puntuais, coincidindo con algunha festividade, precisamente momentos nos que o alumnado de secundaria aproveita para ausentarse deste tipo de festexos ou realizar unha práctica dun xeito non formal.

Entendemos que a importancia da que falan os profesores debe darse nun traballo planificado e estruturado ao longo de todo o curso, interesándose ademais polos xogos e deportes tradicionais propios da localidade e, neste

caso, en ningún dos institutos de ensino secundario de Boiro se practicou o xogo de bolos típico da localidade.

Na **categoría 6.3** (*profesores-promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino*) (véxase a táboa 111) predominan as respostas (75%) que indican que nos institutos de ensino secundario se promocionan os xogos populares e tradicionais organizando actividades en días especiais (*p.e.: PR1: Sempre que hai unha actividade, día das Letras Galegas, antroido… e poténcianse nese momento, e os profesores do centro botamos unha man para que eses xogos populares dean máis pulo a todas estas celebracións, e nese momento é cando se promoven*). En menor medida, aparecen respostas (25%) que sinalan a colaboración interdepartamental para promocionar os xogos populares nos institutos (*p.e.: PR4: Neste centro hai un Equipo de Normalización Lingüística, do Departamento de Galego, que xunto co Departamento de Educación Física, fixeron unha recompilación de xoguetes e artefactos de xogos populares, e entre os dous departamentos poténcianse este tipo de prácticas*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Organízanse actividades en días especiais	3
Colaboración interdepartamental no propio centro	1

Táboa 111. Categoría 6.3. Profesores-promoción dos xogos populares e tradicionais nos centro de ensino

Seguindo o fío da anterior categoría, comprobamos que nos centros de secundaria de Boiro se traballan os xogos populares e tradicionais en días especiais do calendario, resultando unha práctica meramente testemuñal o resto do curso e, consecuentemente, mostrando as nosas dúbidas con respecto ás afirmacións de importancia que lles atribúen a este tipo de prácticas os propios profesores.

Na **categoría 6.4** (*profesores-os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais*) (véxase a táboa 112) a totalidade das respostas

(100%) fan referencia a que os bolos poden formar parte das unidades didácticas que os profesores desenvolvan nas súas clases de Educación Física (*p.e.: PR4: Si, de feito nas miñas unidades didácticas forman parte*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Os bolos poden formar parte das unidades didácticas	4
Emprégase como medio para acadar outros obxectivos	2
Precísase material axeitado para realizar a actividade no centro	1

Táboa 112. Categoría 6.4. Profesores-os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais

A metade das respostas (50%) destacan tamén que o xogo dos bolos emprégase preferentemente como medio para acadar outros obxectivos (*p.e.: PR2: Empregámolo como xogo recreativo, imaxínate, cando damos fútbol, damos baloncesto, pois o típico, de volta á calma*).

E unha pequena parte das respostas (25%) sinalan que se precisa material axeitado para realizar actividades deste tipo nos institutos (*p.e.: PR3: Ás veces, insisto, non contas co material axeitado para iso*).

Coincidimos cos profesores en que os bolos poden formar parte das unidades didácticas que estes programen, de feito, estarían cumprindo cun dos obxectivos que se lles require aos alumnos de cuarto curso da ESO, ou sexa, coñecer e realizar un xogo e deporte tradicional propio do entorno do centro, aspecto que se recolle no Decreto 133/2007, onde se establece o currículo para a área de Educación Física para esta etapa.

Na **categoría 6.5** (*profesores-vantaxes da práctica dos bolos na escola*) (véxase a táboa 113) as respostas máis abundantes (50%) sinalan que coa práctica dos bolos nos centros educativos lógrase recuperar un xogo de tradición no concello (*p.e.: PR2: A ver, como recuperación evidentemente, como recuperación do xogo, se por exemplo nun concello, que si tivo a súa*

importancia, paréceme moi importante o de recuperalo, que os rapaces sexan conscientes de a que se xogaba antigamente).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Recupérase un xogo con tradición no concello	2
Non fai falta material especial	1
Non ten nin vantaxes nin inconvenientes	1

Táboa 113. Categoría 6.5. Profesores-vantaxes da práctica dos bolos na escola

En menor medida, ambas coa mesma porcentaxe (25%) móstranse respostas que sinalan como vantaxa o feito de que non se precisa material especial (*p.e.: PR4: As mesmas vantaxes que teñen eses deportes témolas nos bolos, e aínda por enriba coa vantaxe de que non fai falta un material especial*) e outras respostas que non aprecian nin vantaxes nin inconvenientes na práctica do xogo dos bolos nos centros educativos (*p.e.: PR1: A calquera tipo de xogo non lle vexo nin vantaxes nin inconvenientes).*

Compartimos cos profesores as afirmacións respecto a que coa práctica do bolos na escola axudaríase a recuperar un xogo con gran tradición no concello e que non fai falta un material especial para a súa práctica. De feito, para xogar nos centros educativos é preciso adaptar o material en tamaño e peso tendo en conta o tamaño da man e da forza dos rapaces e rapazas, entre outros factores. Incluso este material pode ser elaborado nos propios institutos polos rapaces, conseguindo así reunir varios xogos de bolos practicamente de balde.

Con respecto á afirmación dun dos entrevistados de que á práctica dos bolos non lle atopa nin vantaxes nin inconvenientes, cremos que se debe a que o profesor en cuestión pretende dicir que o xogo dos bolos posúe as virtudes que tamén teñen outro tipo de xogos, en canto a que é un bo medio para adquirir outras habilidades, para relacionarse e interactuar cos compañeiros e cun marcado compoñente motivacional. Quizais non sexa a mellor forma de

expresarse pero cremos que queda clara a súa intención de comunicar que o xogo dos bolos ten as mesmas virtudes e importancia que calquera outro tipo de xogo.

Na **categoría 6.6** (*profesores-inconvenientes da práctica dos bolos nos centros educativos*) (véxase a táboa 114) a maioría das respostas indican que non se aprecia ningún inconveniente na práctica dos bolos nos centros educativos (*p.e.: PR2: Non, non sei, porque non lle vexo en principio ningún tipo de inconveniente*). E unha pequena parte de respostas (25%) sinalan que, como único inconveniente, está a falta de espazo axeitado no instituto para realizar estas actividades (*p.e.: PR4: O único inconveniente que lle vexo é o que falamos antes do sitio para levar a cabo a actividade*).

Resposta/s	**N.º de mencións nas entrevistas**
Non lle atopo ningún inconveniente	4
Non temos un espazo axeitado no centro	1

Táboa 114. Categoría 6.6. Profesores-inconvenientes da práctica dos bolos na escola

Cremos que é positivo que os profesores indiquen que non lle atopan ningún inconveniente á práctica dos bolos no centro educativo, aspecto que pode favorecer a introdución deste xogo popular e tradicional nas súas clases de Educación Física.

En canto ás afirmacións de que non se dispón dun espazo axeitado, é certo que os centros non dispoñen de campos de terra ao aire libre onde poder realizar a actividade tal e como nos gustaría, pero si é posible adaptar os espazos existentes para xogar aos bolos. Neste caso, todo é posible con ganas e imaxinación.

Na **categoría 6.7** (*profesores-importancia da escola na recuperación do xogo*) (véxase a táboa 115) o groso das respostas (75%) mostran a necesidade de realizar as actividades de bolos en horario escolar, chegando deste xeito a

todos os rapaces do centro e obrigándoos, dalgún xeito, a practicar esta actividade (*p.e.: PR2: Incluíndoo nas programacións, non só os xogos populares, senón xa incluíndo a medio prazo, a longo prazo, o uso de determinados xogos nas unidades didácticas*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
Realizar actividade en horario escolar	3
Realizar actividades en colaboración con diversas entidades	2
Organizar actividades extraescolares	1
Realizar saídas a campos en activo	1

Táboa 115. Categoría 6.7. Profesores–importancia da escola na recuperación do xogo

Outras respostas (50%) cren que se deben realizar actividades no instituto en colaboración con diversas entidades, sobre todo, co Servizo Municipal de Deportes do concello de Boiro (*p.e.: PR1: Deberían ser os propios boirenses en si, ou as súas institucións, os que nos impuxeran un pouco aos profesores, e nós lóxicamente, contribuímos perfectamente a todo iso, sen problema ningún*).

E en menor medida atópanse respostas (25%) que expresan a importancia de organizar actividades extraescolares (*p.e.: PR4: Incluso facer viaxes na fin de semana a campionatos que se podan levar a cabo pola zona, como falabamos antes, de ligas ou campionatos*) e respostas (25%) que cren que sería interesante organizar xornadas de convivencia coas familias dos rapaces, sobre todo cos avós, para compatir experiencias en torno ao xogo dos bolos (*p.e.: PR2: Poderíase facer o que dixen antes, tipo convivencia, de invitar ás familias, de invitar aos avós, algún día especial*).

Compartimos as afirmacións dos profesores cando sinalan que se se quere recuperar o xogo dos bolos en Boiro é fundamental que se realice a práctica nos centros de ensino, na que poidan colaborar as familias, entidades deportivas ou o Servizo Municipal de Deportes, transmitíndolle ao alumnado a

verdadeira esencia do xogo, ese que se mantivo vivo na localidade grazas á práctica dos seus país, avós ou incluso xeracións anteriores.

Cremos que é preciso conservar a pouca actividade bolística que hai na localidade e comezar de novo a traballar nos centros educativos, viveiros de coñecementos e experiencias, lugares onde o que se aprende soe quedar marcado para o resto das vidas dos rapaces e rapazas.

Na **categoría 6.8** (*profesores-os bolos fóra da escola*) (véxase a táboa 116) a maior parte das respostas (75%) fan referencia a que o que se aprende na escola pode practicarse fóra, aproveitando deste xeito a transferencia que teñen as actividades escolares en horario extraescolar (*p.e.: PR1: Si, de feito se os rapaces se sinten implicados e lles gusta, e se a localidade, e se a xente empuxa, é como todos os deportes, se están a gusto o que fan nun momento determinado séguenо facendo despois pola tarde*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
O que se aprende na escola pode practicarse fóra	3
É necesaria a colaboración de moitas entidades	1
É difícil que os nenos xoguen fóra da escola	1

Táboa 116. Categoría 6.8. Profesores-os bolos fóra da escola

En menor grao, móstranse respostas (25%) que indican que, para que se siga xogando aos bolos unha vez que os rapaces saen do instituto (polas tardes e nas fins de semana) é necesaria a colaboración de moitas entidades (*p.e.: PR3: Se houbese algún tipo de traballo conxunto entre deputacións, concellos e centros educativos para fomentar máis este tipo de actividades, penso que si, que habería posibilidades, por suposto*). En contraposición a isto último, coa mesma porcentaxe (25%) figuran respostas que cren que é difícil que os rapaces xoguen fóra do ámbito escolar (*p.e.: PR3: Sendo sincero, como*

vexo agora as cousas, véxoo difícil. Non imposible, pero si difícil, tal e como están as cousas e o panorama actualmente).

Compartimos totalmente as afirmacións dos profesores cando se refiren a que o que se aprende na escola pode practicarse fóra, falando de novo da transferencia de coñecementos, aprendizaxes e experiencias do ámbito escolar á vida corrente, fóra da escola (Woolfolk, 2010) e que comentabamos tamén no caso dos mestres de educación primaria.

Pero convén non esquecerse de contar cunha estrutura deportiva formal que continúe o traballo iniciado nos centros educativos. Neste caso, é onde cobra máis importancia o tecido asociativo e o traballo de coordinación que se poida exercer dende o Servizo Municipal de Deportes. A idea debe ser a de ir completando etapas ata que os propios participantes, cunha bagaxe bolística xa ás súas costas, decidan libremente a súa práctica no seu tempo libre e de ocio. Ata que chegue ese día, as administracións públicas, tecido asociativo, centros educativos e as familias, deben colaborar para que os rapaces e rapazas coñezan, practiquen e disfruten dun atractivo xogo que tivo unha especial importancia e relevancia no concello de Boiro.

Na **categoría 6.9** (*profesores-causas do esmorecemento do xogo*) (véxase a táboa 117) destacan sobre todo dous tipos de respostas: por un lado predominan as respostas (75%) que ven na aparición das novas tecnoloxías a principal causa do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro (*p.e.: PR1: Ben, pois unha das causas, o principal problema seguramente, son as novas tecnoloxías*) e, por outro lado, a metade das respostas (50%) cren que o fenómeno da migración dos núcleos rurais aos núcleos urbanos contribuiu considerablemente neste decaemento da práctica dos bolos na localidade (*p.e.: PR3: Existiu tamén unha especie de traslado, un cambio de modelo do que era a vida rural e a vida urbana; moita xente comezou a trasladarse dos campos ás cidades*).

Resposta/s	N.º de mencións nas entrevistas
As novas tecnoloxías que fomentan o sedentarismo	3
Migración das aldeas ao núcleo urbano	2
Irrupción de novos divertimentos	1
Ao negocio en que se convertiu o deporte	1

Táboa 117. Categoría 6.9. Profesores-causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro

O 25% das respostas atribúen as causas á irrupción de novos divertimentos (*p.e.: PR2: E hai outras actividades, non? Agora as rapazas e os rapaces están empezando a ir aos ximnasios, hai aerobic, actividades non competitivas*). E, finalmente, outro 25% de respostas aluden aos cambios que se produciron no deporte moderno como unha das causas que acabou coa práctica dos xogos populares e tradicionais, primando o deporte-negocio en detrimento deste tipo de actividades (*p.e.: PR2: Ben, todo o negocio dos deportes*).

De igual xeito que comentaban os mestres de educación primaria, os profesores de educación secundaria inciden no aspecto das novas tecnoloxías como principal causa do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro. Cremos que é unha causa máis asociada ao abandono da actividade física dos rapaces e rapazas en idade escolar que a causas que incidiron realmente no xogo dos bolos da localidade.

Cremos asimesmo que os profesores acertan de cheo cando mencionan o fenómeno da migración da poboación das aldeas ao núcleo urbano, aspecto que, como comentaba Veiga (1998) traduciuse nun abandono das prácticas tradicionais do campo (entre elas os xogos populares e tradicionais) para adaptarse aos espazos dispoñibles nas zonas urbanas, máis orientadas á práctica de novos deportes máis modernos.

Pensamos que aspectos como este da migración das aldeas aos núcleos urbanos e, sobre todo, a irrupción de novos divertimentos, contribuíron

decididamente no cambio de hábitos dos cidadáns, deixando de lado os xogos populares e tradicionais para pasarse a divertimentos máis modernos.

7.14. Triangulación de datos

Despois do desevolvemento das categorías de respostas elaboradas a través das entrevistas dos diferentes grupos que participaron neste estudo, preséntanse as consideracións máis destacadas, empregando unha triangulación de datos entre iguais categorías de respostas en diferentes grupos (técnicos deportivos-políticos municipais e mestres de primaria-profesores de secundaria) e entre os seis colectivos participantes en cuestións de semellante contido.

Con respecto á categoría de *causas do esmorecemento do xogo*, na táboa 118 poden observarse os diferentes motivos polos cales os diferentes grupos entrevistados consideran que o xogo dos bolos sufriu unha continua mingua na súa práctica ata a actualidade.

Nesta categoría, todos os grupos analizados coinciden en que a principal causa do esmorecemento do xogo dos bolos foi a ***irrupción de novos divertimentos*** na localidade. A medida que se foi abrindo o abano de posibilidades de deporte, ocio e tempo libre, as preferencias da xente foron cambiando para unhas ou outras ofertas, restando protagonismo e participantes ao divertimento principal dos homes ata entón, o xogo dos bolos. Esta é a principal causa e onde se observa unha relación máis forte entre todos os grupos entrevistados; de feito, é a única causa na que todos están de acordo en que contribuiu á mingua do xogo dos bolos na localidade, destacando a importancia que tivo sobre todo para o colectivo de xogadores, técnicos, políticos e medios de comunicación (véxase a táboa 118 e a ilustración 41).

Causa / colectivo	Xogadores (n.º mencións)	Medios (n.º mencións)	Técnicos (n.º mencións)	Políticos (n.º mencións)	Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
Irrupción de novos divertimentos	17	3	2	6	3	1
Cambios na sociedade, progreso	7	1	2	4	1	-
Aparición e auxe do fútbol	5	3	2	4	1	-
Migración das aldeas ao urbano	12	-	2	-	1	2
Falta de interese da mocidade	7	1	1	-	-	-
Falta de apoio institucional	1	1	-	3	-	-
Posibilidade de desprazarse cos medios de locomoción	4	-	-	-	-	-
Perda das calidades físicas (forza)	3	-	-	-	-	-
Falta de instalacións axeitadas	7	-	-	4	-	-
Motivos laborais	2	-	1	-	-	-
Falta de apoio dos medios de comunicación	-	-	-	2	-	-
Falta de interese en conservar as tradicións	-	-	-	1	-	-
Falta de tempo dos pais	-	-	-	-	3	-
As novas tecnoloxías que fomentan o sedentarismo	-	-	-	-	4	3
Ao negocio en que se convertiu o deporte	-	-	-	-	-	1

Táboa 118. Causas do esmorecemento do xogo no concello de Boiro achegadas polos seis colectivos entrevistados



Ilustración 41. Relación entre a irrupción de novos divertimentos e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro

Outra das causas do *esmorecemento do xogo dos bolos na localidade* nas que se observa unha importante relación entre os distintos grupos entrevistados é a atribuída aos ***cambios na sociedade***, ao progreso en si, á modernidade, a todas esas novidades ás que os cidadáns se foron acostumando a medida que mudaban as condicións económicas, sociais ou culturais (véxase a táboa 118 e a ilustración 42).

É de subliñar especialmente esta causa para os técnicos e políticos, coñecedores de primeira man de todos eses cambios ao estar relacionado directamente co seu traballo diario, na que o seu labor é precisamente ir adaptando ese traballo ás condicións de progreso da sociedade pero que, lamentablemente, non deberían deixar de lado a promoción de prácticas ancestrais dos boirenses, sobre todo cando tiveron tanta importancia na localidade. Afortunadamente, esta situación estase revertendo na actualidade coa inclusión dos xogos populares e tradicionais na programación deportiva municipal e, máis concretamente, coa promoción do xogo dos bolos co desenvolvemento de ligas, torneos e exhibicións.



Ilustración 42. Relación entre os cambios na sociedade debidos ao progreso e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro

Esta causa tamén é apreciada en boa medida por xogadores, medios de comunicación e mestres, aínda que non se aprecia a mesma importancia que para técnicos e políticos. Neste caso, os profesores de ensino secundario non ven neste fenómeno unha causa pola que a práctica dos bolos foi decaendo en Boiro, centrando as súas críticas noutros aspectos.

Outra das causas na que se observa unha forte relación entre os grupos entrevistados e pola que o xogo dos bolos foi deixando de ser o principal divertimento dos homes de Boiro é a ***aparición e auxe do deporte do fútbol*** na localidade (véxase a táboa 118 e a ilustración 43).



Ilustración 43. Relación entre a aparición e o auxe do deporte do fútbol e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro

O evidente monopolio que ten hoxe en día este deporte no tempo libre dos rapaces tivo unha repercusión importante no desenvolvemento dos bolos na localidade, sendo sinalado pola totalidade dos grupos, a excepción dos profesores de secundaria. Para os xogadores esta non é unha causa moi determinante, se ben hai que ter en conta que para este colectivo hai unha gran variedade de causas pero ningunha delas, a excepción da irrupción de

novos divertimentos e da migración das aldeas ao núcleo urbano, merece especial atención. En cambio, apréciase unha forte relación entre os medios de comunicación, técnicos deportivos e políticos, para os que este fenómeno de aparición e expansión do fútbol é unha das principais causas polas que se foi deixando de lado aos bolos para compartir protagonismo con este deporte, aspecto que hoxe en día segue vixente en Boiro, onde os 15 equipos de fútbol que teñen actividade na localidade (afeccionados, femininos, escola de fútbol e veteranos) restan protagonismo ao resto dos deportes e outras prácticas de ocio e tempo libre.

É de destacar a importancia que este aspecto ten para os medios de comunicación, onde as novas de fútbol ocupan a maioría dos espazos deportivos en prensa, radio e televisión a nivel nacional e, como os propios técnicos indican, nos seus medios limítanse a informar das actividades que teñen máis aceptación entre os cidadáns. Deste xeito, o fútbol acapara toda a atención, restando protagornismo non só aos bolos, senón tamén ao resto de deportes que se practican na localidade: baloncesto, voleibol, natación, remo, piragüismo, xadrez ou patinaxe, entre outros.

En canto ao fenómeno da ***migración dos cidadáns do ámbito rural (aldeas) ao ámbito urbano*** hai que destacar a forte relación entre o que comentan os xogadores, técnicos deportivos e profesores de secundaria, que coinciden en valorar que esta causa foi determinante para que os xogos populares e tradicionais e, entre eles, o xogo dos bolos, fose decaendo na súa práctica paulatinamente e paralelamente á despoboación do rural (véxase a táboa 118 e a ilustración 44).

Para os xogadores, verdadeiros activos do xogo e que expresan unha gran variedade de respostas acerca das cales foi decaendo a práctica dos bolos, esta é unha das principais causas xunto coa xa mencionada irrupción de novos divertimentos na localidade. Eles mesmos son testemuñas do despoboamento das aldeas, da fuxida das novas xeracións cara aos núcleos urbanos, do cambio do campo polas prazas, da terra polo cemento, dos

grandes espazos ao aire libre por pequenos espazos pechados en forma de negocio (bares, centros sociais ou ximnasios). En definitiva, é tamén o cambio das prácticas propias do campo, do ocio ligado en boa parte ao traballo diario no espazo natural ao deporte regrado en determinados complexos deportivos e ao divertimento pasivo a cuberto, moi vinculado ás novas tecnoloxías e propio de pobos e cidades. Ao igual que o grupo de técnicos e profesores de ensino secundario, a medida que as aldeas foron quedando con pouca xente e, entre ela, só con xente maior, o divertimento nestes lugares foi decaendo para centrarse case única e exclusivamente nos labores do campo e pouco máis.

Para os mestres de educación primaria esta non é unha das principais causas pero si que tivo a súa importancia, como moitas outras que se recollen na táboa 118. Para os técnicos dos medios de comunicación e para os políticos esta circunstancia non influíu notablemente para que o xogo dos bolos se fose deixando de practicar, mais pensamos que é porque centran a súa importancia noutras cuestións e non porque non crean realmente que este feito influíu negativamente na continuidade da práctica dos bolos en Boiro.



Ilustración 44. Relación entre o fenómeno da migración das aldeas ao núcleo urbano e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro

Con respecto ás referencias da ***falta de apoio institucional***, obsérvase que coinciden tres dos cinco grupos entrevistados, apreciándose unha relación máis forte entre os medios de comunicación e os políticos locais (véxase a táboa 118 e a ilustración 45).

Estes tres colectivos cren que as institucións públicas non fixeron o suficiente para conservar o xogo dos bolos en Boiro cun nivel de práctica máis elevado que o actual. Sexa por falta de financiación, pola organización de actividades ou por falta de acondicionamento de campos de bolos, o certo é que todos culpan en parte ao ente público. Neste caso, obsérvase unha incoherencia, xa que os políticos son os que máis sosteñen isto pero, contrariamente, deles depende (e dependeu) que o xogo dos bolos non reciba os recursos necesarios para manter a actividade ou, cando menos, unha boa parte dela.



Ilustración 45. Relación entre a falta de apoio institucional e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro

Cremos que é función da administración coidar do patrimonio da localidade, ás veces só centrado no patrimonio histórico e/ou cultural, pero que tamén é preciso coidar do patrimonio lúdico, e cando a iniciativa cidadá non

chega para seguir adiante, a administración debe intervir para garantir a continuidade das tradicións, pois á fin e ao cabo, estas tamén forman parte da bagaxe cultural e histórica dos pobos.

É de subliñar que para os técnicos deportivos municipais este feito non merece consideración algunha, cando son parte importante do organigrama municipal en canto á promoción da actividade lúdico-deportiva na localidade; pero, como os mesmos entrevistados sinalaban, o seu labor nestes últimos anos centrouse en intervir naqueles ámbitos máis prioritarios, como é a actividade física e deportiva en nenos e nenas, adolescentes, terceira idade, discapacitados e xente con poucos recursos, establecendo unha orde preferencial segundo as actividades máis demandadas e os recursos dispoñibles no propio concello. Unha vez cubertas as necesidades básicas para todos os grupos de idade e colectivos especiais, iniciouse a promoción dos xogos populares e tradicionais e o traballo de recuperación do xogo dos bolos, aspecto que continúa hoxe en día e que pouco a pouco se perciben as melloras en canto a instalacións, actividades e, sobre todo, participantes.

A ***falta de interese da mocidade polo xogo dos bolos*** é tamén unha causa que coinciden en valorar os grupos de técnicos deportivos municipais, xogadores e medios de comunicación (véxase a táboa 118 e a ilustración 46). Neste caso, e facendo unha revisión das causas analizadas ata agora, os tres colectivos apoian esta afirmación en que as preferencias dos xóvenes hoxe en día están enfocadas cara a outras actividades e deportes máis modernos, tratándose xa dun colectivo de persoas que medrou ao carón da modernidade e lonxe da época dos seus pais e avós, sobre todo destes últimos, onde as penurias e a escasez de todo tipo de recursos era evidente.

Con esta situación de partida, non é de estrañar que as novas xeracións se arrimen aos deportes de masas, ás actividades que diariamente ven pola televisión, aos que practican ao longo da etapa escolar e aos que é posible xogar e practicar coas instalacións existentes no municipio. Cremos que esa falta de interese non só é debido á desgana e apatía que os adolescentes

mostran actualmente cara a actividade físico-deportiva (que tamén é evidente), senón que dentro da oferta de actividades que se lles ofrece, ata agora, non estaban os xogos populares e tradicionais e, tampouco, o xogo dos bolos.



Ilustración 46. Relación entre a falta de interese da mocidade e o esmorecemento do xogo dos bolos no concello de Boiro

Con respecto á categoría que fai referencia ás ***propostas para recuperar o xogo dos bolos*** e instauralo como unha actividade máis de ocio e tempo libre na localidade, atópanse unha ampla variedade de respostas, aínda que para a súa análise centrarémonos nas que coinciden, cando menos, tres dos seis colectivos entrevistados (véxase a táboa 119).

Nesta categoría obsérvase unha forte relación entre as respostas de todos os grupos entrevistados ao coincidir en que é preciso ***xerar máis actividade bolística na localidade*** para que o xogo dos bolos volva a ter esa importancia de antano; é preciso organizar más torneos, competicións, ligas, e crear rivalidade entre as parroquias para incentivar a práctica e conseguir novos xogadores e seguidores (véxase a táboa 119 e a ilustración 47).

Causa / Colectivo	Xogadores (n.º mencións)	Medios (n.º mencións)	Técnicos (n.º mencións)	Políticos (n.º mencións)	Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
Xerar máis actividade	1	3	3	8	2	1
Comezar de novo, ensinándolles aos rapaces	4	-	2	1	3	3
Habilitar novos campos de bolos e en lugares máis accesibles	10	-	3	5	-	-
Buscar un promotor ou organizador	2	-	1	2	-	-
Realizar xornadas de convivencia cos maiores	-	-	-	-	6	1
Realizar colaboracións entre diferentes entidades	-	-	-	-	1	2
Achegar os bolos á xente aproveitando actos públicos moi concorridos	-	-	1	1	-	-
Ten que haber un interese económico	4	-	-	-	-	-
Habilitar unha taberna ao lado do campo	2	-	-	-	-	-
Ns/Nc	2	-	-	-	-	-
Anunciar e promocionar o xogo	1	-	-	-	-	-
Cambiar as normas	1	-	-	-	-	-
Estaría ben recuperalo	4	-	-	-	-	-
É unha tarefa difícil e complicada	9	-	-	-	-	-
Apoiar máis dende os medios	-	4	-	-	-	-
Incentivar o asociacionismo	-	-	-	1	-	-

Táboa 119. Propostas para recuperar o xogo dos bolos no concello de Boiro

É de destacar a importancia que este aspecto ten para os medios de comunicación, políticos locais e técnicos deportivos municipais, sobre todo para estes dous últimos, pois en consecuencia co que afirman, actualmente están levando a cabo unha importante promoción do xogo dos bolos na localidade, tanto nos centros de ensino como nos campos habilitados para o xogo dos bolos nas parroquias de Cures e Abanqueiro. Isto confírmanos que ademais de predicar coa necesidade de realizar máis actividades de promoción, competicións e torneos de bolos, son consecuentes coas palabras e pasan á acción coas actividades que hoxe en día os cidadáns se poden atopar en Boiro, como é o caso da organización da liga de bolos tradicionais "Pedra Boleira".



Ilustración 47. Propostas acerca de xerar máis actividade bolística para recuperar o xogo dos bolos en Boiro

Todas estas accións que se están desenvolvendo no concello chegan aos medios de comunicación con maior difusión na localidade, que publican as novas que lles son remitidas dende o propio concello pero que, evidentemente, cren que non son suficientes para que o xogo arraigue na localidade, demandando máis actividades para que as novas relacionadas con este xogo teñan unha continuidade no tempo, tanto en prensa escrita, radio ou televisión.

Para os responsables dos medios de comunicación, estas accións son imprescindibles, e basándonos nas súas impresións, co incremento de actividade bolística a súa función completaríase símplemente coa difusión da información xerada, ofrecendo o seu apoio e colaboración a través dos citados medios de comunicación.

E os políticos municipais, que son un dos colectivos que máis demanda este tipo de accións, deben ser consecuentes e apoiar firmemente todas as actividades de promoción e competición que lles son solicitadas, ben a través dos propios técnicos deportivos municipais ou a través doutros colectivos que comezan a xurdir para practicar este xogo, como son as comisións de festexos,

grupos populares e, en breve, polos clubs de bolos que os cidadáns teñen previsto fundar para difundir esta actividade polas distintas parroquias do concello.

E consecuentes deben ser tamén os docentes que reclaman un incremento da actividade bolística como medio para recuperaren o xogo, facilitando a promoción que se faga nos propios centros ou, eles mesmos, incidindo na súa práctica co desenvolvemento de programas específicos nas sesións de Educación Fisica, fóra das clases pero dentro do propio centro educativo e colaborando nas actividades extraescolares que se promovan.

Outra das propostas nas que se observa unha forte relación entre os grupos entrevistados é a que fai referencia á ***necesidade de comezar de novo***, facer un "reset" e achegar o mundo dos bolos aos rapaces, ensinándolles a xogar, a convivir a miúdo coa actividade, que medren xogando aos bolos e logo que eles mesmos sexan capaces de transmitirlle eses valores aos seus fillos, garantindo deste xeito a continuidade da tradición (véxase a táboa 119 e a ilustración 48).



Ilustración 48. Propostas acerca de promocionar o xogo entre os rapaces, sobre todo nos centros educativos, para recuperar o xogo dos bolos en Boiro

Especial importancia ten este aspecto para os técnicos deportivos municipais, profesores de secundaria e mestres de primaria, precisamente tres colectivos que diariamente traballan con rapaces e que coñecen de preto a realidade deportiva e a súa importancia nestas idades. Os tres colectivos deben ser consecuentes coas súas afirmacións e achegar a actividade aos máis novos e, precisamente, aos centros educativos, que é onde están a maior parte do día e onde reciben unha educación e unha formación multidisciplinar.

Se o xogo dos bolos ocupa un pequeno espazo dentro desa formación, sería un bo punto de partida para acadar os obxectivos que se propoñan, e para isto non chega coa promoción que se fai dende o Servizo Municipal de Deportes, senón que se precisa da axuda de mestres e profesores para transmitirlle aos rapaces o que significou o xogo dos bolos na localidade e os beneficios que eles mesmos poden acadar coa súa práctica. Coa colaboración de todos estes grupos, a viabilidade do proxecto de recuperar o xogo é máis que factible.

Na seguinte proposta, obsérvase que coinciden tres dos seis grupos analizados , considerando que é necesario ***habilitar novos campos de bolos na localidade e en lugares máis accesibles***, tanto para xogadores como para espectadores, de xeito que sexa máis doado captar seguidores deste xogo popular e tradicional (véxase a táboa 119 e a ilustración 49).

Contémplano así fundamentalmente os técnicos deportivos municipais e os políticos locais, apreciando neste caso unha coherencia entre as palabras e os feitos, xa que o concello de Boiro está rehabilitando novos campos de bolos e a súa intención é seguir nesta liña, intentando conservar os xogadores que actualmente están activos e tendo como obxectivo captar outros máis, sobre todo máis novos. Ademais da rehabilitación destes antigos campos de bolos, realizáronse actividades de promoción no parque da Cachada, no mesmo centro do pobo, lugar idóneo para xogar e tamén para achegarse a presenciar os actos programados.

Os técnicos deportivos municipais tamén son partidarios de realizar exhibicións en lugares públicos moi frecuentados, tentando achegar o xogo dos bolos ao maior número de persoas posible, seguindo co traballo de mellorar o acceso ao xogo dos cidadáns boirenses.

Para os propios xogadores tamén é un aspecto importante, pois case a totalidade dos campos (e foron moitos) onde xogaron xa desapareceron. E neste sentido tamén se recolleron as queixas dos propios xogadores, pois os campos adoitaban estar en lugares afastados das vivendas e, co paso do tempo, tiñan máis dificultades para desprazarse e acceder a eles.

Esta e as anteriores propostas compartímolas na súa totalidade, crendo que, con campos preto dos núcleos urbanos máis importantes, se melloraría sen dúbida o acceso da xente aos bolos en todos os sentidos, sendo máis sinxelo captar xogadores e de todas as idades.



Ilustración 49. Propostas acerca de habilitar novos campos de bolos e en lugares máis accesibles para os cidadáns poderen recuperar o xogo dos bolos en Boiro

Outra das propostas mellor valoradas foi a da ***necesidade de contar coa figura dun promotor, dun ente que exerza de coordinador*** na promoción do xogo dos bolos na localidade.

De novo se aprecia unha relación máis estreita neste sentido entre os técnicos deportivos municipais, políticos locais e xogadores (véxase a táboa 119 e a ilustración 50). É destacable o feito de que esta figura de coordinador antigamente era exercida, sobre todo, polo taberneiro, e unha vez que o xogo dos bolos foi decaendo e as tabernas non vían neste xogo xa un medio para atraer clientes, quedou un baldeiro en canto a persoas que se encargaran de seguir promocionando a actividade.



Ilustración 50. Propostas acerca da necesidade de contar cun ente organizador ou coordinador da actividade bolística para recuperar o xogo dos bolos en Boiro

Incluso cando os propios xogadores así o reclamaban ante os responsables municipais, estes rexeitaban tal encomenda, como se pode comprobar na nova publicada no xornal "*La Voz de Galicia*" o 15 de agosto de 1990 con motivo da celebración da fase final do I Campionato do Xogo de Bolos de Boiro e na que os participantes instaban ao ente público a facerse cargo deste campionato en vindeiras edicións: "*segundo manisfestaron fontes municipais, o concello vería con bos ollos que se institucionalizara o referido campionato, aínda que as mesmas fontes recalcaron que o concello impulsaría a competición, pero non a organizaría; sinalan que é máis interesante que*

sexan os propios xogadores os que acorden o seu artellamento e a súa posta en marcha, pero dende o concello recibirían axuda".

Tamén hai que subliñar que ata o ano 1992 non había ningún técnico deportivo traballando no concello de Boiro, polo que tampouco se contaba con persoal calificado para organizar este tipo de eventos. Na actualidade, coa estrutura do Servizo Municipal de Deportes (véxase o apartado 4.3. do contexto local referente ao papel do Servizo Municipal de Deportes como dinamizador do deporte boirense) si é posible realizar esas funcións, de feito é o camiño que se está seguindo co resto dos deportes que se practican na localidade, constituíndo un punto de referencia para o asociacionismo boirense en canto a organización de actividades para complementar a formación dos xóvenes deportistas vinculados aos clubs locais, asesoramento ou mesmo apoio técnico en actividades organizadas por eles mesmos.

Esta figura de coordinador que está exercendo o Servizo Municipal de Deportes do concello de Boiro pensamos que é idónea para que o proxecto de recuperación do xogo dos bolos se faga ao seu carón, contando ademais co visto bo dos políticos, tal e como se pode comprobar nas súas respostas ao afirmar que a implicación do goberno municipal neste sentido debe ser máxima.

Logo desta análise na triangulación de datos en semellantes cuestións plantexadas a diferentes grupos, resulta interesante comprobar as similitudes e diferenzas nas categorías de respostas plantexadas por un lado aos colectivos de mestres de educación primaria e profesores de educación secundaria (ambos especialistas en Educación Física) e, por outro, aos técnicos deportivos municipais e políticos locais.

Con respecto ao colectivo de docentes, na **categoría 1** (*importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física*) (véxase a táboa 120) percíbense dúas relacións principais (véxase a ilustración 51): a primeira delas alude a que os xogos populares e tradicionais están incluídos no currículo oficial da asignatura de Educación Física e, a segunda, entende que

dita presenza debería ser maior, dotando deste xeito de maior importancia ao bloque de xogos populares e tradicionais; ademais, os mestres afirman que se ampliou a presenza dos xogos populares e tradicionais no currículo e que constitúe un bloque importante dentro del.

			Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
1	Importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de E.F.	Presenza no currículo de Educación Física	5	3
		Ampliouse a súa presenza no currículo de Educación Física	1	-
		Constitúe un bloque importante no currículo	1	-
		Teñen pouca presenza no curriculo	1	1

Táboa 120. Comparativa entre mes tres e profesores. Categoría 1: importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física



Ilustración 51. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 1: importancia dos xogos populares e tradicionais no currículo de Educación Física

Como indica Piñeiro (2012) a normativa reguladora dos currículos de Educación Física en Galicia fai unha clara alusión, de maneira explícita, aos xogos populares e tradicionais cando estrutura os contidos a traballar, establecendo ademais criterios de avaliación que han de guiar a consecución dos obxectivos. Trátase dunha invitación formal para que mestres e profesores incorporen ás súas programacións os xogos populares e tradicionais como contidos con fin en si mesmo, contribuíndo directamente á consecución dos obxectivos xeral da área de Educación Física.

E aínda hoxe en día, como afirma Piñeiro (2012), polo extenso do currículo de Educación Física, en moitos centros educativos de Galicia os xogos populares e tradicionais teñen un tratamento anecdótico.

Na **categoría 2** (*importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula*) (véxase a táboa 121) aprécianse de novo dúas relacións principais: por un lado ambos colectivos indican que nas súas programacións de aula danlle moita importancia ao bloque de xogos populares e tradicionais e, por outra, que os traballan de xeito puntual (véxase a ilustración 52).

			Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
2	Importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula	Doulle moita importancia	4	2
		Traballo os xogos populares ao longo do curso	3	-
		Traballo os xogos populares de xeito puntual	3	2
		Emprego dos xogos populares como medio	2	-
		A súa importancia é competencia de todos	1	-

Táboa 121. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 2: importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula



Ilustración 52. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 2: importancia dos xogos populares e tradicionais na programación de aula

Obsérvase neste caso unha incoherencia, ao contrastar que a pesar de que os docentes afirman que lle dan moita importancia ao tratamento dos

xogos populares e tradicionais, adoitan empregalo só de xeito puntual, reafirmando a postura de Piñeiro (2012) cando facía referencia a un tratamento anecdótico nos centros educativos galegos. De todos os xeitos, é esta unha visión xeneralista, xa que neste caso os mestres de educación primaria, en boa parte, empregan os xogos populares e tradicionais ao longo de todo o curso, ben como medio para acadar outros obxectivos ou como un fin en si mesmo.

Entendemos que o ideal sería que se traballaran os xogos populares e tradicionais ao longo de todo o curso, priorizando unhas actividades sobre outras dependendo das características intrínsecas de cada actividade (importancia xeral, relevancia que tivo na localidade ou posibilidades de práctica fóra da escola, por exemplo) e empregando como medio aqueles xogos máis simples, que contribúan directamente á consecución dos obxectivos xerais da área de Educación Física.

Na **categoría 3** (*promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino*) (véxase a táboa 122) destácase a relación que fai referencia á organización de actividades en días especiais como xeito de realizar a promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino de Boiro (véxase a ilustración 53).

			Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
3	Promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino (á parte das clases de Educación Física)	Organízanse actividades en días especiais	5	3
		Periódicamente nos recreos	3	-
		Organízanse os espazos para a práctica dos X.P.T.	1	-
		Organízanse actividades en colaboración coas ANPAS	1	-
		Colaboran no centro distintos departamentos	-	1

Táboa 122. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 3: promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino (á parte das clases de Educación Física)



Ilustración 53. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 3: promoción dos xogos populares e tradicionais nos centros de ensino á parte das clases de Educación Física

Enlazando coa anterior categoría, obsérvase claramente que a norma xeral é o traballo de xeito puntual e, neste caso, centrado naqueles días que teñen unha significación especial para a comunidade escolar e/ou para a localidade en cuestión, como son neste caso o día das Letras Galegas (17 de maio) no magosto ou en época do antroido. As excepcións á norma xeral constitúenas sobre todo os mestres de primaria, desenvolvendo actividades en colaboración coas ANPAS, organizanando os espazos no propio centro para a práctica dos xogos populares e tradicionais e empregando, sobre todo, o horario dos recreos para que os rapaces e rapazas practiquen libremente todo ese tipo de xogos.

Neste sentido, entendemos que é importante o traballo que se realiza nestes días concretos para dotar de maior significado e relevancia a festividade en si, pero cremos tamén que a práctica dos xogos populares e tradicionais debe facerse dun xeito máis continuado e ao longo de todo o curso, dotando de maior valor e significado este bloque de contidos da área de Educación Física.

Con respecto á **categoría 4** (*os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais*) (véxase a táboa 123) apréciase unha forte relación entre mestres e profesores ao coincidir unanimamente en afirmar que o xogo dos bolos pode formar parte das súas unidades didácticas (véxase a ilustración

54), pero ao mesmo tempo indican que este xogo emprégase como medio para acadar outros obxectivos e que teñen complicado levalo a cabo por falta de medios materiais.

			Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
4	Os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais	Os bolos poden formar parte das unidades didácticas	8	4
		Difícil adicar unha unidade didáctica específica de bolos	1	-
		Emprégase como medio para acadar outros obxectivos	3	2
		Non é perigoso	1	-
		É perigoso	1	-
		Promóvese unha modalidade moi sinxela	1	-
		Precísase material axeitado para realizar a actividade no centro	1	1

Táboa 123. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 4: os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais



Ilustración 54. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 4: os bolos nas unidades didácticas de xogos populares e tradicionais

Obsérvase neste caso que o xogo dos bolos é tratado como unha actividade máis, sen fin en si mesma, promovido dunha forma moi sinxela por motivos vinculados á seguridade (porque o consideran perigoso) ou porque nas súas programacións non teñen tempo suficiente para un tratamento máis

concreto dos bolos. O certo é que se observa unha actitude favorable dos docentes para traballar dun xeito máis amplo e riguroso o xogo dos bolos na súa programación, pero as limitacións que se atopan no currículo fan que a inclusión desta actividade nos centros sexa difícil.

Pero ao mesmo tempo, comprobamos que os docentes descoñecen en absoluto a importancia que tivo o xogo dos bolos na localidade, incluso as actividades de promoción que se están promovendo dende o Servizo Municipal de Deportes, polo que sería importante realizar un traballo coordinado entre o ente municipal e os centros educativos para difundir e dotar dun contido máis importante ao xogo dos bolos, sobre todo para os docentes.

Na **categoría 5** (*vantaxes da práctica dos bolos nos centros educativos*) (véxase a táboa 124) o máis destacable é que tanto mestres como profesores non coinciden en ningunha das vantaxes que enumeran a favor do uso do xogo dos bolos nos seus respectivos centros (ver ilustración 55), pero si citan cada un deles unha serie de beneficios moi interesantes que proporcionaría a súa práctica polo que, de ser consecuentes, os centros educativos serían estupendos lugares para promocionar o xogo dos bolos, para levar alí a actividade e comezar o traballo cos rapaces, aspecto que demandan, ademais dos propios docentes, técnicos deportivos municipais, políticos, e xogadores.

			Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
5	Vantaxes da práctica dos bolos na escola	É un bo medio para adquirir novas habilidades e de relación social	8	-
		Non é perigoso	2	-
		E unha actividade interesante e novidosa	1	-
		Non fai falta material especial	-	1
		Recupérase un xogo con tradición no concello	-	2
		Non ten nin vantaxes nin inconvenientes	-	1

Táboa 124. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 5: vantaxes da práctica dos bolos na escola



Ilustración 55. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 5: vantaxes da práctica dos bolos na escola

Pero non se debe ver o xogo dos bolos e, en xeral, os xogos populares e tradicionais, como un recurso para conseguir exclusivamente obxectivos motores, como medio para o desenvolvemento das capacidades físicas e motrices, como instrumento para realizar o quecemento na sesión ou para iniciar ao alumnado nos deportes convencionais, tal e como subliña Piñeiro (2012), e aínda que todos eses aspectos son acertados e necesarios, temos que ver no xogo dos bolos outras vantaxes que nos pode proporcionar a súa práctica. Xogar aos bolos en Boiro supón achegarnos á cultura local e doutros moitos lugares, implica coñecer mellor a nosa identidade e os nosos costumes, podendo comparar o patrimonio lúdico e cultural boirense con outros moitos pobos. Poderemos coñecer historias propias e alleas, xogadores, campos, materiais e multitude de aspectos que conforman xa un pequeno anaco da historia de Boiro.

Na **categoría 6** (*inconvenientes da práctica dos bolos nos centros educativos*) (véxase a táboa 125) sublíñanse especialmente as coincidencias entre mestres e profesores en canto a que o xogo dos bolos non reporta inconvenientes de especial relevancia, e están de acordo en que nos centros

non se dispón de espazos axeitados para a práctica desta modalidade, acentuado máis este aspecto se pensamos na modalidade de pasabolo que se xoga en Boiro (véxase a ilustración 56).

			Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
6	Inconvenientes da práctica dos bolos na escola	Non lle atopo ningún inconveniente	5	3
		Non temos un espazo axeitado no centro	4	2
		É perigoso	2	-
		É unha actividade individualista e pouco dinámica	1	-

Táboa 125. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 6: inconvenientes da práctica dos bolos na escola



Ilustración 56. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 6: inconvenientes da práctica dos bolos na escola

Neste caso, si teñen razón ambos colectivos ao comentar isto, e tamén os mestres en concreto cando din que é un xogo perigoso ou que, incluso, é unha actividade individualista e pouco dinámica. Compartimos parcialmente estas afirmacións, xa que todo é cuestión de como se plantexe a actividade. Salvo o CEIP Abanqueiro, ningún outro centro da localidade dispón dun espazo a campo aberto duns sesenta metros de lonxitude. Pero tampouco é necesario, xa que todos os centros teñen máis dunha pista polideportiva de 800 m^2 no seu recinto, podendo adaptar o tamaño dos campos, as distancias e o tipo de material (tamaño e peso) aos participantes, precisando deste xeito espazos

máis pequenos, material menos pesado e desprazando os bolos cara a un lugar non transitado para evitar o impacto das pezas nos propios participantes.

Con estas adaptacións e controlando correctamente a execución da actividade, a práctica dos bolos na escola non debería ter ningún tipo de inconveniente para que formara parte da práctica habitual dos alumnos.

Na **categoría 7** (*importancia da escola na recuperación do xogo*) (véxase a táboa 126) destaca a forte relación que existe en ambos colectivos, coincidindo en propoñer as mesmas accións que se poderían realizar de cara a recuperar o xogo dos bolos, sendo a escola un dos axentes principais desta iniciativa (véxase a ilustración 57).

			Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
7	importancia da escola na recuperación do xogo	Realizar actividade en horario escolar	7	3
		Organizar actividades extraescolares	2	1
		Realizar actividades con colaboración cos maiores	3	1
		Realizar saídas a campos en activo	2	1
		Realizar actividades en colaboración con diversas entidades	1	2

Táboa 126. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 7: importancia da escola na recuperación do xogo



Ilustración 57. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 7: importancia da escola na recuperación do xogo

É destacable o feito de que mestres e profesores indiquen que a principal acción que se debe facer dende a escola para recuperar o xogo dos bolos sexa a de realizar a propia actividade en horario escolar. Para isto, a pesar das dificultades que ambos colectivos mostraban á hora de establecer unha programación concreta de bolos (unidades didácticas específicas), cren que a escola debe dar un paso adiante e converterse en auténtico impulsor do proxecto.

Compartimos tamén a opinión destes dous grupos cando afirman que ademais da actividade que se xere na escola, é preciso trasladar esa actividade fóra da escola (en forma de escolas deportivas, por exemplo), coordinando estas accións non só co Servizo Municipal de Deportes, senón tamén co tecido asociativo que se cree na localidade. Este tipo de accións principais deben vir acompañadas doutras que axuden a entender mellor a natureza do xogo, a súa historia e as súas peculiaridades, como presenciar en directo o xogo dos bolos nos campos con actividade e contar coa colaboración dos maiores (pais e avós) para trasladarnos á esencia dos bolos, ao tempo no que este era o principal divertimento dos homes de Boiro.

Na **categoría 8** (*os bolos fóra da escola*) (véxase a táboa 127) destaca especialmente o feito de que mestres e profesores coinciden en sinalar que o que se aprende na escola pode practicarse logo fóra desta, vendo unha transferencia real da actividade deportiva practicada nas clases de Educación Física, nos recreos ou en celebracións concretas, na actividade deportiva, de ocio e tempo libre que o rapaz gozará fóra do horario escolar (véxase a ilustración 58).

Esta circunstancia segue o fío de categorías anteriores, sinalando que nos centros hai moitas posibilidades de realizar unha boa promoción do xogo dos bolos, que os docentes están de acordo con esta actuación, que ademais pode empregarse como medio para acadar outros obxectivos dentro da súa programación e que, tamén, os rapaces poden ter continuidade na práctica dos bolos unha vez que remate a súa estancia no centro educativo.

Pero ambos colectivos tamén coinciden en valorar que é difícil que os rapaces, a pesar de que xoguen en horario escolar, logo que sigan xogando fóra da escola, sobre todo porque hoxe en día hai moitos divertimentos, máis modernos, que enganchan máis aos cativos e que seleccionan éstes en detrimento doutros xogos populares e tradicionais.

Aínda asi, ven factible que a actividade se traslade fóra do ámbito escolar, insistindo na necesidade de contar coa colaboración de diversas entidades (públicas e privadas) e coa figura dun dinamizador, que coordine e planifique a actividade bolística que se desenvolva no municipio.

			Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
8	Os bolos fóra da escola	O que se aprende na escola pode practicarse fóra	6	3
		É necesario un dinamizador fóra da escola	3	-
		É necesaria a colaboración de moitas entidades	-	1
		É difícil que os nenos xoguen fóra da escola	3	1

Táboa 127. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 8: os bolos fóra da escola



Ilustración 58. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 8: os bolos fóra da escola

Na **categoría 9** (*causas do esmorecemento do xogo*) (véxase a táboa 128) percíbense tres relacións principais (véxase a ilustración 59). A primeira é que as novas tecnoloxías, que fomentan o sedentarismo en exceso, contribuíu decididamente para que outras prácticas lúdico-deportivas que eran habituais se fosen deixando de practicar co paso dos anos, entre elas o xogo dos bolos, unha actividade que esixía grandes doses de forza e sacrificio ao estar exposto ás inclemencias meteorolóxicas boa parte do ano.

			Mestres (n.º mencións)	Profesores (n.º mencións)
9	O esmorecemento do xogo	Irrupción de novos divertimentos	3	1
		As novas tecnoloxías que fomentan o sedentarismo	4	3
		Falta de tempo dos pais	3	-
		Cambios na sociedade, o progreso	1	-
		Aparición e auxe do deporte do fútbol	1	-
		Migración das aldeas ao núcleo urbano	1	2
		Ao negocio en que se convertiu o deporte	-	1

Táboa 128. Comparativa entre mestres e profesores. Categoría 9: os esmorecemento do xogo



Ilustración 59. Relacións e comparativa entre mestres e profesores. Categoría 9: o esmorecemento do xogo

Contémplano así fundamentalmente o grupo de profesores de secundaria, que ven como o tempo de ocio dos seus alumnos (rapaces e rapazas con idades comprendidas entre os doce e os dezaseis anos na súa maioría) pasa en moitos casos por estar horas e horas diante dun ordenador, dunha consola ou, últimamente, xogando cun teléfono móbil. As novas tecnoloxías acomodaron aos rapaces, teñen todo ao alcance da man, sentados, a cuberto, sen necesidade de realizar actividade física para divertirse. Para os seus avós, esta circunstancia era, simplemente, impensable.

Este feito difire co resto de grupos entrevistados, xa que ningún deles observou este aspecto como unha posible causa, aínda que esta circunstancia pode estar relacionada con outra das causas que nomean os docentes, como é a irrupción de novos divertimentos, propios da evolución dunha sociedade que pouco a pouco foi saíndo dunha profunda crise en todos os sentidos (económica, social e política). O fenómeno da migración das aldeas ao núcleo urbano, ao igual que os colectivos de técnicos deportivos municipais e xogadores, tamén é un aspecto valorado polos docentes de Educación Física dos centros de ensino de Boiro, influíndo directamente no cambio de hábitos da xente e, sobre todo, cos relacionados co campo, tradicionalmente vinculados aos xogos populares e tradicionais.

Ademais destas tres causas coas que son sensibles os profesores e mestres, estes últimos achacan tamén á aparición e auxe do deporte do fútbol, a falta de tempo dos pais e nais e a ao progreso en si, á modernidade, como aspectos que tamén influiron directamente para que a práctica do xogo dos bolos fose minguando ata case desaparecer por completo. Os profesores aluden ao cambio de rumbo que colleu o deporte últimamente, para moitos máis vinculado a aspectos comerciais e mercantís que á súa propia natureza, á práctica de actividade física, ao divertimento ou como forma de relación social.

Compartimos todas estas afirmacións de mestres e profesores porque a evidencia así o confirma.

Logo desta análise das relacións entre o grupo de mestres de educación primaria e profesores de educación secundaria, resulta tamén interesante comprobar as relacións existentes entre os dous colectivos entrevistados que desempeñan o seu labor na administración pública, neste caso no concello de Boiro, como son os técnicos deportivos municipais (do Servizo Municipal de Deportes) e os políticos locais (concelleiros de deportes e alcaldes)

Con respecto á **categoría 1** (*importancia do Servizo Municipal de Deportes como promotor da práctica deportiva*) (véxase a táboa 129) técnicos deportivos e políticos coinciden en valorar o Servizo Municipal de Deportes do concello de Boiro como un importante promotor da práctica deportiva e un eficaz xestor da infraestrutura deportiva pública existente na localidade (véxase a ilustración 60). Coñecedores de primeira man das actividades que se promoven no municipio e das instalacións que empregan diariamente clubs e particulares, os técnicos deportivos afondan un pouco máis nestas cuestións, pois consideran que son os dous piares fundamentais da xestión deportiva municipal.

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
1	Importancia do Servizo Municipal de Deportes	Promotor da práctica deportiva	3	7
		Organizador de eventos	1	-
		Xestor da infraestrutura deportiva	2	1
		Apoio e asesoramento a veciños e clubs	2	-
		Coordinación do fenómeno deportivo municipal	1	-
		A través do deporte foméntase o benestar físico, psíquico e social da persoa	-	6

Táboa 129. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 1: importancia do Servizo Municipal de Deportes

Sublíñase tamén a especial importancia que ten para os técnicos deportivos o apoio e asesoramento a veciños, asociacións e clubs deportivos, pois considéranos como os auténticos motores do fenómeno deportivo local, a través dos cales canalizan dun xeito máis eficaz o achegamento da actividade

física e deportiva aos cidadáns e, ao mesmo tempo, aseguran a actividade deportiva alá onde o Servizo Municipal de Deportes non pode ou non debe chegar, como é a práctica deportiva federada.

A organización de eventos deportivos e a coordinación do fenómeno deportivo municipal son tamén dous aspectos que os técnicos deportivos teñen moi presentes, aspecto este último que solicitaban os mestres e profesores para que a promoción e recuperación do xogo dos bolos fose viable.



Ilustración 60. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 1: importancia do Servizo Municipal de Deportes

Na **categoría 2** (*importancia de que os xogos populares e tradicionais formen parte da programación deportiva municipal*) (véxase a táboa 130) ambos grupos coinciden na súa totalidade ao afirmar que os xogos populares e tradicionais deben formar parte da programación deportiva municipal, subliñando que este aspecto é fundamental para recuperar e consolidar as tradicións que houbo no concello, ademais de tratarse dunha actividade física beneficiosa para a saúde e, tamén, porque contribúe a aumentar a oferta de ocio e tempo libre entre a xente maior (véxase a ilustración 60).

Obsérvase tamén coherencia nas respostas de ambos os grupos e non nos sorprenden estas afirmacións, xa que os xogos populares e tradicionais levan xa preto de dez anos na programación deportiva municipal, e con moita

máis forza dende que se apostou polo xogo dos bolos, acondicionando espazos antigos e organizando unha liga regular desta modalidade.

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
2	Importancia dos xogos populares e tradicionais na programación deportiva municipal	Os xogos populares e tradicionais deben formar parte da programación deportiva municipal	3	10
		Porque hai que recuperar e consolidar as tradicións	2	6
		Porque é unha actividade física beneficiosa	1	1
		Porque aumenta a oferta de actividades para a xente maior	-	1

Táboa 130. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 2: importancia dos xogos populares e tradicionais na programación deportiva municipal



Ilustración 61. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 2: importancia dos xogos populares e tradicionais na programación deportiva municipal

Na **categoría 3** (*promoción do xogo dos bolos en Boiro*) (véxase a táboa 131) os políticos propoñen unha ampla e variada serie de accións que serían aconsellables para realizar unha promoción eficaz do xogo dos bolos en Boiro, mentres que os técnicos deportivos son máis concretos nas súas propostas (véxase a ilustración 62), pero nas que, ao contrario que no colectivo de políticos, hai máis consenso entre os membros do grupo.

Os técnicos deportivos e políticos coinciden ao afirmar que é imprescindible incrementar a oferta de actividades relacionadas co xogo dos bolos na localidade (organización de escolas deportivas, ligas, torneos e exhibicións) e, ao mesmo tempo, centrar a promoción nos centros educativos, fixando como obxectivos prioritarios aos rapaces e rapazas en idade escolar.

Destacan ademais ambos grupos que para completar unha promoción integral e eficaz é preciso contar con espazos de xogo axeitados, sendo unha boa opción a creación e rehabilitación de antigos campos de bolos.

Compartimos estas afirmacións dos técnicos deportivos e políticos porque comprobamos que é un traballo que se está levando a cabo e está proporcionando bos resultados, pois o número de participantes incrementouse ano a ano, cada vez organízanse máis torneos de bolos e, pouco a pouco, vanse acondicionando novos espazos para a práctica desta modalidade.

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
3	Promoción do xogo dos bolos en Boiro	Organización de Escolas Deportivas, ligas, torneos e competicións	3	4
		Promoción nos centros educativos	3	2
		Creación e rehabilitación de antigos campos de bolos	1	2
		Implicación dos políticos	-	2
		Implicación do asociacionismo	-	2
		Empregar as novas tecnoloxías para transmitir información	-	1
		Proporcionar información directa e exhaustiva aos cidadáns	-	2

Táboa 131. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 3: promoción do xogo dos bolos en Boiro



Ilustración 62. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 3: promoción do xogo dos bolos en Boiro

Na **categoría 4** (*causas do esmorecemento do xogo*) (véxase a táboa 132) obsérvase unha forte relación entre o que din os técnicos deportivos e os políticos locais cando coinciden en valorar as principais causas polas que o xogo dos bolos foi decaendo paulatinamente na súa práctica (véxase a ilustración 63). Ambos refírense principalmente á irrupción de novos divertimentos na localidade que, de certo xeito, enlaza con outra das causas máis valoradas, como son os cambios acaecidos na sociedade propios dun progreso espectacular e da modernidade. Estamos de acordo totalmente co que opinan os técnicos deportivos e políticos locais, ao igual que o resto dos grupos entrevistados, xa que son as dúas principais razóns ás que todos fan mención como "culpables" da continua mingua na práctica dos bolos en Boiro.

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
4	O esmorecemento do xogo: causas do decaemento do xogo dos bolos	Irrupción de novos divertimentos	2	6
		Cambios na sociedade, o progreso	2	4
		Falta de interese da mocidade	1	-
		Aparición e auxe do deporte do fútbol	2	4
		Motivos laborais	1	-
		Falta de espazos axeitados para xogar	-	4
		Falta de apoio institucional	-	3
		Falta de apoio dos medios de comunicación	-	2
		Falta de interese en conservar as tradicións	-	1
		Migración das aldeas ao núcleo urbano	2	-

Táboa 132. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 4: o esmorecemento do xogo: causas do decaemento do xogo dos bolos

Outro aspecto no que coinciden ambos grupos é en sinalar a aparición e auxe do deporte do fútbol como unha causa importante no devir do xogo dos bolos en Boiro, feito co que estamos de acordo ao comprobar o impacto que este deporte tivo nun pasado e ten actualmente na localidade, con numerosos equipos e campos de fútbol esparexidos por sete das oito parroquias de Boiro.



Ilustración 63. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 4: causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro

Á parte destes tres aspectos clave, é de subliñar que ambos grupos enumeran varias accións máis como posibles causas do esmorecemento do xogo dos bolos en Boiro, pero cremos que merecen especial atención as destacadas polos politicos locais, xa que en gran parte dependía (e agora tamén) deles poñerlle solución, como é prestar máis apoio aos xogadores e ás iniciativas que se creen, acondicionar espazos para xogar, promover máis a actividade bolística na localidade para que os medios de comunicación teñan constantes novas para publicar e, tamén, que se establezan proxectos para recuperar as tradicións (culturais, deportivas ou históricas) das que Boiro disfrutou durante moito tempo.

Na **categoría 5** (*propostas para recuperar o xogo dos bolos en Boiro*) (véxase a táboa 133) apréciase de novo unha forte relación entre o que propoñen os técnicos deportivos e os políticos locais, coincidindo case por completo nas propostas que ambos grupos citan para que o xogo dos bolos en Boiro recupere o éxito de antano (véxase a ilustración 64).

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
5	Propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro	Habilitar novos campos (e en lugares máis accesibles)	3	5
		Exercer de coordinador	1	2
		Promocionalo nos centros de ensino	2	1
		Incentivar o asociacionismo	-	1
		Incrementar a actividade de bolos	3	8
		Mellorar a accesibilidade aos xogo	1	1

Táboa 133. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 5: propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro



Ilustración 64. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 5: propostas para recuperar e consolidar o xogo dos bolos en Boiro

Ambos colectivos acertan de cheo nas súas propostas, pois responden aos obxectivos que se están perseguindo actualmente dende o Servizo Municipal de Deportes e onde se comezan a recoller os primeiros froitos (rehabilitación dos campos de bolos de Pomardorrío – parroquia de Cures- e Triñáns –parroquia de Abanqueiro-, posta en marcha da liga de bolos tradicionais "*Pedra Boleira*", xornadas de promoción nos centros de ensino, ofrecerse como figura central e coordinador do proxecto de recuperación deste xogo popular e tradicional e achegamento desta modalidade a diferentes

colectivos e grupos de idade, levando a cabo un extenso traballo de mercadotecnia e publicidade para que todos os boirenses coñezan de preto este xogo popular e tradicional.

Na **categoría 6** (*importancia dos centros educativos na promoción do xogo*) (véxase a táboa 134) destacan dous tipos de relacións (véxase a ilustración 65): a primeira alude a que o traballo no centros educativos é fundamental, aspecto corroborado pola práctica totalidade das persoas entrevistadas de ambos grupos e, a segunda, indica que se deberían incluir unidades didácticas específicas do xogo dos bolos nas programacións dos profesores de Educación Física dos centros educativos locais.

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
6	Importancia dos centros educativos na promoción dos bolos	Descoñezo o traballo que se fai nos colexios	1	-
		É fundamental o traballo nos centros de ensino	2	9
		Centrar a promoción nos centros de secundaria	-	2
		Terían que incrementar a actividade bolística nos centros	-	2
		Iniciar unha formación teórica e histórica do xogo nas aulas	-	2
		Implicar na formación dos rapaces ás famiilas	-	1
		Deberíase incluir unidades didácticas específicas de xogo de bolos	2	2

Táboa 134. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 6: importancia dos centros educativos na promoción dos bolos

Compartimos totalmente estas dúas afirmacións, xa que é preciso comezar de novo e os rapaces constitúen o primeiro elo da cadea. Deben crearse hábitos de xogo que contribúan a que esta modalidade se vaia asentando no tempo libre e de ocio, formando parte do abano de posibilidades dos boirenses con toda naturalidade. Nos centros educativos debe focalizarse boa parte do traballo pero, ao mesmo tempo, debe dotarse de maior importancia e contido, xa que o tempo que se adica actualmente aos xogos

populares e tradicionais nos centros non é suficiente como para que o xogo dos bolos adquira unha maior relevancia.



Ilustración 65. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 6: importancia dos centros educativos na promoción dos bolos

É preciso que se desenvolvan unidades específicas do xogo dos bolos e que as mesmas teñan protagonismo ao longo de todo o curso (e de todos os cursos), diferindo un pouco do que opinan os mestres e profesores, máis reticentes a este tipo de accións. De todos os xeitos, cremos que realizando un traballo coordinado entre os centros educativos e o Servizo Municipal de Deportes sería suficiente para que o proxecto de recuperación do xogo dos bolos fose todo un éxito.

Na **categoría 7** (*importancia do tecido asociativo na promoción do xogo*) (véxase a táboa 135) percíbense dúas relacións básicas con respecto ao papel que debería xogar o tecido asociativo na promoción do xogo dos bolos en Boiro (véxase a ilustración 66): a primeira refírese a que a creación de asociacións ou clubs de bolos dotaría dunha maior autonomía ao xogo, sen depender única e exclusivamente da administración pública; e a segunda, que ese asociacionismo debe apoiar e colaborar con outras iniciativas que xurdan, ben por parte dos cidadáns, doutros colectivos ou mesmo do ente público.

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
7	Importancia do tecido asociativo na promoción dos bolos	Autonomía na promoción do xogo	2	6
		Apoio e colaboración con outras iniciativas	3	4

Táboa 135. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 7: importancia do tecido asociativo na promoción dos bolos

Consideramos que o tecido asociativo debe ser o motor que impulse realmente o xogo dos bolos na localidade, ao igual que se está facendo coa maioría das actividades deportivas que se desenvolven en Boiro, onde a figura do Servizo Municipal de Deportes como coordinador e promotor de actividade deportiva é fundamental ao comezo pero que, pouco a pouco, debe deixar paso para que as asociacións e clubs crezan en importancia e sexan eles os quen xestionen a programación bolística, limitándose o ente público a apoiar, asesorar e colaborar cos recursos se sexan necesarios.



Ilustración 66. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 7: importancia do tecido asociativo na promoción dos bolos

Na **categoría 8** (*importancia dos políticos na promoción do xogo*) (véxase a táboa 136) é de destacar a relación que hai entre ambos grupos (véxase a ilustración 67), que consideran que o labor dos políticos locais debe ser principalmente a de proporcionar os recursos necesarios para que o xogo dos bolos teña continuidade e se desenvolva normalmente como o resto dos deportes que se practican na localidade.

Ao fío disto e relacionándoo coa anterior categoría, consideramos que o traballo do Servizo Municipal de Deportes debe consistir en poñer un funcionamento un plan estratéxico de recuperación do xogo dos bolos,

involucrando sobre todo aos centros educativos e promovendo a creación de clubs e asociacións de bolos, para que pouco a pouco vaian tomando as rendas da actividade e sexan autónomos neste sentido. E aí os políticos deben seguir apoiando, sobre todo proporcionando os recursos necesarios para que o tecido asociativo siga promocionando o xogo entre os seus asociados e o público en xeral. Como eles mesmos afirman, deben proporcionar recursos, apoiar iniciativas privadas e ter ganas de facelo, que non é pouco.

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
8	Importancia dos políticos na promoción dos bolos	Deben apoiar as propostas dos técnicos	1	-
		Organizadores e promotores do xogo	-	2
		Ter ganas de facelo	-	3
		Apoiar iniciativas privadas	-	1
		Proporcionar recursos	2	6

Táboa 136. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 8: importancia dos políticos na promoción dos bolos



Ilustración 67. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 8: importancia dos políticos na promoción dos bolos

Non compartimos a afirmación de que os políticos deben ser os organizadores e promotores do xogo, xa que para iso están os técnicos deportivos, e como eles mesmos expresan, os políticos deben apoiar as propostas dos propios técnicos, coñecedores de primeira man da realidade

deportiva do concello e que continuarán co traballo independentemente do grupo político que goberne nun momento determinado.

Na **categoría 9** (*importancia das entidades supramunicipais na promoción do xogo*) (véxase a táboa 137) apréciase de novo unha relación forte entre ambos grupos (véxase a ilustración 68) ao coincidir en que o principal papel que deben desempeñar as entidades supramunicipais (Deputación da Coruña e Xunta de Galicia) debe ser a de apoiar económicamente os proxectos que presenten tanto as entidades privadas (clubs e asociacións deportivas) como neste caso o concello de Boiro.

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
9	Importancia das entidades supramunicipais na promoción dos bolos	Deben apoiar económicamente	3	7
		Apoio e asesoramento a entidades públicas e privadas	-	2
		Mercadotecnia e publicidade desta actividade	-	2
		Realizar un plan xeral de promoción de actividade e/ou de infraestrutura	-	4

Táboa 137. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 9: importancia das entidades supramunicipais na promoción dos bolos

Para os técnicos esta é a única función que deberían ter estes entes, en cambio, para os políticos, as funcións da Deputación e Xunta poden ir máis alá, entrando en aspectos como asesoramento, mercadotecnia ou plans xerais de promoción da actividade e/ou de infraestrutura.



Ilustración 68. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 9: importancia das entidades supramunicipais na promoción dos bolos

Compartimos as afirmacións de ambos grupos, sobre todo no aspecto de que as entidades supramunicipais deben apoiar economicamente plans de recuperación de xogos populares e tradicionais, en maior ou menor medida en base á magnitude do proxecto, pero son este tipo de entes os que se deben preocupar de que as nosas rexións (concellos, provincias ou comunidade) sigan promovendo parte da súa historia, dos seus costumes, de certas actividades que non se deberían esquecer polo que significaron para a sociedade.

E, neste punto, hai dúas cousas que se deberían facer ao respecto: a primeira soluciónase con esta tese, que deixará constancia dun xogo popular e tradicional que mantivo ocupados a boa parte dos homes boirenses, sobre todo nunha época na que era complicado escapar da miseria e da penuria; e, a segunda, a de recuperar, promocionar e manter este xogo, polo que significou e polo que pode achegar a todo aquel que o practique.

Na **categoría 10** (*posibles vías de financiamento*) (véxase a táboa 138) obsérvase que técnicos e políticos coinciden en practicamente todas as respostas (véxase a ilustración 69), se ben os técnicos son máis concretos á hora de valorar cada unha delas, tendo claro de onde teñen que vir os recursos económicos para promocionar dun xeito eficaz o xogo dos bolos en Boiro.

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
10	Vías de financiamento para a promoción do xogo dos bolos	Partida económica do concello	3	6
		Axudas da Xunta e Deputación	3	2
		Axudas do mundo empresarial	3	4
		Para este xogo non se precisan moitos cartos	-	3
		Cotas de inscrición de participantes	2	5

Táboa 138. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 10: vías de financiamento para a promoción do xogo dos bolos

Que o concello de Boiro reserve unha partida económica nos orzamentos anuais para adicarllo á promoción dos bolos é a vía de financiamento mellor valorada por ambos grupos. Os técnicos deportivos seguen crendo fundamental a axuda proporcionda polos entes supramunicipais (Deputación da Coruña e Xunta de Galicia) e, en menor grao, a achega dos propios participantes en concepto de cotas de inscrición.

En cambio, os políticos, despois da axuda que poida proporcionar o concello de Boiro, destacan que os participantes teñen que pasar a ser definitivamente unha vía de financiamento importante, custeando parte dos gastos que supoña o programa de promoción; e xa, en menor medida, solicitar axudas aos entes supramunicipais e empresas para custear o resto do programa, se ben tamén opinan que para este xogo non se precisan moitos cartos, polo que o desembolso real de cada entidade (pública ou privada) sería mínimo.



Ilustración 69. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 10: vías de financiamento para a promoción do xogo dos bolos

Cremos que ambos grupos acertan nas súas afirmacións, de feito o abano de posibilidades tampouco é tan amplo. As entidades públicas, que xa están colaborando con este tipo de iniciativas, deberían apostar definitivamente por este tipo de programas; as colaboracións do ámbito privado non hai que

esquecelas e deixar que vaia todo enriba do lombo da administración, senón que na medida do posible deben entrar no proxecto e ter maior implicación, nas que hai un claro beneficio social e que os propios participantes deben valoralo na súa xusta medida. Ás veces, pagar por un servizo axuda a telo en mellor consideración.

Na **categoría 11** (*implicación do goberno municipal na promoción do xogo dos bolos*) (véxase a táboa 139) percíbense dúas relacións principais (véxase a ilustración 70). Por un lado, hai unanimidade ao valorar que o goberno municipal debe apoiar firmemente a práctica do xogo dos bolos na localidade, ao tempo que xustifican esta acción afirmando que unha das funcións dos poderes públicos é a de perservar as tradicións.

			Técnicos (n.º mencións)	**Políticos** (n.º mencións)
11	Implicación do goberno municipal na promoción do xogo dos bolos	O goberno municipal debe apoiar firmemente a práctica do xogo dos bolos	3	10
		Porque non é un xogo perigoso	-	1
		Porque non é moi costoso	-	2
		Porque lle vai a gustar á xente	-	1
		Porque os poderes públicos deben preservar as tradicións	3	5

Táboa 139. Comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 11: implicación do goberno municipal na promoción do xogo dos bolos



Ilustración 70. Relacións e comparativa entre técnicos deportivos municipais e políticos locais. Categoría 11: implicación do goberno municipal na promoción do xogo dos bolos

Non podemos estar máis de acordo con estas afirmacións, ademais, como indican os políticos, non é un xogo moi costoso, non é perigoso e seguramente vai ter moi boa aceptación entre os cidadáns de todas as idades.

Agora, é o momento de reflexionar sobre todo isto, ser consecuentes coas afirmacións expostas e, cando menos, intentalo.

7.15. Regulamento do xogo dos bolos

O xogo dos bolos en Boiro, a pesar de que tivo no pasado unha grande importancia (como afirman os propios entrevistados) e para moitos homes constituíu o seu refuxio de ocio, non tivo apenas repercusión nos medios de comunicación (salvo novas esporádicas nos anos noventa) nin tampouco foi acto de tratamento por ningún autor nin ente que se fixera eco da repercusión que tivo na localidade, sendo unha actividade que se transmitiu de xeito oral de xeración en xeración; nin tan siquera o regulamento do xogo, a pesar de que todos os xogadores coñecen perfectamente a súa normativa básica e aplícana sen ningún tipo de dúbida cando participan nun torneo, liga ou, simplemente, nunha partida entre amigos.

As tradicións orais corren o risco de perderse se os propios activos da tradición van desaparecendo, se os xogadores que mantiveron vivo o xogo dos bolos van morrendo, cousa que, desgraciadamente, está pasando cada vez con máis asiduidade. De feito, algún dos xogadores máis importantes da localidade entrevistados para este estudo xa non está entre nós.

Este aspecto xustifica a necesidade de recoller a normativa do xogo dos bolos de Boiro, elaborando un regulamento do que se poida botar man se a tradición oral chega a perderse. O que se presenta a continuación é o primeiro regulamento do xogo dos bolos de Boiro, elaborado logo de visionar no mesmo terreo de xogo numerosas partidas, torneos e ligas de bolos, ademais de compartir experiencias cunha gran variedade de xogadores e xente que viviu de preto este fenómeno, moitos dos cales aínda hoxe en día seguen xogando no campo de bolos de Pomardorrío (parroquia de Cures).

REGULAMENTO DO XOGO DOS BOLOS EN BOIRO

CAPÍTULO I

XENERALIDADES DO XOGO

Artigo 1.º O xogo dos bolos de Boiro é un xogo practicado nun amplo espazo ao aire libre, en lixeira pendente ou costa arriba, no que o obxectivo é derrubar e desprazar o máis lonxe posible o maior número de bolos mediante o lanzamento dunha bóla, conforme ás normas que se establecen neste regulamento.

Artigo 2.º O/A xogador/a de bolos pode ser toda persoa que, dentro dos amplísimos límites de facultades físicas, non estea impedida para realizar os movementos e esforzos que se precisan para a súa execución. É dicir:

2.1. Coller a bóla do chan e colocala na palma da man.

2.2. Fixar os pés no lugar de lanzamento (patio).

2.3. Aproveitar o impulso que se lle queira dar á bóla co movemento das pernas, corpo e brazos.

2.4. Realizar co brazo un movemento de atrás cara adiante, capaz de impulsar a bóla para que esta entre en xogo.

Artigo 3.º O xogo consta dunha única fase ou acción que é o lanzamento. O lanzamento consiste en lanzar unha bóla esférica contra os bolos situados na caixa (pedra boleira) co obxecto de derrubalos e desprazalos o máis lonxe posible.

Artigo 4.º Antes de comezar o xogo, procederase a marcar correctamente as raias de 10, 20, 50 e 100, que determinan a posterior puntuación da tirada e da validez da mesma.

CAPÍTULO II

O CAMPO DE XOGO

Artigo 5.º O campo de xogo denomínase "*campo de bolos*", e debe reunir as seguintes características:

5.1. Debe ser un campo en lixeira pendente ou costa arriba, limpo de herbas e de calquera outra clase de obstáculos (salvo os elementos propios do xogo) que impidan o avance dos bolos logo da tirada.

5.2. O campo de bolos debe ser de chan areoso (terra, barro…) e ben pisado.

5.3. O terreo de céspede ou herba, ben cortada, constitúe unha superficie ideal para o desenvolvemento do xogo.

Artigo 6.º O campo de bolos terá preferentemente unha forma rectangular, cunhas medidas de longo entre 56,50 e 62,50 metros, e de ancho entre 20 e 25 metros. A anchura na zona de tiro poderá ser menor, pero nunca inferior a 10 metros (5 metros dende o punto central da caixa dos bolos), sendo imprescindible que a partir da caixa dos bolos se dispoña deses 20 metros como mínimo.

Artigo 7.º Será convinte que o campo de xogo dispoña dun pechado perimetral ou rede de protección e de seguridade que evite, por un lado, a perda de bolos e, por outra, para que ditos bolos fagan o menor dano posible nos elementos circundantes ao terreo de xogo.

Artigo 8.º O campo de bolos consta de dúas partes ben definidas: a zona de tiro e caixa e o campo para os bolos.

8.1. Zona de tiro e caixa. É a primeira parte do campo de bolos. Deberá ter unha distancia de 6,30 metros, que é a distancia entre a zona de

lanzamento (patio) e a liña de colocación dos bolos na caixa (véxase a ilustración 71). A anchura é a que se recolle no artigo 6.º



Distancias entre:	Mínimo	Estándar	Máximo
Patio – liña de bolos	-	6,30 m.	-
Liña de bolos – Raia de 10	-	5,20 m.	-
Raia de 10 – Raia de 20	14 m.	15 m.	16 m.
Raia de 20 – Raia de 50	15 m.	16 m.	17 m.
Raia de 50 – Raia de 100	16 m.	17 m.	18 m.
Ancho total campo	20 m.	20 m.	25 m.
Largo total campo	56,50 m.	59,50 m.	62,50 m.

Ilustración 71. Medidas do campo de bolos

8.2. Zona de campo para os bolos. É a segunda parte do campo. Corresponde coa continuación da liña de colocación dos bolos na caixa ata o punto máis alonxado do campo (raia de 100 ou de acabar, de ser o caso). Nesta área están marcadas as raias que determinan a validez e puntuación dos bolos: raia de 10 (tamén chamada raia de meca), raia de 20, raia de 50 e raia de 100. Se a lonxitude do campo así o permite, poderase situar, ademais, a "*raia de acabar*". As distancias entre estes puntos son os seguintes (véxase a ilustración 71):

* A distancia entre a liña de colocación dos bolos e a raia de 10 será de 5,20 metros.

* A distancia entre a raia de 10 e a raia de 20 será de 15 metros, permitíndose un mínimo de 14 metros e un máximo de 16 metros.

* A distancia entre a raia de 20 e a raia de 50 será de 16 metros, permitíndose un mínimo de 15 metros e un máximo de 17 metros.

* A distancia entre a raia de 50 e a raia de 100 será de 17 metros, permitíndose un mínimo de 16 metros e un máximo de 18 metros.

* Se se marcara a *raia de acabar*, a distancia entre esta e a raia de 100 será, como mínimo, de 15 metros.

* A anchura é a que se recolle no artigo 6.º

CAPÍTULO III

ELEMENTOS DO XOGO

Artigo 9.º Os elementos do xogo serán de 2 tipos:

9.1. Elementos dinámicos ou que xogan. Compostos polos bolos e polas bólas de lanzamento.

9.2. Elementos estáticos ou que non xogan. Compostos polo patio (lugar de lanzamento), caixa (lugar onde se colocan os bolos) e raias ou liñas.

Artigo 10.º Os bolos. Son unhas pezas de madeira ou material sintético torneados dunha forma característica, neste caso en forma de "*pera*" ou "*bombilla*" (véxase a ilustración 72). Estas pezas deben ser de material duro, para evitar no posible que rachen cando a bóla entre en contacto con eles. Recoméndase o uso de madeira de buxo ou dun material sintético como o

teflón para a súa construción, sendo este último o material empregrado nos últimos tempos.

Os bolos teñen unha altura de 5,5 cm, unha anchura (diámetro) na base de 4 cm e 5 cm na parte máis grosa. O peso de cada peza é de aproximadamente 100 gramos.



Ilustración 72. Características dos bolos de Boiro. Dimensións, peso e mostras do bolo antigo de madeira de buxo (arriba de cor vermello) e do bolo actual de teflón (abaixo de cor branco)

Artigo 11.º As bólas. Son pezas de madeira ou material sintético de forma esférica, macizas, e teñen que ser obrigatoriamente do mesmo material do que están construídos os bolos. Hai dous tipos de bólas: a **bóla grande** (tamén chamada "*bóla de man*" ou "*bóla de romper*") e a **bóla pequena** (tamén chamada "*bóla de rabo*").

11.1. Bóla grande "*de man*" ou "*de romper*". Ten unhas dimensións de 15 cm de diámetro e un peso aproximado de 2150 gramos (véxase a ilustración 73).

11.2. Bóla pequena ou "*de rabo*". Ten unhas dimensións de 14 cm de diámetro e un peso aproximado de 1750 gramos (véxase ilustración 73).



Ilustración 73. Características das bólas. Tamaño, peso e mostra comparativa

Artigo 12.º O lugar de lanzamento (patio). O patio é o lugar dende onde o/a xogador/a efectúa o lanzamento. Está formado por unha lousa de pedra alongada, de 2 metros de longo, 70 cm de ancho e de 10 cm de alto (véxase a ilustración 74). Estas medidas poden ser variables sempre e cando o/a xogador/a dispoña dunhas medidas mínimas para situarse correctamente enriba, fixar o pé de tiro (o mesmo que o da man que lanza a bóla) e efectuar movementos de balanceo previos ao lanzamento.



Ilustración 74. Dimensións do patio ou lugar de lanzamento. Abaixo, patios dos campos de Pomardorrío (esquerda) e Triñáns (dereita)

Artigo 13.º A caixa. Denomínase así a lousa de pedra onde se colocan os bolos, tamén chamada "pedra boleira". Será dun material duro, normalmente granito ou pedra, ben pulida para facilitar a saída dos bolos e das bólas. É de forma rectangular, cunhas medidas de 120 cm de longo e 60 cm de ancho (véxanse as ilustracións 75 e 76). Está colocada cun ángulo de pendente máximo dun 15%, e a partir dela, colócanse dúas pezas de granito ou pedra con caída ata o chan, tanto para a zona do patio como para a zona da raia de 10. O extremo máis alonxado á zona de tiro está lixeiramente escavada ao ancho, sendo esta canle a destinada a colocar os 12 bolos. A altura da canle dos bolos ao chan será dun mínimo de 30 cm e dun máximo de 50 cm, sendo a altura estándar arredor dos 40 cm.



Ilustración 75. Forma e tamaño da caixa dos bolos

Ilustración 76. Imaxes das caixas do campo de bolos de Pomardorrío (esquerda) e Triñáns (dereita)

Artigo 14.º As raias ou liñas do campo. Estarán marcadas no terreo de xogo por un pequeno rego, que irá dun lado a outro do ancho do campo. Estes regos poderán estar marcados igualmente por un material visible (cal ou pintura preferentemente) que facilite a visión dos/das xogadores/as de todas as raias do campo. De non marcarse con regos, a marcaxe con este material visible será suficiente. O obxecto da raia é determinar a principal condición para que o lanzamento sexa válido (que a bóla supere a raia de 10) e a puntuación dos bolos unha vez que son derrubados e desprazados da caixa (raias de 10, 20, 50, 100 ou *raia de acabar*).

CAPÍTULO IV

VALORACIÓN DAS XOGADAS

Artigo 15.º É condición indispensable en calquera tipo de xogada ou competición que a bóla rebase a raia de 10 para que o lanzamento teña valor e poidan contabilizarse os bolos derrubados. De non ser así, enténdese que a bóla "*mecou*" e, polo tanto, os bolos derrubados nese lanzamento non terán ningún valor.

Artigo 16.º Enténdese que a bóla rebasou a raia de 10 cando cae ao medio do rego ou canle que marca a raia correspondente ou, no caso de que estivera marcado o campo de bolos con cal ou pintura, cando a bóla rebasa completamente a raia en cuestión.

Artigo 17.º Se despois do lanzamento a bóla rebasa a raia de 10, entón procédese ao reconto segundo os bolos derrubados do seguinte xeito:

- Os bolos que caen na canle onde estaban colocados pero non chegan á raia de 10, contabilízase 1 punto por cada bolo.
- Cada bolo que rebasa a raia de 10 pero non o fai da raia de 20, contabiliza 10 puntos.
- Cada bolo que rebasa a raia de 20 pero non o fai da raia de 50, contabiliza 20 puntos.
- Cada bolo que rebasa a raia de 50 pero non o fai da raia de 100, contabiliza 50 puntos.
- Cada bolo que rebasa a 100 contabiliza 100 puntos.
- Se un bolo chega á raia de acabar é suficiente para gañar a partida.

Artigo 18.º Despois do lanzamento, se o bolo rebasa totalmente o borde que marca o inicio do rego ou canle da raia correspondente, enténdese que rebasa esa raia e polo tanto aplícaselle a puntuación correspondente. No caso de que o campo de bolos estivera marcado con cal ou pintura, enténdese que o bolo rebasa a raia cando o fai a totalidade do bolo.

Artigo 19.º As partidas son a 200 puntos.

Artigo 20.º Non terá valor a xogada e polo tanto haberá que repetir o lanzamento nos seguintes casos:

- Cando no momento de lanzar a bóla caeran un ou varios bolos antes de que a bóla tocase a caixa.
- Cando no momento do choque da bóla coa caixa rompa algún bolo ou a bóla.

- Cando no momento de lanzar o/a xogador/a fose obstruído por causas alleas a súa vontade.
- Cando a bóla **non sae** da man do/a xogador/a.
- Cando a bóla lle cae da man ao/á xogador/a (polos motivos que sexan) pero a bóla non sae en dirección aos bolos.
- En caso de dúbida, decide o xuíz ou árbitro de campo.

Artigo 21.º A xogada é válida e polo tanto non se repite o lanzamento cando:

- O/A xogador/a lanza a bóla en dirección aos bolos.
- O/A xogador/a efectúa o movemento de lanzamento, abandona o patio e a bóla sae da man en dirección á caixa e aos bolos.
- O/A xogador/a equivócase de bóla (grande-pequena). Neste caso, o lanzamento é válido pero os bolos non puntúan, ou sexa, a puntuación é 0.
- Outros motivos non recollidos neste artigo que interfiran no lanzamento pero o xuíz ou árbitro de campo estime oportuno non repetir o lanzamento.

Artigo 22.º Para contabilizar a puntuación dun bolo, este debe cumprir o seguinte:

- Estar en contacto co chan ou enriba da caixa, apoiándose sobre o seu eixo lonxitudinal.
- Estar nunha sóa peza. Ou sexa, que non fendese á metade froito do contacto ca bóla ou do choque deste contra outro elemento: pedra, árbore ou outro elemento situado no campo.
- Contaranse os bolos no lugar que queden inmóbiles.

- Só se contabilizan os bolos que quedan dentro dos límites do campo, excepto os que saian máis alá da liña de 100 ou "*de acabar*" (fondo oposto á zona de lanzamento), que se contabilizará 100 puntos por cada un deles ou, de ser o caso, rematar a partida.

- Os bolos que tropezan nalgún elemento que invade o campo de bolos (rama dunha árbore, persoa, elemento do peche perimetral e outros) considéranse válidos, e serán contabilizados unha vez que queden inmóbiles no lugar correspondente.

- En calquera outro caso non especificado neste regulamento, será o xuíz ou árbitro de campo o que resolva a situación.

CAPÍTULO V

SISTEMAS E FORMA DE XOGO

Artigo 23.º As partidas libres normalmente xóganse de xeito individual, ou sexa, o reto, duelo ou "*man a man*" dun/dunha xogador/a contra o outro/a.

Artigo 24.º Os torneos ou competicións soen xogarse en parellas, ou sexa, enfrontándose dous/dúas xogadores/as contra outros dous/dúas.

Artigo 25.º Antes de comezar o xogo, o xuíz ou árbitro de campo lanza unha moeda ao aire para determinar quen inicia o xogo, ou sexa, quen "*rompe*".

Artigo 26.º O/A xogador/a que "*rompe*" faino sempre coa bóla grande, e o sistema de rotación de xogadores/as e tamaño de bóla cambia se o xogo é de xeito invididual ou en parellas.

Artigo 27.º Xogo individual. O xuíz ou árbitro de campo lanza unha moeda ao aire para decidir que parella inicia o xogo. O/A xogador/a que "*rompe*"

(xogador/a 1) faino coa bóla grande; a continuación lanza o/a xogador/a 2 coa bóla pequena; logo volve a lanzar o/a xogador/a 1 coa bóla pequena e remata a serie o/a xogador/a 2 coa bóla grande. Esta secuencia repetirase ata o final do xogo (véxase a táboa 140).

	1.ª serie				**2.ª serie**				**3.ª serie**				**4.ª serie**			
Xogador/a	**1**	**2**	**1**	**2**	**1**	**2**	**1**	**2**	**1**	**2**	**1**	**2**	**1**	**2**	**1**	**2**
bóla	**G**	**P**	**P**	**G**	**G**	**P**	**P**	**G**	**G**	**P**	**P**	**G**	**G**	**P**	**P**	**G**

Táboa 140. Secuencia de rotación do xogo individual

Artigo 28.º Xogo por parellas. Os/As xogadores/as 1 e 2 enfróntanse contra os/as xogadores/as A e B. O xuíz ou árbitro de campo lanza unha moeda ao aire para decidir que parella inicia o xogo. Unha vez decidido, a secuencia de rotación dos/das xogadores/as e das bólas é a seguinte:

- O/A **xogador/a 1** "*rompe*" coa **bóla grande** e, unha vez efectuado o lanzamento, "*sube ao monte*" para recoller os bolos e as bólas nos catro seguintes lanzamentos.
- O/A **xogador/a A** efectúa o lanzamento coa **bóla pequena**. Neste caso, dise que este/a xogador/a "*métese polo medio ca pequena*".
- O/A **xogador/a 2** efectúa o lanzamento coa **bóla grande**. Neste caso, dise que este/a xogador/a "*da as dúas*", que quere dicir que a seguinte parella efectúa 2 lanzamentos consecutivos, un coa bóla pequena e outro coa bóla grande.
- O/A **xogador/a B** efectua o lanzamento coa **bóla pequena**.
- Neste momento acabouse a primeira serie, onde xa lanzaron os/as 4 xogadores/as (1 e 2 coa bóla grande e A e B coa bóla pequena). Agora, no caso de non rematar o xogo, iniciaríase

unha segunda serie, onde comeza o xogo coa **bóla grande** o/a **xogador/a A**, o compañeiro do que rematou a serie anterior, resultando deste xeito que hai un momento no xogo onde os compoñentes da parella lanzan dúas veces consecutivas. Despois de efectuar o lanzamento, sube ao monte a recoller as bólas e bolos nas seguintes catro xogadas.

- O/A **xogador/a 1** lanza coa **bóla pequena** ("*métese polo medio coa pequena*").
- O/A **xogador/a B** lanza coa **bóla grande** e "*da as dúas*" a outra parella.
- O/A **xogador/a 2** lanza coa bóla **pequena.**
- E así sucesivamente ata rematar o xogo nos 200 puntos.

Na táboa 141 pode comprobarse mellor a serie de rotación enumerada:

	Serie 1				**Serie 2**			
Xogador/a	**1**	**A**	**2**	**B**	**A**	**1**	**B**	**2**
Bóla	**G**	**P**	**G**	**P**	**G**	**P**	**G**	**P**
Acción	**Rompe e sube ao monte**	**"Métese polo medio"**	**Da as dúas**	**/**	**Rompe e sube ao monte**	**"Métese polo medio"**	**Da as dúas**	**/**
	Serie 3				**Serie 4**			
Xogador/a	**1**	**A**	**2**	**B**	**A**	**1**	**B**	**2**
Bóla	**G**	**P**	**G**	**P**	**G**	**P**	**G**	**P**
Acción	**Rompe e sube ao monte**	**"Métese polo medio"**	**Da as dúas**	**/**	**Rompe e sube ao monte**	**"Métese polo medio"**	**Da as dúas**	**/**

Táboa 141. Secuencia de rotación do xogo en parellas

Artigo 29.º O xogo remátase cando se alcanzan os 200 puntos, tanto en individuais como en parellas. Iso si, sempre hai que deixar pasar a primeira serie de lanzamentos para que a partida sexa válida, ou sexa, teñen que efectuar o lanzamento todos/as os/as xogadores/as da partida. Se o/a xogador/a que "*rompe*" xa rebasa os 200 puntos, deberá esperar a que efectúen o lanzamento os/as outros/as xogadores/as. Neste caso, pode ocorrer que a partida remate cos/cas dous/dúas contrincantes ou cas dúas parellas por riba dos 200 puntos (por exemplo, 215-243). No resto dos casos, un dos marcadores sempre reflectirá 200 ou máis puntos e o outro menos de 200 puntos.

CAPÍTULO VI

TORNEOS E COMPETICIÓNS

Artigo 30.º Os torneos e competicións que se organicen do xogo dos bolos en Boiro terán a súa propia regulamentación en canto a sistema de competición, calendario, horarios, puntualidade, cambio de partidas, premios e calquera outra que afecte para o correcto desenvolvemento da competición, rexéndose sempre pola normativa de xogo especificada neste regulamento.

Artigo 31.º Será obrigatorio nos torneos e competicións designar un xuíz ou árbitro de campo, que terá as seguintes funcións:

- Terá como misión especial, ademais de armar a partida, valorar e cantar as xogadas, comprobar o estado do campo de bolos, medidas, material empregado (bolos e bólas) e a organización xeral acorde co regulamento.

- Resolverá todos os casos de conformidade coas regras do xogo, fará fronte ás incidencias que xurdan adoptando as medidas necesarias e, en caso de dúbida, resolverá en consecuencia.

- As súas decisións durante as partidas serán inapelables.

- Mostrarase completamente imparcial, sen aumentar ou diminuír o ánimo dos/as xogadores/as, nin facer referencias do xogo a ningún/ha xogador/a. Limitarase, como queda dito, a cantar as xogadas, valoralas e velar en todo momento pola corrección do xogo.

- Aínda que os/as propios xogadores/as serán os encargados de armar os bolos na caixa, será o xuíz ou árbitro de campo o encargado de comprobar a súa correcta colocación e disposición, dando o seu visto bo para efectuar o lanzamento.

Artigo 32.º En todos os torneos e competicións deberanse cubrir unhas actas onde se reflexe o nome dos/as xogadores/as participantes, o día e hora da partida e a puntuación acadada en cada unha das partidas xogadas. O xuíz ou árbitro de campo comprobará esta acta xunto cos/cas capitáns/capitás de cada equipo e, unha vez revisada e dada a conformidade de todos, asinarase tanto polos/as capitáns/capitás como polo xuíz ou árbitro de campo para entregar á organización.

Artigo 33.º Calquera anomalía na competición que o xuíz ou árbitro de campo non poida resolver, trasladarase á organización para que resolva a mesma e lle traslade a súa resolución aos/ás xogadores/as implicados/as.

CAPÍTULO VII

AS APOSTAS

Artigo 34.º Nas partidas libres, están permitidas as apostas no xogo dos bolos en Boiro. Os/as xogadores/as poderán apostar entre eles o que consideren oportuno, sexan cartos ou doutra índole (viño, alimentos básicos, un galo e outros).

Artigo 35.º No transcurso de torneos ou competicións non están permitidas as apostas, salvo que a organización non destine ningún tipo de premios aos primeiros clasificados en dito torneo.

Artigo 36.º As tabernas que dispoñan dun campo de bolos ou dos elementos para o desevolvemento do xogo (bolos e bólas) en propiedade poderán esixirlle aos/ás xogadores/as a aposta mínima por partida, a semellanza das antigas apostas, que se realizan do seguinte xeito:

- O/A xogador/a compra na taberna unha cantidade de fichas dun valor determinado, fixado e coñecido por todos.
- En cada partida, cada xogador/a aposta unha ficha. Ao remate da partida, o/a gañador/a queda coa ficha do rival.
- Os/as xogadores/as poderán trocar as fichas na taberna por produtos que esta teña á venda (bebida e víveres, sobre todo) por igual valor económico ao da fichas.

Artigo 37.º O pago das apostas son de obrigado cumprimento por parte dos/as xogadores/as, do contrario, estes poderían ser sancionados e non invitados a participar nos diferentes torneos e competicións no que participe o colectivo de xogadores/as locais de bolos.

Artigo 38.º Este regulamento non poderá ir contra das leis establecidas en materia de apostas deportivas ditadas pola administración, polo que a regulación destas prevalecerán sobre este regulamento.

CAPÍTULO VIII

VARIANTES E ADAPTACIÓNS DO XOGO

Artigo 39.º Para partidas amigables, de ocio e de promoción do xogo, este regulamento poderá ser adaptado ás necesidades dos participantes, establecéndose as seguintes recomendacións:

- Para a promoción do xogo entre os/as rapaces/zas, adaptar as distancias de lanzamento, liñas, peso e tamaño da bóla, tamaño dos bolos ou puntuación, coa finalidade de facilitar o xogo aos que se inician no mesmo.

- Nos días que se xuntan moitos/as xogadores/as, rebaixar o remate das partidas a 150 puntos.

- Nos campos de bolos que están en malas condicións, sen pechado perimetral ou nas circunstancias que previsiblemente se poidan extraviar bolos, reducir o número destes, co que sexa posible seguir a traxectoria dos mesmos para facilitar a súa localización.

Artigo 40.º "*Bolo do monte*". Tamén chamado "*o boliño*", denomínase así á forma de xogo empregada polos/as xogadores/as cando o día vai esmorecendo (e con él a luz diurna) ou cando se xuntan unicamente dous/dúas ou tres xogadores/as, co obxectivo de localizar facilmente os elementos do xogo, e que consiste no seguinte:

- Só se coloca un bolo na caixa ou pedra boleira (pode darse o caso de que este bolo sexa dun tamaño un pouco maior que o normal, fabricado especificamente para xogar con esta variante).

- O/A xogador/a efectúa o lanzamento co propósito de desprazar ese bolo o máis lonxe posible.

- Gaña o/a xogador/a que despraza máis lonxe este bolo.

- Pódese xogar a unha ou varias rondas, feito que determinan e pactan os/as propios/as xogadores/as.

- En caso de apostas, o que despraza o bolo máis lonxe é o que se queda co total da cantidade apostada.

Artigo 41.º "*A Malleira*". Denomínase así a forma de xogo empregada cando se xuntan no campo moitos/as xogadores/as (por exemplo, 14 ou 20 xogadores/as) e, para que todos poidan xogar, fórmanse dous equipos iguais (7 contra 7, 10 contra 10…), páctase a puntuación a acadar (normalmente 500 ou 1000 puntos) e, o equipo que antes acade esa puntuación, gaña a partida.

- Antes de comezar a partida, todos os/as xogadores/as achegan a cantidade establecida en concepto de aposta.
- O equipo que antes acade a puntuación pactada, gaña a aposta e repártese entre os compoñentes do equipo gañador.
- A forma de xogo é igual á normativa, seguindo o sistema de rotación de xogadores/as e bólas.

Artigo 42.º "*O Galo*". Establécese unha cota de inscrición por xogador/a para custear os gastos dun galo. Cada xogador/a lanzará só dúas bólas, unha grande e unha pequena. Despois de efectuar o lanzamento todos os inscritos, o que máis puntuación acade gañará o galo.

- En caso de empate, xógase unha segunda ronda co mesmo sistema para desfacer o empate.

CAPÍTULO IX

RÉXIME DISCIPLINARIO E XOGO LIMPO

Artigo 43.º Os/as xogadores/as mostrarán sempre respecto cara aos demais participantes, xuíz ou árbitro de campo, organización ou público en xeral, mostrando sempre unha conduta exemplar no terreo de xogo.

Artigo 44.º As condutas violentas (verbais ou físicas) serán motivo máis que suficiente para invitar ao/á xogador/a a abandoar o campo de bolos.

Artigo 45.º Os/as xogadores/as mostrarán sempre unha boa disposición para colaborar cos compañeiros, co xuíz ou árbitro de campo e coas situacións que

o precisen para que o xogo de desenvolva con corrección. Asimesmo deberán estar en plenas facultades físicas, evitando o consumo de drogas, alcohol e outras sustancias que o que fan é desprestixiar o xogo dos bolos con condutas inapropiadas.

Artigo 46.º O público asistente deberá asimesmo respectar a normativa de xogo e aos/ás xogadores/as, velando por un clima de cordialidade no campo de bolos.

Artigo 47.º O descoñecemento desta normativa non exime do seu cumprimento.

Anexos ao regulamento.

Adxúntanse fotografías do estado actual do campo de bolos de Pomardorrío (véxase a ilustración 77), do campo de bolos de Triñáns (véxase a ilustración 78), e dos seus principais elementos de xogo: caixas de bolos e patios de lanzamento (véxanse as ilustracións 79, 80, 81 e 82).

As ilustracións 83 e 84 mostran as diferentes formas de marcas as raias do campo de xogo: con rego (Pomardorrío) e con liñas pintadas no chan (Triñáns).

A ilustración 85 mostra os bolos e bólas que se empregan para o xogo.

Ilustración 77. Campo de bolos de Pomardorrío (Cures)

Ilustración 78. Campo de bolos de Triñáns (Abanqueiro)

Ilustración 79. Patio do campo de bolos de Pomardorrío (Cures)

Ilustración 80. Caixa do campo de bolos de Pomardorrío (Cures)

Ilustración 81. Patio do campo de bolos de Triñáns (Abanqueiro)

Ilustración 82. Caixa do campo de bolos de Triñáns (Abanqueiro)

Ilustración 83. Raias marcadas con regos no campo de bolos de Pomardorrío

Ilustración 84. Raias pintadas no chan do campo de bolos de Triñáns

Ilustración 85. Mostra de bolos e bólas utililzados para o xogo. En vermello, pezas de madeira de buxo (antigas). En branco, pezas de material sintético (teflón) empregadas actualmente

CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS

Para concluir con este proceso de investigación, despois da recollida de datos e de toda a información proporcionada a través das ferramentas metodolóxicas empregadas, da análise dos mesmos e da exposición dos resultados obtidos, só nos queda expoñer as conclusións resultantes deste traballo e as propostas que se poden facer de cara á recuperación e consolidación do xogo dos bolos no concello de Boiro e para futuras liñas de investigación que se poidan desenvolver sobre a temática dos bolos ou, en xeral, dos xogos populares e tradicionais.

Do traballo empírico da tese, pódese concluir que a pesar dos intentos do Servizo Municipal de Deportes por potenciar a práctica dos xogos e deportes populares e tradicionais e, especialmente, o xogo dos bolos, apréciase que aínda queda un longo camiño por percorrer. Ao traballo de aumentar a actividade bolística na localidade e de recuperar e habilitar novos campos de xogo, hai que engadir e valorar as limitacións que se atopará na propia sociedade, onde os gustos deportivos, de ocio e tempo libre transcorren por camiños diferentes, primando os novos deportes de masas e atopando nas persoas máis próximas ao xogo (antigos xogadores, taberneiros, seguidores e afeccionados) un acentuado pesimismo acerca da posibilidade de recuperar de novo o xogo dos bolos e incluílo como unha actividade máis de ocio e tempo libre entre os cidadáns boirenses, tal e como ocorría nun pasado non tan lonxano.

Despois desta análise xeral, establécense as principais conclusións en base aos obxectivos formulados para este traballo de investigación.

En relación ao obxectivo xeral da tese de ***"coñecer os aspectos técnicos, históricos e culturais do xogo dos bolos no concello de Boiro e determinar as causas que motivaron o seu paulatino decaemento, establecendo propostas de conservación e consolidación do xogo nas prácticas cotiás de ocio e tempo libre dos cidadáns boirenses"*** chegamos ás seguintes conclusións:

1. As persoas entrevistadas destacan a importancia que tivo o xogo dos bolos en Boiro, a principal actividade de ocio onde se divertían os homes da localidade ata practicamente o último cuarto do século XX. O reducido abano de actividades de ocio e tempo libre fixo que os homes se decantaran por un xogo que tiña uns alicientes moi atractivos para eles, xa que podían demostrar as súas calidades físicas (sobre todo a forza), retarse, facer apostas e incluso resolver conflitos sen chegar ás mans.

2. Tradicionalmente é un xogo de homes. As mulleres non tiveron un papel relevante no xogo dos bolos en Boiro, sobre todo polo rol que cumprían na sociedade e tamén porque non dispoñían dunha das principais calidades físicas que se requerían para esta modalidade de pasabolo, a forza. Ademais disto, o feito de que moitos dos campos de bolos pertenceran ás tabernas fixo que as mulleres se mantiveran lonxe deste xogo, non estando ben visto pola sociedade que as mulleres frecuentaran unha taberna máis que para acudir a mercar algún que outro producto básico de consumo (bebida, pan, aceite e azúcar, entre outros).

3. A práctica do xogo dos bolos era unha forma máis de relación social, un xeito de estar cos veciños e amigos a fin de semana, de falar, de escoitar, de compartir, de colaborar, de rir, de facer un alto no traballo. Era unha boa forma de aliviar a mente das miserias que imperaban na sociedade nesa época: loitas, fame, represión…

4. Falar do xogo dos bolos en Boiro é falar de apostas, que se poñían en práctica para establecer continuos retos entre os xogadores. Non estaban principalmente enfocadas para gañar cartos (aínda que os mellores xogadores así o facían), senón simplemente para engadir alicientes ao xogo cando se trata de baixas cantidades e, cando se apostaban xa grandes cantidades de cartos ou outras cousas dun valor económico considerable (cántaros de viño ou animais da casa), para demostrar a fanfurriña de cada un, para mostrar o seu nivel social ou,

simplemente, para xogar máis a miúdo nos campos de máis éxito, onde os que facían as poxas máis elevadas eran os que entraban nas partidas do xogo dos bolos.

5. Para os que xogaban aos bolos, esta actividade era unha forma máis de vida, o complemento ideal dun mundo laboral moi duro, o vicio que os mantiña motivados ata a chegada da fin de semana. Neste contexto convivían perfectamente persoas de idades moi diferentes, onde no día a día existía un respecto absoluto e durante xogo disolvíanse todos os lazos de amizade, no que todos querían gañar pero cumprindo estritamente coas regras do xogo, unhas regras que non estaban escritas pero que o seu valor e validez estaban fóra de toda dúbida.

6. Os bos xogadores eran respectados e queridos por toda a comunidade bolística, chegando incluso a modificar algunhas regras do xogo para que os máis vellos puideran seguir disfrutando dos bolos e enfrontarse a persoas que os dobraba ou triplicaba en idade pero que, en cambio, xa non dispoñían desa forza que era característica neles moitos anos atrás. Incluso os fillos dos xogadores con máis renome tiñan que soportar a carga que supoñía ser "o fillo de…", continuando coa tradición familiar neste ámbito e defendendo a súa honra e a do seu pai alá nos campos onde participaba.

7. A pesar da importancia que tivo o xogo dos bolos na localidade, este feito nunca trascendeu aos medios de comunicación, sendo nulas as referencias a este xogo en prensa escrita e televisión ata practicamente finais dos anos 80, onde os xornais recollían os intentos do concello de Boiro de promocionar este xogo popular e tradicional con torneos e premios considerables entre os gañadores.

8. A ausencia dunha actividade regrada e federada contribuíu a que o xogo dos bolos, en pleno decaemento a partir do último cuarto do século XX, fose minguando na súa práctica ata case a súa total desaparición, feito que sería real de non ser polos veciños de Cures en seguiren practicando este popular xogo. Noutras provincias galegas, o

asociacionismo, o apoio das institucións e o feito de que a Federación Galega de Bolos promocionara campionatos oficiais de xogos de bolos tradicionais contribuíu decididamente a que se seguira mantendo a actividade bolística nesas zonas, feito que non ocorriu en ningún concello da provincia da Coruña e, tampouco, en Boiro.

9. A práctica de xogos populares e tradicionais nos centros educativos de Boiro é testemuñal e, máis concretamente o xogo dos bolos, é practicamente nula.

En relación co obxectivo específico de **"*determinar a localización xeográfica dos campos de xogo que houbo no concello de Boiro dende comezos dos século pasado ata os nosos días*"** destacamos o seguinte:

1. Localizáronse campos de bolos en todas as parroquias do concello de Boiro, sumando en total 86 campos, dato que nos mostra a importancia que tivo este xogo popular e tradicional na localidade dende comezos do século XX.

2. A pesar da importancia que se lle atribúe ás tabernas en relación co xogo dos bolos, tan só pouco máis dunha cuarta parte se corresponde con estes campos.

3. O campo de bolos de Pomardorrío é o único que rexistra unha actividade habitual de xogo de bolos, e aínda que actualmente este campo está moi relacionado coa taberna adxacente, nos seus inicios naceu sen vínculo con ningunha taberna. Hoxe en día, a pesar de ser un campo libre, a taberna de Pomardorrío constitúe o principal punto de apoio deste campo de bolos, sendo o seu principal impulsor e promotor de actividade.

4. As tabernas que promocionaban o xogo dos bolos facíano para atraer clientes e aumentar deste xeito os beneficios do negocio. A maioría da tabernas tiña un terreo propio habilitado para o xogo dos bolos e, o rexente ou taberneiro, era o principal interesado en

promocionar ese xogo polo que, ademais de encargarse do mantemento do campo, adoitaba facer os bolos e bólas, coidalos e custodialos para que os xogadores tiveran sempre oportunidade de poñer en práctica as súas habilidades.

5. A maior concentración de campos de bolos no concello de Boiro localízase preto da costa e nos núcleos poboacionais máis habitados (59,30% do total), rachando un pouco coa idea de que os bolos eran propios das zonas máis rurais.

6. É de destacar a relación que había entre a ubicación dos campos de bolos e as igrexas ou capelas da localidade, onde máis do 80% das mesmas disponían dun campo de bolos ao carón ou moi preto, de xeito que ao sair da misa, os homes xa quedaban no campo de bolos a xogar a partida sen necesidade de desprazarse a outros lugares, co conseguinte aforro de tempo para adicarllo ao xogo en si.

En relación co obxectivo específico de **"*analizar o sistema do xogo dos bolos e de todos os compoñentes físicos que o integran".*** destacamos o seguinte:

1. Apréciansе similitudes do xogo dos bolos de Boiro con outras modalidades de pasablolo en Galicia e España (bolo celta en Galicia e bolos de Tineo en Asturias), se ben existen pequenas diferenzas en canto a distancias de lanzamento, puntuación ou mesmo no número de bolos a derrubar.

2. O material empregado para o xogo posúe unhas características que fan do xogo dos bolos de Boiro unha modalidade única en España. A diferenza co resto de modalidades está nos bolos, os máis pequenos empregados para este xogo en todo o territorio español, sendo os máis parecidos (en forma e peso) as dúas "cuatras" dos bolos maragatos de León.

En relación co obxectivo específico de **"*coñecer as percepcións de antigos xogadores e persoas vinculadas directamente a este xogo popular sobre as causas que motivaron a súa popularidade e o posterior decaemento ata un nivel moi baixo de práctica, chegando case a súa total desaparición*"** destacamos o seguinte:

1. O xogo dos bolos foi a principal diversión dos homes da localidade ata practicamente o último cuarto do século XX. A súa popularidade veu dada polo escaso abano de posibilidades de actividades de ocio e tempo libre nesa época, sendo o xogo dos bolos o que ocupaba preferentemente a diversión dos homes, xunto con outro tipo de xogos populares e tradicionais (o xogo da chave, a rá ou os aros, entre outros).

2. A partir do último cuarto do século XX, coa aparición de novos divertimentos e novas actividades de ocio e tempo libre, provocados de certo xeito polos cambios na sociedade e polo progreso en si, fixo que o xogo dos bolos compartira protagonismo cos novos xogos e divertimentos, cedendo paulatinamente terreo ata quedar practicamente no olvido hoxe en día. Nestes novos divertimentos hai que destacar a irrupción do fútbol, deporte que foi gañando adeptos a medida que avanzaba o tempo e que hoxe en día acapara toda a atención na localidade.

3. O desenvolvemento urbanístico arrasou con moitos campos de bolos que había na localidade (estradas, autovía ou mesmo vivendas) desaparecendo pouco a pouco os lugares onde se xogaba aos bolos e perdendo deste xeito a oportunidade de que outras xeracións retomaran os usos e costumes dos pais e avós.

4. As novas xeracións naceron ao abeiro dos divertimentos e deportes modernos, rachando deste xeito coa tradición do xogo popular e tradicional por excelencia en Boiro: o xogo dos bolos.

En relación co obxectivo específico de **"*elaborar un regulamento que sirva de referencia para os actuais e futuros xogadores*"** destacamos o seguinte:

1. Elaborouse un regulamento baseado na realidade do xogo, recollendo as achegas dos propios xogadores que reflicten fielmente o que foi e o que é este xogo popular e tradicional na localidade.

2. Recóllense as peculiaridades dos materiais do xogo (bolos e bólas), das características do campo de bolos e dos elementos que o conforman, así como a normativa e sistema de xogo, de xeito que calquera persoa que teña acceso a esta información poida comezar a xogar de novo sen necesidade de contar coa información oral que lle transmita un especialista.

3. Este regulamento garantiza a continuidade da tradición, non na súa práctica, pero si en canto ao coñecemento e difusión do principal divertimento dos homes de Boiro durante boa parte do século XX: o xogo dos bolos. E tamén garantiza que se houbera una futura implicación dende o punto de vista pedagóxico esta actividade sería difundida entre nenos e nenas de diferentes idades.

En relación co obxectivo específico de **"*propoñer liñas de actuación de cara á promoción e consolidación do xogo dos bolos en Boiro, implicando aos principais axentes favorecedores da súa práctica: mestres, profesores, técnicos deportivos, políticos e medios de comunicación*"** realízanse as seguintes propostas:

1. Ensinar o xogo dos bolos nos centros educativos da localidade (centros de ensino primario e secundario) tanto de forma teórica como práctica, recaendo o citado labor nos Departamentos de Educación Física e implicando a outros departamentos en programas multidisciplinares e transversais. A modalidade do xogo dos bolos de Boiro debe formar parte da programación de aula do profesor de

Educación Física e contar con unidades didácticas de desenvolvemento específicas.

2. As entidades supramunicipais (Xunta de Galicia e Deputación da Coruña) deben habilitar liñas específicas de axudas para a recuperación e promoción do xogo dos bolos nas distintas localidades galegas, financiando os proxectos que se presenten dende os concellos.

3. O concello de Boiro debe habilitar unha partida económica específica nos seus orzamentos anuais para a promoción do xogo dos bolos na localidade e poñer en marcha un proxecto serio que inclúa actuacións referentes a instalacións deportivas, programa de actividades, fomento do asociacionismo e axudas ou subvencións a entidades sen fin de lucro:

    - Instalacións deportivas.
        - Habilitar campos de bolos en todas as parroquias.
        - Campos céntricos, de fácil acceso, en lugares concorridos e delimitados cun peche perimetral que minimice a perda de material e os perigo que poida supoñer a traxectoria dos bolos.
    - Programa de actividades.
        - Actividades de promoción nos centros educativos.
        - Actividades extraescolares, coa organización de escolas deportivas para rapaces de ata 16 anos.
        - Organizar ligas e torneos menores (parroquiais).
        - Organizar unha liga xeral na que participen os mellores de cada parroquia, establecendo premios atraíntes para os gañadores (premios que poden proceder ben do ente municipal ou a través de

colaboracións e patrocinios de empresas e casas comerciais).

- Fomento do asociacionismo.
    - Promover a creación de clubs para dotar de maior autonomía a promoción dos bolos na localidade e para participar nas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Bolos.
- Axudas e subvencións a entidades sen fin de lucro (clubs de bolos).
    - Para dotar ao asociacionismo local de máis recursos para desenvolver actividades con total autonomía: material (bolos e bólas), trofeos ou mesmo persoal para acondicionar os campos de xogo.

4. Establecer un convenio de colaboración cos medios de comunicación con maior difusión na localidade para publicitar a actividade bolística que se xenere: novas informativas, programas de radio e televisión de tertulias e debates con xogadores de bolos ou concursos.

5. Animar aos veciños para que establezan algún negocio de taberna co seu correspondente campo de bolos, promocionando de xeito autónomo este xogo para que reflicta beneficios en ambos sentidos: para o propio negocio da taberna e para contar cun punto máis de promoción do xogo dos bolos.

6. Establecer un triángulo de contactos entre o mundo empresarial, o concello de Boiro e os clubs de bolos que se formen la localidade, de xeito que todos eles se vexan beneficiados pola achega de capital ao proxecto de recuperación do xogo dos bolos na localidade: os clubs polo feito de recibilo, o concello por contar con entidades que colaboran no proxecto e as empresas con algún tipo de beneficio fiscal polo feito de patrocinar este tipo de eventos.

7. Realizar charlas e actividades informativas coas familias (pais, avós e rapaces) para conciencialos de que o xogo dos bolos non só é un xogo e un deporte, senón que tamén constitúe unha tradición moi importante que houbo en Boiro, ao que xogaron pais e avós de moitos nenos, e que a través da súa colaboración se pode chegar a manter viva a tradición, ensinándolles aos rapaces e rapazas e facéndoos partícipes do proxecto.

Establecemos ademais outras propostas de liñas de investigación en relación aos xogos e deportes populares e tradicionais e, concretamente, ao xogo de bolos:

1. Que dende as institucións educativas superiores (Escolas Universitarias de Maxisterio, Historia e Facultades de Educación Física e o Deporte) se continúe estudando e investigando sobre os xogos populares e tradicionais en Galicia e, entre eles, o xogo dos bolos.

2. Realizar estudos de investigación sobre o xogo dos bolos noutros concellos galegos e, partindo deste estudo, realizar unha análise comparativa entre o xogo dos bolos de Boiro e os de outros puntos de Galicia.

3. Realizar estudos de investigación sobre o xogo dos bolos noutras localidades e provincias españolas, establecendo diferentes análises comparativas do xogo dos bolos de Boiro (ou doutros concellos galegos) e os de outros puntos de España.

O obxectivo é profundizar máis na historia dos xogos populares e tradicionais, actividades que forman parte importante da tradición e cultura galega, que mostran en moitos casos a forma de proceder das súas xentes e que constitúen o reflexo dunha sociedade totalmente distinta á que coñecemos hoxe en día.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Referencias bibliográficas

Aguirre, R. (1971). *Juegos y deportes vascos. Enciclopedia general ilustrada del Pais Vasco*. San Sebastián: Auñamendi.

Aguirre, R. (1983). *Deporte rural vasco*. San Sebastián: Txertos.

Alonso, L.E. (1994). Sujeto y discurso: el lugar de la entrevista abierta en las prácticas de la sociología cualitativa. En Delgado, J. y Gutiérrez, J.M. (editores), *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*. Madrid: Síntesis.

Álvarez, M. A. (2007). Valores morales en juego. *Revista Wanceulen E.F. digital*, 3, 1-7. Recuperado de http://rabida.uhu.es/dspace/bitstream/handle/10272/1714/b1534973.pdf?sequence=1

Alvira, F., García, M. e Ibáñez, J. (1989). *El análisis de la realidad social*. Madrid: Alianza.

Andaluz, C. (2011). "*Parada de Sil recupera sus bolos*". Noticia de *La Voz de Galicia*. Edición Ourense. Viernes, 11 de noviembre de 2011.

Anguera, M.T. (1988). *Manual de prácticas de observación*. México: Trillas.

Anguera, M.T. (1992). *Metodología de la observación en las ciencias humanas*. Madrid: Cátedra.

Anguera, M.T. (1995). La observación participante. En Aguirre, A. (Ed.), *Etnografía. Metodología cualitativa en la investigación sociocultural*. Barcelona: Marcombo.

Anguera, M.T. (1999). *Observación en deporte y conducta cinésico-motriz: aplicaciones*. Barcelona: Universidad de Barcelona.

Annicchiarico, R. J. y Barreiro, P. (2002). *Los juegos populares tradicionales gallegos aplicados a las clases de Educación Física en primaria*. Proyecto para el Area de Educación Física en un C.P.I. Antonio Orza Couto da Coruña. Curso 2002/2003. Trabajo sin publicar.

Annichiarico, R. J. (2002). La actividad física y su influencia en una vida saludable. *Revista Digital Educación Física y Deportes,* 8, 51. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd51/salud1.htm

Anteproxecto da nova lei da Actividade Física e do Deporte de Galicia (2011). Capítulo IV de Fomento e impulso da actividade física e deportiva en Galicia. Artigo 64. Deportes autóctonos. Recuperado de http://deporte.xunta.es/adjuntos/cNoticias/67_2_astrayweb_0.PDF

Antúnez, M. (2001). Reflexiones acerca de lo que la mujer representa para el deporte y el verdadero significado del deporte para la mujer. *Revista Digital Educación Física y Deportes*, 42, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd42/mujer.htm

Aranzadi, T. (1917). *Etnografía, sus bases, sus métodos y aplicaciones en España*. Madrid: Biblioteca Corona.

Bantulá, J. (2006). Los estudios socioculturales sobre el juego tradicional: una revisión taxonómica. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Vol. LXI, 2, 19-42.

Bantulá, J. y Mora, J.M. (2005). *Juegos multiculturales: 225 juegos tradicionales para un mundo global*. Barcelona: Paidotribo.

Barrio, M. y Harguindey, E. (1983). *Lerias e enredos para os máis pequenos*. Vigo: Galaxia.

Barroso, C. (2003). *Las bases sociales de la ludopatía* (Tesis de Doctorado). Facultad de Ciencias Políticas y Sociología. Universidad de Granada.

Bartolomé, M. (1992). Investigación cualitativa en educación: comprender o transformar. *Revista de Investigación Educativa*, 20 (2), 7-36.

Bautista J.M. (2002). *El juego como método didáctico: propuestas didácticas y organizativas*. Granada: Adhara.

Bayer, C. (1986). *La enseñanza de los juegos deportivos colectivos*. Barcelona: Hispanoeuropea.

Bejerano, F. (2009): El juego infantil, eje metodológico de la intervención en 0-6 años. *Cuadernos de educación y desarrollo*. Vol. 1, p.3.

Bellavista, J., Guardiola, E., Méndez, A. y Bordons, M. (1997). Evaluación de la investigación. *Cuadernos Metodológicos*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.

Beltrán, J. (1993). *Procesos, estrategias y técnicas de aprendizaje*. Madrid: Síntesis.

Bermúdez, M. (2007). *Los bolos en Galicia*. Ed.Lulu.com.

Bescós, A. (1953). *Juego internacional de bolos*. Barcelona: Molino.

Blanchard, K. y Chesca, A. (1986). *Antropología del deporte*. Barcelona: Bellaterra.

Blanchet, A., Ghiglione, R., Massonnat, J. y Trognon, A. (1989). *Técnicas de investigación en ciencias sociales*. Madrid: Narcea.

Blanco, M. (1984). *El Pasabolo Losa. Cuaderno didáctico*. Santander: Universidad de Cantabria.

Blanco , X. y Ledesma, N. (1992). *El juego infantil*. Ourense: Autores.

Bláquez, D. (1986): *Iniciación a los deportes de equipo*. Barcelona: Martínez Roca.

Blázquez, D. y col. (2006). La Educación Física y el deporte como elemento sociocultural. Juegos y deportes populares, autóctonos y tradicionales. Las actividades físicas organizadas en el medio rural. *En Temario de oposiciones de Educación Física (nº 15)*. Vól. 3, 2ª pt, 273-291

Bolaños, D.F. (2005). El deporte y su acción societal. *Revista Kinesis*, 43, 31-35.

Bourdieu, P. (1999). *La miseria del mundo*. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.

Bouzas, F. (1974). Costumbres lúdico etnológicas del niño en Galicia. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. Zaragoza: C.S.I.C.

Brandin, C. (1986). *Os xogos dos nosos rapaces*. Ourense: Caixa de aforros de Ourense.

Brasch, R. (1972). *How did the sport begin?* London: Logmann.

Braun, J. (1984). *Bolos y cultura*. Santander: Artes Gráficas Resma.

Braun, J. (1998). *Historia de una realidad: la mujer en el mundo de los bolos*. Santander: Imprenta J. Martínez.

Braun, J. (2003). *Antropologia, etnografía, lexicografía y mitología bolística*. Santander: Estudio.

Buendía, L. (1997). *Métodos de investigación en psicopedagogía*. Madrid: McGraw-Hill/Interamericana.

Bueno, J.A. (1995). Motivación y aprendizaje. En Belgrán, J. y Bueno, A. *Psicología de la educación*. 227-255. Barcelona: Boixarreu Universitaria Marcombo.

Buytendijk, F. (1935). *El juego y su significado. El juego en los hombres y en los animales como manifestación de impulsos vitales*. Madrid: Occidente.

Buzán, T. (2004). *Tu mente en forma*. Barcelona: Urano.

Cabral, A. (1985). *Jogos populares portugueses*. Porto: Domingos Barreira.

Cagigal, J.M. (1996). *Obras selectas (Vol. 1).* Cádiz: COE.

Caillois, R. (1958). *Teoría de los juegos*. Barcelona: Seix Barral.

Caillois, R. (1986). *Los juegos y los hombres. La máscara y el vértigo*. México: Fondo de Cultura Económica.

Cajide, J. (1992). La investigación cualitativa: tradiciones y perspectivas contemporáneas. *Revista Bordón* , 44 (4), 357-373.

Cameira, M. (1992). *Desenvolvimiento motor, jogo e contexto cultural* (Tese de Mestrado). Lisboa: Universidade Técnica-Facultade de Motricidade Humana.

Canales, M. (2006). *Metodologías de investigación social. Introducción a los oficios*. Santiago de Chile: Ed. LOM.

Chateau, J. (1954). *L´enfant et le jeu*. Paris: Scarabée.

Chateau, J. (1988). *Psicología de los juegos infantiles*. Buenos Aires: Kapelusz.

Claparéde, E. (1927). *Psicología del niño y pedagogía experimental*. Madrid: Librería Bertán.

Coller, X. (2000). *Estudio de casos*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.

Colobrans, J. (2001). *El doctorando organizado*. Zaragoza: Mira.

Coombs, P.H. (1985). La crisis mundial en la educación. Perspectivas actuales. Madrid: Santillana.

Corbetta, P. (2007). *Metodología y técnicas de investigación social*. Madrid: McGraw-Hill.

Cortizas, A. (2001). *Chirlosmirlos. Enciclopedia dos xogos populares*. Vigo: Xerais.

Costas, F.J. e Rodríguez, J.M. (2000). Os xogos de birlos no Suroeste de Galicia (Val Miñor e Baixo Miño). *Boletín do Instituto de Estudos Vigueses*. Ano VI, 6, 147-174.

Cratty, B.J. (1974). *Juegos didácticos activos*. México: Pax.

Cuesta, V. (1993). *Juego de bolos leoneses. Características y técnicas*. Barcelona: Hurope SL.

Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade autónoma de Galicia (DOG do 9 de xullo de 2007). Recuperado de http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/libros/Primaria.pdf

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan o ensino da educación secundaria obrigatoria na Comunidade autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo de 2007). Recuperado de http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/lexislacion/Lexislacion_secundaria_web.pdf

De Ketele, J.M. y Roegiers, X. (1994). *Metodología para la recogida de información*. Madrid: La Muralla.

Delgado, J. y Gutiérrez, J.M. (1994). *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*. Madrid: Síntesis.

Diccionario de Autoridades (1726-1738). Primeiro diccionario publicado pola Real Academia Española.

Diccionario de la Lengua Española (1986). Real Academia Española.

Diccionario de la Lengua Española (2001). Definición de bolo/a, def. nº 20.

Diem, C. (1966). *Historia de los deportes*. Barcelona: Ed. Luis de Caralt.

Doncel, L. (2010). *Deportes tradicionales de fuerza en España*. Madrid: Visión Libros.

Dorado, A. y Gallardo L. (2003). Incidencia en la valoración de la calidad de un servicio deportivo en función de los factores que determinan la prestación del mismo. En *Las Ciencias de la Actividad Física y el Deporte en el marco de la convergencia europea. Actas del III Congreso de la Asociación Española de Ciencias del Deporte*. Valencia: Asociación Española de Ciencias del Deporte. Recuperado de http://cienciadeporte.eweb.unex.es/congreso/04%20val/pdf/c162.pdf

Douglas, J.D. (1985). *Reative interviewing*. Londres: Sage.

Duharte, S., Hernández, M., Zequeira, L.R. y García, J. (2010). Sistema de juegos populares pasivos y dinámicos para mejorar la psicomotricidad del adulto mayor del círculo de abuelos del Consejo Popular Oeste del Municipio de Morón (Tesis de Maestría). En *Revista Digital Educación Física y Deportes,* 144, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd144/juegos-populares-pasivos-y-dinamicos.htm

Echeverría, J. (1980). *Sobre el juego*. Madrid: Taurus.

Elkonin, D.B. (1985). *Psicología del juego*. Madrid: Visor Libros.

Eppensteiner, F. (1973). El origen del deporte. *Revista Citius, Altius, Fortius*, Vol. XV, 259-272.

Espinós, J., Masía, P., Sánchez, D. y Vilar, M. (1987). *Así vivían los romanos*. Madrid: Anaya.

Expósito, J. (2006). *El juego y deporte popular, tradicional y autóctono en la escuela. Los bolos huertanos y bolos cartageneros*. Sevilla: Wanceulen.

Federación Alavesa de Bolos (2012). *Bowling: características*. Recuperado de http://www.falavabolos.org/index.php?sec=Bowling/

Federación Española de Bolos (2012). Historia. Recuperado de http://www.febolos.es/Historia.asp

Fernández, A. (1978). *Los bolos en España*. Gijón: Baukunión.

Flick, U. (2007). *Introducción a la investigación cualitativa*. Madrid: Morata.

Freud, A. (1974). *Normalidad y patología en la niñez*. Buenos Aires: Paidós.

Freud, S. (1979). Más allá del principio del placer. Buenos Aires: Amorrortu.

Gaitán, J.A. y Piñuel, J.L. (1998). *Técnicas de investigación en comunicación social*. Madrid: Síntesis.

García Cornejo, E. (2009). Juego populares y tradicionales de España y su valor didáctico en el aula de Educación Física. *Revista Digital Educación Física y Deportes*, 132, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd132/juegos-populares-y-tradicionales-en-educacion-fisica.htm

García Hoz, V. (1993). *La educación primaria: del juego al trabajo*. Madrid: Rialp.

García Jorba, J.M. (2000). *Diarios de campo*. Madrid: CIS.

García Monge, A. (2001). Juego motor reglado y transmisión de valores culturales. *Revista Ágora para la EF y el Deporte*, 1, 55-70.

García Serrano, R. (1974). Juegos y deportes tradicionales de España. *Textos de las Cátedras Universitarias de Tema Deportivo Cultural de la Universidad de Navarra*, 14, 54-111.

García Solá, F. y Campillo, F.J. (2011). Los juegos predeportivos como fase previa a la iniciación deportiva en el área de Educación Física. *Revista Digital Educación Física y Deportes*, 155, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd155/iniciacion-deportiva-en-educacion-fisica.htm

García, F. y Doménech, F. (2000). Motivación, aprendizaje y rendimiento escolar. *Revista Electrónica de Motivación y Emoción*, 1, 55-65.

García, F., Ibáñez, J. y Alvira, F. (1994). *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*. Madrid: Alianza Editorial.

García Salinero, J. (2004). La elección del tipo de diseño de investigación. *Revista Nure Investigación*, 5, 1-3. Recuperado de http://www.fuden.es/FICHEROS_ADMINISTRADOR/F_METODOLOGICA/formacion%205.3.pdf

Gardner, H. (1997). *Estructuras de la mente. La teoría de las inteligencias múltiples*. Colombia: Fondo de Cultura Económica.

Gil Madrona, P. (2006). El juego y el deporte en el sistema educativo español. En Gil Madrona, (Dir. Editorial), *Juego y deporte en el ámbito escolar: aspectos curriculares y actuaciones prácticas, 9-52.* Madrid: M.E.C.- Instituto Superior de Formación del Profesorado. Recuperado de http://books.google.es/books?id=JTpNnoVby3AC&pg=PA9&lpg=PA9&dq=gil+madrona+el+juego+y+el+deporte+en+el+sistema+educativo+espa%C3%B1ol&source=bl&ots=F712F1autx&sig=iqzCzPAbkzMEaGIB3yDJNG96Rhk&hl=es&sa=X&ei=U5GmUffpGerB7AbN7YCICA&ved=0CC4Q6AEwAA#v=onepage&q=gil%20madrona%20el%20juego%20y%20el%20deporte%20en%20el%20sistema%20educativo%20espa%C3%B1ol&f=false

Gil Flores, J. (1999). *Metodología de la investigación cualitativa*. 2ª ed. Málaga: Aljibe.

Giménez, F.J. (2002). Iniciación deportiva. *Revista Digital Educación Física y Deportes*, 54, 1-3. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd44/inic.htm

Goetz, J.P. y LeCompte, M.D. (1988). *Etnografía y diseño cualitativo de investigación educativa*. Madrid: Morata.

Goicoechea, M.A. y Clemente, R. (1991). El juego simbólico y su valor como tarea educativa no formal. *I Congreso Internacional Infancia y Sociedad*. Vol. II, 40-57. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociales.

Goleman, D. (1997). *Inteligencia emocional*. Barcelona: Kairós.

Gracia, L. (1991). *Juegos aragoneses. Historia y tradiciones*. Zaragoza: Mira Editores.

Gran Diccionario Xerais da Lingua (2000). Edicións Xerais da Lingua. 1ª ed.

Grunfeld, F. (1978). *Juegos de todo el mundo*. UNICEF. Madrid: Edilán.

Guash, O. (1997). *Observación participante*. Madrid: CIS.

Guerrero, M.A. y Sánchez, M.O. (2006). Los juegos populares y tradicionales de ayer y hoy. *Revista Digital Investigación y Educación*, Vol. II, 25, 1-5. Recuperado de: http://www.csi-f.es/archivos_migracion_estructura/andalucia/modules/mod_sevilla/archivos/revistaense/n25/25050106.pdf

Gutiérrez, M. (1995). *Valores sociales y deporte*. Madrid: Gymnos.

Gutiérrez, M. (2003). *Manual sobre valores en la Educación Física y el deporte*. Barcelona: Paidós.

Gutiérrez, M. (2004). El valor del deporte en la educación integral del ser humano. *Revista de Educación*, 335, 105-126.

Hernández, J. (2007). *Catálogo de los deportes y juegos tradicionales canarios de adultos: Estudio praxiológico, institucional y documental*. Barcelona: Inde.

Holstein, J.A. y Gubrium, J.F. (1995). *The active interview*. Londres: Sage.

Huizinga, J. (1972). *Homo ludens*. Madrid: Alianza.

Instituto Galego de Estatística. Información municipal e comarcal. Recuperado de http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002003001&c=-1&ruta=fichas%2Fbdmunicipal_tablas.jsp%3FESP%3D15011

Instituto Nacional de Estadística (2008). *Demografía y población. Cifras de Población y Censos Demográficos*.

Ives, E.D. (1980). *The tape-recorder interview*. Knowville: The University of Tennessee Press.

Karag, A. (1958). *Diccionario de los deportes*. Barcelona: Jover.

Klein, M. (1945). *El psicoanálisis de los niños*. Buenos Aires: Paidós.

Klockars, C.B. (1977). Field ethics for the life history. En R.S. Weppner (coord), *Street Ethnography*. Beverly Hills: Sage.

Lagardera, F. (1994). La praxiología como nueva disciplina aplicada al estudio del deporte. *Revista de Educación Física*, 55, 21-30.

Lagardera, F. e Lavega, P. (2003). *Introducción a la praxiología motriz*. Barcelona: Paidotribo.

Lara, A.J. (2011). Transmission of social and educational values through sport. *Journal of Sport and Health Research* (2011), 3 (1), 5-6.

Latorre, P.A., González, M.A., Moreno, A.J., Sierra, M.D., Carmona, F.J., Molina, D., …Vergillos, L. (2007). Mujer, deporte y medios de comunicación. *Revista Digital Educación Física y Deportes*, 106, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd106/mujer-deporte-y-medios-de-comunicacion.htm

Lavega, P. (1994). El juego: teorías y características del mismo. El juego como actividad física organizada. Estrategias del juego. *Temario desarrollado de los contenidos específicos del área de Educación Física para el acceso al Cuerpo de Profesores de Enseñanza Secundaria*, 2ª ed., Vol. IV, Tema 43. Barcelona: Inde.

Lavega, P. (1996). *Del joc a l'esport. Estudi de bitlles al Pla d'Urgell (Lleida)* (Tesis de doctorado). Universidad de Barcelona: Departament de teoria i història de l'educació (Lleida).

Lavega, P. (1997[a]). *Aplicación educativa/recreativa del juego a partir de sus distintos niveles de organización*. "Comunicación presentada en el 20th World Play Conference "Play and Society", ICCPFacultad Motricidad Humana, Lisboa, 13-15 octubre 1997.

Lavega, P. (1997[b]). *La liturgia de les bitlles. Funcions i sentit d´un joc tradicional*. Lleida: Pagés editors

Lavega, P. (1998). *Estudio de la lógica interna de los juegos de bolos practicados en España*. Investigación becada por el INEFC-Lleida (sin editar).

Lavega, P. (1999). *1000 juegos y deportes populares y tradicionales*. Barcelona: Paidotribo.

Lavega, P. (2000[a]). *Juegos y deportes populares-tradicionales*. Barcelona: Inde.

Lavega, P. (2000[b]). *La riqueza motriz y cultural de los juegos de los bolos*. I Congreso Nacional de bolos. Santander, 27-30 de setembro de 2000.

Lavega, P. (2006). Los juegos y deportes tradicionales en Europa: entre la tradición y la modernidad. *Revista APUNTS de Educación Física y Deportes*, 85, 68-81.

Lavega, P. y Olasso, C. (2003). *1000 juegos y deportes populares y tradicionales. La tradición jugada*. Barcelona: Paidotribo.

Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia (DOG do 4 de setembro de 1997).Título I. Obxecto e Principios Xerais, artigo 3, punto 3.

Lera, A. (2009). La Educación Física de Base en la Educación Primaria. *Actas del V Congreso Nacional de Ciencias del Deporte y Educación Física en Pontevedra*. Recuperado de http://www.altorendimiento.com/es/congresos/educacion-fisica/4906-la-educacion-fisica-de-base-en-la-educacion-primaria

Libro de Actas das Sesións Plenarias celebradas polo concello de Boiro o 12 de outubro de 1872.

Libro de Actas das Sesións Plenarias celebradas polo concello de Boiro o 9 de maio de 1891.

Libro de Actas das Sesións Plenarias celebradas polo concello de Boiro o 24 de xaneiro de 1955, 78-79.

Liñares, X.A. (2007). *Ramón Martínez López*. Santiago de Compostela: TesCtres Editores.

Lisón, C. (2004). *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Akal.

Llamas, M. (2009). Teorías sobre el juego. Enseñanza y aprendizaje a través del juego. *Revista Digital Innovación y Experiencias Educativas*, 22, 1-16. Recuperado de http://www.csi-csif.es/andalucia/modules/mod_ense/revista/pdf/Numero_22/MIGUELJOSE_LLAMAS_1.pdf

López Anaya, J.L. (2009). Los juegos tradicionales de lanzamiento y precisión en el aula de Educación Física. Una aplicación práctica. *Revista Digital Educación Física y Deportes,* 136, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd136/los-juegos-tradicionales-de-lanzamiento.htm

López Penide, A. (2011). *Ponte Sampaio mantiene vivos los bolos celtas*. Xornal *La Voz de Galicia*. Edición Pontevedra. 26 de xullo de 2011.

López, J. e García J. (2002). Os xoguetes esquecidos (I). Vigo: A Nosa Terra.

López, J. e García J. (2003): Os xoguetes esquecidos (II). Vigo: A Nosa Terra.

López, J., Borreiros, E., Rodríguez, S. e Rubio, M. (2000). *Xoguetes e sons da natureza. Elaboración de materiais para o seu aproveitamento didáctico*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Lorenzo Piñeiro, M.L. (1996). *Recolleita*. Proxecto realizado polo Equipo de Normalización Lingüística do Colexio Público Froebel. Curso 1995/1996. Pontevedra (sin editar).

Lorenzo Fernández, X. (1958). Enredos. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. Tomo XIV, caderno 3, 268-293.

Lorenzo Fernández, X. (1981). Os enredos dos rapaces. *Revista O Ensino*, 1.

Lukas, G. (1973). La educación corporal y los ejercicios corporales en la sociedad prehistórica. *Revista Citius, Altius, Fortius*, Vol. XV, 273-324.

Macarro, J., Romero, C. y Torres, J. (2010). Motivos de abandono de la práctica físico-deportiva de los estudiantes de Bachillerato de la provincia de Granada. *Revista de Educación*, 353, 495-519.

MacClelland, D.C. (1989). *Estudio de la motivación humana*. Madrid: Narcea.

Mancuso, H.R. (1999). *Metodología de la investigación en ciencias sociales*. Buenos Aires: Paidós.

Marín, I. (1995). *Juegos populares: jugar y crecer juntos*. Barcelona: Rosa Sensat.

Martín, M., Moscoso, D., Martínez, J. y Ferro, S. (2009). La práctica deportiva en España: desigualdades entre mujeres y hombres en la población joven, adulta y mayor. I Congreso Internacional de Cultura y Género: la cultura en el cuerpo. Alicante. Recuperado de http://oa.upm.es/5570/1/INVE_MEM_2009_65980.pdf

Martínez Fernández, E. (1970). *La Gran Enciclopedia Asturiana. Bolos. Tomo III*. Gijón: Silverio Cañada Editor.

Martínez López, R. (1928). O xogo dos pelouros en Boiro. *Revista Nós*, 54, 117-118.

Maslow, A. (1943). A theory of human motivation. *Psychological Review*, 50, 370-396.

McCraken, G.D. (1988). *The long interview*. Londres: Sage.

Medina, M.C. (2001). *Los juegos populares e infantiles en Castilla-La Mancha*. Toledo: Servicio de publicaciones de la Consejeria de Educación y Ciencia de la Junta de Comunidades de Castilla-La Mancha.

Meece, J. (2000). *Desarrollo de la motivación para el logro. Desarrollo para el Niño y el Adolescente.* México: SEP.

Melero, M. (2009). Aproximación científica a los juegos populares, tradicionales y autóctonos de España. *Revista digital Educación Física y Deportes,* 133, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd133/juegos-populares-tradicionales-y-autoctonos.htm

Mencía, J.E. (2007). *Bolos. El juego de Asturias*. Oviedo: Eujoa Artes Gráficas.

Mestre, J.A. (1995). *Planificación deportiva. Teoría y práctica*. Barcelona: Inde.

Miñambres, N. (2004). *Todos los caminos llevan a Santiago*. León: Caja España.

Miranda, J. y Camerino, O. (1996). *La recreación y la animación deportiva: sonrisa y esencia de nuestro tiempo*. Salamanca: Amarú Ediciones.

Moreno, C. (1992). *Juegos y deportes tradicionales en España*. Madrid: Alianza.

Moreno, C. (1993). *Aspectos recreativos de los juegos y deportes tradicionales en España*. Madrid: Gymnos.

Moreno, J.A. e Rodríguez, P.L. (2010). *El aprendizaje por el juego motriz en la etapa infantil*. Universidad de Murcia: Facultad de Educación.

Morillas, C. (1990). Huizinga-Caillois: variaciones sobre una visión antropológica del juego. *Enrahonar, quaderns de filosofía*, 16, 11-40.

Morín, E. (1995). *Sociología*. Madrid: Tecnos.

Morris, D. (1976). *El mono desnudo*. Barcelona: Plaza y Janés.

Moyles, J.R. (1990). *El juego en la educación infantil y primaria*. Madrid: Morata.

Muñoz, J.M. (2009). *Los mapas mentales como técnica para integrar y potenciar el aprendizaje holístico en la formación inicial de maestros/as* (Tesis de Doctorado). Departamento de Educación. Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Córdoba. Recuperado de http://helvia.uco.es/xmlui/handle/10396/2745

Navarro, V. (2003). *El afán de jugar*. Barcelona: Inde.

Navarro, V. (1998). Juegos y deportes tradicionales. En Navarro, V., De La Rica, M.J., Gil, F. y Estapé, E. (Coords). *Fundamentos de Educación Física para Enseñanza Primaria*, Vol. II, 703-732. Barcelona: Inde.

Neuendorff, E. (1973). El hombre prehistórico. *Revista Citius, Altius, Fortius*, Vol. XV, 59-82.

Nieto, P. (2009). Unidad Didáctica para el desarrollo de la condición física a través de los juegos populares y tradicionales de la península ibérica. *Revista Digital Educación Física y Deportes,* 128, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd128/juegos-populares-y-tradicionales-de-la-peninsula-iberica.htm

Núñez, J.C. y González-Pumariega, S. (1996). Motivación y aprendizaje escolar. *Congreso Nacional Sobre Motivación e Instrucción (actas),* 53-72.

Öfele, M.R. (2003). Papel social de los juegos tradicionales. Proyecciones pedagógicas. *Tándem*, 10, 21-30.

Oliveira, E., Costa, O. e Soares, J. (2009). Mujer y deporte. La evolución del papel de la mujer. *V Congreso Nacional de Ciencias del Deporte y Educación Física*. Pontevedra. Recuperado de http://www.altorendimiento.com/es/congresos/mujer-y-deporte/4912-mujer-y-deporte-la-evolucion-del-papel-de-la-mujer

Ontoria, A., Gómez, J.P., Molina, A. y Luque, A. (2006). *Aprender con mapas mentales*. Madrid: Narcea.

Orna, E. y Stevens, G. (2000). *Cómo usar la información en trabajos de investigación*. Barcelona: Gedisa.

Ortí, A. (1998). La apertura del enfoque cualitativo o estructural: la entrevista abierta semidirectiva y la discusión de grupo. En García, F., Ibáñez, J. y Alvira, F., *El análisis de la realidad social*, 190-191. Madrid: Alianza.

Ortí, J. (2003). Los juegos tradicionales. Aplicación en el área de la Educación Física en el sistema educativo actual. *Tándem*, 10, 31-40.

Palacios, J. (1995). *Xogos motores*. Santiago: Lea.

Palacios, J. (1998). Salvamento acuático: un estudio de la realidad del salvamento y socorrismo en playas de Galicia con Bandera azul -1996/1997 (Tese de doutoramento). Departamento de Medicina. Universidade da Coruña.

Palmeiro, S. (2009). *La marca de agua*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.

Palou, P., Ponseti, X., Gili, M., Borras, P. y Vidal, J. (2005). Motivos para el inicio, mantenimiento y abandono de la práctica deportiva de los preadolescentes de la isla de Mallorca. *Revista Apunts de Educación Física y Deportes*, 81, 5-11.

Paredes, J. (2002). *El deporte como juego: un análisis cultural* (Tesis de Doctorado). Universidad de Alicante: Facultad de Filosofía y Letras. Recuperado de http://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/10115/1/Paredes%20Ortiz,%20Jes%C3%BAs.pdf

Parlebás, P. (1981). *Contribution a un lexique commenté en science de l´action motrice*. París: INSEP.

Parlebás, P. (2003). *Elementos de sociología del deporte*. Málaga: Unisport.

Parlebás, P. (2005). El joc, emblema d´una cultura. *Enciclopedia Catalana "jocs i Esports tradicionals"*, Vol. 3, 13-20.

Pascual, C. (1996). El estudio de casos como metodología de investigación cualitativa en la evaluación de programas; un ejemplo. En Del Villar, F. (Coord.), *La investigación en la enseñanza de la Educación Física,* 233-272. Cáceres: Universidad de Extremadura.

Pazos, J.M. (2003). El proceso de revisión bibliográfica en el ámbito de la motricidad humana: instrumentos y procedimientos, un ejemplo sobre el tema: "creatividad, motricidad y estilo de vida en niños y jóvenes". *Revista Perspectivas XXI*, 10, 68-79.

Pazos, J.M. (2010). *La gestión del deporte en la administración pública local en clave educativa de motricidad humana. Un estudio de caso: Porto do Son* (Tesis de Doctorado). Universidad de Santiago de Compostela: Departamento de Teoría de la Educación, Historia de la Educación y Pedagogía Social.

Pekrun, R. (1992). The impact of emotions on learning and achievement: towards a theory of cognitive/motivational mediators. *Applied Psychology: An International Review*, 41, (4), 359-376.

Pereira, M. (1976). Xogos de nenos. *Revista Vagalume*, 27, 45-46.

Pérez, R. y Tabernero, X.A. (1997). *Juegos populares en Galicia*. Santiago: Lea.

Pérez, G. (1994). *Investigación cualitativa. Retos e interrogantes*. Madrid: La Muralla.

Piaget, J. (1973). *La formación del símbolo en el niño*. México: Fondo de Cultura Económica.

Piaget , J. (1986). *Psicología y pedagogía*. Barcelona: Agostini.

Piedra, J. (2008). Discriminaciones económicas de las mujeres en el deporte de alto nivel. IV Congreso Internacional y XXV Nacional de Educación Física. Córdoba. Recuperado de http://www.uco.es/IVCongresoInternacionalEducacionFisica/congreso/Documentos/001-028-186-008-001.html

Pinrich, P.R. y De Groot, E.V. (1990). Motivational and self-regulated learning components of classroom performance. *Journal of Educational Psychology*, 82, 33-40.

Pintrich, P.R. (1989). The dynamic interplay of student motivation and cognition in the college classroom. En Ames, C. y Maher, M.L. (eds.), *Advances in motivation and achievement,* vol.6. Greenwich: JAI Press.

Piñeiro, R. (2012). O xogo popular e tradicional como contido na Educación Física. *Revista Galega de Educación*, 52, 32-34.

Polit, D. y Hungler, B. (1985). *Investigación científica en ciencias de la salud*. 2ª ed. México: Interamericana.

Pombo, A. (2011ª). *El Camino de Santiago en tu mochila*. Madrid: Anaya.

Pombo, A. (2011ᵇ). *Guía del Camino de Santiago para peregrinos*. VIII Edición. Madrid: Anaya.

Prieto, L. (1947). Juegos infantiles. Tierra de la Gudiña. *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, Vol. XVI, 1, 25-46.

Raabe, J. (1980). Distintos puntos de vista sobre el juego. *Estudios y documentos de educación*, 34, p.6

Ramírez, G. (2006). Deporte Vs Juego. A la búsqueda de un concepto integrador. *Revista Digital Educación Física y Deportes,* 94, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd94/deporte.htm

Ramos, J. y Cuéllar, M.J. (2007). El juego desde la expresión corporal: análisis de algunos juegos tradicionales de Canarias. *Revista Digital Educación Física y Deportes*, 110, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd110/juegos-tradicionales-de-canarias.htm

Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as enseñanzas oficiais de doutoramento. B.O.E. nº 35, de jueves 10 de febrero de 2011. Sec. I. Pág. 13909-13926.

Risco, V. (1957). Sobre la vida de los niños en la aldea gallega. *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Vol. XIII, 227-253.

Rivas, X.M. (1994). *O deporte na escola*. Santiago de Compostela: Lea.

Rockwell, E. (1991). Etnografia y conocimiento crítico de la escuela en América Latina. *Revista Perspectivas*, 2, 171-179.

Rodríguez Cascos, O. (1978). *El juego de los bolos en tierras leonesas*. León: Nebrija.

Rodríguez Fernández, J.E. (1999). *Xogos Populares Galegos no concello de Boiro*. Boiro: Asociación Cultural e Deportiva Morcego e concello de Boiro.

Rodríguez Fernández, J.E. (2007). O xogo dos bolos en Boiro. *Revista Quentadela: a revista do deporte boirense*, 3, p.7

Rodríguez Gallardo, A. (1998). Lembranzas do baile de Outeiro. *Revista das festas do verán de Boiro* (sen paxinar).

Rodríguez Gallardo, A. (2002ª). O Barraña F.C. de Benjamín Fajardo (1949-1953). *Revista das festas de verán de Boiro*, 36-36.

Rodríguez Gallardo, A. (2002ᵇ). O desenvolvemento deportivo no municipio de Boiro. Capítulo do libro de *O deporte na mancomunidade do Barbanza*, 88-118. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña.

Rodríguez Gallardo, A. (2005). O Barraña Fútbol Club da Serie A (1961-1963). *Revista Folía (revista das festas do verán no concello de Boiro)*, 39-40.

Rodríguez Gallardo, A. (2006). As orixes do fútbol organizado en Boiro: o Barraña Sporting Club (1922-1927). *Revista Folía (revista das festas do verán no concello de Boiro)*, 47-48.

Rodríguez Gallardo, A. (2007ª). O Escarabote vivido pola poeta María Mariño. *Revista Alameda*, 35-37.

Rodríguez Gallardo, A. (2007ᵇ). O Escarabote vivido pola poeta María Mariño. *Anuario de Estudos do Barbanza*, 3, 265-269. Boiro: Asociación Cultural Barbantia.

Rodríguez Gallardo, A. (2008ª). Páxinas da historia. O fútbol boirense dos inicios. *Revista Quentadela: a revista do deporte boirense*, 4, 27-28.

Rodríguez Gallardo, A. (2008[b]). O fútbol boirense durante a postguerra (1939-1949). *Revista Folía (revista das festas do verán no concello de Boiro)*, 51-52.

Rodríguez Osuna, J. (2001). Métodos de muestreo. *Cuadernos Metodológicos, 1*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.

Rodríguez, G., Gil, J. y García, E. (1996). *Metodología de la investigación cualitativa*. Málaga: Aljibe.

Romaní, A. (1979). *Xogos infantiles de Galicia*. Santiago: Follas Novas.

Romero, J.B. (2007). El juego deportivo y musical como transmisor de valores no violentos. *Revista Wanceulen Educación Física Digital*, 3, pp.1-10. Recuperado de http://rabida.uhu.es/dspace/bitstream/handle/10272/1707/b1534966.pdf?sequence=1

Ruiz Alonso, J.G. (2000). *Estudios de los bolos en Asturias: aspectos histórico-culturales, modalidades, elementos y materiales de juego. Estado actual de su práctica*, (Tesis de Doctorado). Universidad de Granada.

Ruiz, G. y Cabrera, D. (2004). Los valores en el deporte. *Revista de educación*, 335, 9-19. Recuperado de http://www.revistaeducacion.mec.es/re335/re335_03.pdf

Ruiz Olabuénaga, J.I. e Ispizúa, M.A. (1989). *La decodificación de la vida cotidiana. Métodos de investigación cualitativa*. Bilbao: Deusto.

Ruiz Olabuénaga, J.I. (1999). *Metodología de la investigación cualitativa*. Bilbao: Deusto.

Sabariego, M. et al. (2004). Métodos de investigación cualitativa. En Bisquerra, R. (coord.), *Metodología de la investigación cualitativa*, 293-328. Madrid: La Muralla.

Sáez, G. y Monroy, A. (2010). Los juegos y deportes tradicionales en España. *Revista Digital Educación Física y Deportes*, 151, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd151/los-juegos-y-deportes-tradicionales-en-espana.htm

Sandín, M.P. (2003). *Investigación cualitativa en educación: fundamentos y tradiciones*. Madrid: McGraw-Hill/Interamericana.

Sandoval, C.A. (1996). *Investigación cualitativa*. Bogotá: ICFES.

Sanmartín, R. (2003). *Observar, escuchar, comparar, escribir: la práctica de la investigación cualitativa*. Barcelona: Ariel.

Sariego, M. (2008). Los deportes tradicionales asturianos y el nuevo Currículo Educativo Asturiano: un ejemplo con los deportes denominados de lanzamiento. *Revista Digital Educación Física y Deportes*, 117, p.1. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd117/los-deportes-tradicionales-asturianos.htm

Segura, J. (2003). *1009 ejercicios y juegos de fútbol*. Barcelona: Paidotribo.

Serrabona, M. (2001). El juego popular tradicional. Una opción actual al pensamiento único del deporte. *Revista iberoamericana de psicomotricidad y técnicas corporales*, 2, pp. 29-40.

Sierra, R. (1985). *Técnicas de investigación social. Teoría y ejercicios*. Madrid: Paraninfo.

Sierra, R. (1988). *Ciencias sociales, Epistemología, Lógica y Metodología*. Madrid: Paraninfo.

Somorrostro, J.M. (2001). Los bolos de Santa Comba de Orrea (Riotorto, Lugo). Recuperación de un juego popular. *Revista Lucensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, Vol. XI, 22, 143-152.

Spencer, H. (1855). *Principios de psicología*. Madrid: Espasa-Calpe.

Subiza, J.M. (1991). *Juegos y deportes tradicionales*. Irún: Ortzadar.

Sutton-Smith, B. (1995). *A childen´s folklore: a source book*. New York: Garland.

Taylor, S.J. y Bogdan, R. (1990). *Introducción a los métodos cualitativos de investigación*. Buenos Aires: Paidós Mexicana S.A.

Tójar, J.C. (2006). *Investigación cualitativa. Comprender y actuar*. Madrid: La Muralla.

Torres, C. e Mingorance, A.C. (2004). Los clubes deportivos como espacios educativos. En Cuevas, M., Díaz, F., Fuentes, A. y Pareja, J.A. (Coords.), *Actas II Congreso Nacional sobre atención a la diversidad y calidad educativa,* 389-403. Granada.

Torres, X. e Paz, X. (1981). Os xogos e os xoguetes populares. *O ENSINO. Revista galaico-portuguesa de socio-pedagogía e socio-lingüística*, 1, 1-8.

Trapero, M. (1979). *El campo semántico deporte*. Tenerife: Confederacion de Cajas de Ahorros de Tenerife.

Trigo, E. (1994[a]). *Aplicación del juego tradicional en el currículum de Educación Física. Volúmen I: Bases teóricas*. Barcelona: Paidotribo.

Trigo, E. (1994[b]). *Aplicación del juego tradicional en el currículum de Educación Física. Volúmen II: Aplicaciones*. Barcelona: Paidotribo.

Trigueros, C. (1998). *Las danzas y los juegos populares en el currículum de Educación Física.* Granada: Proyecto Sur.

Trigueros, C. (2002[a]). Papel del juego tradicional en la socialización de los niños. En Moreno, J.A. (coord.), *Aprendizaje a través del juego*, 119-132. Málaga: Aljibe.

Trigueros, C. (2002[b]). Reflexiones acerca del juego. *Revista Digital Educación Física y Deportes*, 46, p.2. Recuperado de http://www.efdeportes.com/efd46/juego1.htm

Tusquets, J. (1969). *Teoría y práctica de la pedagogía comparada*. Madrid: Magisterio Español.

Ueberhorst, H. (1973). Teorías sobre el origen del deporte. *Revista Citius, Altius, Fortius*, Vol. XV, 1-4.

Valdivia, P.A. (2008). Popular and Traditional games for teaching of physical education. *The international journal of medicine and science in physical education and sport*, 4 (4).

Valero, A. y Gómez, M. (2008). La importancia de los juegos y deportes tradicionales en las clases de Educación Física de la sociedad posmoderna. *Revista Investigación Educativa*, Vol. 12, 21, 131-141.

Valiño, G. (2007). Juego y desarrollo cognitivo. Recuperado de http://juegoydesarrollocognitivo.blogspot.com.es/

Valles, M. (1997). *Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional*. Madrid: Síntesis.

Van Dalen, D., Mitchell, E. y Bennett, B. (1973). Educación Física del hombre primitivo. *Revista Citius, Altius, Fortius,* Vol. XV, 59-82.

Varios (1962). *Enciclopedia Universal Espasa-Calpe (1962)*. Edición española de 1968. Tomo 28. 2ª parte. Madrid.

Varios (1990). *Crea el ayuntamiento de Boiro Xogo dos Bolos*. Artigo de prensa do xornal *El Correo Gallego*. Xoves, 12 de xullo de 1990, p. 17.

Varios (1990). *Esta tarde se celebra la fase final del I Campeonato de xogo de bolos de Boiro.* Artigo de prensa do xornal *La Voz de Galicia*. Mércores, 15 de agosto de 1990, p. 33.

Varios (1990). *Organizan un campeonato de xogo dos bolos que se celebrará en Xarmea*. Artigo de prensa do xornal *La Voz de Galicia*. Xoves, 12 de xullo de 1990, p.44.

Varios (1991). *Hoy final del torneo de bolos y churrascada, en Triñáns*. Artigo de prensa do xornal *La Voz de Galicia*. Domingo, 4 de agosto de 1991.

Varios (2009). *Aproximación á realidade dos xogos e deportes populares e tradicionais en Galicia*. Dirección Xeral para o Deporte. Fundación Deporte Galego. Colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Informe de investigación de marzo de 2009 (sen publicar).

Vega, T. (1988). O xogo dos bolos en Soutipedre. *Boletín Auriense*, tomo 18-19 (1988-1989), anos XVIII-XIX, 287-302.

Vega, T. (1990). Dos enredos tradicionales de la comarca Navea-Bibei (Orense). *Boletín de Estudios del Seminario "Fontán Sarmiento" de Hagiografría, Toponimia y Onomástica de Galicia*, 11, Año 12, 60-65.

Veiga, F.M. (1998). *Xogo popular galego e educación. Vixencia educativa e función de identificación cultural dos xogos e enredos tradicionais* (Tesis de Doctorado). Universidade de Santiago de Compostela.

Veiga, P. (1996). *Xogos populares. Recolleita*. Proxecto realizado polo Equipo de Normalización Lingüística do Colexio Público Froebel. Curso 1995/1996. Pontevedra.

Veiga, P. (2001). O libro dos xogos populares galegos. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Vigne, M. (2011). Las actividades tradicionales de ocio como reflejo de una sociedad. *Revista Científica Digital Acción Motriz*, 7, 62-76.

Vigotski, L. (1982). El juego y su función en el desarrollo psíquico del niño. *Cuadernos de Pedagogía*, 85, 39-48.

Visauta, B. (1989). *Técnicas de investigación social*. Recogida de datos. Barcelona: Promociones y Publicaciones Universitarias S.A.

Wallon, H. (1980). *La evolución psicológica del niño*. Buenos Aires: Psique.

Wolfgan, E. (1973). El desarrollo de los ejercicios corporales en la sociedad prehistórica. *Revista Citius, Altius, Fortius*, Vol. XV, 95-134.

Woods, P. (1987). *La escuela por dentro: la etnografía en la investigación educativa*. Barcelona: Paidós.

Woolfolk, A. (2010). *Psicología educativa*. México: Pearson Educación.

Zubizarreta, A. (1983). *La aventura del trabajo intelectual*. 2ª ed. México: Fondo Educativo Interamericano.